

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

16467 *Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.*

I

O exercicio da autorización parlamentaria de refundición da pluralidade de normas legais que ata este momento rexen nas materias portuaria e da mariña mercante, outorgada pola disposición derradeira sétima da Lei 33/2010, do 5 de agosto, de modificación da Lei 48/2003, do 26 de novembro, requiriu a utilización de todas as facultades conferidas na autorización parlamentaria, que se outorgou coa maior amplitude permitida pola Constitución. Esta autorización refírese desde logo, e fundamentalmente, ás leis 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; 62/1997, do 26 de decembro, de modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro; 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos do interese xeral; e 33/2010, do 5 de agosto, de modificación da Lei 48/2003, do 26 de novembro, pero as tres primeiras foron obxecto de diversas modificacións concretas que igualmente comprende. O resultado actual é un conxunto normativo que, por estar formado, en acumulación, por normas de época, perspectiva e alcance diversos, carece da ensamblaxe, coherencia e consistencia internas desexables.

O momento fundacional e básico do ordenamento vixente, por ter definido o modelo portuario estatal e da mariña mercante a que este responde, colocándoo á altura das necesidades actuais, é, sen dúbida, 1992. Ao plasmar o dito modelo, o lexislador optou pola regulación conxunta de dous obxectos –os portos e a mariña mercante– que, non obstante a súa estreita ligazón, teñen identidade e, por tanto, sinais e requirimentos normativos propios. Se, dun lado, a súa finalidade confesada era dar resposta a unha exixencia crecente de desburocratización e eficacia da xestión precisamente dos portos, dotando o conxunto do sistema portuario de responsabilidade da Administración xeral do Estado, dun marco institucional adecuado para o efecto, o tratamento simultáneo da mariña mercante xustifícase –á parte a apelación á salvagarda do ambiente mariño e a potenciación da navegación de cabotaxe– na comprobación paralela e independente do seu carácter vital, por razón do transporte marítimo, para o desenvolvemento económico e, por tanto, na existencia dun interese público na adecuada dimensión e calidade da súa estrutura; interese público cuxa satisfacción exige unha normativa reguladora adaptada aos constantes cambios de todo tipo experimentados polo transporte marítimo.

Pero tan só cinco anos despois, en 1997, advirte xa o lexislador a procedencia, ante a incidencia crecente dos portos na economía española, dunha adaptación parcial do modelo de organización portuaria ás circunstancias dun contexto cambiante, cada vez máis aberto e libre, cifrando tal adaptación no afondamento da autonomía funcional e de xestión das autoridades portuarias, mediante o fomento do desenvolvemento dunha organización profesionalizada, áxil e adecuada ás peculiaridades de cada porto, capaz en todo caso de garantir a prestación duns servizos eficientes e eficaces e desenvolver a súa actividade con criterios empresariais. O que non obsta, no contexto da organización territorial do Estado e o impacto económico e social que para as comunidades autónomas teñen os portos de interese xeral situados no seu territorio, para unha máis intensa participación destas na estrutura organizativa das autoridades portuarias, sen prexuízo da necesaria e efectiva coordinación do enteiro sistema portuario; aspecto, este último, cuxa actualidade non pode deixar de sinalarse.

Apenas algo máis dun lustro despois, o lexislador vese precisado a constatar a necesidade dunha renovación legislativa para afrontar os requirimentos derivados do impacto de novos acontecementos e realidades na década dos anos 90 do pasado

século, na medida en que nela tivo lugar, nas súas propias palabras, unha enorme aceleración do proceso de mundialización da economía e o comercio, así como de consolidación do mercado interior comunitario e de desenvolvemento dunha política común de transportes planificada desde unha concepción multimodal. Trátase do impacto combinado do desenvolvemento das redes transeuropeas de transporte, os cambios tecnolóxicos e estratéxicos no sector do transporte marítimo e os procesos de crecente liberalización do mercado dos servizos do transporte, así como os seus efectos principais: a competencia interportuaria, a escala nacional e internacional, por atraer os tráfico marítimos internacionais; a competencia intraportuaria entre os distintos prestadores de servizos portuarios nun porto; e a incorporación á xestión portuaria do modelo de colaboración público-privada. Disto deriva o crecemento da importancia estratéxica dos portos comerciais en tanto que instrumentos claves para o desenvolvemento da economía produtiva e elementos fundamentais dun sistema de transporte de interese xeral ambientalmente sustentable. A clave sitúase agora, xa que logo, no logro dun sistema de transporte e duns portos eficaces e baratos completamente integrados nel, capaces de mover mercadorías dunha forma rápida, fiable, económica e segura. E a consecuencia é a posta do acento nesta ocasión, sen alterar os trazos estruturais do modelo establecido en 1992, nos factores ou criterios de rendibilidade e eficiencia na explotación do dominio público portuario e aposta pola promoción e o incremento da participación da iniciativa privada no financiamento, construción e explotación das instalacións portuarias e na prestación dos servizos portuarios; o que quere dicir tamén: a incorporación de novos mecanismos dirixidos a potenciar a calidade e eficacia na prestación dos servizos portuarios e comerciais de acordo coa política europea de transportes; o desenvolvemento da competencia interportuaria, potenciando a autonomía de xestión económico-financieira sobre a base dos principios de autosuficiencia económica e cobertura de custos por transferencia deles aos usuarios baixo principios homoxéneos e non discriminatorios; a potenciación da competencia intraportuaria a través da regulación da prestación dos servizos portuarios por parte da iniciativa privada en réxime de liberdade de acceso; a introdución, como novidade, de elementos na xestión do dominio público portuario para conseguir un completo desenvolvemento do modelo concesional en beneficio da máxima rendibilización socioeconómica daquel; o fomento do investimento privado nas instalacións e os equipamentos portuarios; e a diminución dos custos do sistema portuario español en prol da mellora da competitividade e a capacidade de investimento nas infraestruturas.

O acento económico é máis acusado aínda na última, importante e máis recente das intervencións maiores do lexislador, baseada esta vez na progresión da importancia económica da disposición de portos eficientes e a sintonía co obxectivo de potenciación do modo marítimo/portuario incorporado á política preconizada pola Unión Europea. Neste contexto, a modificación legal –ultimando a posta ao día do modelo portuario estatal en sintonía co ámbito europeo do que forma parte– flexibiliza o modelo tarifario para que cada autoridade portuaria poida adaptarse á realidade económica de cada momento e intensifica a liberalización dos servizos portuarios e da actividade económica e comercial nos portos, a fin de que o conxunto da lexislación portuaria poida ser alicerce estable para a mellora continua da competitividade do sistema portuario de interese xeral, asegurando así o cumprimento da súa misión de contribución ao desenvolvemento económico e social.

II

A evolución experimentada polos espazos e servizos portuarios e a navegación e o transporte marítimos desde 1992 foi, pois, diversa, pero igualmente notable. E esta diversidade non puido deixar de repercutir, por iso, na distinta incidencia que naquela regulación tiveron as sucesivas modificacións desde a súa respectiva óptica peculiar.

Por iso, foi preciso tanto homoxeneizar a terminoloxía empregada sucesivamente polo lexislador e dotar de coherencia o instrumentario técnico e institucional posto por este ao servizo da consecución dos obxectivos perseguidos cada vez nas súas intervencións na

materia, como actualizar as múltiples remisións tanto internas como a moitas outras normas reguladoras de diferentes sectores na actualidade xa superadas ou formalmente derogadas; é dicir: clarificar o contido da normativa. Pero, ademais e con maior alcance, tamén resolver as inevitables disfuncións, e incluso contradicións internas, que inevitablemente presentaban as diferentes capas do ordenamento regulador da materia; o que quere dicir, regularizar e harmonizar este para dotalo da indispensable coherencia, tendo tamén en consideración outras normas posteriores que afectan a materia obxecto de refundición, como o caso da recente Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable. Esta tarefa non descoidou tampouco os retoques nos propios textos normativos considerados indispensables, entre os cales merece ser destacada a desagregación, con criterio uniforme, de artigos excesivamente longos, de estrutura interna complexa e manexo de notable dificultade, como acontece sobre todo cos relativos á materia tributaria, concretamente as taxas.

Todo este labor tivo que complementarse, dun lado, coa incorporación ao corpo normativo principal de diversas disposicións introducidas polas reformas posteriores a 1992 a título de adicionais e, doutro lado, coa conversión xustamente en adicionais dalgunhas outras, poucas, determinacións que, carecendo en orixe de carácter estrutural –como sucede coa transformación de certas organizacións de traballo portuario– a evolución normativa, sen facerlles perder vixencia, colocou á marxe do sistema legal en sentido estrito. E pechouse conservando o dereito transitorio das sucesivas normas legais a fin de que os supostos por el regulados non perdan, na medida en que a continúen precisando, a súa referencia normativa; conservación que se fai de modo que cada réxime transitorio manteña a súa identidade propia.

Desde o punto de vista sistemático, finalmente, a refundición non puido deixar de traducir as súas operacións nunha sistemática actualizada, pero respectuosa, no esencial, coa establecida desde 1992. O título preliminar contén as disposicións xerais referidas ao obxecto da lei nas dúas materias principais que este abarca: os portos responsabilidade da Administración xeral do Estado e a mariña mercante. A entidade propia destas materias e a complexidade da súa respectiva regulación xustifica a articulación ulterior da lei en dous libros dedicados, respectivamente, a unha e outra. Nun terceiro libro agrúpanse as disposicións referibles indistintamente a elas, é dicir, as da policía administrativa dos espazos portuarios, a tipificación de infraccións e sancións e o réxime de exercicio da potestade sancionadora.

O libro primeiro refírese ao sistema portuario de titularidade estatal e articúlase internamente diferenciando por títulos:

- a) Os aspectos relativos á organización responsable da xestión e ao réxime orzamentario, tributario, patrimonial, de funcionamento e control da dita organización.
- b) O réxime de planificación e construción dos portos de interese xeral e as prescricións atinentes ao ambiente e á seguridade.
- c) O dominio público portuario estatal desde o triplo punto de vista da súa xestión, a súa composición e a súa utilización (concesión e autorización demaniais e concesións de obras públicas).
- d) A prestación de servizos xerais, portuarios e outros, e, en particular, o réxime do persoal dedicado á prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.
- e) O réxime económico do sistema portuario tamén desde o triplo punto de vista da organización xestora, a utilización do dominio público e a prestación dos servizos.

O libro segundo, dedicado á mariña mercante, organízase nos títulos dedicados, respectivamente, á explotación navieira e réxime de navegacións, á administración marítima, ao servizo de pilotaxe portuaria e ás taxas.

E o libro terceiro, por último, ten por obxecto o réxime de policía, é dicir, un obxecto complementario por igual dos dous libros anteriores, comprendendo en títulos diferenciados:

- a) A ordenación da explotación portuaria.
- b) As medidas garantes da actividade tanto portuaria como de navegación.
- c) O dereito sancionador.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.*

Apróbase o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Disposición adicional única. *Remisións normativas.*

As referencias efectuadas noutras disposicións ás normas que se integran no texto refundido que se aproba entenderanse efectuadas aos preceptos correspondentes deste último.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a este real decreto legislativo e ao texto refundido que se aproba e, en particular, as seguintes:

- a) A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.
- b) A Lei 62/1997, do 26 de decembro, de modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.
- c) A Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.
- d) A Lei 33/2010, do 5 de agosto, de modificación da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE PORTOS DO ESTADO E DA MARIÑA MERCANTE

ÍNDICE

- Título preliminar. Disposicións xerais.
- Capítulo I. Obxecto da lei.
- Artigo 1. Obxecto da lei.
- Capítulo II. Portos.
- Artigo 2. Portos marítimos: concepto.
- Artigo 3. Portos comerciais.
- Artigo 4. Portos de interese xeral.
- Artigo 5. Espazos portuarios de competencia autonómica.
- Capítulo III. Mariña mercante.
- Artigo 6. Mariña mercante.
- Artigo 7. Obxectivos.
- Artigo 8. Zonas e tipos de navegación.
- Artigo 9. Frota civil e plataformas fixas.
- Artigo 10. Empresas navieiras.
- Libro primeiro. Sistema portuario de titularidade estatal.
- Título I. Organización e xestión.
- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Artigo 11. Competencia da Administración xeral do Estado.
- Artigo 12. Portos e instalacións xestionadas polo Ministerio de Fomento.
- Artigo 13. Xestión.
- Artigo 14. Outros portos e instalacións dependentes da Administración xeral do Estado.
- Artigo 15. Reserva de zonas.
- Capítulo II. Administración portuaria estatal.
- Sección 1.^a Organismo público Portos do Estado.
- Artigo 16. Denominación e natureza.
- Artigo 17. Competencias.
- Artigo 18. Funcións.
- Artigo 19. Recursos económicos de Portos do Estado.
- Artigo 20. Órganos reitores.
- Artigo 21. Consello Reitor: composición e funcións.
- Artigo 22. Presidente: nomeamento e funcións.
- Artigo 23. Consello Consultivo de Portos do Estado.
- Sección 2.^a Autoridades portuarias.
- Artigo 24. Denominación e natureza.
- Artigo 25. Competencias.
- Artigo 26. Funcións.
- Artigo 27. Recursos económicos das autoridades portuarias.
- Artigo 28. Ámbito territorial.
- Artigo 29. Órganos.
- Artigo 30. Consello de administración: composición, funcións e incompatibilidades.

- Artigo 31. Presidente: nomeamento e funcións.
- Artigo 32. Vicepresidente: designación e funcións.
- Artigo 33. Director.
- Artigo 34. Consello de navegación e porto.
- Artigo 35. Impugnación e revisión de oficio de acordos dos órganos de goberno das autoridades portuarias.

Título II. Réxime orzamentario, tributario, patrimonial, de funcionamento e control.

Capítulo I. Réxime orzamentario.

- Artigo 36. Réxime xurídico.
- Artigo 37. Orzamentos e programas consolidados.
- Artigo 38. Orzamentos e programas individuais.

Capítulo II. Réxime contable.

Artigo 39. Réxime contable.

Capítulo III. Réxime de fiscalización e control.

Artigo 40. Réxime de fiscalización e control.

Capítulo IV. Réxime tributario.

Artigo 41. Réxime tributario.

Capítulo V. Réxime patrimonial.

- Artigo 42. Patrimonio propio dos organismos portuarios.
- Artigo 43. Adscrición, adquisición e afectación de bens aos organismos públicos portuarios.
- Artigo 44. Desafectación de bens de dominio público adscritos ás autoridades portuarias.
- Artigo 45. Desafectación de bens de dominio público adscritos a Portos do Estado.
- Artigo 46. Participación en sociedades e outras entidades.

Capítulo VI. Réxime dos recursos humanos.

- Artigo 47. Réxime de persoal.
- Artigo 48. Retribucións do persoal.
- Artigo 49. Estrutura de persoal.
- Artigo 50. Selección de persoal.
- Artigo 51. Funcións dos organismos públicos portuarios.

Título III. Réxime de planificación e construción dos portos de interese xeral.

Capítulo I. Planificación.

- Artigo 52. Instrumentos de planificación.
- Artigo 53. Plan estratéxico da autoridade portuaria.
- Artigo 54. Plan director de infraestruturas do porto.
- Artigo 55. Plan de empresa da autoridade portuaria.

Capítulo II. Consideración urbanística dos portos.

Artigo 56. Articulación urbanística dos portos.

Capítulo III. Réxime das obras portuarias.

Sección 1.^a Construción e modificación dos portos.

- Artigo 57. Construción de novos portos.
- Artigo 58. Ampliación ou modificación de portos.

- Sección 2.^a Outras obras.
- Artigo 59. Obras no dominio público portuario.
- Sección 3.^a Disposicións comúns ás obras portuarias.
- Artigo 60. Carácter de interese xeral.
- Artigo 61. Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación.
- Título IV. Ambiente e seguridade.
- Artigo 62. Prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario.
- Artigo 63. Recepción de refugallos e residuos procedentes de buques.
- Artigo 64. Obras de dragaxe.
- Artigo 65. Plans de emerxencia e seguridade.
- Título V. Dominio público portuario estatal.
- Capítulo I. Modelo de xestión.
- Artigo 66. Modelo de xestión do dominio público portuario.
- Capítulo II. Dominio público portuario.
- Sección 1.^a Bens integrantes.
- Artigo 67. Natureza e determinación do dominio público portuario.
- Artigo 68. Zona de servizo en portos xestionados en réxime concesional.
- Sección 2.^a Espazos e usos portuarios.
- Artigo 69. Delimitación dos espazos e usos portuarios.
- Artigo 70. Modificación da delimitación dos espazos e usos portuarios.
- Artigo 71. Efectos da delimitación dos espazos e usos portuarios sobre as concesións e autorizacións.
- Capítulo III. Utilización do dominio público portuario estatal.
- Sección 1.^a Disposicións xerais.
- Artigo 72. Usos e actividades permitidas no dominio público portuario.
- Artigo 73. Réxime de utilización do dominio público portuario.
- Sección 2.^a Autorizacións.
- Artigo 74. Clases de autorizacións.
- Artigo 75. Ámbito de aplicación.
- Artigo 76. Iniciación do procedemento.
- Artigo 77. Requisitos da solicitude.
- Artigo 78. Procedemento de outorgamento.
- Artigo 79. Concursos.
- Artigo 80. Condicións de outorgamento.
- Sección 3.^a Concesións demaniais.
- Artigo 81. Ámbito de aplicación.
- Artigo 82. Prazo das concesións.
- Artigo 83. Iniciación do procedemento. Outorgamento directo.
- Artigo 84. Requisitos da solicitude.
- Artigo 85. Procedemento de outorgamento.
- Artigo 86. Concursos.

- Artigo 87. Condicións de outorgamento.
 - Artigo 88. Modificación de concesións.
 - Artigo 89. Revisión de concesións.
 - Artigo 90. División e unificación de concesións.
 - Artigo 91. Renovación de determinadas concesións.
 - Artigo 92. Actos de transmisión e de gravame.
 - Artigo 93. Garantía provisional e garantía definitiva.
 - Artigo 94. Garantía de explotación.
 - Artigo 95. Disposicións comúns.
- Sección 4.^a Extinción de autorizacións e concesións.
- Artigo 96. Causas de extinción.
 - Artigo 97. Revogación de autorizacións e concesións.
 - Artigo 98. Caducidade.
 - Artigo 99. Rescate de concesións.
 - Artigo 100. Efectos da extinción.
- Sección 5.^a Contrato de concesión de obras públicas portuarias.
- Artigo 101. O contrato de concesión de obras públicas portuarias.
- Sección 6.^a Medios de execución.
- Artigo 102. Execución forzosa.
 - Artigo 103. Desafiuzamento administrativo.
- Título VI. Prestación de servizos.
- Capítulo I. Servizos.
- Artigo 104. Servizos prestados nos portos de interese xeral.
 - Artigo 105. Garantías de prestación dos servizos esenciais.
- Capítulo II. Servizos xerais.
- Artigo 106. Concepto de servizos xerais.
 - Artigo 107. Réxime de prestación dos servizos xerais.
- Capítulo III. Servizos portuarios.
- Sección 1.^a Concepto e réxime de prestación dos servizos portuarios.
- Artigo 108. Concepto e clases de servizos portuarios.
 - Artigo 109. Réxime de prestación dos servizos portuarios e título habilitante.
 - Artigo 110. Obrigas de servizo público portuario.
 - Artigo 111. Limitación do número de prestadores.
 - Artigo 112. Réxime de utilización dos servizos portuarios.
 - Artigo 113. Pregos de prescricións particulares dos servizos portuarios.
 - Artigo 114. Prazo máximo da licenza de prestación do servizo portuario.
 - Artigo 115. Procedemento de outorgamento da licenza de prestación do servizo portuario.
 - Artigo 116. Licenzas de servizos portuarios en estacións marítimas de pasaxeiros e terminais de mercadorías dedicadas a uso particular.
 - Artigo 117. Contido da licenza de prestación do servizo portuario.
 - Artigo 118. Transmisión da licenza de prestación do servizo portuario.
 - Artigo 119. Extinción da licenza de prestación do servizo portuario.
 - Artigo 120. Rexistros de empresas prestadoras de servizos portuarios.
 - Artigo 121. Réxime de incompatibilidades.

- Artigo 122. Separación contable.
- Artigo 123. Observatorio permanente do mercado dos servizos portuarios.
- Artigo 124. Comité de servizos portuarios.
- Artigo 125. Supervisión e promoción da competencia na prestación dos servizos portuarios.

Sección 2.^a Servizos técnico-náuticos.

- Artigo 126. Definición e características do servizo de pilotaxe portuaria.
- Artigo 127. Definición e características do servizo de remolque portuario.
- Artigo 128. Definición e características do servizo de amarre e desamarre de buques.

Sección 3.^a Servizo á pasaxe.

- Artigo 129. Definición e alcance do servizo á pasaxe.

Sección 4.^a Servizo de manipulación de mercadorías.

- Artigo 130. Definición e ámbito do servizo portuario de manipulación de mercadorías.
- Artigo 131. Instrucións técnicas sobre maquinaria específica.

Sección 5.^a Servizo de recepción de refugallo xerados por buques.

- Artigo 132. Réxime de prestación.

Sección 6.^a Servizos portuarios en réxime de autoprestación e integración de servizos.

- Artigo 133. Concepto de autoprestación.
- Artigo 134. Concepto de integración de servizos.
- Artigo 135. Requisitos e procedemento de outorgamento das licenzas de autoprestación e de integración de servizos.

- Artigo 136. Compensacións económicas.

Capítulo IV. Servizo de sinalización marítima.

- Artigo 137. Concepto e regulación.

Capítulo V. Servizos comerciais.

- Artigo 138. Definición e réxime de aplicación.
- Artigo 139. Réxime de prestación de servizos comerciais e outras actividades.
- Artigo 140. Servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias.
- Artigo 141. Entrega, recepción e outras operacións de manipulación de mercadorías.

Capítulo VI. Réxime de xestión dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

Sección 1.^a Sociedades de xestión da posta á disposición de traballadores.

- Artigo 142. Modelo de xestión da posta á disposición de traballadores portuarios.
- Artigo 143. Capital social e a súa distribución.
- Artigo 144. Órgano de goberno.
- Artigo 145. Impugnación de acordos.
- Artigo 146. Réxime económico.
- Artigo 147. Garantías.
- Artigo 148. Obriga de achega de información.

Sección 2.^a Réxime laboral aplicable aos traballadores do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

- Artigo 149. Tipos de relacións laborais.
- Artigo 150. Réxime laboral común.
- Artigo 151. Réxime laboral especial.
- Artigo 152. Formación continua.

Sección 3.^a Requisitos de capacitación dos traballadores que realicen actividades do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

- Artigo 153. Cualificación exixida.
- Artigo 154. Excepcións á exixencia de titulación.

Sección 4.^a Utilización dos servizos da SAXEP polas empresas autorizadas á realización de actividades comerciais do artigo 130.3.c) desta lei.

- Artigo 155. Solicitude de oferta á SAXEP.

Título VII. Réxime económico.

Capítulo I. Principios e compensación e asistencia interportuarias.

- Artigo 156. Autofinanciamento do sistema portuario.
- Artigo 157. Cálculo da rendibilidade anual.
- Artigo 158. Medidas para garantir o cobramento dos seus recursos.
- Artigo 159. Fondo de Compensación Interportuario.
- Artigo 160. Financiamento e asistencia.

Capítulo II. Réxime económico da utilización do dominio público e da prestación dos servizos portuarios.

Sección 1.^a Taxas portuarias; disposicións xerais.

- Artigo 161. Taxas portuarias.
- Artigo 162. Réxime xurídico.
- Artigo 163. Rendemento das taxas.
- Artigo 164. Importe das taxas.
- Artigo 165. Bonificacións.
- Artigo 166. Coeficientes correctores.
- Artigo 167. Repercusión en réxime de estimación simplificada.
- Artigo 168. Publicación.
- Artigo 169. Exencións do pagamento da taxa de ocupación.
- Artigo 170. Exencións do pagamento da taxa de actividade.
- Artigo 171. Exencións do pagamento das taxas de utilización e axudas á navegación.
- Artigo 172. Xestión, revisión e garantías de cobramento das taxas.

Sección 2.^a Taxa de ocupación.

- Artigo 173. Feito imponible.
- Artigo 174. Suxeitos pasivos.
- Artigo 175. Base imponible.
- Artigo 176. Tipo de gravame.
- Artigo 177. Valor dos terreos e das augas do porto.
- Artigo 178. Reflexo, actualización e revisión da cota íntegra.
- Artigo 179. Devengo, exixibilidade e pagamento.
- Artigo 180. Oferta de importes adicionais en concursos.
- Artigo 181. Bonificacións.
- Artigo 182. Bonificacións singulares.

- Sección 3.^a Taxa de actividade.
- Artigo 183. Feito imponible.
 - Artigo 184. Suxeito pasivo.
 - Artigo 185. Devengo.
 - Artigo 186. Cálculo da cota.
 - Artigo 187. Criterios para a fixación da base imponible.
 - Artigo 188. Criterios e límites para a fixación do tipo de gravame.
 - Artigo 189. Fixación da base imponible e o tipo de gravame.
 - Artigo 190. Actualización da base imponible.
 - Artigo 191. Exixibilidade da taxa.
 - Artigo 192. Importes adicionais en concursos.
- Sección 4.^a Taxas de utilización.
- Artigo 193. Ámbito de aplicación.
- Subsección 1.^a Taxa do buque (T-1).
- Artigo 194. Feito imponible.
 - Artigo 195. Suxeitos pasivos.
 - Artigo 196. Devengo da taxa.
 - Artigo 197. Cota íntegra por acceso e estadía en zona I ou interior das augas portuarias.
 - Artigo 198. Cota íntegra por atracada en zona II e en diques exentos en zona I.
 - Artigo 199. Cota íntegra por fondeadura na zona II ou exterior das augas portuarias.
 - Artigo 200. Tempo de estadía.
 - Artigo 201. Servizo marítimo a un determinado tipo de tráfico e servizo marítimo regular.
 - Artigo 202. Contías básicas.
 - Artigo 203. Arqueo bruto do buque.
 - Artigo 204. Prolongación de estadía non autorizada.
- Subsección 2.^a Taxa da pasaxe (T-2).
- Artigo 205. Feito imponible.
 - Artigo 206. Suxeitos pasivos.
 - Artigo 207. Devengo da taxa.
 - Artigo 208. Cota íntegra.
 - Artigo 209. Estimación simplificada.
 - Artigo 210. Contía básica.
- Subsección 3.^a Taxa da mercadoría (T-3).
- Artigo 211. Feito imponible.
 - Artigo 212. Suxeitos pasivos.
 - Artigo 213. Devengo.
 - Artigo 214. Cota íntegra en terminais marítimas de mercadorías que non estean en réxime de concesión ou autorización.
 - Artigo 215. Cota íntegra en terminais marítimas de mercadorías en réxime de concesión ou autorización.
 - Artigo 216. Cota íntegra noutros supostos.
 - Artigo 217. Contía básica.
- Subsección 4.^a Taxa da pesca fresca (T-4).
- Artigo 218. Feito imponible.
 - Artigo 219. Suxeitos pasivos.
 - Artigo 220. Devengo.

Artigo 221. Base imponible.

Artigo 222. Tipo de gravame.

Subsección 5.^a Taxa das embarcacións deportivas e de recreo (T-5).

Artigo 223. Feito imponible.

Artigo 224. Suxeitos pasivos.

Artigo 225. Devengo da taxa.

Artigo 226. Cota íntegra.

Artigo 227. Superficie ocupada polo buque ou embarcación.

Artigo 228. Pagamento anticipado e en réxime simplificado da taxa.

Artigo 229. Contía básica.

Artigo 230. Buques ou embarcacións con base no porto.

Subsección 6.^a Taxa por utilización especial da zona de tránsito (T-6).

Artigo 231. Feito imponible.

Artigo 232. Suxeitos pasivos.

Artigo 233. Devengo da taxa.

Artigo 234. Cota íntegra.

Artigo 235. Contía básica.

Artigo 236. Exencións.

Sección 5.^a Taxa de axudas á navegación.

Artigo 237. Feito imponible.

Artigo 238. Suxeitos pasivos.

Artigo 239. Devengo da taxa.

Artigo 240. Cota íntegra.

Artigo 241. Pagamento da taxa.

Artigo 242. Exixencia anticipada da taxa.

Artigo 243. Xustificación do pagamento.

Artigo 244. Convenios interadministrativos.

Sección 6.^a Bonificacións.

Artigo 245. Bonificacións das taxas de actividade e utilización.

Capítulo III. Prezos privados por servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias.

Artigo 246. Tarifas por servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias.

Artigo 247. Exixibilidade das tarifas.

Artigo 248. Prescrición.

Artigo 249. Suspensión do servizo.

Artigo 250. Reclamación previa á vía xudicial civil.

Libro segundo. Mariña mercante.

Título I. Explotación navieira e réxime das navegacións.

Capítulo I. Buques e empresas navieiras.

Artigo 251. Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

Artigo 252. Abandeiramento de buques.

Artigo 253. Dotacións dos buques.

Artigo 254. Responsabilidade civil.

Capítulo II. Comercio exterior de buques.

Artigo 255. Importación e exportación de buques.

- Capítulo III. Navegación interior.
 - Artigo 256. Réxime da navegación interior.
- Capítulo IV. Navegación de cabotaxe.
 - Artigo 257. Navegación de cabotaxe.
- Capítulo V. Navegación exterior e extranacional.
 - Artigo 258. Navegación exterior e extranacional.
- Capítulo VI. Consignatarios de buques.
 - Artigo 259. Consignatario de buques.
- Capítulo VII. Establecemento de obrigas de servizo público.
 - Artigo 260. Establecemento de obrigas de servizo público.
- Capítulo VIII. Conferencias marítimas e consellos de usuarios.
 - Artigo 261. Conferencias marítimas e consellos de usuarios.
 - Artigo 262. Obrigas de información e consulta.
- Título II. Administración marítima.
 - Capítulo I. Administración central.
 - Artigo 263. Competencias do Ministerio de Fomento.
 - Artigo 264. Do servizo público de salvamento.
 - Artigo 265. Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (CIAIM).
 - Capítulo II. Administración periférica.
 - Artigo 266. Capitanía Marítima. Funcións.
 - Capítulo III. Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima.
 - Artigo 267. Natureza, denominación e obxecto.
 - Artigo 268. Obxecto da Sociedade.
 - Artigo 269. Órganos de goberno e xestión.
 - Artigo 270. Consello de Administración.
 - Artigo 271. Nomeamento e funcións do presidente.
 - Artigo 272. Nomeamento e funcións do director.
 - Artigo 273. Réxime de persoal.
 - Artigo 274. Réxime orzamentario.
 - Artigo 275. Réxime patrimonial e financeiro.
 - Artigo 276. Réxime de contratación.
 - Artigo 277. Contabilidade e réxime de control.
 - Capítulo IV. Corpos da mariña civil.
 - Artigo 278. Corpos de mariña civil.
- Título III. Servizo de pilotaxe portuaria.
 - Artigo 279. Réxime de xestión.
 - Artigo 280. Réxime de protección do persoal do servizo de pilotaxe portuaria.
 - Artigo 281. Responsabilidade.

- Título IV. Taxas.
 - Capítulo I. Taxas por servizos de inspección e control.
 - Artigo 282. Ámbito e réxime de existencia.
 - Capítulo II. Taxas por actuacións rexistras.
 - Artigo 283. Clases de taxas.
 - Artigo 284. Feito imponible das taxas.
 - Artigo 285. Devengo das taxas.
 - Artigo 286. Suxeitos pasivos.
 - Artigo 287. Contías exixibles.
 - Artigo 288. Xestión, liquidación e pagamento das taxas.
 - Capítulo III. Taxa pola emisión ou renovación da cédula de inscrición marítima.
 - Artigo 289. Feito imponible e devengo.
 - Artigo 290. Suxeitos pasivos, contía, xestión e pagamento.
 - Capítulo IV. Taxas pola emisión de certificado de seguro ou doutra garantía financeira relativa á responsabilidade civil por danos debidos a contaminación por hidrocarburos.
 - Artigo 291. Feito imponible e devengo.
 - Artigo 292. Suxeitos pasivos, contía, xestión e pagamento.
 - Capítulo V. Taxa pola emisión de documento do Rexistro Sinóptico Continuo.
 - Artigo 293. Feito imponible e devengo.
 - Artigo 294. Suxeitos pasivos, contía, xestión e pagamento.
- Libro terceiro. Réxime de policía.
 - Título I. Regulamento de explotación e policía dos portos do Estado.
 - Artigo 295. Regulamento de explotación e policía.
 - Título II. Funcións de policía especial.
 - Artigo 296. Servizo de policía portuaria.
 - Título III. Medidas que garanten a actividade portuaria e a navegación.
 - Artigo 297. Medidas de garantía da navegación marítima e do medio mariño.
 - Artigo 298. Protección da navegación libre.
 - Artigo 299. Asistencia e refuxio.
 - Artigo 300. Situación de perigo a bordo.
 - Artigo 301. Prevención de actividades ilícitas e tráfico prohibidos.
 - Artigo 302. Buques abandonados.
 - Artigo 303. Operacións de desmantelamento.
 - Artigo 304. Afundimento de buques.
 - Título IV. Réxime sancionador.
 - Capítulo I. Infraccións.
 - Artigo 305. Concepto e clasificación.
 - Artigo 306. Infraccións leves.
 - Artigo 307. Infraccións graves.
 - Artigo 308. Infraccións moi graves.
 - Artigo 309. Prescrición.
 - Artigo 310. Responsables.

- Capítulo II. Sancións e outras medidas.
- Sección 1.^a Disposicións xerais.
- Artigo 311. Principios xerais.
- Sección 2.^a Sancións aplicables.
- Artigo 312. Multas e sancións accesorias.
- Artigo 313. Medidas non sancionadoras.
- Artigo 314. Criterios de gradación.
- Artigo 315. Competencia.
- Sección 3.^a Indemnización por danos e perdas.
- Artigo 316. Indemnización por danos e perdas.
- Sección 4.^a Procedemento, medios de execución e medidas cautelares.
- Artigo 317. Procedemento.
- Artigo 318. Medidas para garantir o cobramento.
- Artigo 319. Obrigas de consignación dos feitos producidos.
- Artigo 320. Retención de buques.
- Disposición adicional primeira. Zona de servizo.
- Disposición adicional segunda. Zona contigua.
- Disposición adicional terceira. Capitanías e capitáns de porto.
- Disposición adicional cuarta. Colaboración interministerial.
- Disposición adicional quinta. Política de defensa nos ámbitos portuario e marítimo.
- Disposición adicional sexta. Transformación das xuntas de portos e portos autónomos e creación da Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima.
- Disposición adicional sétima. Transformación da Dirección Xeral de Portos e da Comisión Administrativa de Grupos de Portos.
- Disposición adicional octava. SAXEP. Transformación e adaptación.
- Disposición adicional novena. Dereitos dos traballadores.
- Disposición adicional décima. Autorización extraordinaria de atracada nos portos españois.
- Disposición adicional décimo primeira. Mantemento da titularidade das comunidades autónomas en materia portuaria.
- Disposición adicional décimo segunda. Reserva de aplicación da lexislación sobre hidrocarburos.
- Disposición adicional décimo terceira. Obrigas de información.
- Disposición adicional décimo cuarta. Subcomisión de transportes, portos e aeroportos.
- Disposición adicional décimo quinta. Obras e instalacións portuarias de telecomunicación portuaria en Canarias.
- Disposición adicional décimo sexta. Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras.
- Disposición adicional décimo sétima. Instalacións de avituallamento de combustibles.
- Disposición adicional décimo oitava. Modificación do anexo III.
- Disposición adicional décimo novena. Suspensión das normas que regulan o servizo de manipulación de mercadorías para a pesca conxelada.
- Disposición adicional vixésima. Zona xeográfica de prestación do servizo de sinalización marítima.
- Disposición adicional vixésimo primeira. Prelación de créditos nos casos de venda xudicial de buques.

Disposición adicional vixésimo segunda. Determinación das contías básicas das taxas do buque, da pasaxe, da mercadoría, das embarcacións deportivas e de recreo, da taxa por utilización da zona de tránsito, da taxa de axudas á navegación, da tarifa fixa polo servizo de recepción de refugallos xerados por buques e dos coeficientes correctores á taxa do buque, da mercadoría e da pasaxe.

Disposición adicional vixésimo terceira. Especialidade na aplicación do Estatuto básico do empregado público.

Disposición adicional vixésimo cuarta. Aplicación do réxime económico do sistema portuario.

Disposición adicional vixésimo quinta. Limitacións da propiedade por razóns de protección do dominio público.

Disposición adicional vixésimo sexta. Compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías e produtos agrícolas, plantas, flores, gallos, e froitos comestibles en fresco orixinarios das Illas Canarias ou transformados nestas e de produtos para alimentación do gando procedentes do resto de España concedidas ata o 31 de decembro de 2006.

Disposición adicional vixésimo sétima. Réxime xurídico e funcións do Consorcio Valencia 2007.

Disposición adicional vixésimo oitava. Medidas de apoio ao acontecemento «Saída da Volta ao Mundo a Vela Alacante 2011».

Disposición adicional vixésimo novena. Aprobación dos pregos de prescricións particulares dos servizos.

Disposición adicional trixésima. Reintegro á Administración xeral do Estado.

Disposición adicional trixésimo primeira. Suspensión temporal do réxime xurídico que regula o réxime de xestión dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

Disposición adicional trixésimo segunda. Xornada laboral dos traballadores nos servizos técnico-náuticos.

Disposición adicional trixésimo terceira. Responsabilidade ambiental.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio establecido polas leis 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio das leis 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, cuxa vixencia se mantén.

Disposición transitoria terceira. Aplicación das taxas de utilización ás concesións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto.

Disposición transitoria cuarta. Licenzas de prestación de servizos portuarios.

Disposición transitoria quinta. Manipulación de medios mecánicos das autoridades portuarias.

Disposición transitoria sexta. Réxime transitorio aplicable aos plans de utilización dos espazos portuarios e aos plans directores.

Disposición transitoria sétima. Pregos reguladores dos servizos portuarios básicos.

Disposición transitoria oitava. Autorización para a emisión de certificacións de servizo.

Disposición derradeira primeira. Fundamento constitucional.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira terceira. Dos auxilios, salvamentos, remolques, achados e extraccións marítimas.

Disposición derradeira cuarta. Seguridade marítima.

Anexo I. Portos de interese xeral.

Anexo II. Definicións para os efectos desta lei.

Anexo III. Asignación de grupos de mercadorías.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto da lei

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

É obxecto desta lei:

- a) Determinar e clasificar os portos que sexan competencia da Administración xeral do Estado.
- b) Regular a planificación, construción, organización, xestión, réxime económico-financiero e policía de tales portos.
- c) Regular a prestación de servizos nos ditos portos, así como a súa utilización.
- d) Determinar a organización portuaria estatal, dotando os portos de interese xeral dun réxime de autonomía funcional e de xestión para o exercicio das competencias atribuídas por esta lei, e regular a designación polas comunidades autónomas dos órganos de goberno das autoridades portuarias.
- e) Establecer o marco normativo da mariña mercante.
- f) Regular a Administración propia da mariña mercante.
- g) Establecer o réxime de infraccións e sancións de aplicación no ámbito da mariña mercante e no portuario de competencia estatal.

CAPÍTULO II

Portos

Artigo 2. *Portos marítimos: concepto.*

1. Para os efectos desta lei, denomínase porto marítimo o conxunto de espazos terrestres, augas marítimas e instalacións que, situado na ribeira do mar ou das rías, reúna condicións físicas, naturais ou artificiais e de organización que permitan a realización de operacións de tráfico portuario, e sexa autorizado para o desenvolvemento destas actividades pola Administración competente.

2. Para a súa consideración como portos marítimos deberán dispor das seguintes condicións físicas e de organización:

- a) Superficie de auga, de extensión non inferior a media hectárea, con condicións de abrigo e de profundidade adecuadas, naturais ou obtidas artificialmente, para o tipo de buques que deban utilizar o porto e para as operacións de tráfico marítimo que se pretendan realizar nel.
- b) Zonas de fondeadura, peiraos ou instalacións de atracada que permitan a aproximación e amarre dos buques para realizar as súas operacións ou permanecer fondeados, amarrados ou atracados en condicións de seguridade adecuadas.
- c) Espazos para o depósito e almacenamento de mercadorías ou utensilios.
- d) Infraestruturas terrestres e accesos adecuados ao seu tráfico que aseguren o seu enlace coas principais redes de transporte.
- e) Medios e organización que permitan efectuar as operacións de tráfico portuario en condicións adecuadas de eficacia, rapidez, economía e seguridade.

3. Enténdese por tráfico portuario as operacións de entrada, saída, atracada, desatracada, estadía e reparación de buques no porto e as de transferencia entre estes e terra ou outros medios de transporte, de mercadorías de calquera tipo, de pesca, de

avituallamentos e de pasaxeiros ou tripulantes, así como o almacenamento temporal das ditas mercadorías no espazo portuario.

4. Os portos poden ser comerciais ou non comerciais.

5. Así mesmo, os portos poden ser considerados de interese xeral en atención á relevancia da súa función no conxunto do sistema portuario español.

6. Son instalacións portuarias as obras civís de infraestrutura e as de edificación ou superestrutura, así como as instalacións mecánicas e redes técnicas de servizo construídas ou situadas no ámbito territorial dun porto e destinadas a realizar ou facilitar o tráfico portuario.

Artigo 3. *Portos comerciais.*

1. Son portos comerciais os que, en razón das características do seu tráfico, reúnen condicións técnicas, de seguridade e de control administrativo para que neles se realicen actividades comerciais portuarias, entendendo por tales as operacións de estiba, desestiba, carga, descarga, transbordo e almacenamento de mercadorías de calquera tipo, en volume ou forma de presentación que xustifiquen a utilización de medios mecánicos ou instalacións especializadas.

2. Terán, así mesmo, a consideración de actividades comerciais portuarias o tráfico de pasaxeiros, sempre que non sexa local ou de ría, e o avituallamento e reparación de buques.

3. Para os efectos exclusivos desta lei, non teñen a consideración de actividades comerciais portuarias:

a) As operacións de descarga e manipulación da pesca fresca excluídas do ámbito do servizo público de estiba e desestiba.

b) A atracada, fondeadura, estadía, avituallamento, reparación e mantemento de buques pesqueiros, deportivos, militares, así como doutros buques de Estado e das administracións públicas cando esas actividades se desenvolvan no exercicio das súas competencias e deban realizarse necesariamente na zona de servizo do porto.

c) As operacións de carga e descarga que se efectúen manualmente, por non estar xustificada economicamente a utilización de medios mecánicos.

d) A utilización de instalacións e as operacións e servizos necesarios para o desenvolvemento das actividades sinaladas neste punto.

4. Non son portos comerciais, para os efectos desta lei:

a) Os portos pesqueiros, que son os destinados exclusiva ou fundamentalmente á descarga de pesca fresca desde os buques utilizados para a súa captura, ou a servir de base dos ditos buques, proporcionándolles algúns ou todos os servizos necesarios de atracada, fondeadura, estadía, avituallamento, reparación e mantemento.

b) Os destinados a proporcionar abrigo suficiente ás embarcacións en caso de temporal, sempre que non se realicen neles operacións comerciais portuarias ou estas teñan carácter esporádico e escasa importancia.

c) Os que estean destinados para ser utilizados exclusiva ou principalmente por embarcacións deportivas ou de recreo.

d) Aqueles nos cales se estableza unha combinación dos usos a que se refiren as alíneas anteriores.

5. O Ministerio de Fomento, logo de informe favorable dos ministerios de Economía e Facenda, de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Sanidade, Política Social e Igualdade e de Traballo e Inmigración, autorizará nos portos estatais a realización de operacións comerciais.

Nos portos de competencia autonómica, a realización de operacións comerciais deberá contar con informe favorable dos ministerios sinalados no parágrafo anterior, polo que se refire ao tráfico marítimo e seguridade da navegación e, de ser o caso, á existencia de adecuados controis alfandegueiros, de sanidade e de comercio exterior.

6. Os portos comerciais que dependan da Administración xeral do Estado integrarán na unidade da súa xestión os espazos e dársenas pesqueiras, así como os espazos destinados a usos náutico-deportivos situados dentro da súa zona de servizo. Así mesmo, nos termos previstos nesta lei, poderán incluír no seu ámbito espazos destinados a usos complementarios da actividade esencial, a usos vinculados á interacción porto-ciudad, así como, igualmente, a outros usos comerciais non estritamente portuarios, sempre que non se prexudique globalmente o desenvolvemento das operacións de tráfico portuario.

Os espazos pesqueiros e os destinados a usos náuticos deportivos a que se refire o parágrafo anterior poderán ser segregados da zona de servizo dos portos de interese xeral, sempre que posúan infraestruturas portuarias independentes, espazos terrestres e marítimos diferenciados, non dividan ou interrompan a zona de servizo do porto afectando a explotación deste, non existan usos alternativos previstos na delimitación dos espazos e usos portuarios para as ditas zonas, se acredite que a segregación non pode ocasionar interferencia ningunha na xestión dos portos de interese xeral e se garanta a reversión se se modifican as causas e circunstancias que dean lugar á dita segregación.

A segregación requirirá o informe favorable do organismo público Portos do Estado e será aprobada polo Goberno, mediante real decreto ditado por proposta do Ministerio de Fomento. Unha vez acordada a segregación, modificarase a zona de servizo do porto, de conformidade co disposto nesta lei.

Artigo 4. *Portos de interese xeral.*

1. Son portos de interese xeral os que figuran no anexo I desta lei clasificados como tales por lles ser de aplicación algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se efectúen neles actividades comerciais marítimas internacionais.
- b) Que a súa zona de influencia comercial afecte de forma relevante máis dunha comunidade autónoma.
- c) Que sirvan industrias ou establecementos de importancia estratéxica para a economía nacional.
- d) Que o volume anual e as características das súas actividades comerciais marítimas alcancen niveis suficientemente relevantes ou respondan a necesidades esenciais da actividade económica xeral do Estado.
- e) Que, polas súas especiais condicións técnicas ou xeográficas, constitúan elementos esenciais para a seguridade do tráfico marítimo, especialmente en territorios insulares.

2. O cambio de clasificación dun porto por alteración das circunstancias a que se refire o número anterior será realizado polo Goberno, mediante real decreto, por proposta do Ministerio de Fomento, e logo da tramitación do correspondente expediente, con audiencia da comunidade autónoma respectiva e, de ser o caso, das demais comunidades autónomas que resulten afectadas de forma relevante pola zona de influencia comercial do porto, así como dos concellos en que se sitúe a zona de servizo deste.

3. A perda da condición de interese xeral comportará o cambio da súa titularidade a favor da comunidade autónoma no territorio da cal estea situado, sempre que esta asumise as competencias necesarias para ostentar a dita titularidade.

Artigo 5. *Espazos portuarios de competencia autonómica.*

1. Os espazos de dominio público marítimo-terrestre que sexan necesarios para o exercicio por parte das comunidades autónomas das competencias que lles correspondan estatutariamente en materia de portos deberán ser obxecto de adscrición por parte da Administración xeral do Estado.

A adscrición de bens de dominio público marítimo-terrestre ás comunidades autónomas non devengará canon a favor da Administración xeral do Estado. As concesións ou autorizacións que as comunidades autónomas outorguen no dominio

público marítimo-terrestre adscrito devengarán o correspondente canon de ocupación a favor da Administración xeral do Estado.

As concesións ou autorizacións que as comunidades autónomas outorguen nos portos e instalacións portuarias que lles fosen transferidos e figuren expresamente relacionados nos correspondentes reais decretos de traspasos en materia de portos, non devengarán o canon de ocupación en favor da Administración xeral do Estado a que se refire o parágrafo anterior.

2. A ampliación da zona de servizo dos portos de competencia autonómica ou a construción de novos portos da súa competencia deberán contar co informe favorable dos ministerios de Fomento e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e ser oídos os ministerios citados no artigo 57.2 desta lei, no ámbito das súas respectivas competencias.

Os informes versarán sobre a delimitación do novo dominio público estatal susceptible de adscrición, sobre a posible afección dos usos previstos neses espazos á protección do dominio público marítimo-terrestre, e as medidas necesarias para garantir a dita protección. O incumprimento deste requisito esencial implica a nulidade da aprobación do proxecto correspondente.

3. A aprobación definitiva dos proxectos levará implícita a adscrición do dominio público en que estean localizadas as obras e, de ser o caso, a delimitación dunha nova zona de servizo portuaria, que se formalizará mediante unha acta subscribida por representantes de ambas as administracións.

4. Na regulación das adscricións será de aplicación a lexislación de costas.

5. As verteduras e dragaxes en portos de competencia das comunidades autónomas corresponderá a estas, de conformidade co establecido pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. En canto ás dragaxes, cumpriranse as exigencias que se establecen no artigo 64 desta lei. Así mesmo, corresponderá ás comunidades autónomas a execución da lexislación do Estado en materia de verteduras nas augas interiores e territoriais cando así o asumisen nos seus respectivos estatutos de autonomía, na cal se entende incluída a potestade sancionadora.

CAPÍTULO III

Mariña mercante

Artigo 6. *Mariña mercante.*

1. Para os efectos desta lei considérase mariña mercante:

a) A actividade de transporte marítimo, exceptuando o que se leva a cabo exclusivamente entre portos ou puntos dunha mesma comunidade autónoma, que teña competencias nesta materia, sen conexión con portos ou puntos doutros ámbitos territoriais.

b) A ordenación e o control da frota civil española.

c) A seguridade da navegación e da vida humana no mar.

d) A seguridade marítima, incluíndo a habilitación para o exercicio do servizo de pilotaxe portuaria e a determinación dos servizos necesarios de remolque portuario, así como a dispoñibilidade de ambos en caso de emerxencia.

e) O salvamento marítimo, nos termos previstos no artigo 264.

f) A prevención da contaminación producida desde buques, plataformas fixas e outras instalacións que se encontren en augas situadas en zonas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición e a protección do ambiente mariño.

g) A inspección técnica e operativa de buques, tripulacións e mercadorías.

h) A ordenación do tráfico e as comunicacións marítimas.

i) O control de situación, abandeiramento e rexistro de buques civís, así como o seu despacho, sen prexuízo das preceptivas autorizacións previas que correspondan a outras autoridades.

j) A garantía do cumprimento das obrigas en materia de defensa nacional e protección civil no mar.

k) Calquera outro servizo marítimo atribuído por lei á Administración regulada no título II do libro segundo desta lei.

2. Non se considera mariña mercante a ordenación da frota pesqueira, nos ámbitos propios da pesca e da ordenación do sector pesqueiro, nin a actividade inspectora nestes mesmos ámbitos.

Artigo 7. *Obxectivos.*

A política da mariña mercante dirixirase, no marco das competencias asignadas á Administración xeral do Estado no artigo 149.1 da Constitución, á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) A tutela da seguridade da vida humana no mar.
- b) A tutela da seguridade da navegación marítima.
- c) A tutela da seguridade marítima.
- d) A protección do ambiente mariño.
- e) A existencia dos servizos de transporte marítimo que demanden as necesidades do país.
- f) O mantemento das navegacións de interese público.
- g) A promoción das autoestradas do mar como modo alternativo e complementario ao transporte de mercadorías.
- h) A promoción da competencia no transporte marítimo conforme a clasificación de mercados de transporte que sexa establecida polo Goberno.

Artigo 8. *Zonas e tipos de navegación.*

1. Son zonas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, ademais das augas interiores marítimas, o mar territorial, a zona contigua e a zona económica exclusiva.

Son augas interiores marítimas españolas, para os efectos desta lei, as situadas no interior das liñas de base do mar territorial. As augas interiores marítimas inclúen as dos portos e outras de todo tipo comunicadas permanentemente co mar ata onde se faga sensible o efecto das mareas, así como os tramos navegables dos ríos ata onde existan portos de interese xeral.

É mar territorial aquel que se estende ata unha distancia de doce millas náuticas contadas a partir das liñas de base desde as cales se mide a súa largura.

É zona contigua a que se estende desde o límite exterior do mar territorial ata as vinte e catro millas náuticas contadas desde as liñas de base a partir das cales se mide a largura do mar territorial.

É zona económica exclusiva a que se estende desde o límite exterior do mar territorial ata unha distancia de duascenas millas náuticas contadas a partir das liñas de base desde as cales se mide a largura daquel.

2. A navegación, en función do seu ámbito, será interior, de cabotaxe, exterior e extranacional.

Navegación interior é a que transcorre integramente dentro do ámbito dun determinado porto ou doutras augas interiores marítimas españolas.

Navegación de cabotaxe é a que, non sendo navegación interior, se efectúa entre portos ou puntos situados en zonas nas cales España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.

Navegación exterior é a que se efectúa entre portos ou puntos situados en zonas nas cales España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición e portos ou puntos situados fóra das ditas zonas.

Navegación extranacional é a que se efectúa entre portos ou puntos situados fóra das zonas nas cales España exerce soberanía, dereitos soberanos e xurisdición.

3. En función das súas condicións de prestación, a navegación pode clasificarse en:
- Regular. Navegación de liña regular é a suxeita a itinerarios, frecuencias de escalas, tarifas e condicións de transporte previamente establecidas.
 - Non regular. Navegación non regular é a que non está incluída nos termos da letra anterior.
4. O Goberno, no ámbito das competencias do Estado, poderá establecer, de ser o caso, que a prestación de todas ou algunha destas navegacións se realice con imposición de obrigas de servizo público co fin de garantir a suficiencia de servizos de transporte regular con destino a ou procedencia das Illes Balears, Illas Canarias, Ceuta e Melilla ou baixo o réxime de contrato administrativo especial en atención á satisfacción de forma directa ou inmediata da finalidade pública que aquelas representan.
- A imposición de obrigas de servizo público deberá facerse dun modo obxectivo, transparente, non discriminatorio e coñecido de antemán polos interesados, co fin de garantir que o servizo se preste en condicións de libre e leal competencia.

Artigo 9. *Frota civil e plataformas fixas.*

- Para efectos desta lei considérase frota civil española:
 - A frota mercante nacional.
 - A frota pesqueira nacional.
 - Os buques de recreo e deportivos nacionais.
 - Os demais buques civís españois non incluídos nas alíneas anteriores.
- Enténdese por buque civil calquera embarcación, plataforma ou artefacto flotante, con ou sen desprazamento, apto para a navegación e non afecto ao servizo da defensa nacional.
- Enténdese por buque mercante todo buque civil utilizado para a navegación cun propósito mercantil, excluídos os dedicados á pesca.
- Enténdese por plataforma fixa todo artefacto ou instalación susceptible de realizar operacións de exploración ou explotación de recursos marítimos ou de destinarse a calquera outra actividade, situados sobre o leito do mar, ancorados ou apoiados nel.
Exceptúanse do anterior aquelas instalacións como son os oleodutos, gasodutos, cables submarinos, emisarios submarinos, e calquera outro tipo de tubaxes ou instalacións de carácter industrial ou de saneamento.
- A presente lei será de aplicación á frota civil española, así como ás plataformas fixas situadas en augas nas cales España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.
Tamén serán de aplicación as disposicións desta lei aos buques civís estranxeiros que se encontren en augas situadas en zonas nas cales España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, coas limitacións que estableza o dereito internacional, en particular no que se refire aos supostos de inmunidade.
- Regulamentariamente estableceranse as especialidades na aplicación desta lei respecto dos buques afectos ao servizo da seguridade pública ou da vixilancia e represión do contrabando.

Artigo 10. *Empresas navieiras.*

Enténdese por empresario ou empresa navieira a persoa física ou xurídica que, utilizando buques mercantes propios ou alleos, se dedique á explotación deles, mesmo cando isto non constitúa a súa actividade principal, baixo calquera modalidade admitida polos usos internacionais.

LIBRO PRIMEIRO

Sistema portuario de titularidade estatal

TÍTULO I

Organización e xestión

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 11. *Competencia da Administración xeral do Estado.*

1. Corresponde á Administración xeral do Estado, en virtude do disposto no artigo 149.1.20 da Constitución, a competencia exclusiva sobre os portos de interese xeral, clasificados de acordo co previsto na presente lei.

2. As comunidades autónomas designarán os órganos de goberno das autoridades portuarias, nos termos establecidos nesta lei, e exercerán as funcións que lles atribúe esta e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 12. *Portos e instalacións xestionadas polo Ministerio de Fomento.*

As competencias que á Administración xeral do Estado corresponden en virtude do sinalado no artigo anterior serán exercidas nos portos e instalacións de carácter civil polo Ministerio de Fomento a través do sistema portuario de titularidade estatal integrado por Portos do Estado e as autoridades portuarias, de acordo co previsto na presente lei e sen prexuízo das competencias que correspondan a outras administracións ou departamentos da Administración xeral do Estado.

Artigo 13. *Xestión.*

Nos termos establecidos nesta lei, corresponde ás autoridades portuarias a xestión dos portos da súa competencia en réxime de autonomía e a Portos do Estado, a coordinación e o control de eficiencia do sistema portuario.

Artigo 14. *Outros portos e instalacións dependentes da Administración xeral do Estado.*

1. Os portos, bases, estacións, arsenais e instalacións navais de carácter militar e zonas militares portuarias quedan fóra do ámbito de aplicación desta lei.

Os espazos de dominio público afectados quedan reservados á Administración xeral do Estado. As competencias propias desta serán exercidas polo Ministerio de Defensa.

2. O Ministerio de Defensa exercerá, así mesmo, as competencias que lle corresponden en virtude do previsto pola lexislación de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional.

Artigo 15. *Reserva de zonas.*

A Administración xeral do Estado poderá reservar para si espazos de dominio público marítimo-terrestre con destino ás instalacións navais e zonas portuarias que sexan precisas para o cumprimento dos fins que a lexislación vixente atribúe á Garda Civil, que quedarán excluídas do ámbito de aplicación desta lei.

CAPÍTULO II

Administración portuaria estatal

Sección 1.^a Organismo público Portos do Estado

Artigo 16. *Denominación e natureza.*

1. O organismo público Portos do Estado constitúe unha entidade das previstas na letra g) do número 1 do artigo 2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, adscrito ao Ministerio de Fomento, que se rexerá pola súa lexislación específica, polas disposicións da Lei xeral orzamentaria que lle sexan de aplicación e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Corresponde ao Ministerio de Fomento aprobar do plan anual de obxectivos de Portos do Estado, establecer o sistema para o seu seguimento e, sen prexuízo doutras competencias, exercer o control de eficiencia da entidade de acordo coa normativa vixente. Regulamentariamente, estableceranse os instrumentos e procedementos oportunos para o exercicio das ditas competencias.

2. O organismo público Portos do Estado, que terá personalidade xurídica e patrimonio propios, así como plena capacidade de obrar, axustará as súas actividades ao ordenamento xurídico privado, incluso nas adquisicións patrimoniais e na contratación, salvo no exercicio das funcións de poder público que o ordenamento lle atribúa.

En materia de contratación, Portos do Estado deberá someterse, en todo caso, aos principios de publicidade, concorrência, salvagarda do interese do ente e homoxeneización do sistema de contratación no sector público, así como, conservando a súa plena autonomía de xestión, ao establecido para o dito organismo público na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e na Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, cando celebre contratos comprendidos no ámbito dunha ou outra. As instrucións reguladoras dos procedementos de contratación, elaboradas ao abeiro do disposto na disposición adicional vixésimo quinta da citada Lei 30/2007, serán aprobadas polo ministro de Fomento, contando co informe previo da Avogacía do Estado, e deberán ser publicadas no Boletín Oficial del Estado.

En canto ao réxime patrimonial, rexerá pola súa lexislación específica e, no non previsto nela, pola lexislación de patrimonio das administracións públicas.

3. Os actos ditados por Portos do Estado no exercicio das súas funcións públicas e, en concreto, en relación coa xestión e utilización do dominio público, a exacción e recadación dos ingresos públicos, e a imposición de sancións, esgotarán a vía administrativa, excepto en materia tributaria, onde serán impugnables en vía económico-administrativa.

4. O asesoramento xurídico, a defensa e a representación en xuízo do organismo público poderán ser encomendados aos avogados do Estado integrados nos servizos xurídicos do Estado, mediante convenio no cal se determinará a compensación económica que se deberá aboar, a cal xerará crédito nos servizos correspondentes do Ministerio de Xustiza.

Artigo 17. *Competencias.*

A Portos do Estado correspóndenlle as seguintes competencias, baixo a dependencia e supervisión do Ministerio de Fomento:

a) A execución da política portuaria do Goberno e a coordinación e o control de eficiencia do sistema portuario de titularidade estatal, nos termos previstos nesta lei.

b) A coordinación xeral cos diferentes órganos da Administración xeral do Estado que establecen controis nos espazos portuarios e cos modos de transporte no ámbito de competencia estatal, desde o punto de vista da actividade portuaria.

c) A formación, a promoción da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en materias vinculadas coa economía, a xestión, a loxística e a enxeñaría portuarias e outras relacionadas coa actividade que se realiza nos portos, así como o desenvolvemento de sistemas de medida e técnicas operacionais en oceanografía e climatoloxía mariñas necesarios para o deseño, explotación e xestión das áreas e as infraestruturas portuarias.

d) A planificación, coordinación e control do sistema de sinalización marítima español, e o fomento da formación, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico nestas materias.

A coordinación en materia de sinalización marítima levarase a cabo a través da Comisión de Faros, cuxa estrutura e funcionamento serán determinados polo Ministerio de Fomento.

Artigo 18. *Funcións.*

1. Para o exercicio das competencias atribuídas polo artigo anterior, corresponden a Portos do Estado as seguintes funcións:

a) Definir os obxectivos do conxunto do sistema portuario estatal, así como os xerais de xestión das autoridades portuarias, a través dos plans de empresa que se acorden con estas, no marco fixado polo Ministerio de Fomento.

Cando unha autoridade portuaria considere necesario establecer uns obxectivos con horizonte temporal superior a catro anos, deberá formular un plan para tal fin, que deberá ser acordado igualmente con Portos do Estado.

b) Exercer o control de eficiencia da xestión e do cumprimento dos obxectivos fixados para cada unha das autoridades portuarias, nos plans de empresa definidos na alínea a) anterior.

c) Aprobar a programación financeira e de investimentos das autoridades portuarias, derivada dos plans de empresa acordados con estas, e a consolidación das súas contabilidades e orzamentos.

d) Propor, de ser o caso, para a súa inclusión nos Orzamentos Xerais do Estado, as achegas que puideren asignarse neles para investimentos en obras e infraestruturas das autoridades portuarias.

e) Emitir informe vinculante sobre os proxectos que presenten características singulares desde o punto de vista técnico ou económico, con carácter previo á súa aprobación polas autoridades portuarias. En todo caso, procederá a emisión de informe vinculante sobre os proxectos de obras cuxo orzamento exceda os 3.000.000 de euros ou estean financiados con fondos procedentes da Unión Europea ou doutros organismos internacionais.

f) Definir os criterios para a aplicación das disposicións xerais en materia de seguridade, de obras e adquisicións e de relacións económicas e comerciais cos usuarios.

As actuacións en materia de seguridade realizaranse en colaboración co Ministerio do Interior e, cando proceda, cos órganos correspondentes das comunidades autónomas competentes para a protección de persoas e bens e para o mantemento da seguridade cidadá.

g) Autorizar a participación das autoridades portuarias en sociedades mercantís e a adquisición ou alleamento das súas accións, cando non concorran os supostos establecidos no artigo 26.1.p), sempre que estas operacións non impliquen a adquisición ou perda da posición maioritaria, caso en que a autorización corresponderá ao Consello de Ministros.

h) Planificar, normalizar, inspeccionar e controlar o funcionamento dos servizos de sinalización marítima e a prestación dos que non se atribúan ás autoridades portuarias.

i) Exercer a representación da Administración xeral do Estado en materia portuaria e de sinalización marítima, en organismos e comisións internacionais, cando non sexa

asumida polo Ministerio de Fomento, sen prexuízo das competencias propias do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

j) Impulsar medidas para a coordinación da política comercial das autoridades portuarias, en especial na súa vertente internacional, dentro do principio de autonomía de xestión dos portos, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

k) Elaborar e someter á aprobación do Ministerio de Fomento, logo dos trámites establecidos no artigo 295, o Regulamento de explotación e policía dos portos, e emitir informe sobre a conformidade das ordenanzas portuarias ao modelo de ordenanzas incluído no dito regulamento.

l) Coordinar e supervisar as actuacións dos diferentes órganos da Administración xeral do Estado con competencias en materia de intermodalidade, loxística e transporte, que se refiran aos portos de interese xeral. En particular, Portos do Estado participará, establecerá e tramitará os convenios de conexión entre as autoridades portuarias e ADIF, para a súa aprobación polo Ministerio de Fomento, e coordinará a súa aplicación e seguimento.

m) Propor políticas de innovación tecnolóxica e de formación para os xestores e responsables no ámbito portuario.

n) Establecer recomendacións en determinadas materias para a fixación de obxectivos e liñas de actuación dos portos de interese xeral, facilitando, así mesmo, o intercambio de información entre estes.

ñ) Elaborar as estatísticas de tráfico e doutras materias de interese para o sistema portuario.

2. En cumprimento destas funcións, Portos do Estado elaborará anualmente un informe relativo á execución da política portuaria, que comprenderá a análise da xestión desenvolvida nos portos de interese xeral, e que remitirá ao Ministerio de Fomento, o cal o elevará ás Cortes Xerais. As autoridades portuarias subministrarán ao dito organismo público a información que lles sexa requirida.

Así mesmo, como consecuencia da dita información, Portos do Estado poderá establecer directrices técnicas, económicas e financeiras para o conxunto do sistema portuario.

Artigo 19. *Recursos económicos de Portos do Estado.*

1. Os recursos económicos de Portos do Estado estarán integrados:

a) Polos produtos e rendas do seu patrimonio, así como os ingresos procedentes do alleamento dos seus activos.

b) Polo catro por cento dos ingresos devengados polas autoridades portuarias en concepto de taxas, que, para efectos contables, se considerará gasto de explotación para estas e se liquidará con periodicidade trimestral.

No caso das autoridades portuarias situadas nos arquipélagos de Balears e Canarias, e en Ceuta e Melilla, esta porcentaxe de achega establécese no dous por cento.

c) Polos ingresos xerados polo exercicio das súas actividades.

d) Polas achegas recibidas do Fondo de Compensación Interportuario.

e) Polos que puideren asignarse nos Orzamentos Xerais do Estado ou nos doutras administracións públicas.

f) Polas axudas e subvencións, calquera que sexa a súa procedencia.

g) Polos procedentes de créditos, préstamos e demais operacións financeiras que poida concertar.

h) Polas doazóns, legados e outras achegas de particulares e entidades privadas.

i) Por calquera outro que sexa atribuído polo ordenamento xurídico.

2. Corresponde a Portos do Estado a xestión e administración dos recursos que se relacionan no número anterior, nun marco de autonomía de xestión, con criterios de eficacia, eficiencia e sustentabilidade ambiental, debéndose axustar aos principios establecidos nesta lei.

Artigo 20. *Órganos reitores.*

Os órganos de goberno e administración de Portos do Estado son o Consello Reitor e o presidente.

Artigo 21. *Consello Reitor: composición e funcións.*

1. O Consello Reitor está integrado polo presidente de Portos do Estado, que o será do Consello, e por un mínimo de doce e un máximo de quince membros designados polo ministro de Fomento.

2. O Consello Reitor designará, por proposta do presidente, un secretario que, de non ser membro do Consello, asistirá ás súas reunións con voz pero sen voto.

3. Os nomeamentos dos membros do Consello Reitor terán unha duración de catro anos renovables, salvo que se produza o seu cesamento.

4. Corresponden ao Consello Reitor as seguintes competencias:

a) Conferir e revogar poderes xerais ou especiais a persoas determinadas, tanto físicas como xurídicas, para os asuntos en que for necesario tal outorgamento.

b) Aprobar a organización do organismo e as súas modificacións, así como as normas internas e as disposicións necesarias para a súa xestión.

c) Establecer as regras de funcionamento do propio Consello Reitor, con suxeición ao establecido no número 5 deste artigo, o seu réxime económico e as funcións do secretario do Consello.

d) Acordar os orzamentos de explotación e de capital do organismo e o seu programa de actuación plurianual.

e) Aprobar as contas anuais, que incluírán o balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, a memoria e a proposta, de ser o caso, da aplicación de resultados, acordando a porcentaxe destes que se destine á constitución de reservas, na cantidade que resulte precisa para a realización de investimentos e para o seu adecuado funcionamento.

f) Autorizar os investimentos e operacións financeiras de Portos do Estado que resulten do seu programa de actuación plurianual, incluídas a constitución e participación en sociedades mercantís.

g) Aprobar aqueles acordos, pactos, convenios e contratos que o propio Consello determine que deben ser da súa competencia en razón da súa importancia ou materia.

h) Acordar o conveniente sobre o exercicio das accións e recursos que correspondan a Portos do Estado en defensa dos seus intereses ante as administracións públicas e os tribunais de xustiza de calquera orde, grao ou xurisdición. En caso de urxencia, esta facultade poderá ser exercida polo presidente, quen dará conta inmediata do actuado ao Consello Reitor na súa primeira reunión.

i) Realizar cantos actos de xestión, disposición e administración do seu patrimonio propio se consideren precisos.

j) Declarar a innecesariedade daqueles bens de dominio público que non sexan precisos para o cumprimento dos fins de Portos do Estado, que serán desafectados polo Ministerio de Fomento.

5. Para que o Consello Reitor poida constituírse validamente será necesario que concorran ás súas reunións o presidente e o secretario, e a metade, cando menos, dos seus membros presentes ou representados. A representación dos membros do Consello só será válida se se confire por escrito, para cada sesión do Consello e en favor doutro membro deste ou do seu presidente.

Os acordos do Consello Reitor serán adoptados por maioría de votos dos presentes ou representados no Consello. Corresponderalle ao presidente dirimir os empates co seu voto de calidade.

Artigo 22. *Presidente: nomeamento e funcións.*

1. O presidente de Portos do Estado será nomeado polo Goberno mediante real decreto, por proposta do ministro de Fomento.

O presidente poderá simultanear o seu cargo co de presidente ou vogal do consello de administración das sociedades participadas polo organismo público, cos requisitos e as limitacións retributivas que derivan da aplicación da lexislación de incompatibilidades.

2. Ao presidente de Portos do Estado correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Representar de modo permanente o organismo público e o seu Consello Reitor en todo tipo de actos ou contratos e fronte a toda persoa física ou xurídica, xa sexa pública ou privada, en xuízo e fóra del.

b) Convocar, fixar a orde do día, presidir e levantar as reunións do Consello Reitor e dirixir as súas deliberacións.

c) Organizar, dirixir, controlar e administrar Portos do Estado e os seus servizos, vixiando o desenvolvemento das actividades encomendadas.

d) Velar polo cumprimento das normas aplicables ao organismo público e pola execución dos acordos tomados polo Consello Reitor.

e) Presentar ao Consello Reitor para a súa aprobación os anteproxectos dos orzamentos e as contas anuais.

f) Dispor os gastos e ordenar os pagamentos correspondentes.

g) Propor ao Consello os obxectivos do conxunto do sistema portuario.

h) Decidir todas aquelas cuestións non reservadas expresamente ao Consello ou a outro órgano da entidade.

i) Exercer as facultades especiais que o Consello lle delegue.

j) As demais facultades que lle atribúa a presente lei.

3. O presidente poderá delegar nos conselleiros determinadas funcións relativas ao Consello Reitor, e as correspondentes ao funcionamento de Portos do Estado nos demais órganos deste, salvo as que exerce por delegación do Consello.

Artigo 23. *Consello Consultivo de Portos do Estado.*

Como órgano de asistencia do organismo público Portos do Estado crearase un Consello Consultivo, que estará integrado polo presidente de Portos do Estado, que o será do Consello, e por un representante de cada autoridade portuaria, que será o seu presidente, quen poderá ser substituído pola persoa que designe o consello de administración da autoridade portuaria de entre os seus demais membros, por proposta do presidente. O Ministerio de Fomento aprobará as normas relativas ao funcionamento deste Consello.

Sección 2.^a Autoridades portuarias

Artigo 24. *Denominación e natureza.*

1. As autoridades portuarias son organismos públicos dos previstos na letra g) do número 1 do artigo 2 da Lei xeral orzamentaria, con personalidade xurídica e patrimonio propios, así como plena capacidade de obrar; dependen do Ministerio de Fomento, a través de Portos do Estado; e réxense pola súa lexislación específica, polas disposicións da Lei xeral orzamentaria que lles sexan de aplicación e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. As autoridades portuarias axustarán as súas actividades ao ordenamento xurídico privado, mesmo nas adquisicións patrimoniais e contratación, salvo no exercicio das funcións de poder público que o ordenamento lles atribúa.

Na contratación, as autoridades portuarias deberán someterse, en todo caso, aos principios de publicidade, concorrencia, salvagarda do interese do organismo e

homoxeneización do sistema de contratación no sector público, así como, conservando a súa plena autonomía de xestión, ao establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e na Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, cando formalicen contratos comprendidos nos seus respectivos ámbitos. As instrucións reguladoras dos procedementos de contratación, elaboradas ao abeiro do disposto na disposición adicional vixésimo quinta da citada Lei 30/2007, do 30 de outubro, serán aprobadas polo ministro de Fomento, co informe previo da Avogacía do Estado, e deberán ser publicadas no Boletín Oficial del Estado.

En canto ao réxime patrimonial, rexeráse pola súa lexislación específica e, no non previsto nela, pola lexislación de patrimonio das administracións públicas.

3. As autoridades portuarias desenvolverán as funcións que se lles asignan nesta lei baixo o principio xeral de autonomía funcional e de xestión, sen prexuízo das facultades atribuídas ao Ministerio de Fomento, a través de Portos do Estado, e das que correspondan ás comunidades autónomas.

4. O Goberno, mediante real decreto, por proposta do ministro de Fomento e logo de informe da comunidade autónoma, poderá agrupar nunha mesma autoridade portuaria a administración, xestión e explotación de varios portos de competencia da Administración xeral do Estado situados no territorio dunha mesma comunidade autónoma para conseguir unha xestión máis eficiente e un maior rendemento do conxunto de medios utilizados. Neste caso, o nome do porto poderá ser substituído por unha referencia que caracterice o conxunto de portos xestionados.

5. Os portos de nova construción serán incluídos, por orde do Ministerio de Fomento, e co informe previo da comunidade autónoma, no ámbito competencial dunha autoridade portuaria xa existente, ou serán xestionados por unha autoridade portuaria creada para o efecto.

6. A creación dunha autoridade portuaria como consecuencia da construción dun novo porto de titularidade estatal realizarase mediante real decreto aprobado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Fomento, oído o Ministerio de Política Territorial e Administración Pública e logo de informe da comunidade autónoma.

7. Será de aplicación ás autoridades portuarias o previsto no artigo 16.4.

8. Os actos ditados polas autoridades portuarias no exercicio das súas funcións públicas e, en concreto, en relación coa xestión e utilización do dominio público, a exacción e recadación de taxas e a imposición de sancións, esgotarán a vía administrativa, excepto en materia tributaria, onde serán susceptibles de recurso en vía económico-administrativa.

Artigo 25. *Competencias.*

Corresponden ás autoridades portuarias as seguintes competencias:

a) A prestación dos servizos xerais, así como a xestión e control dos servizos portuarios para lograr que se desenvolvan en condicións óptimas de eficacia, economía, produtividade e seguridade, sen prexuízo da competencia doutros organismos.

b) A ordenación da zona de servizo do porto e dos usos portuarios, en coordinación coas administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

c) A planificación, proxecto, construción, conservación e explotación das obras e servizos do porto, e o dos sinais marítimos que teñan encomendados, con suxeición ao establecido nesta lei.

d) A xestión do dominio público portuario e de sinais marítimos que lles sexa adscrito.

e) A optimización da xestión económica e a rendibilización do patrimonio e dos recursos que teñan asignados.

f) O fomento das actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico marítimo ou portuario.

- g) A coordinación das operacións dos distintos modos de transporte no espazo portuario.
- h) A ordenación e coordinación do tráfico portuario, tanto marítimo como terrestre.

Artigo 26. *Funcións.*

1. Para o exercicio das competencias de xestión atribuídas polo artigo anterior, as autoridades portuarias terán as seguintes funcións:

- a) Aprobar os proxectos de orzamentos de explotación e capital da autoridade portuaria e o seu programa de actuación plurianual.
- b) Xestionar os servizos xerais e os de sinalización marítima, autorizar e controlar os servizos portuarios e as operacións e actividades que requiran a súa autorización ou concesión.
- c) Coordinar a actuación dos diferentes órganos da Administración e entidades participadas por ela que exercen as súas actividades no ámbito do porto, agás cando esta función estea atribuída expresamente a outras autoridades.
- d) Ordenar os usos da zona de servizo do porto, e planificar e programar o seu desenvolvemento, de acordo cos instrumentos de ordenación do territorio e de planificación urbanística aprobados.
- e) Redactar e formular os plans especiais de ordenación da zona de servizo do porto, en desenvolvemento do planeamento xeral urbanístico.
- f) Proxectar e construír as obras necesarias no marco dos plans e programas aprobados.
- g) Elaborar, de ser o caso, os plans de obxectivos de horizonte temporal superior a catro anos, de acordo co establecido no artigo 18.1.a).
- h) Aprobar os proxectos de investimento que estean incluídos na programación aprobada, así como o gasto correspondente aos ditos investimentos, e contratar a súa execución.
- i) Emitir informe sobre o proxecto de regulamento de explotación e policía dos portos, e elaborar e aprobar as correspondentes ordenanzas portuarias cos trámites e requisitos establecidos no artigo 295, así como velar polo seu cumprimento.
- j) Controlar no ámbito portuario o cumprimento da normativa que afecte a admisión, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas, o mesmo que os sistemas de seguridade e de protección ante accións terroristas e antisociais, contra incendios e de prevención e control de emerxencias nos termos establecidos pola normativa sobre protección civil, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros órganos das administracións públicas, así como colaborar coas administracións competentes sobre protección civil, prevención e extinción de incendios, salvamento e loita contra a contaminación.
- k) Aprobar libremente as tarifas polos servizos comerciais que presten, así como proceder á súa aplicación e recadación.
- l) Outorgar as concesións e autorizacións e elaborar e manter actualizados os censos e rexistros de usos do dominio público portuario, así como outorgar as licenzas de prestación de servizos portuarios na zona de servizo do porto.
- m) Recadar as taxas polas concesións e autorizacións outorgadas, vixiar o cumprimento das cláusulas e condicións impostas no acto de outorgamento, aplicar o réxime sancionador e adoptar cantas medidas sexan necesarias para a protección e adecuada xestión do dominio público portuario.
- n) Impulsar a formación do seu persoal e desenvolver estudos e investigacións en materias relacionadas coa actividade portuaria e a protección do ambiente, así como colaborar niso con outros portos, organizacións ou empresas, xa sexan nacionais ou estranxeiras.
- ñ) Inspeccionar o funcionamento dos sinais marítimos cuxo control se lles asigne, nos portos de competencia das comunidades autónomas, denunciando a estas, como

responsables do seu funcionamento e mantemento, os problemas detectados para a súa corrección.

o) Xestionar a súa política comercial internacional, sen prexuízo das competencias propias dos ministerios de Economía e Facenda e de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

p) Autorizar a participación da autoridade portuaria en sociedades, e a adquisición e alleamento das súas accións, cando o conxunto de compromisos contraídos non supere o 1 por cento do activo non corrente neto da autoridade portuaria e sempre que estas operacións non impliquen a adquisición ou perda da posición maioritaria.

O acordo do consello de administración deberá contar cos votos favorables da maioría dos representantes da Administración xeral do Estado presentes ou representados. En todo caso, será necesario o voto favorable do representante de Portos do Estado.

q) A instalación e o mantemento da sinalización, balizamento e outras axudas á navegación que sirvan de aproximación e acceso do buque ao porto ou portos que xestionen, así como o balizamento interior das zonas comúns. Exclúese deste servizo a instalación e o mantemento da sinalización, balizamento e outras axudas á navegación das instalacións outorgadas en concesión ou autorización, incluídas as destinadas a cultivos mariños e emisarios submarinos, ou doutras instalacións situadas no medio mariño susceptibles de poder representar un obstáculo á navegación, que serán realizados polo titular ou responsable delas.

r) Promover que as infraestruturas e servizos portuarios respondan a unha adecuada intermodalidade marítimo-terrestre, por medio dunha rede viaria e ferroviaria eficiente e segura, conectada adecuadamente co resto do sistema de transporte e cos nodos lóxicos que poidan ser considerados de interese xeral.

s) Administrar as infraestruturas ferroviarias da súa titularidade, favorecendo unha adecuada intermodalidade marítimo-ferroviaria.

t) Recadar a información relativa aos servizos que se presten e ás actividades que se desenvolvan na zona de servizo dos portos que xestionen.

2. Do exercicio das funcións en materia de planificación, proxecto e construción de obras, xestión do dominio público mediante o outorgamento de concesións e autorizacións e a regulación e control do tráfico portuario, o fomento das actividades industriais e comerciais relacionadas con aquel, as tarifas e a súa aplicación e a coordinación das operacións dos distintos modos de transporte no espazo portuario, as autoridades portuarias deberán subministrar a Portos do Estado a información que lles solicite.

Artigo 27. *Recursos económicos das autoridades portuarias.*

1. Os recursos económicos das autoridades portuarias estarán integrados:

a) Polos produtos e rendas do seu patrimonio, así como polos ingresos procedentes do alleamento dos seus activos.

b) Polas taxas portuarias, sen prexuízo do establecido no artigo 19.1.b) desta lei.

c) Polos ingresos que teñan o carácter de recursos de dereito privado obtidos no exercicio das súas funcións.

d) Polas achegas recibidas do Fondo de Compensación Interportuario.

e) Polos que puideren asignarse nos Orzamentos Xerais do Estado ou nos doutras administracións públicas.

f) Polas axudas e subvencións, calquera que sexa a súa procedencia.

g) Polos procedentes dos créditos, préstamos e demais operacións financeiras que poidan concertar.

h) Polo produto da aplicación do réxime sancionador.

i) Polas doazóns, legados e outras achegas de particulares e entidades privadas.

j) Por calquera outro que lles sexa atribuído polo ordenamento xurídico.

2. Corresponde ás autoridades portuarias a xestión e administración dos recursos que se relacionan no número anterior, nun marco de autonomía de xestión, con criterios

de eficacia, eficiencia e sustentabilidade ambiental, debendo axustarse aos principios establecidos nesta lei.

Artigo 28. *Ámbito territorial.*

O ámbito territorial de competencia das autoridades portuarias é o comprendido dentro dos límites da zona de servizo do porto e os espazos afectados ao servizo de sinalización marítima cuxa xestión se lles asigne.

Se unha autoridade portuaria xestiona varios portos de competencia da Administración xeral do Estado, o seu ámbito territorial estenderase ás zonas de servizo dos ditos portos e aos espazos afectados ao servizo de sinalización marítima cuxa xestión se lle asigne.

Artigo 29. *Órganos.*

Os órganos das autoridades portuarias son os seguintes:

- a) De goberno: consello de administración e presidente.
- b) De xestión: director.
- c) De asistencia: consello de navegación e porto.

Artigo 30. *Consello de administración: composición, funcións e incompatibilidades.*

1. O consello de administración está integrado polos seguintes membros:

- a) O presidente da entidade, que o será do consello.
- b) Un membro nato, que será o capitán marítimo.
- c) Un número de vogais comprendido entre 10 e 13, excepto para as Illas Canarias e as Balears, en que poderá chegar a 16 vogais, que será establecido polas comunidades autónomas ou polas cidades autónomas de Ceuta e Melilla, e designados por elas.

2. A designación polas comunidades autónomas ou as cidades autónomas de Ceuta e Melilla dos vogais referidos na letra c) do número anterior respectará os seguintes criterios:

a) A Administración xeral do Estado estará representada, ademais de polo capitán marítimo, por tres destes vogais, dos cales un será un avogado do Estado e outro, do organismo público Portos do Estado.

b) A comunidade autónoma estará representada, ademais de polo presidente, por catro vogais.

c) No caso das Illas Canarias, cada Cabido terá un representante e no das Illes Balears, cada Consell terá un representante.

d) Os municipios en cuxo termo está localizada a zona de servizo do porto terán unha representación do 33 por cento do resto dos membros do consello. Cando sexan varios os municipios afectados, a representación corresponderá en primeiro lugar a aquel ou aqueles que dean nome ao porto ou aos portos administrados pola autoridade portuaria, e posteriormente aos demais en proporción á superficie do termo municipal afectada pola zona de servizo.

e) O 66 por cento do resto dos membros do consello serán designados en representación das cámaras de comercio, industria e navegación, organizacións empresariais e sindicais e sectores económicos relevantes no ámbito portuario.

A designación dos vogais deberá facerse necesariamente por proposta das administracións públicas e entidades e organismos representados no consello de administración. No caso da Administración xeral do Estado, a dita proposta será realizada polo presidente do organismo público Portos do Estado.

Os nomeamentos dos vogais do consello de administración a que se refire a letra c) do punto primeiro terán unha duración de catro anos, e serán renovables, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte.

A separación dos vogais do consello será acordada polo órgano competente da comunidade autónoma, por proposta das organizacións, organismos e entidades a que aqueles representen.

3. O consello designará, por proposta do presidente, un secretario, o cal, se non for membro daquel, asistirá ás súas reunións con voz pero sen voto. Tamén formará parte do consello, con voz pero sen voto, o director.

4. No poderán formar parte do consello de administración das autoridades portuarias:

a) Os propietarios, socios, conselleiros, directores, xerentes, cargos de confianza, ou directivos en xeral de sociedades ou empresas que presten servizos ou desenvolvan actividades no porto cuxa concesión, autorización ou contratación sexa competencia ou corresponda subscribir á autoridade portuaria, salvo que exerzan un cargo de representación empresarial electivo de ámbito estatal, autonómico ou local.

b) Todos aqueles que teñan participación ou interese directo en empresas ou entidades que realicen ou teñan presentadas ofertas para a realización no porto de obras e subministracións ou de calquera actividade que xere á autoridade portuaria gastos relevantes, salvo que se trate de entidades ou corporacións de dereito público ou que exerzan un cargo de representación empresarial electivo de ámbito estatal, autonómico ou local.

c) O persoal laboral da autoridade portuaria ou de empresas, entidades ou corporacións que presten os seus servizos no porto, no que se refire aos postos de representación sindical, salvo que exerzan un cargo sindical electivo de ámbito estatal, autonómico ou local.

d) Os que se estean incurso en incompatibilidade, conforme a lexislación aplicable.

e) As persoas que non teñan a condición de cidadán da Unión Europea.

5. Corresponden ao consello de administración as seguintes funcións:

a) Rexer e administrar o porto, sen prexuízo das facultades que lle correspondan ao presidente.

b) Delimitar as funcións e responsabilidades dos seus órganos e conferir e revogar poderes xerais ou especiais a persoas determinadas, tanto físicas como xurídicas, para os asuntos en que for necesario tal outorgamento.

c) Aprobar, por iniciativa do presidente, a organización da entidade e as súas modificacións.

d) Establecer as súas normas de xestión e as súas regras de funcionamento interno, o seu réxime económico e as funcións do secretario.

e) Aprobar os proxectos de orzamentos de explotación e capital da autoridade portuaria e o seu programa de actuación plurianual, así como a súa remisión a Portos do Estado para a súa tramitación.

f) Aprobar as contas anuais, que incluírán o balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, a memoria e a proposta, de ser o caso, da aplicación de resultados, acordando a porcentaxe destes que se destine á constitución de reservas, na cantidade que resulte precisa para a realización de investimentos e para o seu adecuado funcionamento.

g) Autorizar os investimentos e operacións financeiras da entidade, incluídas a constitución e participación en sociedades mercantís, logo de cumprimento dos requisitos legais necesarios.

h) Aprobar os proxectos que supoñan a ocupación de bens e a adquisición de dereitos a que se refire o artigo 61 desta lei, sen prexuízo da aprobación técnica daqueles por un técnico competente.

i) Exercer as facultades de policía que lle atribúe esta lei, e que sexan necesarias para o cumprimento dos seus fins.

j) Fixar os obxectivos de xestión anuais, no marco dos globais que estableza Portos do Estado para o conxunto do sistema.

k) Propor as operacións financeiras de activo ou pasivo cuxa aprobación corresponde a Portos do Estado, dentro do marco dos plans de investimento, de financiamento e de endebedamento que o Goberno e as Cortes Xerais aproben para este organismo público.

l) Autorizar créditos para financiamento do circulante.

m) Fixar as tarifas polos servizos comerciais que preste a autoridade portuaria.

n) Outorgar as concesións e autorizacións, de acordo cos criterios e pregos de condicións xerais que aprobe o Ministerio de Fomento, e recadar as taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario e pola prestación do servizo de sinalización marítima.

ñ) Aprobar aqueles acordos, pactos, convenios e contratos que o propio consello determine que deben ser da súa competencia, en razón da súa importancia ou materia.

o) Acordar o conveniente sobre o exercicio das accións e recursos que correspondan ás autoridades portuarias en defensa dos seus intereses ante as administracións públicas e tribunais de xustiza de calquera orde, grao ou xurisdición. En caso de urxencia, esta facultade poderá ser exercida polo presidente, quen dará conta inmediata do actuado ao consello de administración na súa primeira reunión.

p) Favorecer a libre competencia e velar para que non se produzan situacións de monopolo na prestación dos distintos servizos portuarios.

q) Realizar cantos actos de xestión, disposición e administración do seu patrimonio propio se consideren precisos.

r) Aprobar as ordenanzas do porto, con suxeición ao previsto no artigo 295 desta lei.

s) Exercer as demais funcións da autoridade portuaria establecidas no artigo 26 desta lei non atribuídas a outros órganos de goberno ou de xestión e non sinaladas nas alíneas anteriores.

6. Para que o consello de administración poida constituírse validamente será necesario que concorran ás súas reunións a metade máis un da totalidade dos seus membros presentes ou representados e, en todo caso, o presidente ou vicepresidente e o secretario. A representación dos vogais só poderá conferirse a outros membros do consello por escrito e para cada sesión.

Os acordos do consello de administración serán adoptados por maioría de votos dos membros presentes ou representados. Non obstante, para o nomeamento do director así como para o exercicio das funcións a que se refiren as letras e), f) e g) do número 5 deste artigo, será necesario que os acordos se adopten por maioría absoluta dos membros do consello de administración. O presidente do consello dirimirá os empates co seu voto de calidade.

Artigo 31. *Presidente: nomeamento e funcións.*

1. O presidente da autoridade portuaria será designado e separado polo órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla entre persoas de recoñecida competencia profesional e idoneidade. A designación ou separación, unha vez que fose comunicada ao ministro de Fomento, será publicada no correspondente diario oficial e no Boletín Oficial del Estado.

O presidente poderá simultanear o seu cargo co de presidente ou vogal do consello de administración das sociedades participadas pola autoridade portuaria que preside, cos requisitos e limitacións retributivas que derivan da aplicación da lexislación sobre incompatibilidades.

2. Corresponden ao presidente as seguintes funcións:

a) Representar de modo permanente a autoridade portuaria e o seu consello de administración en todo tipo de actos e contratos e fronte a toda persoa física ou xurídica, xa sexa pública ou privada, en xuízo e fóra del, sen prexuízo das facultades de apoderamento propias do consello de administración.

b) Convocar, fixar a orde do día, presidir e levantar as reunións do consello de administración, dirixindo as súas deliberacións. A convocatoria poderá ter lugar de oficio ou por proposta da quinta parte dos membros do consello de administración.

c) Establecer directrices xerais para a xestión dos servizos da entidade.

d) Velar polo cumprimento das normas aplicables á autoridade portuaria e dos acordos adoptados polo consello de administración.

e) Presentar ao consello de administración o plan de empresa, cos obxectivos de xestión e criterios de actuación da entidade, así como os proxectos de orzamentos, de programa de actuación, investimentos e financiamento e de contas anuais.

f) Dispor os gastos e ordenar, mancomunadamente co director, os pagamentos ou movementos de fondos.

g) Exercer as facultades especiais que o consello de administración lle delegue.

h) As demais facultades que lle atribúe esta lei.

3. Corresponde ao presidente velar polo cumprimento das obrigas que esta lei atribúe ás autoridades portuarias ante Portos do Estado, especialmente en relación ás disposicións e actos cuxa aprobación ou informe corresponde a este, así como a de lle subministrar toda a información de interese para o sistema portuario estatal.

Artigo 32. *Vicepresidente: designación e funcións.*

1. O consello de administración, por proposta do seu presidente, nomeará, de entre os seus membros, un vicepresidente, cargo que non poderá recaer nin no director nin no secretario.

2. O vicepresidente substitúe o presidente en casos de vacante, ausencia ou enfermidade, e poderá exercer, así mesmo, aquelas funcións que nel delegue o presidente ou o consello de administración.

Artigo 33. *Director.*

1. O director será nomeado e separado por maioría absoluta do consello de administración, por proposta do presidente, entre persoas con titulación superior, recoñecido prestixio profesional e experiencia de, cando menos, cinco anos en técnicas e xestión portuaria.

2. Corresponden ao director as seguintes funcións:

a) A dirección e xestión ordinaria da entidade e dos seus servizos, conforme as directrices xerais que reciba dos órganos de goberno da autoridade portuaria, así como a elevación ao presidente da proposta da estrutura orgánica da entidade.

b) A incoación e tramitación dos expedientes administrativos, cando non estea atribuído expresamente a outro órgano, así como a emisión preceptiva de informe acerca das autorizacións e concesións, elaborando os estudos e informes técnicos sobre os proxectos e propostas de actividades que sirvan de base para elas.

c) A elaboración e sometemento ao presidente para a súa consideración e decisión dos obxectivos de xestión e criterios de actuación da entidade, dos anteprojectos de orzamentos, programa de actuacións, investimento, financiamento e contas anuais, así como das necesidades de persoal da entidade.

Artigo 34. *Consello de navegación e porto.*

1. Como órgano de asistencia e información da Capitanía Marítima e do presidente de cada autoridade portuaria, creárase, en cada un dos portos de titularidade estatal, un consello de navegación e porto, no cal poderán estar representadas aquelas persoas físicas ou xurídicas que o soliciten, nas cales, ademais, se aprecie un interese directo e relevante no bo funcionamento do porto, do comercio marítimo ou que poidan contribuír a el de forma eficaz.

Entre outras, poderán estar representadas as seguintes:

- a) As entidades públicas que exerzan competencias e realicen actividades relacionadas co porto.
- b) As corporacións de dereito público e entidades ou organizacións privadas cuxa actividade estea relacionada coas actividades portuarias ou marítimas.
- c) Os sindicatos máis representativos nos sectores marítimo e portuario no ámbito territorial da autoridade portuaria.

2. A forma de designación e cesamento dos seus membros e o réxime das súas sesións serán determinados polos consellos de administración das correspondentes autoridades portuarias.

Artigo 35. Impugnación e revisión de oficio de acordos dos órganos de goberno das autoridades portuarias.

1. Os acordos que adopten os órganos de goberno das autoridades portuarias ou as omisións daqueles que sexan contrarios ao previsto no plan de empresa, aprobado consonte o previsto no artigo 52, ou que incorran en calquera outra infracción do previsto nesta lei, poderán ser impugnados ante o ministro de Fomento, no prazo dun mes, computado desde que se teña coñecemento do seu contido. Este recurso rexerese polo establecido para o recurso de alzada no capítulo II do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Están lexitimados para interpor o citado recurso a comunidade autónoma en que estea localizada a autoridade portuaria e Portos do Estado, oídas, de ser o caso, as organizacións empresariais ou sindicais interesadas, que sexan relevantes no ámbito portuario estatal. Nos recursos presentados por Portos do Estado será preceptivo o informe previo da comunidade autónoma en que estea localizada a autoridade portuaria. Así mesmo, solicitarase informe de Portos do Estado cando o recurso sexa interposto por unha comunidade autónoma.

2. O recurso a que se refire o número anterior enténdese sen prexuízo das facultades de revisión de oficio reguladas no capítulo I do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 217 e 218 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que se exercerán de acordo coas seguintes regras:

a) Con carácter xeral, os procedementos poderán iniciarse por acordo do órgano que ditou o acto, de oficio ou por instancia de persoa interesada, ou por orde do ministro de Fomento, de oficio ou por petición razoada do Consello Reitor de Portos do Estado. A súa tramitación corresponde ao Ministerio de Fomento ou ao órgano en que delegue.

b) Nos supostos de actos ditados en materia tributaria, os procedementos poderán iniciarse por acordo do órgano que ditou o acto, de oficio ou por instancia de persoa interesada, ou por orde do ministro de Fomento, de oficio ou por petición razoada do Consello Reitor de Portos do Estado. O órgano competente para a súa tramitación será o Ministerio de Fomento.

c) Nos supostos previstos nas alíneas a) e b) anteriores, o órgano que ditou o acto obxecto do procedemento deberá emitir, no prazo de dez días, unha copia cotexada do expediente, así como un informe dos antecedentes que sexan relevantes para resolver, ao órgano competente para tramitar.

d) Nos procedementos previstos na letra a) anterior será competente para resolver sobre a revisión o Ministerio de Fomento ou o órgano en que este delegue.

e) A resolución dos procedementos de revisión previstos na letra b) anterior corresponderá ao Ministerio de Facenda ou ao órgano en que delegue, segundo o disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións ditadas en desenvolvemento e aplicación dela.

f) Iniciado calquera procedemento de revisión de oficio, Portos do Estado poderá solicitar motivadamente ao órgano competente para a resolución do procedemento a

suspensión da execución do acto, cando esta poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

TÍTULO II

Réxime orzamentario, tributario, patrimonial, de funcionamento e control

CAPÍTULO I

Réxime orzamentario

Artigo 36. *Réxime xurídico.*

Portos do Estado e as autoridades portuarias rexeranse en materia orzamentaria polo disposto nesta lei e nas disposicións da Lei xeral orzamentaria que lles resulten de aplicación.

Artigo 37. *Orzamentos e programas consolidados.*

1. Portos do Estado elaborará anualmente, de acordo co disposto nos artigos 64 e 65 da Lei xeral orzamentaria, os orzamentos de explotación e de capital e o programa de actuación plurianual consolidados do sistema portuario de titularidade estatal, os cales, unha vez aprobados polo Consello Reitor de Portos do Estado, serán remitidos ao Ministerio de Fomento para a súa tramitación na forma establecida no artigo 66 da citada lei e a súa integración nos Orzamentos Xerais do Estado.

Os orzamentos e o programa de actuación consolidados do sistema portuario de titularidade estatal integrarán os orzamentos e programas individuais das autoridades portuarias e do organismo público Portos do Estado, e deberán suxeitarse ás disposicións que, de ser o caso, sexan de aplicación do Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, así como aos criterios e directrices da política orzamentaria do Goberno. Para esta consolidación respectaranse integramente os plans de empresa aprobados para cada autoridade portuaria.

2. As variacións dos orzamentos de explotación e capital consolidados axustaranse ao previsto no artigo 67.2 da Lei xeral orzamentaria, e tramitaranse por proposta de Portos do Estado.

Cando non concorran as previsións a que se refire o dito artigo, as modificacións do orzamento de explotación ou do orzamento de adquisicións de inmovilizado que incrementen as contías totais dos ditos orzamentos consolidados serán aprobadas polo ministro de Fomento, por proposta de Portos do Estado. Nos demais casos, a variación das dotacións orzamentarias será autorizada por Portos do Estado.

Artigo 38. *Orzamentos e programas individuais.*

1. As autoridades portuarias aprobarán cada ano os proxectos de orzamentos de explotación e capital e de programa de actuación plurianual individuais, que se axustarán ás previsións económico-financeiras e á programación financeira e de investimentos acordadas con Portos do Estado no marco dos respectivos plans de empresa.

Na elaboración dos ditos proxectos as autoridades portuarias deberán suxeitarse aos obxectivos xerais que estableza Portos do Estado. Os ditos proxectos serán remitidos a Portos do Estado para a súa aprobación con carácter previo e integración, xunto cos individuais de Portos do Estado, nos orzamentos e programas consolidados.

O Ministerio de Economía e Facenda establecerá a información complementaria que, xunto aos ditos proxectos, deberá ser tramitada á Dirección Xeral de Orzamentos.

2. Cando a nivel consolidado non concorran as previsións a que se refire o artigo 67.2 da Lei xeral orzamentaria, serán aprobadas polos consellos de administración das autoridades portuarias ou polo Consello Reitor de Portos do Estado, segundo

corresponda, as modificacións internas dos orzamentos individuais de explotación ou capital que non incrementen as súas respectivas contías totais. Destas modificacións será informado Portos do Estado.

Non obstante, cando as modificacións internas representen incremento dos gastos de persoal ou afecten a programación de investimentos, deberán ser aprobadas por Portos do Estado.

As modificacións dos orzamentos individuais dos organismos públicos portuarios por reasignacións de dotacións orzamentarias entre eles que non incrementen a contía total dos orzamentos consolidados serán aprobadas por Portos do Estado.

CAPÍTULO II

Réxime contable

Artigo 39. *Réxime contable.*

1. Os organismos públicos portuarios axustarán a súa contabilidade ás disposicións do Código de comercio, ás do Plan xeral de contabilidade e ás demais que sexan de aplicación.

Para garantir a necesaria homoxeneidade contable, no marco da normativa prevista no parágrafo anterior, Portos do Estado establecerá directrices relativas aos criterios valorativos, así como á estrutura e normas de elaboración das contas anuais, que deberán ser aplicados polas autoridades portuarias.

2. O exercicio social computarase por períodos anuais, comezando o día 1 do mes de xaneiro de cada ano.

3. As contas anuais, co contido determinado polo Plan xeral de contabilidade vixente, deberán ser formuladas, segundo o caso, polo presidente da autoridade portuaria ou de Portos do Estado, no prazo de tres meses desde o cerramento do exercicio económico e, unha vez auditadas pola Intervención Xeral da Administración xeral do Estado, serán aprobadas, segundo o caso, polos respectivos consellos de administración das autoridades portuarias ou polo Consello Reitor de Portos do Estado. A aprobación deberá producirse antes de finalizar o primeiro semestre do seguinte ano.

Os resultados de cada exercicio, positivos ou negativos, aplicaranse ás correspondentes contas de resultados acumulados integrantes dos fondos propios do organismo, e destinaranse ás funcións previstas na lei para este.

4. Portos do Estado elaborará anualmente unha memoria, balance, conta de perdas e ganancias, estado de fluxos de efectivo e estado de cambios no patrimonio neto agregados do sistema portuario de titularidade estatal, que se incluírán no informe relativo á execución da política portuaria que se eleve anualmente ás Cortes Xerais. O dito informe incorporará como anexo os mesmos datos de cada autoridade portuaria.

CAPÍTULO III

Réxime de fiscalización e control

Artigo 40. *Réxime de fiscalización e control.*

1. O réxime de control das actividades económicas e financeiras dos organismos públicos portuarios será exercido, de conformidade co establecido no artigo 140 da Lei xeral orzamentaria, pola Intervención Xeral da Administración do Estado e o Tribunal de Contas.

2. As autoridades portuarias e Portos do Estado estarán sometidas á obriga de render contas das súas operacións ante o Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado. As ditas contas formaranse e renderanse de acordo cos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan xeral de contabilidade vixente para a empresa española e disposicións que o desenvolvan.

Serán contadantes os presidentes das autoridades portuarias e de Portos do Estado, que serán responsables da información contable e da rendición das contas, debidamente autorizadas, nos prazos fixados para o efecto.

3. Sen prexuízo do disposto na Lei xeral orzamentaria e conforme o establecido no artigo 18.1.b) desta lei, o control de obxectivos previsto na Lei xeral orzamentaria será competencia de Portos do Estado respecto das autoridades portuarias, e da Intervención Xeral da Administración do Estado e do Ministerio de Fomento respecto de Portos do Estado.

4. Portos do Estado exercerá sobre o sistema portuario, a través dos correspondentes plans de control, a función de control interno co obxecto de analizar a seguridade dos activos, a fiabilidade da información financeira e o cumprimento das leis e normas aplicables.

5. Os informes de control serán elevados polos presidentes das autoridades portuarias aos respectivos consellos de administración, e polo de Portos do Estado ao Consello Reitor, xunto coa proposta de medidas que, de ser o caso, proceda adoptar. O presidente de Portos do Estado elevará ao Ministerio de Fomento todos os informes de control realizados sobre os organismos públicos portuarios.

6. Portos do Estado acordará coas autoridades portuarias a adopción das medidas correctoras das deficiencias que se detecten nos informes de control, realizando o seguimento periódico do seu cumprimento, e informará da súa adaptación os distintos órganos de control.

CAPÍTULO IV

Réxime tributario

Artigo 41. *Réxime tributario.*

As autoridades portuarias e Portos do Estado quedan sometidas ao mesmo réxime tributario que corresponde ao Estado, sen prexuízo da aplicación ás ditas entidades do réxime de entidades parcialmente exentas no imposto sobre sociedades, para cuxo efecto os ingresos pola prestación de servizos comerciais terán a consideración de ingresos procedentes de explotacións económicas.

O réxime tributario do dominio público portuario será o mesmo que o establecido para o dominio público marítimo-terrestre.

CAPÍTULO V

Réxime patrimonial

Artigo 42. *Patrimonio propio dos organismos portuarios.*

Para o cumprimento dos fins que lles son propios, as autoridades portuarias e Portos do Estado terán un patrimonio propio, formado polo conxunto dos bens e dereitos que o Estado lles atribúa como propios, os que adquiren no futuro por calquera título ou lles sexan cedidos ou doados por calquera persoa ou entidade.

Artigo 43. *Adscrición, adquisición e afectación de bens aos organismos públicos portuarios.*

1. Os bens patrimoniais do Estado que se adscriban aos organismos públicos portuarios e estean afectados ao seu servizo conservarán a súa cualificación xurídica orixinaria, e deberán ser utilizados exclusivamente para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación ou adscrición.

Os organismos públicos portuarios poderán exercer en calquera momento respecto destes bens as facultades de administración, defensa, policía, investigación,

deslindamento e recuperación posesoria que outorga á Administración do Estado a lexislación de costas.

2. O cambio de afectación de bens de dominio público estatal a favor dos organismos públicos portuarios, así como a adscripción de novos bens patrimoniais, será efectuado singularmente polo Ministerio de Economía e Facenda, por proposta do Ministerio de Fomento, salvo cando estes novos bens procedan da execución por parte dos ditos organismos de novas obras e instalacións ou sexan adquiridos no desenvolvemento das súas actividades, ou mediante a aprobación da delimitación dos espazos e usos portuarios de conformidade co previsto no artigo 69 desta lei.

Artigo 44. *Desafectación de bens de dominio público adscritos ás autoridades portuarias.*

1. Os bens de dominio público portuario que resulten innecesarios para o cumprimento de fins deste carácter poderán ser desafectados polo ministro de Fomento, por proposta de Portos do Estado, logo de declaración de innecesiedade polo consello de administración da autoridade portuaria e informe da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar sobre as características físicas dos ditos bens, para efectos da protección e defensa do dominio público marítimo-terrestre. Os bens desafectados incorporaranse ao patrimonio da autoridade portuaria, a cal poderá proceder ao seu alleamento, permuta ou, de ser o caso, cesión gratuíta, logo de comunicación á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado. Cando o valor venal do ben, determinado mediante taxación independente, sexa superior a 3.000.000 de euros e non exceda os 18.000.000 de euros, o seu alleamento e as condicións deste deberán ser autorizados, ademais, por Portos do Estado, e polo Goberno cando supere esta última cantidade.

Só se admitirá a cesión gratuíta dos bens desafectados a favor das administracións públicas e para fins de utilidade pública ou interese social. Se os bens cedidos non foren destinados ao uso previsto, ou deixaren de selo posteriormente, considerarase resolta a cesión e reverterán aqueles á autoridade portuaria, tendo dereito a percibir o valor dos detrimentos ou deterioracións experimentados. A cesión deberá ser autorizada por Portos do Estado, contando co informe previo da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, que terá carácter vinculante e se entenderá en sentido favorable se transcorre o prazo dun mes sen que sexa emitido de forma expresa. Exceptúase o caso de que o valor do ben exceda os 18.000.000 de euros, caso en que deberá ser autorizada polo Goberno.

No caso de que os bens declarados innecesarios conserven as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre, dos definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, o ministro de Fomento declarará a súa incorporación automática ao uso propio do dominio público marítimo-terrestre regulado pola dita lei.

Non obstante, cando deban adoptarse medidas ambientais correctoras sobre os referidos bens, estas serán acordadas entre o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e o Ministerio de Fomento, e incorporaranse á orde do ministro de Fomento. No caso de que as ditas medidas resulten necesarias como consecuencia dos efectos que producise a xestión portuaria sobre o dominio público desafectado, a incorporación dos ditos bens non se entenderá efectuada ata que a autoridade portuaria as executase. Noutro caso, a orde precisará a participación de cada departamento ministerial na execución destas medidas.

A orde do ministro de Fomento que acorde a desafectación comportará a rectificación da delimitación da zona de servizo do porto contida na delimitación de espazos e usos portuarios e comunicarse ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para os efectos previstos no parágrafo anterior.

2. Os consellos de administración das autoridades portuarias e o Consello Reitor de Portos do Estado, sen necesidade de expresa declaración de desafectación do servizo, poderán acordar o desmantelamento e, de ser o caso, o alleamento de materiais inservibles e de instalacións non fixas, así como o alleamento de bens mobles de calquera natureza.

3. O produto obtido dos alleamentos destinarase ao financiamento das adquisicións de inmovilizado previstas no plan de investimentos.

Artigo 45. *Desafectación de bens de dominio público adscritos a Portos do Estado.*

1. Os bens de dominio público de Portos do Estado que non sexan precisos para o cumprimento dos seus fins serán desafectados polo ministro de Fomento, logo de declaración de innecesariedade polo Consello Reitor de Portos do Estado, e incorporados ao patrimonio deste, o cal poderá proceder ao seu alleamento, permuta ou, de ser o caso, cesión gratuíta. Cando o valor venal do ben, determinado mediante taxación independente, sexa superior a 18.000.000 de euros, o seu alleamento e as condicións deste deberán ser autorizadas, ademais, polo Goberno por proposta do ministro de Fomento.

2. A cesión gratuíta rexerese polos mesmos presupostos previstos no artigo anterior e deberá ser autorizada polo ministro de Fomento, contando co informe previo da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, que terá carácter vinculante e se entenderá en sentido favorable se transcorre o prazo dun mes sen que se emitise de forma expresa. Excepciónase o caso de que o valor do ben exceda os 18.000.000 de euros, caso en que deberá ser autorizada polo Goberno.

Artigo 46. *Participación en sociedades e outras entidades.*

1. Portos do Estado e as autoridades portuarias poderán participar unicamente en sociedades cuxo obxecto e actividade fundamental estean ligados ao desenvolvemento de actividades portuarias, así como loxísticas, de transporte e tecnolóxicas que promovan de forma directa a competitividade dos portos e os tráfico portuarios. En ningún caso poderán participar en sociedades que presten servizos portuarios ou en sociedades que teñan influencia efectiva naquelas, salvo nos casos de ausencia ou insuficiencia da iniciativa privada de acordo co previsto no artigo 109 desta lei. Tampouco poderán participar en sociedades que, directa ou indirectamente, sexan titulares dunha concesión de dominio público portuario sobre a cal se presten ou se poidan prestar servizos portuarios.

A adquisición ou alleamento de accións de sociedades en que participe Portos do Estado deberá ser autorizada polo seu Consello Reitor cando estas operacións non impliquen a adquisición ou perda da posición maioritaria.

A adquisición ou alleamento de accións de sociedades en que participe a autoridade portuaria deberá ser autorizada polo seu consello de administración, co informe favorable previo de Portos do Estado cando o conxunto de compromisos contraídos na dita sociedade non supere o 1 por cento do activo non corrente neto da autoridade portuaria e sempre que estas operacións non impliquen a adquisición ou perda da posición maioritaria.

Cando o conxunto dos compromisos contraídos na dita sociedade poida superar o 1 por cento do activo non corrente neto da autoridade portuaria, a adquisición requirirá a autorización previa de Portos do Estado.

Cando a adquisición ou o alleamento de accións de sociedades implique a adquisición ou a perda da posición maioritaria dalgún dos organismos ou do sistema portuario estatal, a autorización corresponderá ao Consello de Ministros, por proposta do ministro de Fomento.

2. Deberán ser aprobadas polo Consello Reitor de Portos do Estado ou polo consello de administración da autoridade portuaria, co informe favorable previo de Portos do Estado, as operacións de adquisición ou alleamento de accións de terceiras sociedades que realicen as sociedades participadas nas que Portos do Estado ou a autoridade portuaria, respectivamente, posúan individualmente ou de forma conxunta unha posición dominante.

Para os únicos efectos de determinación da existencia de posición dominante, observarase o disposto pola normativa mercantil en relación cos grupos de sociedades e a formulación de contas anuais consolidadas.

3. A participación de Portos do Estado ou das súas sociedades dominadas en fundacións ou consorcios deberá ser aprobada polo Consello Reitor.

A participación da autoridade portuaria ou das súas sociedades dominadas en fundacións ou consorcios deberá ser aprobada polo consello de administración, contando co previo informe favorable de Portos do Estado.

A creación de fundacións do sector público estatal e a adquisición da posición maioritaria polos organismos portuarios na dotación fundacional requirirá autorización do Consello de Ministros.

CAPÍTULO VI

Réxime dos recursos humanos

Artigo 47. *Réxime de persoal.*

1. O persoal dos organismos públicos portuarios quedará vinculado, con carácter xeral, á súa entidade respectiva por unha relación suxeita ás normas de dereito laboral que lle sexan de aplicación, sen prexuízo de que, para as actividades en que proceda, poida suxeitarse ás normas de dereito civil ou mercantil.

2. As autoridades portuarias e Portos do Estado deberán axustar a súa política de recursos humanos aos principios, criterios e disposicións da política económica e orzamentaria do Goberno en materia de persoal ao servizo do sector público estatal, así como aos criterios de actuación e obxectivos xerais establecidos no marco estratéxico.

As competencias de control en materia de persoal que correspondan aos ministerios de Economía e Facenda e de Política Territorial e Administración Pública serán execidas, de forma agregada para o sistema portuario, a través de Portos do Estado.

3. O réxime de incompatibilidades do persoal dos organismos públicos portuarios axustarase ao establecido con carácter xeral para o persoal dos organismos públicos.

Artigo 48. *Retribucións do persoal.*

1. As autoridades portuarias e Portos do Estado proporán, para o conxunto do sistema portuario, os criterios xerais das retribucións dos directores e do persoal técnico non sometido a convenio, así como os criterios xerais que rexerán a negociación colectiva do persoal suxeito a convenio, consonte o disposto nas correspondentes leis de orzamentos para o persoal do sector público estatal.

2. A masa salarial agregada anual será aprobada polos órganos competentes de acordo co que se estableza nas leis orzamentarias para o persoal ao servizo do sector público estatal, incluíndo, de ser o caso, as dotacións que puideren derivar da modificación do contido dos postos de traballo, as variacións nas estruturas de persoal dos organismos públicos portuarios, a modificación das condicións de traballo, así como do grao de consecución de obxectivos e a evolución das ratios de xestión do sistema, que tamén serán asignadas de forma agregada para todo o sistema.

3. As autoridades portuarias e Portos do Estado negociarán un convenio colectivo que regule as relacións laborais do persoal non directivo nin técnico do conxunto do sistema portuario. No ámbito de cada organismo público portuario negociarase un acordo de empresa en materia de produtividade e outros aspectos específicos que lle sexan asignados polo convenio colectivo. Este acordo terá carácter normativo e a súa vixencia será, como máximo, a do convenio colectivo.

4. As masas salariais para cada organismo público portuario serán acordadas, dentro do agregado do sistema, no correspondente plan de empresa, a través da aplicación do convenio colectivo, e a aprobación do acordo de empresa correspondente ao exercicio en curso, tomando en consideración, especialmente para os conceptos variables de rendemento e produtividade, a evolución das súas ratios de xestión, en particular os correspondentes ao importe neto da cifra de negocios e os resultados do exercicio sobre cadro de persoal medio, así como á adopción de sistemas de xestión e administración da entidade que conduzan á consecución dos obxectivos fixados nos

instrumentos de planificación e, en especial, a redución sustentable dos custos e conseguinte mellora dos seus resultados de explotación.

Artigo 49. *Estrutura de persoal.*

1. A estrutura de persoal dos organismos públicos portuarios responderá aos criterios de actuación, aos obxectivos xerais de xestión, e ás necesidades de recursos humanos do conxunto do sistema portuario fixados no marco estratéxico.

2. A estrutura de persoal agregada do sistema portuario, a de cada autoridade portuaria e a súa evolución plurianual, así como a oferta anual de emprego, serán aprobadas por Portos do Estado, e serán obxecto, de ser o caso, de revisión anual.

3. Corresponde a Portos do Estado a coordinación da política de contratación tanto temporal como fixa no conxunto do sistema portuario e a distribución da oferta anual de emprego.

Artigo 50. *Selección de persoal.*

A selección do persoal realizarase de acordo con sistemas baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade e mediante convocatoria pública. Esta última non será de aplicación para o persoal directivo e de confianza. Portos do Estado elaborará directrices e procedementos en materia de selección do persoal que garantan os ditos principios, incluíndo os requisitos de titulación exixible para o persoal excluído de convenio.

Artigo 51. *Funcións dos organismos públicos portuarios.*

Corresponden ao Consello Reitor de Portos do Estado e ao consello de administración das autoridades portuarias, nos termos previstos nesta lei, as seguintes facultades en relación co persoal do organismo:

a) Aprobar, por iniciativa do presidente, a organización da entidade e as súas modificacións.

b) Nomear e separar o persoal directivo da entidade e aprobar o seu réxime retributivo, por proposta do presidente.

c) Definir as necesidades do persoal da entidade, así como as súas modificacións, aprobar o seu réxime retributivo, contratar aquel e cantos actos sexan necesarios para este fin.

TÍTULO III

Réxime de planificación e construción dos portos de interese xeral

CAPÍTULO I

Planificación

Artigo 52. *Instrumentos de planificación.*

1. De acordo coa política económica e de transportes do Goberno, o Ministerio de Fomento aprobará o modelo de desenvolvemento estratéxico, os criterios de actuación, así como os obxectivos xerais de xestión técnicos, económicos, financeiros e de recursos humanos do conxunto do sistema portuario estatal. Para tal fin, Portos do Estado, en colaboración coas autoridades portuarias, elaborará o Marco estratéxico do sistema portuario de interese xeral, que será ratificado polo Consello Reitor e remitido ao ministro de Fomento para a súa aprobación.

2. Portos do Estado e as autoridades portuarias deberán suxeitarse aos obxectivos xerais incluídos no Marco estratéxico do sistema portuario de interese xeral, que será

executado a través dos plans de empresa e poderá ser desenvolvido por medio de plans estratéxicos e plans directores de infraestruturas.

3. As autoridades portuarias elaborarán os proxectos dos plans directores de infraestruturas e de empresa, cuxo contido será acordado con Portos do Estado. No caso de que non se alcance acordo, corresponderá ao ministro de Fomento resolver a discrepancia.

Unha vez acordados, os ditos plans serán aprobados ou ratificados polo Consello Reitor de Portos do Estado e polo consello de administración da autoridade portuaria.

A modificación destes plans requirirá o mesmo procedemento establecido nos números anteriores.

4. A través dos instrumentos de planificación previstos nesta lei deberán favorecer as medidas encamiñadas a promover a competencia na prestación dos servizos portuarios.

5. As comunidades autónomas poderán transmitir ao organismo público Portos do Estado un resumo dos obxectivos de desenvolvemento rexional establecidos pola comunidade autónoma que poidan ter incidencia na actividade portuaria, co obxecto de que a dita información poida ser tomada en consideración á hora da definición dos obxectivos do conxunto do sistema portuario estatal, e das autoridades portuarias, de acordo cos mecanismos previstos nesta lei. Para este efecto, Portos do Estado daralles traslado das propostas dos diferentes plans das autoridades portuarias localizadas no seu ámbito territorial.

Artigo 53. *Plan estratéxico da autoridade portuaria.*

1. Co fin de establecer o modelo de desenvolvemento e a posición estratéxica da autoridade portuaria, esta poderá elaborar un plan estratéxico que abranga os portos da súa competencia, que incluíra, cando menos, unha análise e diagnóstico da situación actual, a definición das liñas e obxectivos estratéxicos, os criterios de actuación e o plan de acción.

2. O plan estratéxico, de ser o caso, deberá actualizarse sempre que se aprobe un novo marco estratéxico do sistema portuario ou se produzan cambios substanciais que condicionen ou alteren o seu contido.

Artigo 54. *Plan director de infraestruturas do porto.*

1. A construción dun novo porto de titularidade estatal, a ampliación ou realización de novas obras de infraestrutura dun existente que supoñan unha modificación significativa dos seus límites físicos exteriores no lado marítimo, requirirá a previa aprobación dun plan director de infraestruturas do porto que teña en conta a nova configuración.

Para estes efectos, entenderase por límite físico exterior no lado marítimo o definido pola zona I das augas portuarias.

O proxecto de plan director de infraestruturas será elaborado pola autoridade portuaria e incluíra: a avaliación da situación inicial do porto no momento de redacción do plan director, a definición das necesidades de desenvolvemento do porto cun horizonte temporal de, cando menos, 10 anos, a determinación das distintas alternativas de desenvolvemento, a análise de cada unha delas e a selección da máis adecuada, a memoria ambiental no caso de que o plan deba ser sometido a avaliación ambiental estratéxica, a previsión de tráfico, capacidade de infraestruturas e instalacións e o seu grao de utilización en cada unha das fases de desenvolvemento, a valoración económica dos investimentos e os recursos, a análise financeira e de rendibilidade e a definición da rede viaria e ferroviaria da zona de servizo, en coherencia cos accesos terrestres actuais e previstos.

A aprobación do plan director de infraestruturas que teña como obxecto a construción dun novo porto corresponderá ao ministro de Fomento, por proposta de Portos do Estado.

2. Con carácter previo á súa aprobación e unha vez realizada pola autoridade portuaria a avaliación ambiental estratéxica, no caso de esta ter sido necesaria, Portos do Estado dará audiencia á autoridade autonómica competente en materia de ordenación do territorio.

3. A execución das obras previstas nun plan director de infraestruturas requirirá, de ser o caso, a modificación da delimitación de espazos e usos portuarios, de acordo co previsto no artigo 70 desta lei.

Artigo 55. *Plan de empresa da autoridade portuaria.*

1. O proxecto de plan de empresa será elaborado anualmente pola autoridade portuaria, de acordo cos obxectivos definidos, de ser o caso, nos instrumentos de planificación plurianual, que deberán axustarse á política económica do Goberno. O dito plan deberá conter, como mínimo: un diagnóstico de situación, as previsións de tráfico portuario, as previsións económico-financeiras, os obxectivos de xestión, os obxectivos e indicadores de sustentabilidade ambiental do porto, a estrutura de persoal e oferta de emprego, a evolución das ratios de xestión, a programación financeira, a programación de investimentos públicos, a estimación de investimentos privados, o obxectivo anual de rendibilidade, os coeficientes correctores das taxas que correspondan conforme os supostos expresados nos artigos 163 a 168 desta lei e as bonificacións ás taxas, de ser o caso, consonte o disposto nesta lei.

2. A programación de investimentos públicos incluírá os investimentos materiais, inmateriais e financeiros que teñan anualidade no ano a que se refire o plan de empresa ou no período asociado ao plan de actuación plurianual considerado, coa correspondente repartición de anualidades que requira o proxecto.

3. Deberán realizarse os correspondentes estudos de rendibilidade económico-financeira e, de ser o caso, a avaliación de impacto ambiental, naquelas actuacións incluídas na programación de investimentos públicos que sexan relevantes, seguindo para iso os criterios establecidos na lexislación vixente e nas directrices que estableza Portos do Estado.

4. O proxecto de plan de empresa irá acompañado por unha memoria de sustentabilidade que se levará a cabo de acordo coa metodoloxía que será aprobada, xunto cos indicadores de sustentabilidade ambientais, por Portos do Estado, logo de audiencia ás autoridades portuarias.

CAPÍTULO II

Consideración urbanística dos portos

Artigo 56. *Articulación urbanística dos portos.*

1. Para articular a necesaria coordinación entre as administracións con competencia concorrente sobre o espazo portuario, os plans xerais e demais instrumentos xerais de ordenación urbanística deberán cualificar a zona de servizo dos portos estatais, así como o dominio público portuario afecto ao servizo de sinalización marítima, como sistema xeral portuario e non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria e de sinalización marítima. Requirirase informe previo vinculante de Portos do Estado, contando co ditame previo da Comisión de Faros, nos casos en que poida verse afectado o servizo de sinalización marítima por actuacións fóra dos espazos antes mencionados, cando nas súas proximidades exista algunha instalación de axudas á navegación marítima.

2. O dito sistema xeral portuario desenvolverase a través dun plan especial ou instrumento equivalente, que se instrumentará da forma seguinte:

- a) A autoridade portuaria formulará o dito plan especial.

Con carácter previo á formulación do plan especial ou instrumento equivalente que ordene a zona de servizo dun porto, deberá encontrarse delimitada esta mediante a

aprobación da delimitación dos espazos e usos portuarios no dito porto. As determinacións daquel plan non se poderán estender máis alá da zona de servizo así delimitada.

b) A súa tramitación e aprobación serán realizadas, de acordo co previsto na lexislación urbanística e de ordenación do territorio, pola Administración competente en materia de urbanismo.

c) Concluída a tramitación, e con carácter previo á aprobación definitiva do dito plan especial, a Administración competente en materia de urbanismo, nun prazo de quince días, contado desde a aprobación provisional, dará traslado do contido daquel á autoridade portuaria para que esta, no prazo dun mes, se pronuncie sobre os aspectos da súa competencia.

Recibido pola autoridade portuaria o contido do plan especial, esta remitirao a Portos do Estado co fin de que formule as observacións e suxestións que coide convenientes.

No caso de que o traslado non se realice ou de que a autoridade portuaria se pronuncie negativamente sobre a proposta da Administración competente en materia urbanística, esta non poderá proceder á aprobación definitiva do plan especial, polo cal se deberán efectuar as consultas necesarias coa autoridade portuaria, a fin de chegar a un acordo expreso sobre o seu contido.

De persistir o desacordo, durante un período de seis meses, contados a partir do pronunciamento negativo da autoridade portuaria, corresponderá ao Consello de Ministros emitir informe con carácter vinculante, logo de emisión do citado informe de Portos do Estado.

A aprobación definitiva dos plans especiais a que fai referencia este número deberá ser notificada á autoridade portuaria cos requisitos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O plan especial deberá incluír entre as súas determinacións as medidas e previsións necesarias para garantir unha eficiente explotación do espazo portuario, o seu desenvolvemento e a súa conexión cos sistemas xerais de transporte terrestre.

CAPÍTULO III

Réxime das obras portuarias

Sección 1.^a Construción e modificación dos portos

Artigo 57. Construción de novos portos.

1. A construción dun novo porto de titularidade estatal exixirá a aprobación previa, de conformidade co plan director de infraestruturas definido no artigo 54 desta lei, do correspondente proxecto ou proxectos e dos correspondentes estudos complementarios polo Ministerio de Fomento.

2. Os proxectos de construción suxeitaranse ao procedemento de declaración de impacto ambiental de acordo coa lexislación aplicable.

Igualmente, someteranse a informe dos ministerios de Defensa, de Economía e Facenda, e de Industria, Comercio e Turismo sobre os aspectos das súas respectivas competencias, e do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño no caso de que se prevexan actividades pesqueiras.

A comunidade autónoma e os concellos en que se sitúe a zona de servizo do porto emitirán informes en relación coas súas competencias de ordenación do territorio e urbanismo. Así mesmo, a comunidade autónoma emitirá informe en relación coas súas competencias sobre pesca en augas interiores e ordenación do sector pesqueiro.

Calquera destes informes entenderase favorable se transcorre un mes desde a recepción da documentación sen que o informe se emitise de forma expresa.

Artigo 58. *Ampliación ou modificación de portos.*

1. A realización de novas obras de infraestrutura e a ampliación dos portos estatais existentes exixirá a redacción e aprobación do correspondente proxecto e estudos complementarios por parte da autoridade portuaria competente ou, de ser o caso, por parte de Portos do Estado.

Os ditos proxectos someteranse ao procedemento de avaliación de impacto ambiental cando isto sexa exixible en aplicación da lexislación específica. A Administración competente en materia de pesca emitirá informe previo á aprobación de obras novas ou de modificación das existentes, cando estas supoñan a construción de novos diques ou crebaondas fóra da zona interior das augas do porto.

Para a execución destas novas obras de infraestrutura portuaria ou de ampliación sobre espazos de auga dos portos existentes non será necesario que as ditas obras estean previstas na delimitación de espazos e usos portuarios, nin no plan especial, sempre que se realicen dentro da zona de servizo do porto de que se trate e estean incluídas no correspondente plan de empresa e, cando proceda, no plan director de infraestruturas. Nestes casos, deberase dar audiencia á autoridade autonómica competente en materia de ordenación do territorio.

2. Para a modificación ou ampliación de portos poderán realizarse obras de dragaxe e de recheo con materiais de orixe terrestre ou marítima que pola súa natureza, disposición final ou illamento protector non dean orixe a procesos de contaminación que superen os niveis exixibles pola normativa aplicable de calidade das augas marítimas.

As obras de dragaxe axustaranse ao previsto no artigo 64 desta lei.

As obras de recheo no dominio público portuario requirirán autorización da autoridade portuaria.

Sección 2.^a Outras obras

Artigo 59. *Obras no dominio público portuario.*

1. As obras que realicen as autoridades portuarias no dominio público portuario deberán adaptarse ao plan especial de ordenación da zona de servizo do porto. Para a constatación deste requisito deberán someterse a informe da Administración urbanística competente, que se entenderá emitido en sentido favorable se transcorre un mes desde a recepción da documentación sen que se emitise de forma expresa.

2. No caso de non se ter aprobado o plan especial a que se refire o número anterior, as obras de superestrutura e instalacións que realicen as autoridades portuarias no dominio público da súa competencia deberán ser compatibles coa delimitación dos espazos e usos portuarios.

3. Naqueles supostos en que unha obra pública portuaria, pola súa natureza e as súas características, non sexa susceptible de explotación económica por un concesionario, a autoridade portuaria poderá contratar a construción e a conservación da obra pública, podendo outorgarlle como contraprestación ao contratista unha concesión de dominio público portuario regulada no capítulo III do título V do libro primeiro desta lei.

Para tal efecto, poderase establecer no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato o obxecto e as características da concesión demanial. En todo caso, deberá delimitarse a zona sobre a cal se outorgaría a correspondente concesión.

Así mesmo, establecerase no prego que a oferta pola concesión de dominio público, xunto coa documentación técnica e económica que deba xuntarse a ela, se presente ao mesmo tempo que a oferta polo contrato de construción e explotación da obra, ou de construción e conservación.

Para os efectos de seleccionar o contratista, o órgano de contratación valorará, conxuntamente, a oferta relacionada coa construción e explotación da obra, ou sobre construción e conservación, así como as obras ou actuacións que o licitador se propoña realizar sobre o dominio público así como o réxime de utilización que prevexa para este.

A ocupación do dominio público preciso para a execución da obra pública portuaria non estará suxeita á taxa de ocupación.

Sección 3.^a Disposicións comúns ás obras portuarias

Artigo 60. Carácter de interese xeral.

As obras a que se refire este capítulo non estarán sometidas aos actos de control preventivo municipal a que se refire o artigo 84.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por constituíren obras públicas de interese xeral.

Artigo 61. Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación.

1. A aprobación dos proxectos levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos, para os fins de expropiación forzosa e ocupación temporal. Para tal efecto, en cada proxecto deberá figurar a relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados non incluídos no dominio público portuario, coa súa descrición material.

2. Así mesmo, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación referirase tamén aos bens e dereitos comprendidos na implantación do proxecto e nas modificacións de obras que poidan ser aprobadas posteriormente pola autoridade competente para a aprobación do proxecto orixinal, cos mesmos requisitos sinalados no número anterior.

3. Nos portos de competencia estatal corresponderá ao ministro de Fomento a declaración de urxencia para a ocupación dos bens e dereitos afectados por obras das autoridades portuarias.

TÍTULO IV

Ambiente e seguridade

Artigo 62. Prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario.

1. Prohíbense as verteduras ou emisións contaminantes, xa sexan sólidas, líquidas ou gasosas, no dominio público portuario, procedentes de buques ou de medios flotantes de calquera tipo.

Non teñen a consideración de verteduras as obras de recheo con materiais de orixe terrestre ou marítima para a modificación ou ampliación de portos.

2. As instalacións de manipulación e transporte de mercadorías, as refinarías de petróleo, as factorías químicas e petroquímicas, as instalacións de almacenamento e distribución de produtos químicos e petroquímicos, as instalacións para o abastecemento de combustibles a buques, os estaleiros e instalacións de reparación naval, así como calquera outra actividade comercial ou industrial que se desenvolva no dominio público portuario, deberán contar con medios suficientes para a prevención e loita contra a contaminación accidental, mariña, atmosférica e terrestre, de acordo co establecido na normativa aplicable e, de ser o caso, nos pregos de prescricións particulares dos servizos portuarios, nas condicións particulares para a prestación dos servizos comerciais, nas condicións fixadas pola autoridade portuaria no contido das licenzas ou nas cláusulas das autorizacións e concesións.

As ditas instalacións deberán contar cun plan de continxencias por contaminación accidental, que será tido en conta pola autoridade portuaria correspondente para a elaboración do plan interior de continxencias do porto, que será aprobado de acordo co previsto na normativa aplicable. O plan interior de continxencias formará parte das ordenanzas do porto.

A dispoñibilidade destes medios será exixida pola autoridade portuaria para autorizar a prestación dos servizos e o funcionamento das instalacións portuarias incluídas no parágrafo primeiro deste número.

3. As autoridades portuarias colaborarán coas administracións competentes na prevención e control das emerxencias por contaminación accidental na zona de servizo dos portos que xestionen.

4. Todos as verteduras desde terra ao mar requirirán autorización da Administración competente, sen prexuízo da autorización ou concesión de ocupación de dominio público que, de ser o caso, outorgará a autoridade portuaria.

Artigo 63. *Recepción de refugallos e residuos procedentes de buques.*

1. As autoridades portuarias elaborarán e aprobarán cada tres anos un plan de recepción de residuos, co contido establecido no Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga, logo de informe de Portos do Estado.

2. Os refugallos xerados por buques deberán descargarse a terra. Para tal efecto, deberase solicitar o servizo portuario de recepción de refugallos xerados por buques regulado no artigo 132 desta lei.

3. As refinarias de petróleo, factorías químicas e petroquímicas, instalacións para o almacenamento e distribución de produtos químicos e petroquímicos e instalacións para o abastecemento de combustibles líquidos que posúan terminais de carga ou descarga de hidrocarburos en zonas portuarias, cuxas características así o xustifiquen, así como os estaleiros e instalacións de reparación naval ou de desmantelamento deberán dispor, nas proximidades das terminais e peiraos, de servizo de recepción dos residuos de carga e das augas de lastre dos buques con destino ás ditas instalacións, regulados polos anexos I e II do Convenio MARPOL 73/78, así como dos medios necesarios para previr e combater os derramamentos. Os titulares destas instalacións portuarias deberán dispor, ademais, de servizos de recepción para os refugallos xerados polos buques correspondentes aos anexos I, IV, V e VI do Convenio MARPOL 73/78, nas condicións establecidas nas prescricións particulares, no caso de que non exista ningunha empresa prestadora con licenza para prestar este servizo no ámbito xeográfico das ditas instalacións.

Os refugallos e residuos recollidos deberán ser sometidos a procesos de tratamento e eliminación adecuados conforme a normativa vixente; no caso de que os ditos procesos non se leven a cabo con medios propios, os titulares destas instalacións portuarias deberán acreditar un compromiso de aceptación dos refugallos e residuos por parte dun xestor debidamente autorizado.

Os estaleiros e as instalacións e empresas de reparación naval ou de desmantelamento deberán dispor de instalacións e medios para a recepción e tratamento de substancias que contribúan a esgotar a capa de ozono e os equipamentos que conteñen as ditas substancias cando estes se retiren dos buques, segundo se recolle no anexo VI do Convenio MARPOL 73/78.

Sen prexuízo das autorizacións que sexan exixibles por outras administracións, a dispoñibilidade destes servizos de recepción será exixida pola autoridade portuaria para autorizar o funcionamento das instalacións portuarias incluídas nos números anteriores. Así mesmo, a súa non dispoñibilidade poderá ser causa para non autorizar a entrada de buques con destino ás ditas instalacións portuarias.

4. Os titulares das citadas instalacións portuarias deberán aprobar un plan de recepción de refugallos e residuos de acordo co indicado no anexo I do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, que deberá ser aprobado pola autoridade portuaria e que pasará a formar parte do plan de recepción do porto. Trimestralmente, comunicarán á autoridade portuaria a relación de servizos de recolla realizados, indicando o buque, o tipo de refugallo ou residuo e a cantidade recibida, entre outros datos que se lles soliciten. Ademais, a cada buque que utilice os seus servizos de recepción, estas instalacións portuarias deberanlle expedir un recibo de residuos MARPOL, segundo o modelo

unificado que figura no anexo III do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro. A autoridade portuaria poderá supervisar o cumprimento do plan de recepción dos titulares das ditas instalacións.

5. No suposto de buques que non teñan como destino algunha das instalacións referidas anteriormente, corresponderá ás empresas que efectúen as operacións de carga ou descarga do buque garantir a recepción de residuos de carga procedentes del, se os houber, así como os que se encontren nas zonas de tránsito e manobra, evitando e combatendo, de ser o caso, os derramamentos de carga accidentais.

Artigo 64. *Obras de dragaxe.*

1. Toda execución de obras de dragaxe ou a vertedura dos produtos de dragaxe no dominio público portuario, sobre a base do correspondente proxecto, requirirá autorización da autoridade portuaria.

Cando as obras de dragaxe ou a vertedura dos produtos de dragaxe poidan afectar a seguridade da navegación na zona portuaria, particularmente nas canles de acceso e nas zonas de fondeadura e manobra, exixirase informe previo e favorable da Administración marítima.

2. As obras de dragaxe que se executen fóra do dominio público portuario para recheos portuarios requirirá autorización da correspondente demarcación ou servizo periférico de costas. Así mesmo, a vertedura fóra das augas da zona de servizo do porto dos produtos das dragaxes portuarias deberá ser autorizada pola Administración marítima, logo de informe da demarcación ou servizo periférico de costas.

3. Os proxectos de dragaxe incluírán un estudo da xestión dos produtos de dragaxe, e en particular a localización da zona ou zonas de vertedura e o seu tratamento.

Respecto da dragaxe portuaria, incorporárase ao proxecto, cando proceda, un estudo sobre a posible localización de restos arqueolóxicos, que se someterá a informe da Administración competente en materia de arqueoloxía. Cando a dragaxe se execute fóra da zona I ou interior das augas portuarias, incluírase, ademais, un estudo de avaliación dos seus efectos sobre a dinámica litoral e a biosfera mariña, que se someterá a informe das administracións competentes en materia de pesca e ambiente con carácter previo á súa autorización.

Con relación ás verteduras procedentes das obras de dragaxe, deberán efectuarse os estudos ou análises necesarios que permitan valorar os efectos da actuación sobre a sedimentoloxía litoral e a biosfera submarina, así como, de ser o caso, a capacidade contaminante das verteduras, e someterase a informe das administracións competentes en materia de ambiente e de pesca.

A autoridade portuaria remitirá á Administración marítima e á comunidade autónoma correspondente os datos das cantidades vertidas do material de dragaxe, a localización da zona ou zonas de vertedura e, cando exista risco de que o posible desprazamento do material afecte a navegación marítima, remitiranse a aquela os resultados do seguimento da evolución do dito material vertido.

Cando o proxecto de dragaxe se someta, independentemente ou xunto a outros proxectos, ao procedemento previsto na lexislación sobre avaliación de impacto ambiental, deberán incluírse os estudos mencionados e solicitarse así mesmo os informes da Administración marítima e das administracións competentes en materia de ambiente, pesca e arqueoloxía no curso do dito procedemento.

Artigo 65. *Plans de emerxencia e seguridade.*

1. A autoridade portuaria controlará no ámbito portuario o cumprimento da normativa que afecte a admisión, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas, e da normativa que afecte os sistemas de seguridade, incluídos os que se refiran á protección ante actos antisociais e terroristas, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros órganos das administracións públicas, e das responsabilidades que nesta materia correspondan aos usuarios e concesionarios do porto.

Para os efectos previstos neste número, corresponderá aos titulares de concesións e autorizacións o cumprimento das obrigas de coordinación de actividades empresariais en calidade de titulares do centro de traballo. Nos espazos non outorgados en réxime de concesión ou autorización, o consignatario que actúe en representación do armador responderá do cumprimento das obrigas de coordinación durante as manobras de atracada, desatracada e fondeadura do buque, e en xeral durante a estada deste no porto, salvo para as operacións de carga, estiba, desestiba, descarga ou transbordo de mercadorías ou de embarque ou desembarque de pasaxeiros. Se se realizan estas operacións ou as de entrega, recepción, almacenamento, depósito e transporte horizontal de mercadorías en espazos non outorgados en concesión ou autorización, responderá do cumprimento das obrigas de coordinación a empresa prestadora do servizo correspondente.

2. De acordo co previsto na lexislación vixente sobre prevención e control de emerxencias, cada autoridade portuaria elaborará un plan de emerxencia interior para cada porto que xestiona, o cal, unha vez aprobado de acordo co previsto na normativa aplicable, formará parte das ordenanzas portuarias.

3. Cada autoridade portuaria elaborará, logo de informe favorable do Ministerio do Interior e do órgano autonómico con competencias en materia de seguridade pública sobre aqueles aspectos que sexan da súa competencia, un plan para a protección de buques, pasaxeiros e mercadorías nas áreas portuarias contra actos antisociais e terroristas que, unha vez aprobado de acordo co previsto na normativa aplicable, formará parte das ordenanzas portuarias.

TÍTULO V

Dominio público portuario estatal

CAPÍTULO I

Modelo de xestión

Artigo 66. *Modelo de xestión do dominio público portuario.*

1. A xestión do dominio público portuario estatal estará orientada, garantindo o interese xeral, a promover e incrementar a participación da iniciativa privada no financiamento, construción e explotación das instalacións portuarias e na prestación de servizos, a través do outorgamento das correspondentes autorizacións e concesións, tanto demaniais como de obra pública, de acordo co previsto nesta lei.

2. Corresponde ás autoridades portuarias a provisión e xestión de espazos e infraestruturas portuarias básicas, promovendo tanto a actividade económica nos portos como a prestación dos servizos por parte da iniciativa privada.

3. A xestión das infraestruturas e do dominio público portuario realizarase con criterios de rendibilidade e eficiencia.

CAPÍTULO II

Dominio público portuario

Sección 1.^a Bens integrantes

Artigo 67. *Natureza e determinación do dominio público portuario.*

1. Os portos de interese xeral forman parte do dominio público marítimo-terrestre e integran o dominio público portuario estatal, o cal se regula polas disposicións desta lei e, supletoriamente, pola lexislación de costas.

Pertencen ao dominio público portuario estatal:

- a) Os terreos, obras e instalacións portuarias fixas de titularidade estatal afectados ao servizo dos portos.
- b) Os terreos e as instalacións fixas que as autoridades portuarias adquiran mediante expropiación, así como os que adquiran por compravenda ou por calquera outro título cando sexan debidamente afectados polo ministro de Fomento.
- c) As obras que o Estado ou as autoridades portuarias realicen sobre o dito dominio.
- d) As obras construídas polos titulares dunha concesión de dominio público portuario, cando revertan á autoridade portuaria.
- e) Os terreos, obras e instalacións fixas de axudas á navegación marítima, que se afecten a Portos do Estado e ás autoridades portuarias para esta finalidade.
- f) Os espazos de auga incluídos na zona de servizo dos portos.

2. Considérase dominio público portuario estatal o dominio público marítimo-terrestre afecto aos portos e instalacións portuarias de titularidade estatal.

3. O dominio público marítimo-terrestre ocupado por un porto de competencia dunha comunidade autónoma mantén a súa titularidade estatal, ben que ten a condición de adscrito á dita comunidade.

Artigo 68. Zona de servizo en portos xestionados en réxime concesional.

A zona de servizo dun porto outorgado en concesión estará composta polo dominio público cuxa ocupación foi autorizada e os espazos de titularidade particular que, sen seren dominio público, estean incorporados á dita zona de servizo en virtude do disposto no título concesional.

Sección 2.^a Espazos e usos portuarios

Artigo 69. Delimitación dos espazos e usos portuarios.

1. O Ministerio de Fomento determinará nos portos de titularidade estatal unha zona de servizo que incluírá os espazos de terra e de auga necesarios para o desenvolvemento dos usos portuarios a que se refire o artigo 72.1 desta lei, os espazos de reserva que garantan a posibilidade de desenvolvemento da actividade portuaria e aqueles que poidan destinarse a usos vinculados á interacción porto-cidade mencionados no dito artigo. Esta determinación efectuarase a través da orde ministerial de delimitación dos espazos e usos portuarios.

2. O espazo de auga incluído na zona de servizo comprenderá as áreas de auga e as dársenas onde se realicen as operacións portuarias de carga, descarga e transbordo de mercadorías e pesca, de embarque e desembarque de pasaxeiros, onde se presten os servizos técnico-náuticos e onde teña lugar a construción, reparación e desmantelamento de buques a flote, así como as áreas de atracada, viraxe e manobra dos buques e embarcacións, as canles de acceso e navegación e as zonas de espera e de fondeadura, incluíndo as marxes necesarias para a seguridade marítima e para a protección ante accións terroristas e antisociais. Tamén comprenderá os espazos de reserva necesarios para a ampliación do porto. O espazo de auga subdividirase en dúas zonas:

- a) Zona I, ou interior das augas portuarias, que abranguerá os espazos de auga abrigados, xa sexa de forma natural ou polo efecto de diques de abrigo.
- b) Zona II, ou exterior das augas portuarias, que comprenderá o resto das augas.

3. A autoridade portuaria elaborará o expediente de proposta de delimitación dos espazos e usos portuarios, que incluírá a definición exterior e interior do dominio público portuario, os usos previstos para cada unha das diferentes áreas en que se divida a zona de servizo do porto a que se refire o artigo 72 desta lei, e a xustificación da necesidade ou

conveniencia de tales usos, segundo criterios transparentes, obxectivos, non discriminatorios e de fomento da competencia na prestación de servizos.

Así mesmo, incluíranse os espazos necesarios para que os órganos das administracións públicas poidan exercer competencias de vixilancia, seguridade pública, inspección, control de entradas e saídas de persoas e mercadorías do territorio nacional, identificación e outras que, pola súa relación directa coa actividade portuaria, deban desenvolverse necesariamente no porto conforme o disposto no artigo 72.2 desta lei.

4. Unha vez elaborado o expediente de proposta de delimitación dos espazos e usos portuarios pola autoridade portuaria, seguirase o seguinte procedemento administrativo:

a) A autoridade portuaria solicitará informe das administracións urbanísticas, da Administración con competencia en materia de costas, de pesca en augas interiores, de ordenación do sector pesqueiro e deportes, así como naqueles outros ámbitos sectoriais sobre os cales poida incidir a delimitación dos espazos e usos portuarios, que deberán emitir informe nos aspectos relativos ás súas propias competencias.

b) Simultaneamente, a autoridade portuaria someterá a información pública o expediente elaborado por un prazo de 45 días, durante o cal os interesados poderán formular alegacións. Tras a conclusión do prazo de información pública e do trámite de consultas, a autoridade portuaria dará resposta aos interesados. Á vista das alegacións, incorporará ao expediente a documentación resultante dos trámites efectuados e procederá ás modificacións da delimitación dos espazos e usos portuarios que sexan oportunas.

c) Completada a dita tramitación, remitirase o expediente coa proposta de delimitación dos espazos e usos portuarios a Portos do Estado. No caso de que o informe da Administración con competencia en materia de costas fose negativo ou a autoridade portuaria non recollese na súa proposta as súas suxestións, Portos do Estado convocará a autoridade portuaria e o órgano competente da citada Administración de costas a un período de consultas durante o prazo dun mes desde a recepción da proposta, a fin de que poidan contrastar as súas posicións e a fin de que este último, a través do correspondente informe, formule as observacións e suxestións finais que considere oportunas para que, de ser o caso, sexan tomadas en consideración. No caso de que o dito órgano competente en materia de costas non emita informe no prazo máximo dun mes despois da finalización do proceso de consultas, entenderase que é favorable á proposta da autoridade portuaria.

d) Simultaneamente, Portos do Estado pedirá informe do Ministerio de Defensa, desde a perspectiva da súa posible incidencia sobre os intereses da defensa nacional; do Ministerio do Interior, no que se refire aos aspectos de seguridade pública e de control de entradas e saídas de persoas do territorio nacional; do Ministerio de Economía e Facenda, no que se refire aos aspectos de vixilancia e control alfandegueiro previsto na normativa comunitaria e nacional sobre a materia na entrada e saída de mercadorías e persoas con destino ou procedencia o territorio alfandegueiro comunitario nacional e, cando proceda, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en aspectos relacionados coa construción naval. Estes informes deberán emitirse no prazo de dous meses desde a recepción da proposta. Entenderase en sentido favorable se transcorre o dito prazo sen que o informe fose emitido de forma expresa.

e) Cando a proposta de delimitación inclúa terreos e bens do patrimonio do Estado destinados nese momento a usos e finalidades distintos, Portos do Estado someteraa a informe vinculante do Ministerio de Economía e Facenda. Así mesmo, cando a proposta de delimitación inclúa terreos e bens afectos ao Ministerio do Interior ou ao Ministerio de Defensa, someterase a informe vinculante dos ditos ministerios. Este trámite efectuarase, cando proceda, simultaneamente coa petición de informe indicada na alínea d), e entenderase favorable se non se emite de forma expresa no prazo de dous meses desde a recepción da documentación, ampliable a tres meses cando así o exixan as circunstancias do destino actual ou previsible, que deben ser ponderadas, logo de comunicación expresa do departamento que solicite a ampliación na que se consignan as

ditas circunstancias, que deberán remitirse a Portos do Estado con anterioridade á finalización do prazo inicial.

f) Recibidos os informes ou transcorrido o prazo para a súa emisión, Portos do Estado emitirá informe, que elevará, xunto co expediente, ao Ministerio de Fomento. No caso de que o informe final da Administración competente en materia de costas resulte desfavorable, Portos do Estado fará constar expresamente no seu informe esta circunstancia, debendo motivar as razóns polas cales estas deben ser tomadas en consideración, así como aquelas que non poidan aceptarse.

g) Corresponde ao ministro de Fomento a aprobación da delimitación dos espazos e usos portuarios.

5. A aprobación da delimitación dos espazos e usos portuarios levará implícita a declaración de utilidade pública para efectos expropiatorios dos bens de propiedade privada e de rescate das concesións que requira a actuación portuaria no ámbito da dita delimitación, así como a afectación ao uso portuario dos bens de dominio público e dos bens patrimoniais incluídos na zona de servizo que sexan de interese para o porto.

6. Aprobada a delimitación dos espazos e usos portuarios, o texto íntegro do acordo adoptado no acto da súa aprobación publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 70. *Modificación da delimitación dos espazos e usos portuarios.*

1. As modificacións da delimitación dos espazos e usos portuarios que teñan carácter substancial someteranse ao mesmo procedemento de aprobación indicado no artigo anterior.

A modificación da delimitación dos espazos e usos portuarios que non teña carácter substancial será aprobada por Portos do Estado, por proposta da autoridade portuaria, logo de informe das administracións urbanísticas no caso de afectar as súas competencias.

Antes da remisión da proposta da modificación non substancial da delimitación dos espazos e usos portuarios a Portos do Estado, a autoridade portuaria abrirá o trámite de información pública, na forma establecida no artigo anterior, ben que o prazo de información pública da proposta de modificación será de 15 días.

2. Enténdese por modificación non substancial aquela producida dentro da zona de servizo do porto, motivada por razóns de explotación portuaria, que non supoña unha alteración significativa da delimitación interna das zonas en que se divide o porto para efectos de asignación dos usos a que se refire o artigo 72 desta lei. Tamén, terán o carácter de modificación non substancial a incorporación ao espazo de terra das ampliacións de infraestruturas e instalacións portuarias que sexan complementarias das xa existentes, así como as consecuencias que teña a dita incorporación no espazo de auga e nas zonas en que se divide, sempre que se sitúen dentro da zona de servizo do porto. Destas modificacións darase conta ao ministro de Fomento e publicaranse no Boletín Oficial del Estado.

Para estes efectos, terá a consideración de alteración significativa aquela que supoña unha alteración individual ou acumulada superior ao 15 por cento da superficie asignada a un determinado uso, agás a que afecte usos vinculados á interacción porto-ciudad, caso en que terá o carácter de alteración significativa.

3. A aprobación ou a modificación dun plan director de infraestruturas poderá determinar a modificación substancial da delimitación dos espazos e usos portuarios co obxecto de incorporar a el, de ser o caso, os terreos ou espazos de auga necesarios para a súa execución ou desenvolvemento.

Artigo 71. *Efectos da delimitación dos espazos e usos portuarios sobre as concesións e autorizacións.*

1. Non se poderán outorgar concesións ou autorizacións en áreas asignadas a usos non compatibles co seu obxecto concesional, de acordo co establecido na delimitación

dos espazos e usos portuarios que se encuentre en vigor. Así mesmo, as concesións ou autorizacións outorgadas que resulten incompatibles coas determinacións establecidas nunha nova delimitación dos espazos e usos portuarios deberán adaptarse a ela. Para tal efecto, deberase proceder á revisión das condicións que for preciso ou, de ser o caso, ao rescate da concesión segundo o establecido nos artigos 89 e 99 desta lei.

2. Transitoriamente, e mentres non se proceda á revisión das concesións ou autorizacións, ou, de ser o caso, ao rescate delas conforme ao previsto no número anterior, as concesións e autorizacións seguirán suxeitas ás mesmas condicións en que se outorgaron, sen que poida autorizarse prórroga do prazo da concesión, modificación ou transferencia dela sen que se produciase a revisión das condicións que resulten incompatibles coa delimitación dos espazos e usos portuarios.

CAPÍTULO III

Utilización do dominio público portuario estatal

Sección 1.ª Disposición xerais

Artigo 72. Usos e actividades permitidas no dominio público portuario.

1. No dominio público portuario só se poderán levar a cabo actividades, instalacións e construcións acordes cos usos portuarios e de sinalización marítima, de conformidade co establecido nesta lei.

Para tal efecto, teñen a consideración de usos portuarios os seguintes:

- a) Usos comerciais, entre os cales figuran os relacionados co intercambio entre modos de transporte, os relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e outras actividades portuarias comerciais.
- b) Usos pesqueiros.
- c) Usos náutico-deportivos.
- d) Usos complementarios ou auxiliares dos anteriores, incluídos os relativos a actividades loxísticas e de almacenaxe e os que correspondan a empresas industriais ou comerciais cuxa localización no porto estea xustificada pola súa relación co tráfico portuario, polo volume dos tráxicos marítimos que xeran ou polos servizos que prestan aos usuarios do porto.

Naqueles terreos que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e que, por causa da evolución das necesidades operativas dos tráxicos portuarios, quedasen en desuso ou perdesen a súa funcionalidade ou idoneidade técnica para a actividade portuaria, poderán admitirse no dominio público portuario espazos destinados a usos vinculados á interacción porto-ciudad, tales como equipamentos culturais, recreativos, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais non estritamente portuarias, sempre que non se prexudique o desenvolvemento futuro do porto e as operacións de tráfico portuario e se axusten ao establecido no planeamento urbanístico. As autoridades portuarias non poderán participar, directa ou indirectamente, na promoción, explotación ou xestión das instalacións e actividades que se desenvolvan nestes espazos, salvo as relativas a equipamentos culturais e exposicións no caso de que sexan promovidas por algunha administración pública.

En ningún caso se poderá autorizar a realización de recheos no dominio público portuario que non teñan como destino un uso portuario.

Co obxecto de preservar o patrimonio arquitectónico que constitúen os faros, nos espazos do dominio público portuario afectados ao servizo de sinalización marítima poderanse autorizar usos e actividades distintos dos de sinalización marítima, de acordo co previsto nos parágrafos anteriores, sempre que tales usos non condicionen ou limiten a prestación do servizo que en cada momento sexa o apropiado, tendo en conta as

necesidades do tráfico e da tecnoloxía, sen que en ningún caso sexan indemnizables as modificacións que se impoñan polo dito motivo. Excepcionalmente, por razóns de interese xeral debidamente acreditadas e logo de informe de Portos do Estado e da Administración competente en materia de costas, o Consello de Ministros poderá levantar a prohibición de instalacións hoteleiras, así como albergues ou hospedaxes que poidan favorecer o desenvolvemento de actividades culturais, ou similares, de interese social, en espazos do dominio público portuario destinados ao servizo de sinalización marítima que se encontren situados na zona de 100 metros medidos desde o límite interior da ribeira do mar ou de 20 metros se os solos teñen a clasificación de solo urbano, sempre que non se realicen novas edificacións e non se condicione ou limite a prestación do servizo.

No caso de que as instalacións de sinalización marítima en que se pretendan os citados usos se sitúen fóra da zona de 100 metros medidos desde o límite interior da ribeira do mar, ou de 20 metros, se os terreos teñen a clasificación de solo urbano, o ministro de Fomento, logo de informe de Portos do Estado, poderá levantar a mencionada prohibición.

As obras que supoñan incremento de volume sobre a edificación xa existente só poderán situarse fóra da zona de 100 ou 20 metros respectivamente a que se fixo referencia.

2. A ocupación de espazos de dominio público portuario destinados a usos portuarios polos órganos ou entidades de calquera Administración pública, para o cumprimento dos fins da súa competencia, só poderá autorizarse para usos ou actividades que, pola súa relación directa coa actividade portuaria, deban desenvolverse necesariamente dentro deles.

3. Están prohibidas aquelas ocupacións e utilizacións do dominio público portuario que se destinen a edificacións para residencia ou habitación, ao tendido aéreo de liñas eléctricas de alta tensión e á publicidade comercial a través de carteis ou valados, medios acústicos ou audiovisuais situados no exterior das edificacións. Para estes efectos, non se consideran publicidade os carteis informativos e rótulos indicadores dos propios establecementos ou empresas titulares dunha autorización ou concesión administrativa da autoridade portuaria.

4. Excepcionalmente, por razóns de interese xeral debidamente acreditadas e logo de informe de Portos do Estado, o Consello de Ministros poderá levantar a prohibición de instalacións hoteleiras en espazos do dominio público portuario destinados a zonas de actividades loxísticas e a usos vinculados á interacción porto-cidade, debendo tales usos hoteleiros acomodarse ao plan especial de ordenación da zona de servizo do porto ou instrumento equivalente. Tales instalacións non poderán situarse nos primeiros 20 metros medidos terra adentro a partir do límite interior da ribeira do mar ou do cantil do peirao.

O tendido aéreo de liñas eléctricas de alta tensión poderá ser autorizado polo ministro de Fomento cando se aprecien circunstancias excepcionais e de utilidade pública.

A autoridade portuaria poderá autorizar a publicidade para actividades deportivas, sociais e culturais que ocasionalmente se desenvolvan no dominio público portuario.

Artigo 73. *Réxime de utilización do dominio público portuario.*

1. A utilización do dominio público portuario rexerese polo establecido nesta lei, no Regulamento de explotación e policía e nas correspondentes ordenanzas portuarias, as cales establecerán as zonas abertas ao uso xeral e, de ser o caso, gratuito. No non previsto nas anteriores disposicións será de aplicación a lexislación de costas.

2. Os usos e actividades que presenten circunstancias de exclusividade, intensidade, perigosidade ou rendibilidade exixirán o outorgamento da correspondente autorización ou concesión, con suxeición ao previsto nesta lei e nos pregos de condicións xerais que se aproben, que se publicarán no Boletín Oficial del Estado.

O uso da lámina de auga para actividades de acuicultura mediante a ocupación por artefactos flotantes tales como bateas, mexilloeiras, viveiros flotantes ou outras instalacións, precisará igualmente de autorización ou concesión, segundo proceda, devengando as correspondentes taxas, de conformidade co previsto nesta lei.

3. Cando algún órgano da Administración xeral do Estado ou calquera organismo ou entidade vinculada ou dependente dela requira a utilización do dominio público portuario, solicitará da autoridade portuaria correspondente os bens de dominio público necesarios. Aquela autorizará a dita utilización sempre que sexa compatible coa normal explotación do porto e durante o tempo que sexa preciso, debendo subscribir o correspondente convenio, no cal se establecerán as condicións dela, incluíndo as taxas que, de ser o caso, procedan e os custos que debe asumir aquel.

Cando a autoridade portuaria considere que a solicitude é incompatible coa normal explotación do porto, elevaraa a Portos do Estado, o cal, unha vez emitido o correspondente informe, o trasladará ao ministro de Fomento, quen resolverá sobre o outorgamento da autorización, atendendo ao interese xeral.

Cando sexa precisa a utilización do dominio público portuario polas administracións das comunidades autónomas, polas entidades que integran a Administración local ou por calquera organismo ou entidade dependente de calquera delas, procederase de acordo co establecido no parágrafo anterior, respecto daquelas comunidades autónomas que prevexan na súa lexislación un réxime similar de utilización de bens demaniais da súa titularidade pola Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos para a súa dedicación a un uso ou servizo da súa competencia. Na falta da dita previsión, deberán solicitar o outorgamento da correspondente concesión ou autorización, de acordo co establecido nesta lei.

O disposto neste número e mais no seguinte entenderase sen prexuízo da aplicación da normativa específica sobre recintos alfandegueiros.

4. As autorizacións e concesións outorgadas segundo esta lei non eximen os seus titulares de obter os permisos, licenzas, autorizacións e concesións que sexan exixidos por outras disposicións legais. Non obstante, cando estes se obteñan con anterioridade ao título administrativo exixible conforme esta lei, a súa eficacia quedará demorada ata que se outorgue o citado título.

5. Os titulares de autorizacións e concesións deberán comprometerse ao desenvolvemento dunha actividade mínima ou tráfico mínimo que garanta unha explotación razoable do dominio público.

Sección 2.^a Autorizacións

Artigo 74. *Clases de autorizacións.*

Estarán suxeitas a autorización da autoridade portuaria:

a) A utilización de instalacións portuarias fixas polos buques, a pasaxe e as mercadorías, que se rexerá polo Regulamento de explotación e policía e as correspondentes ordenanzas portuarias.

b) A ocupación do dominio público portuario con bens mobles ou instalacións desmontables ou sen eles, por un prazo non superior a tres anos, que se outorgará de conformidade co disposto na seguinte sección.

Artigo 75. *Ámbito de aplicación.*

1. A ocupación do dominio público portuario por un prazo non superior a tres anos, incluídas prórrogas, con bens mobles ou instalacións desmontables, ou sen eles, estará suxeita a autorización previa da autoridade portuaria.

2. Estas autorizacións demaniais outorgaranse, a título de precario, con suxeición ao correspondente prego de condicións xerais de autorizacións de ocupación do dominio público portuario que aprobe o ministro de Fomento e ás condicións particulares que determine a autoridade portuaria.

3. As autorizacións só se poderán outorgar para os usos e actividades permitidas no artigo 72 e deberán axustarse ás determinacións establecidas no plan especial de

ordenación da zona de servizo do porto ou, no seu defecto, na delimitación dos espazos e usos portuarios.

4. As autorizacións outorgaranse con carácter persoal e intransferible «inter vivos» e o seu uso non poderá ser cedido a terceiros, salvo as de ocupación de dominio público que constitúan soporte dunha autorización de verteduras de terra ao mar.

Artigo 76. *Iniciación do procedemento.*

O procedemento para o outorgamento das autorizacións previstas nesta sección poderase iniciar por solicitude do interesado ou por concurso convocado para o efecto pola autoridade portuaria.

Artigo 77. *Requisitos da solicitude.*

1. Para que a autoridade portuaria resolva sobre a ocupación do dominio público portuario, o interesado deberá formular unha solicitude acompañada de:

- a) Datos identificativos do solicitante ou, de ser o caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.
- b) Memoria e planos de conxunto ou de detalle necesarios dos bens e instalacións que se van desenvolver, nos cales se especifique a extensión da zona de dominio público portuario que se ocupará.
- c) Descrición da actividade que se vai desenvolver e, de ser o caso, prazo desta.
- d) Información económico-financeira da actividade que se vai desenvolver.
- e) Outros documentos e xustificacións que a autoridade portuaria considere necesarios e cuxa exixencia estea xustificada por razón imperiosa de interese xeral.

2. As solicitudes que se opoñan ao disposto no plan estratéxico, no plan director, na delimitación dos espazos e usos portuarios, no plan especial, de ser o caso, ou na normativa vixente, non se admitirán; serán arquivadas no prazo máximo de dous meses, sen máis trámite que a audiencia previa ao petionario.

Se a solicitude non reunir os requisitos exixidos e estes foren susceptibles de saneamento, procederá para iso na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 78. *Procedemento de outorgamento.*

1. A autoridade portuaria examinará a documentación presentada e determinará a súa adecuación e viabilidade.

2. Solicitarase informe doutras administracións e organismos, cando este sexa preceptivo ou se considere conveniente solicitalo.

3. Con informe previo do director e audiencia do interesado cando proceda, corresponde ao consello de administración da autoridade portuaria o outorgamento ou denegación, con carácter discrecional e sen prexuízo da oportuna motivación, das autorizacións cuxo prazo de vixencia sexa superior a un ano, e ao presidente, o daquelas que non excedan o dito prazo.

Artigo 79. *Concursos.*

1. A autoridade portuaria poderá convocar concursos para o outorgamento de autorizacións de ocupación do dominio público portuario.

2. O órgano competente para a resolución do concurso aprobará o prego de bases que deberá rexer este, o cal fixará os requisitos para participar no concurso, os criterios para a súa adxudicación e ponderación destes, así como o prego de condicións que regularán o desenvolvemento da autorización, que deberá axustarse ao prego de

condicións xerais de autorizacións de ocupación do dominio público portuario que aprobe o ministro de Fomento.

3. A convocatoria do concurso publicarase no boletín oficial da comunidade autónoma, e poderanse presentar ofertas no prazo establecido, que non poderá ser inferior a 20 días. As ditas ofertas serán abertas en acto público.

4. O concurso será resolto polo órgano competente para o outorgamento da autorización.

5. A oferta seleccionada deberá someterse á tramitación prevista no artigo anterior para o outorgamento, de ser o caso, da correspondente autorización.

Artigo 80. *Condicións de outorgamento.*

A autorización deberá conter, cando menos, as seguintes condicións:

- a) Obxecto da autorización.
- b) Obras e instalacións autorizadas.
- c) Prazo da autorización.
- d) Superficie de dominio público cuxa ocupación se autoriza.
- e) Condicións de protección do ambiente que, de ser o caso, procedan.
- f) Condicións especiais que deban establecerse nas autorizacións que se outorguen nos espazos afectos ás axudas á navegación, entre as cales deberán figurar, cando menos, aquelas que garantan a eficacia do servizo, accesos e medidas de seguridade.
- g) No caso de ocupación de espazo de auga, o balizamento que deba establecerse.
- h) Taxa de ocupación e taxa de actividade.
- i) Garantías que se deberán constituír.
- j) Causas de caducidade conforme o previsto no artigo 98 desta lei.
- k) Outras condicións que sexan pertinentes.

Sección 3.ª Concesións demaniais

Artigo 81. *Ámbito de aplicación.*

1. Estará suxeita a concesión previa outorgada pola autoridade portuaria a ocupación do dominio público portuario, con obras ou instalacións non desmontables ou usos por prazo superior a tres anos.

2. As concesións só se poderán outorgar para obras, instalacións ou usos que se axusten ás determinacións establecidas no plan especial de ordenación da zona de servizo do porto ou, no seu defecto, a delimitación dos espazos e usos portuarios, e someteranse ao correspondente prego de condicións xerais para o outorgamento de concesións demaniais que aprobe o ministro de Fomento e ás condicións particulares que determine a autoridade portuaria, de acordo co establecido no artigo 139 desta lei.

3. Para o outorgamento dunha concesión será preciso que a autoridade portuaria teña á disposición os terreos e espazos de auga obxecto dela, salvo naqueles supostos en que, próxima a data de extinción dunha concesión, se tramite o outorgamento dunha nova sobre os mesmos terreos e espazos de auga, e naqueloutros supostos en que sexa precisa a execución de obras pola autoridade portuaria previa á posta á disposición. Nestes supostos, o termo inicial da concesión coincidirá coa data de extinción daquela ou coa data de finalización das obras pola autoridade portuaria. Non obstante, non poderán transcorrer máis de dous anos desde o acordo de outorgamento da concesión ata a efectiva posta á disposición dos terreos.

4. No título concesional incorporaranse, ademais das condicións relativas á ocupación do dominio público portuario, as relativas á actividade ou á prestación do servizo.

5. A concesión ou autorización de instalacións de atracada deberá incorporar a da correspondente zona de manobra, sen prexuízo de que, excepcionalmente e por razóns derivadas da explotación portuaria ou insuficiencia de instalacións de atracada

dispoñibles, a autoridade portuaria imporá, no momento do outorgamento do correspondente título administrativo ou posteriormente, a utilización obrigatoria das instalacións en concesión ou autorización a favor de terceiros prestadores de servizos portuarios. Neste caso, os beneficiarios deberán aboar ao titular da concesión ou autorización a correspondente tarifa, que deberá ser fixada con criterios de obxectividade, transparencia e non discriminación e que non poderá exceder a contía máxima aprobada pola autoridade portuaria no correspondente título. O regulamento de explotación e policía determinará as razóns obxectivas derivadas da explotación portuaria ou de insuficiencia de instalacións de atracada dispoñibles que xustifiquen a utilización obrigatoria a favor de terceiros prestadores de servizos portuarios.

O consello de administración aprobará, con carácter xeral, os supostos de cesión, as condicións desta e as tarifas máximas que percibirán, conforme o disposto nesta lei, os titulares das concesións ou autorizacións, en función das características das instalacións portuarias.

Cando unha instalación fixa outorgada en concesión ou autorización impida o uso por terceiros dunha instalación de atracada, esta deberá ser así mesmo incorporada á dita concesión ou autorización.

Artigo 82. *Prazo das concesións.*

1. O prazo das concesións será o que se determine no título correspondente e non poderá ser superior a 35 anos. Para a súa fixación teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Vinculación do obxecto da concesión á actividade portuaria.
- b) Dispoñibilidade de espazo de dominio público portuario.
- c) Volume de investimento, e estudo económico-financeiro.
- d) Prazo de execución das obras contidas no proxecto.
- e) Adecuación á planificación e xestión portuarias.
- f) Incremento de actividade que xere no porto.
- g) Vida útil do investimento que vai realizar o concesionario.

2. O vencemento do prazo da concesión deberá coincidir co da autorización de actividade ou o da licenza de prestación do servizo, e será improrrogable salvo nos seguintes supostos:

a) Cando no título de outorgamento se prevea expresamente a posibilidade dunha ou varias prórrogas, caso en que a petición do titular, e a xuízo da autoridade portuaria, poderá ser prorrogado, sen que o prazo inicial unido ao das prórrogas poida superar o prazo máximo de 35 anos.

Nas concesións que teñan como obxecto a prestación de servizos portuarios, a suma do prazo inicial previsto na concesión e o das prórrogas non poderá exceder do establecido no artigo 114.1 que lle sexa de aplicación naqueles supostos en que o número de prestadores do servizo fose limitado.

b) Cando no título de outorgamento non se prevea a posibilidade de prórroga, pero o concesionario leve a cabo un investimento relevante non previsto na concesión que, a xuízo da autoridade portuaria, sexa de interese para mellorar a eficiencia ou a calidade ambiental das operacións portuarias e que, en todo caso, sexa superior ao 20 por cento do valor actualizado do investimento previsto no título concesional, o prazo de vencemento poderá ser prorrogado, sen que poida superar en total o prazo máximo de 35 anos. A prórroga da concesión determinará a modificación das condicións desta, que deberán ser aceptadas polo concesionario con anterioridade á resolución de outorgamento da prórroga.

c) Excepcionalmente, naquelas concesións que sexan de interese estratéxico ou relevante para o porto, a autoridade portuaria, logo de informe vinculante de Portos do Estado, poderá autorizar prórrogas non previstas no título administrativo que, unidas ao prazo inicial, superen en total o prazo de 35 anos, sempre que o concesionario se

comprometa a levar a cabo un investimento adicional, nos termos sinalados na alínea b) anterior, que supoña unha mellora da eficacia global do servizo prestado.

Nos supostos das alíneas a), b) e c) anteriores, a suma dos prazos das prórrogas non poderá ser superior á metade do prazo inicial. Para o outorgamento de cada prórroga será necesario que transcorrese, cando menos, a terceira parte do prazo de vixencia da concesión, salvo cando por circunstancias excepcionais sexa autorizado previamente por Portos do Estado, e que o concesionario estea ao día no cumprimento das obrigas derivadas da concesión.

Non obstante, cando no título de outorgamento non se prevea a prórroga, as obras e instalacións realizadas polo titular ao abeiro da concesión demanial deberán reverter á autoridade portuaria unha vez transcorrido o prazo inicial do título administrativo, debendo modificarse este co fin de adaptalo ás novas circunstancias, incrementando a taxa de ocupación na parte correspondente ás obras e instalacións revertidas.

d) Cando o concesionario que sexa titular dunha licenza para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías incremente a porcentaxe de traballadores contratados en relación laboral común por encima do mínimo establecido, o prazo inicial da concesión poderá ser ampliado, a criterio da autoridade portuaria, sen que en ningún caso se supere en total o prazo máximo de 35 anos, independentemente de que a posibilidade de prórroga estea ou non prevista no título concesional.

O citado incremento no prazo de vixencia da concesión poderá ser, como máximo, dun 35 por cento para o caso de que o número de traballadores contratados en relación laboral común cubra o cento por cento das actividades integrantes do servizo portuario, reducíndose proporcionalmente para porcentaxes inferiores, e sempre que o dito aumento porcentual non se producise como consecuencia da diminución do tráfico da concesión, e se manteñan durante o prazo ampliado as condicións que deron lugar á prórroga.

Artigo 83. *Iniciación do procedemento. Otorgamento directo.*

O procedemento de outorgamento dunha concesión poderase iniciar por solicitude do interesado, incluíndo un trámite de competencia de proxectos, ou por concurso convocado para o efecto pola autoridade portuaria.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, a autoridade portuaria poderá acordar o outorgamento directo de concesións demaniais a un solicitante, cando sexan compatibles cos seus obxectivos, nos seguintes supostos:

a) Cando o solicitante sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público, e para o cumprimento das súas propias competencias ou funcións, sempre que estas non se realicen ou poidan realizarse en réxime de concorrencia coa iniciativa privada. En ningún caso se poderá acordar o outorgamento directo cando o obxecto concesional estea relacionado coa prestación de servizos portuarios, agás que se dean os casos de ausencia ou insuficiencia de iniciativa privada previstos nesta lei. Para estes efectos, entenderase por persoa xurídica de dereito privado pertencente ao sector público a sociedade mercantil no capital da cal sexa maioritaria a participación directa ou indirecta dunha ou varias administracións públicas ou persoas xurídicas de dereito público.

b) Cando for declarado deserto o concurso convocado para o outorgamento dunha concesión, ou este tiver resultado frustrado como consecuencia do incumprimento das obrigas previas á formalización do outorgamento por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a data da súa celebración, o obxecto concesional sexa o mesmo e as condicións de outorgamento non sexan inferiores ás anunciadas para o concurso ou daquelas en que se tiver producido a adxudicación. No caso de que o concurso resultar frustrado, cando houberse máis dun licitador no concurso que cumpra as condicións de outorgamento, a concesión outorgaráselle á oferta que resulte máis favorable de entre as restantes, de acordo co disposto no prego de bases do concurso. No caso de que o concurso fose declarado deserto, non se poderá outorgar a concesión en condicións máis favorables das previstas no prego de bases do concurso.

c) Cando a superficie que se vaia ocupar pola concesión sexa inferior a 2.500 metros cadrados ou para instalacións lineais, tales como tubaxes de abastecemento, saneamento, emisarios submarinos, liñas telefónicas ou eléctricas, conducións de gas, entre outras, que sexan de uso público ou aproveitamento xeral.

Nestes casos, o procedemento de outorgamento da concesión será o previsto nos números 2 e seguintes do artigo 85, sen necesidade de convocatoria de concurso nin do trámite de competencia de proxectos.

Artigo 84. *Requisitos da solicitude.*

1. Para que a autoridade portuaria resolva sobre a ocupación do dominio público portuario, o interesado deberá formular unha solicitude á que xuntará os seguintes documentos e xustificantes:

- a) Acreditación da personalidade do solicitante ou, de ser o caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.
- b) Acreditación de solvencia económica, técnica e profesional para facer fronte ás obrigas resultantes da concesión.
- c) Proxecto básico, que deberá adaptarse ao plan especial de ordenación da zona de servizo do porto ou, no seu defecto, á delimitación dos espazos e usos portuarios. Incluirá a descrición das actividades que se vaian desenvolver, características das obras e instalacións que se vaian realizar, posibles efectos ambientais e, de ser o caso, estudo de impacto ambiental, extensión da zona de dominio público portuario que se vai ocupar, orzamento estimado das obras e instalacións e outras especificacións que determine a autoridade portuaria.
- d) Memoria económico-financeira da actividade que se vaia desenvolver na concesión.
- e) Cumprimento das condicións específicas para o exercicio da actividade obxecto da concesión.
- f) Garantía provisional conforme o indicado no artigo 93 desta lei.
- g) Outros documentos e xustificacións que sexan pertinentes e cuxa existencia estea xustificada por razón imperiosa de interese xeral.

2. Non se admitirán aquelas solicitudes que se opoñan ao disposto na delimitación dos espazos e usos portuarios, ou na normativa vixente, ou cando como consecuencia do seu outorgamento se poidan orixinar dentro do porto situacións de dominio do mercado susceptibles de afectar a libre competencia na prestación dos servizos portuarios ou nas actividades e servizos comerciais directamente relacionados coa actividade portuaria, as cales se arquivarán no prazo máximo de dous meses, sen máis trámite que a audiencia previa ao petionario.

De a solicitude non reunir os requisitos exixidos e estes seren susceptibles de emenda, procederáse para iso na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 85. *Procedemento de outorgamento.*

1. Presentada unha solicitude que se refira a algún dos supostos previstos nas alíneas a), c) e d) do artigo 86.1, a autoridade portuaria deberá convocar concurso, seguindo a tramitación prevista no artigo 86. Nos demais casos, a autoridade portuaria poderá convocar concurso, ou ben iniciar un trámite de competencia de proxectos, mediante anuncio, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», no cal se indicará a apertura dun prazo dun mes para a presentación doutras solicitudes que teñan, segundo determine a autoridade portuaria, o mesmo ou distinto obxecto que aquela, e que deberán reunir os requisitos previstos no artigo anterior. Neste trámite de competencia de proxectos respectarase a confidencialidade dos proxectos e da documentación achegada.

Cando no trámite de competencia de proxectos se formulen varias solicitudes, o consello de administración seleccionará aquela que, ao seu xuízo, teña maior interese

portuario, motivado na captación de novos tráxicos, compatibilidade con outros usos, investimento, rendibilidade, entre outros, e continuará a tramitación conforme o indicado nos números seguintes, salvo no suposto previsto no artigo 86.1.b), en que deberá convocarse un concurso. Se no dito trámite non se presentan outras solicitudes, continuará o procedemento, de acordo co previsto nos seguintes puntos.

2. A autoridade portuaria procederá, de ser o caso, á confrontación do proxecto sobre o terreo e espazo de auga co fin de determinar a súa adecuación e viabilidade.

3. Así mesmo, someterase a información pública, durante un prazo non inferior a 20 días, a fin de que se presenten alegacións sobre a solicitude de concesión que se tramita. Este trámite poderase levar a cabo simultaneamente coa petición de informe ás administracións urbanísticas, cando non estea aprobado o plan especial de ordenación da zona de servizo do porto. Cando a solicitude teña como obxecto a ocupación de espazos de dominio público afectos ao servizo dos faros, deberá emitirse informe favorable por parte de Portos do Estado.

O trámite de información pública servirá para cumprir co atinente ao procedemento de avaliación de impacto ambiental, nos casos en que este sexa preceptivo.

4. Poderase prescindir do trámite de información pública previsto no número anterior para concesións que teñan como obxecto a utilización total ou parcial de edificacións existentes, sempre que non se modifique a súa arquitectura exterior e sexa para usos autorizados no plan especial de ordenación da zona de servizo do porto ou, no seu defecto, na delimitación dos espazos e usos portuarios.

5. O director emitirá informe no cal se analizará a procedencia da solicitude de concesión. Naqueles proxectos que, de acordo coa lexislación vixente, deban someterse a algún tipo de avaliación de impacto ambiental, o informe será posterior á resolución do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

No caso de que o informe sexa desfavorable, será elevado polo presidente ao consello de administración a fin de que, logo de audiencia do interesado, se resolva o que considere procedente.

Se o informe for favorable á solicitude de concesión, o director fixará as condicións en que podería ser outorgada esta e notificarallas ao petionario, que as deberá aceptar expresamente. Se este non fixer ningunha manifestación ao respecto no prazo concedido, procederase ao arquivamento de todas as actuacións, con perda da garantía constituída. Nos demais supostos, o presidente elevará ao consello de administración a proposta de resolución do director para que adopte o acordo que proceda.

6. No caso de que o consello de administración acorde a modificación dalgunha das condicións aceptadas polo petionario, someteranse á súa nova aceptación nos termos previstos no número anterior.

7. A resolución de outorgamento da concesión publicárase no Boletín Oficial del Estado, facéndose constar, cando menos, a información relativa ao obxecto, prazo, taxas, superficie concedida e titular da concesión.

8. O prazo máximo para notificar a resolución do expediente da concesión será de oito meses; transcorrido este sen que recaese resolución expresa, a correspondente solicitude entenderase desestimada.

Artigo 86. Concursos.

1. A autoridade portuaria poderá convocar concursos para o outorgamento de concesións no dominio público portuario. En calquera caso, deberán convocarse concursos nos seguintes supostos:

- a) Concesións para a prestación de servizos portuarios abertos ao uso xeral.
- b) Concesións para terminais de pasaxeiros ou de manipulación e transporte de mercadorías dedicadas a usos particulares, cando haxa varias solicitudes de interese portuario ou cando no trámite de competencia de proxectos a que se refire o artigo anterior se presenten varios proxectos alternativos de igual ou similar interese portuario.

c) Concesións de dársenas e instalacións náutico-deportivas, construídas ou non por particulares, salvo cando o solicitante sexa un club náutico ou outro deportivo sen fins lucrativos, sempre que as condicións da concesión establezan como máximo un límite do 20 por cento para o número de atracadas destinadas a embarcacións con eslora superior a 12 m.

d) Concesións de lonxas pesqueiras, construídas ou non por particulares.

2. A convocatoria do concurso suporá o arquivamento dos expedientes de concesión en tramitación que resulten afectados. O solicitante terá dereito ao cobramento dos gastos do proxecto de non resultar adxudicatario do concurso.

Os gastos do proxecto serán taxados nas bases do concurso e serán satisfeitos polo adxudicatario.

3. O consello de administración da autoridade portuaria aprobará o prego de bases do concurso e o prego de condicións que regularán o desenvolvemento da concesión:

a) O prego de bases do concurso conterá, cando menos, os seguintes datos:

1.º Obxecto e requisitos para participar no concurso.

2.º Criterios para a súa adxudicación e ponderación deles. Con carácter xeral, deberá considerarse como un dos criterios de adxudicación as medidas de carácter ambiental e de responsabilidade social corporativa propostas. Nos supostos a que se refiren as alíneas a), c) e d) do número 1 deste artigo, deberá considerarse como un dos criterios de adxudicación, ou establecerse no caso do outorgamento sen concurso da alínea c), a estrutura tarifaria e as tarifas máximas aplicables aos usuarios. Pola súa vez, nos concursos a que se refire a alínea c) poderá tamén incluírse como criterio de adxudicación o compromiso de realización nas instalacións náutico-deportivas de actividades de carácter formativo ou educativo sen fins lucrativos.

3.º Garantía provisional.

b) O prego de condicións que regule o desenvolvemento da concesión deberá axustarse ao prego de condicións xerais de concesións demaniais que aprobe o ministro de Fomento e ás condicións particulares que estableza a autoridade portuaria.

4. A convocatoria do concurso publicarase no Boletín Oficial del Estado, así como no DOUE naqueles casos en que o valor das obras que deban ser executadas polo concesionario sexan iguais ou superiores ao límite establecido no artigo 16 da Lei 31/2007, do 30 de outubro. Poderanse presentar ofertas no prazo establecido, que non poderá ser inferior a 30 días. As ditas ofertas serán abertas en acto público.

5. Corresponde ao consello de administración a resolución do concurso.

6. A oferta seleccionada polo consello de administración deberá someterse á tramitación prevista no artigo anterior para o outorgamento, de ser o caso, da correspondente concesión.

Artigo 87. *Condicións de outorgamento.*

1. Entre as condicións de outorgamento da concesión deberán figurar, cando menos, as seguintes:

a) Obxecto da concesión.

b) Prazo de vixencia.

c) Zona de dominio público cuxa ocupación se concede.

d) Proxecto básico das obras ou instalacións autorizadas, coas prescricións que se fixen, e con inclusión, no caso de ocupación de espazos de auga, do balizamento que deba establecerse.

e) Condicións de protección do ambiente que, de ser o caso, procedan, incluíndo as necesarias medidas correctoras e, en caso de seren preceptivas, as condicións ou prescricións establecidas na correspondente resolución do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

f) Condicións especiais que deban establecerse nas concesións que se outorguen nos espazos afectos ás axudas á navegación, entre as cales deberán figurar, polo menos, as que garantan a eficacia do servizo, independencia de accesos e medidas de seguridade.

- g) Taxa de ocupación e taxa de actividade.
- h) Garantía definitiva ou de construción e garantía de explotación.
- i) Causas de caducidade, conforme o previsto no artigo 98 desta lei.
- j) Actividade ou tráfico mínimo.
- k) Outras condicións que a autoridade portuaria considere necesarias.

2. As obras executaranse conforme o proxecto de construción que en cada caso aprobe a autoridade portuaria, que completará o proxecto básico.

Os proxectos de construción axustaranse, no que respecta ás súas exigencias técnicas, contido, supervisión e implantación, ás mesmas condicións que as exixidas para as obras das autoridades portuarias.

Portos do Estado emitirá informe técnico sobre os proxectos de construción de obras de infraestrutura portuaria dos concesionarios que presenten características singulares desde o punto de vista técnico ou económico, con carácter previo á súa aprobación pola autoridade portuaria.

3. Así mesmo, durante a vixencia da concesión, o titular desta estará obrigado a facilitar a información técnica ou económica que lle solicite a autoridade portuaria no exercicio das súas competencias, así como a manter en bo estado o dominio público portuario, obras e instalacións, debendo realizar, ao seu cargo, as reparacións que sexan precisas. A autoridade portuaria poderá inspeccionar, en todo momento, o estado de conservación dos bens obxecto da concesión e sinalar as reparacións que deban levarse a cabo cando estas afecten a conservación dos bens propios do título concesional.

Artigo 88. *Modificación de concesións.*

1. A autoridade portuaria poderá autorizar, por solicitude do interesado, modificacións das condicións dunha concesión. Cando unha modificación sexa substancial, a solicitude deberá tramitarse de acordo co establecido nos números 2 e seguintes do artigo 85 desta lei. Se a modificación non é substancial, requirirá unicamente informe previo do director da autoridade portuaria, que será elevado polo presidente ao consello de administración para a resolución que proceda.

2. Terán o carácter de modificacións substanciais as seguintes:

- a) Modificación do obxecto da concesión.
- b) Ampliación da superficie da concesión en máis dun 10 por cento da fixada na acta de recoñecemento.
- c) Para estes efectos, unicamente será admisible a ampliación da superficie con bens de dominio público lindantes cos concedidos.
- d) Ampliación do volume ou superficie construída e inicialmente autorizada en máis dun 10 por cento.
- e) Ampliación do prazo da concesión, nos supostos establecidos nas alíneas b) e c) do artigo 82.2.
- f) Modificación da localización da concesión.

No cómputo dos límites establecidos teranse en conta os valores acumulados de modificacións anteriores.

Artigo 89. *Revisión de concesións.*

1. A autoridade portuaria revisará as condicións dunha concesión, modificándoas de oficio ou por instancia de parte, cando se dean as seguintes circunstancias:

- a) Cando se alterasen os supostos determinantes do seu outorgamento, de tal forma que as circunstancias obxectivas que serviron de base para o outorgamento da

concesión variasen de modo que non sexa posible alcanzar substancialmente a finalidade da concesión.

- b) En caso de forza maior.
- c) Cando o exixa a súa adecuación á delimitación dos espazos e usos portuarios ou ao plan especial de ordenación das zonas de servizo dos portos xestionados por unha autoridade portuaria.
- d) Cando o exixa a súa adecuación ás obras ou á ordenación de terminais previstas nos plans directores dos portos xestionados por unha autoridade portuaria.
- e) Cando o exixan razóns de interese xeral vinculadas á seguridade, á protección contra actos antisociais e terroristas ou á protección do ambiente.

Nos tres últimos supostos, o concesionario prexudicado terá dereito a unha indemnización que se calculará de conformidade co disposto no artigo 99.6 desta lei, descontando os beneficios futuros, estimados de forma motivada, da concesión durante o período restante de vixencia da concesión revisada. No suposto de que a revisión supoña unha modificación da localización da concesión, deberán aboarse ademais os gastos que orixine o traslado. O pagamento do valor da indemnización e dos gastos do traslado poderá realizarse en diñeiro, mediante o outorgamento doutra concesión ou coa modificación das condicións da concesión revisada.

No suposto de que a autoridade portuaria e o titular da concesión non puideren chegar a un acordo sobre a contía da indemnización, determinada de acordo cos criterios anteriores, de ser o caso sobre os gastos imputables ao traslado, sobre a forma de pagamento ou sobre as condicións da concesión revisada, a autoridade portuaria poderá iniciar o proceso de rescate da concesión de acordo co previsto no artigo 99.

Cando a revisión da concesión determine redución da superficie outorgada, tramitarase como un rescate parcial da concesión. Así mesmo, cando a revisión da concesión determine que a continuidade da explotación desta resulte antieconómica, o titular poderá solicitar o rescate total da concesión.

2. O procedemento será o que corresponda, segundo que a modificación sexa ou non substancial.

Artigo 90. *División e unificación de concesións.*

1. A concesión poderá dividirse por petición do titular, coa autorización previa da autoridade portuaria, nas condicións que esta dite e sempre que as obras ou instalacións poidan ser explotadas independentemente.

O titular da primitiva concesión será o único destinatario das novas concesións.

2. Previamente á resolución sobre a solicitude de división, a autoridade portuaria comunicará ao petionario as condicións en que podería levarse a cabo. O prazo de cada unha das concesións resultantes non será superior ao que falte da concesión primitiva, e o obxecto de cada unha delas deberá estar incluído no obxecto da primitiva concesión.

Aceptadas as condicións, o consello de administración da autoridade portuaria ditará a correspondente resolución. En caso de denegación, manterase a primitiva concesión administrativa nas condicións en que foi outorgada.

3. Será admisible a unificación de dúas ou máis concesións dun mesmo titular por petición deste, coa autorización previa da autoridade portuaria, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) As concesións deben ser contiguas ou estar unidas por unha instalación común.
- b) As concesións deben formar unha unidade de explotación. Para estes efectos, entenderase que existe unidade de explotación cando as concesións desenvolvan a mesma actividade e dispoñan de elementos comúns necesarios para a súa correcta explotación ou cando, desenvolvendo a mesma actividade, a explotación conxunta das concesións supoña unha mellora respecto á explotación independente de cada unha delas.

4. Previamente á resolución sobre a solicitude de unificación, a autoridade portuaria comunicará ao peticionario as condicións en que podería levarse a cabo. O prazo que reste da concesión unificada non será superior á resultante da media aritmética dos prazos pendentes de cada unha das concesións ponderada, a xuízo da autoridade portuaria, por superficie ou por volume de investimento pendente de amortización coa actualización correspondente.

Aceptadas as condicións, o consello de administración da autoridade portuaria ditará a correspondente resolución. En casos de denegación, manteranse cada unha das concesións que foron outorgadas.

Artigo 91. *Renovación de determinadas concesións.*

1. Cando o obxecto dunha concesión de ocupación de dominio público portuario, extinguida polo transcurso do prazo previsto no artigo 82 desta lei, for o exercicio dunha actividade amparada por outro título outorgado pola Administración xeral do Estado por un prazo superior, para a extracción de recursos minerais ou para usos enerxéticos ou industriais, o seu titular poderá solicitar, con antelación á súa extinción, que se lle outorgue unha nova concesión de ocupación de dominio público portuario por un prazo igual ao que reste de vixencia á concesión da actividade extractiva, enerxética ou industrial, cun máximo de 35 anos. Esta renovación da concesión poderá reiterarse ata completar o prazo superior.

2. Para o outorgamento da nova concesión de utilización do dominio público será condición necesaria que se mantenga a mesma actividade para a cal se outorgou a concesión inicial, que se encontre o concesionario ao día no cumprimento das obrigas derivadas da anterior concesión, e que sexan aceptadas as condicións do novo título concesional.

Artigo 92. *Actos de transmisión e de gravame.*

1. En caso de falecemento do concesionario, os seus habentes causa, a título de herdanza ou legado, poderán subrogarse, no prazo dun ano, nos dereitos e obrigas daquel. Transcorrido o dito prazo sen manifestación expresa á autoridade portuaria, entenderase que renuncian á concesión.

De haber varios herdeiros, a autoridade portuaria poderalles exixir que designen un representante para todos os efectos.

2. Coa autorización previa da autoridade portuaria, as concesións poderán transmitirse por actos inter vivos, subrogándose o novo titular nos dereitos e obrigas derivados da concesión. A autoridade portuaria poderá exercer os dereitos de tanteo e retracto no prazo de tres meses. Este prazo computarase, no primeiro caso, desde a notificación polo concesionario das condicións en que vai proceder a transmitir a concesión, entre as cales necesariamente deberán reflectirse as relativas ao prezo e mais ás formas de pagamento. E, no caso do retracto, desde que teña coñecemento expreso a autoridade portuaria.

3. Para que a autoridade portuaria autorice a transmisión dunha concesión deberanse cumprir, cando menos, as seguintes condicións:

a) Que o concesionario estea ao día no cumprimento de todas as obrigas derivadas da concesión.

b) Que o novo titular reúna os requisitos exixidos para o exercicio da actividade ou prestación do servizo obxecto da concesión.

c) Que, desde a súa data de outorgamento, transcorrese, polo menos, un prazo de dous anos. Excepcionalmente, a autoridade portuaria poderá autorizar a súa transmisión antes de que transcorra o dito prazo, sempre que se executase, cando menos, un 50 por cento das obras que, de ser o caso, fosen aprobadas.

d) Que non se orixinen situacións de dominio do mercado susceptibles de afectar a libre competencia dentro do porto, na prestación dos servizos portuarios ou nas

actividades e servizos comerciais directamente relacionados coa actividade portuaria, de acordo co establecido no número 4.

Nos supostos de remate xudicial, administrativo ou adxudicación de bens por non pagamento de créditos hipotecarios, o novo concesionario deberá subrogarse nas obrigas derivadas da concesión do antigo titular, e cando non reúna os requisitos para o exercicio da actividade ou prestación do servizo obxecto da concesión deberá proceder na forma establecida no número 8.

4. O alleamento das accións, participacións ou cotas dunha sociedade, comunidade de bens ou outros entes sen personalidade xurídica que teñan como actividade principal a explotación da concesión, exixirá a autorización da autoridade portuaria sempre que poida supor que o adquirente obteña unha posición que lle permita influír de maneira efectiva na xestión ou control da dita sociedade ou comunidade.

No suposto de que a concesión teña por obxecto a prestación dun servizo portuario ou o desenvolvemento dunha actividade ou servizo comercial directamente relacionado coa actividade portuaria, a transmisión non poderá ser autorizada cando o adquirente sexa titular dunha concesión co mesmo obxecto ou teña unha participación directa ou indirecta que lle permita influír de maneira efectiva nunha sociedade ou comunidade titular dunha concesión cuxo obxecto sexa o mesmo, sempre que ostente unha posición dominante na actividade obxecto da concesión dentro do porto ou cando como consecuencia da adquisición a poida adquirir.

Para a determinación das situacións de influencia efectiva na xestión ou control dunha entidade e de tenza de posición dominante no porto observarase o disposto no artigo 121.1 desta lei.

5. Se a sociedade titular cambia de denominación social, estará obrigada a notificalo á autoridade portuaria.

6. No suposto de adxudicación da concesión mediante remate xudicial ou administrativo, a autoridade portuaria poderá exercer o dereito de retracto no prazo de tres meses, contados desde o momento en que aquela teña coñecemento da adxudicación.

7. A constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sobre as concesións deberá ser previamente autorizada pola autoridade portuaria.

8. Se o adxudicatario dunha concesión mediante remate xudicial ou administrativo ou os herdeiros dun concesionario non cumpriren os requisitos establecidos neste artigo, os novos titulares da concesión deberán transferila, no prazo de 12 meses, a un novo concesionario que, para estes efectos, non presente ningunha limitación.

9. Non se inscribirá no Rexistro da Propiedade a transmisión das concesións ou a constitución de dereitos reais sobre elas sen que se ahegue unha certificación da autoridade portuaria acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos neste artigo e das cláusulas da concesión.

Artigo 93. *Garantía provisional e garantía definitiva.*

1. Os peticionarios de concesións de dominio público portuario reguladas nesta lei acreditarán ante a autoridade portuaria competente, ao presentaren a solicitude, a prestación de garantía provisional, por un importe do dous por cento do orzamento das obras e instalacións adscritas á concesión, cuxa realización se propoña, que non poderá ser inferior a 3.000 euros.

2. Outorgada a concesión, constituirase garantía definitiva ou de construción, equivalente ao cinco por cento do orzamento total das obras e instalacións adscritas á concesión incluídas no proxecto, que responderá da execución das obras e do resto de obrigas derivadas da concesión.

Se o concesionario non constitúe a garantía no prazo establecido no título administrativo, entenderase que renuncia á concesión.

3. Se o interesado desistir inxustificadamente, a xuízo da autoridade portuaria, da petición ou renunciar ao título, perderá a garantía constituída.

4. A garantía definitiva ou de construción seralle devolta ao concesionario no prazo dun mes desde a aprobación polo director do recoñecemento das obras e instalacións, agás nos casos de renuncia e caducidade, con dedución das cantidades que, de ser o caso, deban facerse efectivas en concepto de penalizacións e responsabilidades en que teña podido incurrir o concesionario fronte á autoridade portuaria.

Previamente á devolución desta garantía deberá terse constituído a garantía de explotación.

Artigo 94. *Garantía de explotación.*

1. A garantía de explotación responderá de todas as obrigas derivadas da concesión, das sancións que por incumprimento das condicións desta se poidan impor ao seu titular e dos danos e perdas que tales incumprimentos poidan ocasionar.

2. A garantía de explotación determinarase en función do importe anual das taxas que debe aboar o concesionario. Non poderá ser inferior á metade do dito importe nin superior ao importe anual daquelas e deberá actualizarse cada cinco anos, en función do importe das taxas na data de actualización.

3. A garantía de explotación será devolta no momento da extinción da concesión, con dedución das cantidades que, de ser o caso, deban facerse efectivas en concepto de penalización ou responsabilidades en que puidese ter incurrido o concesionario fronte á autoridade portuaria.

Artigo 95. *Disposicións comúns.*

1. As garantías a que se refire esta lei constituiranse á disposición do presidente da autoridade portuaria, serán de carácter solidario respecto ao obrigado principal, con inclusión de renuncia expresa aos beneficios de orde, división e excusión, de natureza irrevogable e de execución automática por resolución do presidente. Para facer efectivas estas garantías, as autoridades portuarias terán preferencia sobre calquera outro acreedor sexa cal for a natureza dos créditos e o título en que funde a súa pretensión.

2. Se a autoridade portuaria executar total ou parcialmente a garantía definitiva ou a de explotación, o concesionario estará obrigado a completalas ou repolas no prazo dun mes.

Sección 4.^a Extinción de autorizacións e concesións

Artigo 96. *Causas de extinción.*

As autorizacións e concesións extinguiranse por:

- a) Vencemento do prazo de outorgamento.
- b) Revisión de oficio, nos supostos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- c) Renuncia do titular, que só poderá ser aceptada pola autoridade portuaria cando non cause prexuízo a esta ou a terceiros.
- d) Mutuo acordo entre a autoridade portuaria e o titular.
- e) Disolución ou extinción da sociedade, salvo nos supostos de fusión ou escisión.
- f) Revogación.
- g) Caducidade.
- h) Rescate, cando se trate de concesións.
- i) Extinción da autorización ou da licenza da que o título demanial sexa soporte.

Artigo 97. *Revogación de autorizacións e concesións.*

1. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente, en calquera momento e sen dereito a indemnización, cando resulten incompatibles con obras ou plans que,

aprobados con posterioridade, entorpezan a explotación portuaria ou impidan a utilización do espazo portuario para actividades de maior interese portuario.

Corresponderá á autoridade portuaria apreciar as circunstancias anteriores mediante resolución motivada, logo de audiencia ao titular da autorización.

2. As concesións poden ser revogadas pola autoridade portuaria, sen dereito a indemnización, cando se alterasen os supostos determinantes do seu outorgamento que impliquen a imposibilidade material ou xurídica da continuación no gozo da concesión e, en casos de forza maior, cando, en ambos os supostos, non sexa posible a revisión do título de outorgamento.

Artigo 98. *Caducidade.*

1. Serán causa de caducidade da autorización ou concesión os seguintes incumprimentos:

a) Na iniciación, paralización ou non terminación das obras por causas non xustificadas, durante o prazo que se fixe nas condicións do título.

b) Non pagamento dunha liquidación por calquera das taxas xiradas pola autoridade portuaria durante un prazo de seis meses, no caso das autorizacións, e de 12 meses no caso das concesións.

Para iniciar o expediente de caducidade será suficiente que non se efectuase o ingreso en período voluntario.

Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivamento se antes de ditar resolución se produce o aboamento do debido, no procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ao respecto fixe a autoridade portuaria.

c) Falta de actividade ou de prestación do servizo, durante un período de seis meses, no caso de autorizacións, e de 12 meses no caso das concesións, a non ser que, a xuízo da autoridade portuaria, obedeza a causa xustificada.

d) Ocupación do dominio público non outorgado.

e) Incremento da superficie, volume ou altura das instalacións en máis do 10 por cento sobre o proxecto autorizado.

f) Desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto do título.

g) Cesión a un terceiro do uso total ou parcial, sen autorización da autoridade portuaria.

h) Transferencia do título de outorgamento, sen autorización da autoridade portuaria.

i) Constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía, sen autorización da autoridade portuaria.

j) Non reposición ou complemento da garantía definitiva ou de explotación, logo de requirimento da autoridade portuaria.

k) Incumprimento doutras condicións cuxa inobservancia estea expresamente prevista como causa de caducidade no título de outorgamento.

l) Persistencia no incumprimento do compromiso de superar o número mínimo de traballadores que deben contratarse en relación laboral común adquirido pola empresa prestadora do servizo de manipulación de mercadorías, de ter sido considerado como criterio nos pregos de bases dos concursos para a adxudicación de concesións de dominio público, tras ter mediado sanción consonte o que se dispón no artigo 307.1.c).

2. Para declarar a caducidade, seguirase o seguinte procedemento, debendo notificarse a resolución expresa del no prazo de seis meses desde o acordo de incoación:

a) Constatada a existencia dalgún dos supostos referidos, o director da autoridade portuaria incoará o correspondente expediente de caducidade. Poderá adoptar as medidas de carácter provisional que estime convenientes, o cal se porá en coñecemento do titular, ao cal lle concederá un prazo de 10 días para que formule as alegacións e achegue os oportunos documentos e xustificacións.

As medidas de carácter provisional poderán consistir na paralización inmediata das obras, a suspensión da actividade, uso e explotación das instalacións, a prestación de

garantías e cualquera outra que resulte necesaria para asegurar a eficacia da resolución que puiden recaer. Para lograr a efectividade de tales medidas a autoridade portuaria solicitaralle á autoridade gubernativa competente, cando sexa necesario, a colaboración da forza pública.

b) Formuladas as alegacións ou transcorrido o prazo para levalas a cabo, o director da autoridade portuaria ditará proposta de resolución, que será elevada polo presidente ao consello de administración, con ditame previo do Consello de Estado no caso de que se trate de concesións e se formule oposición, de acordo co previsto no artigo 22.12 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.

3. A declaración de caducidade comportará a perda das garantías constituídas.

Artigo 99. *Rescate de concesións.*

1. No caso de que o dominio público outorgado for necesario, total ou parcialmente, por razóns de interese xeral vinculadas á seguridade, á protección contra actos antisociais ou á protección do ambiente, así como para a execución de obras, para a ordenación de terminais ou para a prestación de servizos portuarios e que, para realizar aquelas ou prestar estes, for preciso dispor dos bens outorgados en concesión ou utilizar ou demoler as obras autorizadas, a autoridade portuaria, logo de indemnización do titular, poderá proceder ao rescate da concesión. Así mesmo, poderase proceder ao rescate dunha concesión cando non sexa posible alcanzar un acordo co concesionario nun procedemento de revisión de concesións.

2. O rescate da concesión exixirá a declaración previa da súa necesidade por razóns de interese xeral vinculadas á seguridade, á protección contra actos antisociais ou á protección do ambiente, ou polo interese portuario das obras ou dos servizos, e o acordo da necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados por aqueles. Corresponde ao consello de administración as declaracións de interese xeral ou de interese portuario, respectivamente, e ao presidente, logo de audiencia do interesado, o acordo de necesidade de ocupación. A declaración de urxencia da ocupación, cando proceda, corresponderá adoptala ao ministro de Fomento.

O interese portuario entenderase implícito coa aprobación da delimitación dos espazos e usos portuarios. Así mesmo, a aprobación dos proxectos levará implícita a declaración do interese portuario das obras e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados por elas.

3. Cando o rescate implique a necesidade de ocupación de só unha parte da concesión, de tal modo que, como consecuencia daquel, resulte antieconómica para o concesionario a explotación da parte non rescatada, o titular poderá solicitar da autoridade portuaria o seu rescate total.

4. A autoridade portuaria e o titular da concesión poderán convir o valor do rescate.

No suposto de non chegar a un acordo, o valor do rescate será fixado pola autoridade portuaria de conformidade cos criterios establecidos no número 6 deste artigo. A dita valoración será notificada ao concesionario a fin de que, no prazo de 10 días, presente as alegacións que considere pertinentes.

5. O director da autoridade portuaria, á vista das alegacións formuladas, ditará proposta de resolución.

No caso de que o concesionario manifestase oposición ao rescate, deberase solicitar ditame do Consello de Estado, de conformidade co establecido no artigo 22.12 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.

Corresponde ao consello de administración da autoridade portuaria ditar a correspondente resolución.

6. A valoración das indemnizacións, en caso de rescate total ou parcial, atenderá aos seguintes conceptos:

a) O valor das obras e instalacións rescatadas que fosen realizadas polo concesionario e estean establecidas no título concesional, calculado de acordo cos criterios establecidos para estes efectos na alínea c) do artigo 175 desta lei.

En ningún caso se terán en conta as obras e instalacións realizadas polo concesionario sen autorización previa da autoridade portuaria, que pasarán ao dominio público portuario sen dereito a indemnización.

b) A perda de beneficios imputables ao rescate total ou parcial da concesión durante o período de concesión restante, cun máximo de tres anualidades. Para iso, computarase o beneficio medio anual das actividades ordinarias realizadas na concesión nos catro exercicios anteriores, ou nos dous últimos exercicios se é máis favorable para o concesionario. Non obstante, no caso de o concesionario aceptar o pagamento da indemnización mediante o outorgamento dunha nova concesión ou solicitar unha nova concesión para a mesma ou similar actividade, para o cálculo da indemnización descontaranse os beneficios futuros asociados á dita concesión, estimados de forma motivada.

7. O pagamento do valor do rescate poderá realizarse en diñeiro, mediante o outorgamento doutra concesión ou, en caso de rescate parcial, coa modificación das condicións da concesión. Nestes dous últimos supostos requirirase a conformidade do concesionario.

Artigo 100. *Efectos da extinción.*

1. Extinguida a autorización ou concesión, o titular terá dereito a retirar fóra do espazo portuario os materiais, equipamentos ou instalacións desmontables que non revertan gratuitamente á autoridade portuaria en función do previsto no título, estando obrigado a facelo cando así o determine a autoridade portuaria, a cal poderá efectuar a retirada con cargo ao titular da autorización ou concesión extinguida, cando este non a efectúe no momento ou prazo que se lle indique.

2. En todos os casos de extinción dunha concesión, a autoridade portuaria decidirá sobre o mantemento das obras e instalacións non desmontables, que reverterán gratuitamente e libre de cargas á autoridade portuaria, ou decidirá o seu levantamento e retirada do dominio público por aquel e ás súas expensas.

Se a autoridade portuaria non se pronunciar expresamente, entenderase que opta polo seu mantemento, sen prexuízo de que, previamente á data de extinción, poida decidir o seu levantamento e retirada.

No caso de que a autoridade portuaria optase polo levantamento das obras e instalacións, o titular retiraraas no prazo fixado por aquela. A autoridade portuaria poderá executar subsidiariamente os traballos que non fosen efectuados polo titular no prazo concedido.

De a autoridade portuaria ter optado polo mantemento, o titular procederá á reparación das obras e instalacións no prazo e condicións indicadas por aquela.

A autoridade portuaria, sen máis trámite, tomará posesión dos bens e instalacións, e poderalles solicitar ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga, gas e telefonía a suspensión da correspondente subministración.

3. A autoridade portuaria non asumirá ningún tipo de obriga laboral ou económica do titular da autorización ou concesión, vinculada ou non á actividade obxecto do título extinguido.

Sección 5.^a Contrato de concesión de obras públicas portuarias

Artigo 101. *O contrato de concesión de obras públicas portuarias.*

1. As autoridades portuarias poderán promover a construción de obras públicas portuarias en réxime de concesión administrativa.

2. No ámbito portuario, os contratos de concesión de obras públicas terán por obxecto a construción e explotación dun novo porto ou unha parte nova dun porto que sexan susceptibles de explotación totalmente independente, sempre que se encontren abertas ao uso público ou aproveitamento xeral.

3. A construción e explotación da obra pública portuaria obxecto da concesión efectuarase a risco e ventura do concesionario, quen asumirá os riscos económicos derivados da súa execución e explotación.

O contrato de concesión de obra pública portuaria recoñeceralle ao concesionario o dereito a percibir unha retribución consistente na explotación da totalidade ou de parte da obra, ou o dito dereito acompañado do de percibir un prezo ou calquera outra modalidade de financiamento das obras reguladas na lexislación xeral reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

Para estes efectos, enténdese por explotación dunha obra pública portuaria a posta á disposición desta a favor dos prestadores de servizos ou dos usuarios daquela para a súa ocupación, utilización ou aproveitamento, a cambio da correspondente retribución económica.

4. O contrato de concesión de obras públicas portuarias habilitará directamente para a ocupación do dominio público en que deba construírse a obra pública portuaria que constitúa o seu obxecto, sendo de aplicación o disposto nesta lei para os efectos do réxime económico e de utilización do dominio público portuario estatal.

5. O contrato de concesión de obras públicas portuarias non habilita o contratista para prestar servizos portuarios sobre a obra que constitúe o seu obxecto.

A prestación de servizos portuarios sobre esta infraestrutura requirirá a obtención da licenza correspondente, de acordo co previsto no capítulo III do título V deste libro primeiro.

6. Nos pregos de condicións das concesións de obras públicas portuarias que vaian servir de soporte para a prestación de servizos portuarios, deberá sinalarse expresamente se se vai admitir a utilización daquela por todos os titulares de licenzas ou por un único prestador. No primeiro caso, imporáselle ao adxudicatario a obriga de admitir a ocupación ou utilización da obra por parte dos titulares de licenzas de prestación de servizos portuarios abertos ao uso xeral a cambio da correspondente retribución económica.

No segundo suposto, cada licitador deberá sinalar expresamente se, no caso de resultar adxudicatario, vai prestar por si ou a través dun terceiro tales servizos. En calquera caso, a autoridade portuaria deberá establecer as previsións que garantan que a prestación dos servizos portuarios se fará respectando o establecido no capítulo III do título V deste libro primeiro. Todo isto deberá estar recollido na documentación que aprobe a autoridade portuaria para a licitación, na que constitúe a oferta de cada licitador e, finalmente, no propio contrato.

7. As concesións de obras públicas portuarias outorgaranse polo prazo que se acorde no prego de cláusulas administrativas particulares, que non poderá exceder de 40 anos.

Os prazos fixados nos pregos de condicións poderán ser prorrogados de forma expresa ata o límite establecido no parágrafo anterior e reducidos de acordo co previsto na lexislación xeral reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

Os prazos fixados nos pregos de condicións poderán ser prorrogados potestativamente, alén do límite establecido, nos termos e polas causas previstas na lexislación xeral reguladora do contrato de concesión de obras públicas. Nestes casos deberá emitir informe vinculante Portos do Estado.

8. Portos do Estado emitirá informe, con carácter vinculante, sobre os proxectos de construción de infraestruturas portuarias que se vaian realizar ao abeiro dun contrato de concesión de obras públicas portuarias.

9. A fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 24.5, previamente á aprobación do proxecto correspondente a un novo porto comercial, mediante orde do Ministerio de Fomento resolverase sobre a inclusión do futuro porto no ámbito competencial dunha autoridade portuaria xa existente ou dunha autoridade portuaria creada para o efecto, que será quen adxudique o correspondente contrato de concesión de obras públicas portuarias.

10. O contrato de concesión de obras públicas portuarias rexerese polo disposto na lexislación reguladora do contrato de concesión de obras públicas, coas especialidades

previstas neste artigo. En todo caso, estas obras públicas portuarias estarán sometidas ao réxime das obras portuarias establecido nesta lei.

Sección 6.^a Medios de execución

Artigo 102. Execución forzosa.

A autoridade portuaria poderá proceder, logo de apercibimento, á execución forzosa dos actos administrativos, agás nos supostos en que se suspenda a execución destes, ou cando a Constitución ou a lei exixan a intervención dos tribunais.

A execución forzosa das resolucións das autoridades portuarias rexeráse polo establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 103. Desafiuzamento administrativo.

O desafiuzamento administrativo daqueles que ocupen de forma indebida e sen título bastante bens do dominio público portuario será acordado logo de lle requirir ao usurpador que cese na súa actuación, cun prazo de 10 días para que poida presentar alegacións, e en caso de resistencia activa ou pasiva ao dito requirimento.

Os gastos que se causen serán por conta dos desafiuzados.

Corresponde ao consello de administración acordar o desafiuzamento, podendo solicitar da autoridade gubernativa correspondente a colaboración das forzas e corpos de seguridade, cando sexa necesario.

TÍTULO VI

Prestación de servizos

CAPÍTULO I

Servizos

Artigo 104. Servizos prestados nos portos de interese xeral.

1. A actividade portuaria desenvolverase nun marco de libre e leal competencia entre os operadores de servizos nos portos de interese xeral.

Para tal efecto, corresponde a Portos do Estado promover a competencia no conxunto do sistema portuario e ás autoridades portuarias, nos seus propios ámbitos territorial e funcional.

2. Recoñécese a liberdade de acceso á prestación de servizos nos portos de interese xeral, nos termos establecidos nesta lei.

3. Os servizos clasifícanse en:

- a) Servizos xerais.
- b) Servizos portuarios.
- c) Servizos comerciais.
- d) Servizo de sinalización marítima.

Artigo 105. Garantías de prestación dos servizos esenciais.

Os servizos esenciais definidos no Real decreto 58/1994, do 21 de xaneiro, deberán ser mantidos con independencia de que sexan prestados pola autoridade portuaria ou por empresas titulares das correspondentes licenzas.

CAPÍTULO II

Servizos xerais

Artigo 106. *Concepto de servizos xerais.*

Son servizos xerais do porto aqueles servizos dos cales se benefician os usuarios do porto sen necesidade de solicitude, así como aqueles necesarios para o cumprimento das funcións das autoridades portuarias.

As autoridades portuarias prestarán na zona de servizo do porto, entre outros, os seguintes servizos xerais:

- a) O servizo de ordenación, coordinación e control do tráfico portuario, tanto marítimo como terrestre.
- b) O servizo de coordinación e control das operacións asociadas aos servizos portuarios, comerciais e outras actividades.
- c) Os servizos de sinalización, balizamento e outras axudas á navegación que sirvan de aproximación e acceso do buque ao porto, así como o seu balizamento interior.
- d) O servizo de policía nas zonas comúns, sen prexuízo das competencias que correspondan a outras administracións.
- e) O servizo de iluminación das zonas comúns.
- f) O servizo de limpeza habitual das zonas comúns de terra e de auga. Non se inclúen neste servizo a limpeza de peiraos e explanadas como consecuencia das operacións de depósito e manipulación de mercadorías, nin a dos derramamentos e verteduras mariñas contaminantes.
- g) Os servizos de prevención e control de emerxencias, nos termos establecidos pola normativa sobre protección civil, en colaboración coas administracións competentes sobre protección civil, prevención e extinción de incendios, salvamento e loita contra a contaminación.

Artigo 107. *Réxime de prestación dos servizos xerais.*

1. Corresponde á autoridade portuaria a prestación dos servizos xerais, sen prexuízo de que a súa xestión poida encomendarse a terceiros cando non se poña en risco a seguridade ou non impliquen exercicio de autoridade.

2. Os servizos xerais serán prestados de acordo coas normas e criterios técnicos previstos no regulamento de explotación e policía, así como nas ordenanzas do porto.

CAPÍTULO III

Servizos portuarios

Sección 1.ª Concepto e réxime de prestación dos servizos portuarios

Artigo 108. *Concepto e clases de servizos portuarios.*

1. Son servizos portuarios as actividades de prestación que sexan necesarias para a explotación dos portos dirixidas a facer posible a realización das operacións asociadas co tráfico marítimo, en condicións de seguridade, eficiencia, regularidade, continuidade e non discriminación, e que sexan desenvolvidas no ámbito territorial das autoridades portuarias.

2. Teñen a consideración de servizos portuarios os seguintes:

- a) Servizos técnico-náuticos:
 - 1.º Servizo de pilotaxe portuaria.
 - 2.º Servizo de remolque portuario.
 - 3.º Servizo de amarre e desamarre.

b) Servizo á pasaxe, que inclúe: o embarque e desembarque de pasaxeiros, a carga e descarga de equipaxes, e a de vehículos en réxime de pasaxe.

c) Servizo de recepción de refugallos xerados por buques, que inclúe: a recepción dos refugallos e residuos dos anexos I, IV, V ou VI do Convenio Marpol 73/78, segundo o establecido no artigo 132 desta lei.

d) Servizo de manipulación de mercadorías, que consiste na carga, estiba, descarga, desestiba, tránsito marítimo e o transbordo de mercadorías.

Artigo 109. *Réxime de prestación dos servizos portuarios e título habilitante.*

1. A prestación dos servizos portuarios levarase a cabo por iniciativa privada e rexerese polo principio de libre concorrencia, coas excepcións establecidas nesta lei.

2. A prestación dos servizos portuarios requirirá a obtención da correspondente licenza outorgada pola autoridade portuaria, a cal só se pode outorgar logo de aprobación do correspondente prego regulador e prescricións particulares do servizo correspondente.

A licenza non outorgará o dereito a prestar o servizo en exclusiva.

A licenza outorgarase con carácter regrado, logo de acreditación do cumprimento polo solicitante das condicións e requisitos previstos nesta lei e nas prescricións particulares do servizo. Non obstante, cando estea limitado o número de prestadores, as licenzas outorgaranse por concurso. As convocatorias destes concursos e a súa adxudicación publicaranse, cando for exixible, no Diario Oficial de las Comunidades Europeas.

Poderán ser titulares de licenzas as persoas físicas ou xurídicas, da Unión Europea ou de países terceiros, condicionadas estas últimas á proba de reciprocidade, salvo nos supostos en que os compromisos da Unión Europea coa Organización Mundial do Comercio non exixan o dito requisito, que teñan capacidade de obrar e non estean incursas en causas de incompatibilidade.

As licenzas serán de carácter específico e outorgaranse para cada un dos servizos portuarios relacionados no artigo 108.2. Non obstante, para os servizos incluídos na alínea c) do dito precepto, poderase outorgar unha licenza de carácter xeral que habilitará para a recepción de varios ou de todos os refugallos xerados por buques. Así mesmo, as licenzas para a prestación de servizos á pasaxe e de manipulación de mercadorías poderanse outorgar para un ou varios tipos de tráfico ou de mercadoría.

A autoridade portuaria poderá autorizar licenzas de autoprestación e de integración de servizos portuarios nos termos e nas condicións previstas nesta lei.

3. As autoridades portuarias deberán adoptar as medidas precisas para garantir unha adecuada cobertura das necesidades de servizos portuarios no porto. Para tal fin, poderán excepcionalmente asumir, logo de informe favorable de Portos do Estado, a prestación directa ou indirecta dun servizo portuario cando por ausencia ou insuficiencia da iniciativa privada sexa necesario garantir unha adecuada cobertura das necesidades do servizo.

Para tal efecto, entenderase como existencia de insuficiencia da iniciativa privada cando as licenzas outorgadas non poidan atender toda a demanda existente no porto cos indicadores de calidade exixidos no prego de prescricións particulares do servizo.

A prestación por parte da autoridade portuaria dun servizo portuario, por ausencia ou insuficiencia de iniciativa privada, non implica a extinción, de ser o caso, das licenzas en vigor nin impide a solicitude de novas licenzas. Neste caso, as competencias reguladoras do servizo, incluída a aprobación do prego de prescricións particulares, corresponderán a Portos do Estado e o prazo de prestación do servizo non poderá ser superior a cinco anos, salvo que subsistan as circunstancias que motivasen a asunción da prestación.

4. A autoridade portuaria, en caso de non pagamento do servizo, poderá autorizar aos prestadores a suspensión temporal do servizo ata que se efectúe o pagamento ou se garanta suficientemente a débeda que xerou a suspensión.

5. Tanto no caso de que estea limitado como que non estea limitado o número de prestadores, cando os prestadores do servizo con licenza outorgada non puideren atender conxuntamente cos medios que teñan adscritos ao servizo, a xuízo da autoridade

portuaria, a cobertura total da demanda cos indicadores de calidade establecidos nas prescricións particulares do servizo, a autoridade portuaria comunicarllelo aos titulares do servizo co obxecto de que teñan a posibilidade de pór medios adicionais aos exixidos pola súa licenza para cumprir os ditos indicadores de calidade. Se persiste esta situación, a autoridade portuaria considerará que existe insuficiencia da iniciativa privada e aplicarase o disposto para estes casos no número 3 anterior.

Artigo 110. *Obrigas de servizo público portuario.*

Os servizos portuarios serán prestados de acordo co disposto nas prescricións particulares do servizo e estarán suxeitos ás obrigas de servizo público previstas nesta lei, as cales se aplicarán de forma que os seus efectos sexan neutrais en relación coa competencia entre prestadores de servizos portuarios.

Son obrigas de servizo público, de necesaria aceptación por todos os prestadores de servizos nos termos en que se concreten nos seus respectivos títulos habilitantes, as seguintes:

- a) Cobertura universal, con obriga de atender toda demanda razoable, en condicións non discriminatorias, salvo as excepcións previstas nesta lei para os casos de terminais de pasaxeiros e mercadorías de uso particular.
- b) Continuidade e regularidade dos servizos en función das características da demanda, salvo forza maior. Para garantir a continuidade na prestación do servizo, as autoridades portuarias poderán establecer servizos mínimos de carácter obrigatorio.
- c) Cooperación coa autoridade portuaria e a Administración marítima e, de ser o caso, con outros prestadores de servizos, en labores de salvamento, extinción de incendios e loita contra a contaminación, así como na prevención e control de emerxencias.
- d) Colaboración na formación práctica na prestación do servizo cos medios adecuados, no ámbito do porto en que desenvolva a súa actividade.
- e) Sometemento á potestade tarifaria da autoridade portuaria, cando proceda, nas condicións establecidas nas prescricións particulares polas cales se rexe o título habilitante.

Artigo 111. *Limitación do número de prestadores.*

1. A autoridade portuaria, de oficio, poderá limitar en cada porto o número máximo de posibles prestadores dun servizo portuario, atendendo unicamente a razóns de dispoñibilidade de espazos, de capacidade das instalacións, de seguridade, de normas ambientais ou por outras razóns obxectivas relacionadas coas condicións de competencia e, en todos os supostos, debidamente motivadas. A motivación deberá incluír a identificación clara da restrición da competencia en cuestión, a xustificación da necesidade do establecemento da restrición conforme o interese público e a acreditación de que non resulta posible acudir a alternativas viables que sexan menos restritivas da competencia para conseguir o mesmo fin de interese público. Nos servizos á pasaxe e de manipulación de mercadorías, as anteriores limitacións poderanse aplicar por tipo de tráfico ou de mercadoría. A determinación do número de prestadores deberá obrigatoriamente realizarse considerando o maior número posible de prestadores que permitan as circunstancias concorrentes.

2. O acordo de limitación a que se refire o número anterior, que incluír a determinación do número máximo de prestadores, será adoptado, de ser o caso, polo consello de administración da autoridade portuaria, logo de consulta ao Comité de Servizos Portuarios e informe de Portos do Estado, e poderá afectar toda a zona de servizo do porto ou unha parte dela. O acordo de limitación publicarase no Boletín Oficial del Estado.

Cando a causa da limitación sexa a seguridade marítima, Portos do Estado solicitará informe á Dirección Xeral da Mariña Mercante, que será vinculante no ámbito das funcións

desta última e que se entenderá favorable se transcorre o prazo dun mes desde que se solicite sen que sexa emitido de forma expresa.

Cando a causa da limitación sexa ambiental, Portos do Estado solicitará informe á Administración ambiental competente. Tal informe entenderase favorable se transcorre o prazo dun mes desde que se solicite sen que sexa emitido de forma expresa.

3. A limitación establecida segundo o previsto nos puntos precedentes deberá ser revisada, total ou parcialmente, de oficio pola autoridade portuaria, se se alteran as causas que a motivaron, ou previamente á convocatoria dun novo concurso. Tamén poderá ser revisada por instancia de calquera interesado ou de Portos do Estado, con suxeición a idénticos trámites dos seguidos para o seu establecemento.

4. Cando o número de prestadores dun servizo estea limitado, as licenzas outorgaranse por concurso de acordo co procedemento establecido no artigo 115 desta lei. Neste caso, o prazo máximo de vixencia para elas será menor que o establecido con carácter xeral para servizos portuarios sen limitación do número de prestadores nos termos establecidos no artigo 114. Non obstante o anterior, o titular dunha concesión ou autorización dunha terminal marítima de pasaxeiros ou de mercadorías cuxo obxecto inclúa a prestación de servizos á pasaxe ou de manipulación de mercadorías, terá dereito á obtención dunha das licenzas para a súa prestación para si ou, de ser o caso, para un terceiro cun contrato en vigor para estes efectos co titular da concesión, sempre que se cumpran as condicións exixidas para iso, que estarán restrinxidas ao ámbito xeográfico do dominio público da concesión.

5. Cando a autoridade portuaria sexa prestadora directa ou indirectamente dun servizo obxecto de limitación ou participe no capital dunha empresa que sexa prestadora do dito servizo no porto, o acordo de limitación ou a súa revisión será adoptado polo Consello Reitor de Portos do Estado. Nestes casos de limitación do número de prestadores, a participación da autoridade portuaria no capital da empresa prestadora só estará xustificada por ausencia ou insuficiencia da iniciativa privada.

Co obxecto de evitar a limitación do número de prestadores de servizos por razóns de dispoñibilidade de espazos, nas ordenanzas do porto deberase asignar espazo ou capacidade de infraestrutura para que poidan operar prestadores de servizos portuarios que non dispoñan de concesión ou autorización.

Artigo 112. *Réxime de utilización dos servizos portuarios.*

1. Os servizos portuarios prestaranse por solicitude dos usuarios.

Non obstante, a utilización do servizo de pilotaxe portuaria será obrigatoria cando así o determine a Administración marítima conforme o previsto na normativa aplicable.

Así mesmo, o servizo de recepción de refugallos xerados polos buques será de uso obrigatorio, salvo nos supostos previstos na normativa aplicable.

Ademais, o Regulamento de explotación e policía ou as ordenanzas do porto poderán establecer o uso obrigatorio doutros servizos portuarios en función das condicións e características das infraestruturas portuarias, do tamaño e tipo de buque e da natureza da carga transportada, así como das condicións oceanográficas e meteorolóxicas.

2. Cando a utilización do servizo non sexa obrigatoria, as autoridades portuarias poderán impor o uso daqueles servizos portuarios que consideren necesarios cando por circunstancias extraordinarias consideren que está en risco o funcionamento, a operatividade ou a seguridade do porto. Pola súa vez, por razóns de seguridade marítima, a Capitanía Marítima poderá declarar a obrigatoriedade dos ditos servizos.

3. Os buques de Estado e os buques e aeronaves afectados ao servizo da defensa nacional poderán optar, comunicándollo á autoridade portuaria, polo réxime de autoprestación dos servizos portuarios cando o permita esta lei. Neste caso, non estarán sometidos á autorización previa da autoridade portuaria nin ao pagamento da compensación económica regulada no artigo 136. Sen prexuízo do anterior, co fin de garantir a seguridade, deberán cumprir a normativa aprobada pola Administración marítima e Portos do Estado na materia.

4. As ordenanzas portuarias aprobadas polas autoridades portuarias deberán establecer, por razóns de operativa e de seguridade, normas complementarias e condicións específicas de utilización dos servizos portuarios, así como o ámbito xeográfico a que se estendan.

Artigo 113. *Pregos de prescricións particulares dos servizos portuarios.*

1. As autoridades portuarias deberán aprobar os pregos de prescricións particulares dos servizos portuarios, oído o Comité de Servizos Portuarios, e logo de audiencia das organizacións sindicais máis representativas e representativas do servizo correspondente e das asociacións de operadores e usuarios máis representativas cuxos fins garden relación directa co obxecto do correspondente prego. Para iso, as autoridades portuarias remitirán o proxecto de prego xunto co expediente completo a Portos do Estado co obxecto de que emita informe vinculante con anterioridade á súa aprobación definitiva.

Previamente, Portos do Estado solicitará informe da Dirección Xeral da Mariña Mercante sobre os proxectos de pregos de prescricións particulares dos servizos portuarios de pilotaxe, remolque portuario e amarre e desamarre de buques, no que se refire á seguridade marítima, que neste ámbito terá carácter vinculante. Este informe deberá emitirse no prazo dun mes desde a recepción da documentación correspondente e entenderase en sentido favorable de non ser remitido no dito prazo.

2. As autoridades portuarias poderán modificar os pregos de prescricións particulares por razóns obxectivas motivadas, entre outras causas, pola evolución das características da demanda no porto, a evolución tecnolóxica, os desaxustes observados nas condicións de seguridade, calidade, continuidade e regularidade na prestación do servizo, os cambios normativos e novas exixencias asociadas ás obrigas de servizo público. A modificación dos pregos de prescricións particulares estará suxeita a idénticos trámites que os seguidos para a súa aprobación.

3. Os citados pregos poderán ser de aplicación en diferentes zonas dun porto, en toda a súa zona de servizo ou, de ser o caso, en máis dun porto xestionado pola mesma autoridade portuaria.

4. Os ditos pregos regularán, entre outras, as seguintes materias:

- a) Obxecto e ámbito xeográfico do servizo portuario.
- b) Requisitos de acceso á prestación do servizo, os cales deberán ser non discriminatorios, obxectivos, adecuados e proporcionados para garantir a adecuada prestación do servizo, a explotación portuaria en condicións de eficiencia e seguridade, o comportamento competitivo dos prestadores e a protección dos usuarios e do interese xeral.
- c) Condicións de solvencia económico-financeira, técnica ou profesional para facer fronte ás obrigas resultantes do servizo.
- d) Condicións técnicas, ambientais e de seguridade de prestación do servizo e, de ser o caso, das instalacións e equipamento asociados a el, incluíndo niveis mínimos de produtividade, rendemento e de calidade.
- e) Obrigas de servizo público, de necesaria aceptación por parte dos prestadores do servizo, en especial, as relativas á continuidade e regularidade do servizo, e as de cooperación coa autoridade portuaria en materia de seguridade, salvamento, loita contra a contaminación, protección do ambiente, emerxencias e extinción de incendios.
- f) Criterios para a consideración dun investimento como significativo, de ser o caso.
- g) Medios humanos mínimos e a súa cualificación, así como os medios materiais mínimos e as súas características. Os medios humanos e materiais serán os estritamente necesarios para realizar as operacións unitarias normalmente esperadas no porto, tanto as máis simples como as máis complexas, obxecto do servizo en condicións de seguridade, calidade, continuidade e regularidade en función das características da demanda, de forma tal que non alteren as condicións de competencia, sen prexuízo das exixencias para facer fronte ás obrigas de servizo público nas condicións establecidas nesta lei. Os pregos de prescricións particulares do servizo non poderán exixir un maior

número de medios humanos e materiais que os necesarios para as operacións unitarias sinaladas co obxecto de non impedir que un número suficiente de operadores poidan concorrer ao mercado, sen prexuízo dos que puideren ser exixidos para facer fronte ás obrigas de servizo público.

h) Estrutura tarifaria e tarifas máximas, así como os criterios para a súa actualización, revisión e, de ser o caso, fixación. A estrutura tarifaria deberá incluír os criterios de actualización e de revisión en función do volume global da demanda, estrutura de custos e outras circunstancias relacionadas coas características do servizo, cando proceda. Non serán admisibles sobrecostos ou custos diferenciados para os usuarios en función do día ou hora en que ten lugar a prestación. No caso do servizo de manipulación de mercadorías en autoestradas do mar, a determinación das tarifas máximas deberá tomar como referencia os custos da alternativa terrestre a ese tráfico.

i) Tarifas que os prestadores poderán percibir, de ser o caso, cando interveñan en servizos de emerxencia, extinción de incendios, salvamento ou loita contra a contaminación.

j) Para os servizos de recepción de refugallos xerados por buques, as tarifas que as autoridades portuarias lle aboarán ao titular da licenza polos volumes efectivamente descargados de cada tipo de refugallos e residuo e, de ser o caso, os criterios para a repartición entre os prestadores do servizo autorizados das cantidades recadadas pola autoridade portuaria asociadas á tarifa fixa que se lles cobra aos buques non exentos que atracan sen facer uso do servizo. Estes criterios deberán ser equitativos e non discriminatorios. As tarifas establecidas para este servizo deberán depender, entre outros conceptos, das cantidades recadadas a través da tarifa fixa e dos criterios de distribución adoptados para elas.

k) Obrigas de subministración de información á autoridade portuaria.

l) Garantías.

m) Penalizacións.

n) Causas de extinción da licenza, entre as cales deberán figurar, ademais das previstas no artigo 119 desta lei, as relativas ao incumprimento das obrigas de servizo público, dos requirimentos de seguridade para a prestación do servizo, das obrigas de protección do ambiente que procedan e, no caso do servizo de manipulación de mercadorías, o incumprimento reiterado dos compromisos coa Sociedade Anónima de Xestión de Estibadores Portuarios.

ñ) Obrigas de protección ambiental e de contribución á sustentabilidade.

o) Prazo de duración da licenza.

p) Criterios de distribución das obrigas de servizo público entre os prestadores do servizo, que deberán ser obxectivos, transparentes, proporcionais, equitativos e non discriminatorios, entre os cales se deberá tomar en consideración a cota de mercado en cada un deles.

q) Criterios para a valoración de compensacións económicas que se aplicarán aos titulares de licenzas de autoprestación e integración de servizos, así como para a súa posterior distribución entre os prestadores do servizo abertos ao uso xeral.

5. Os pregos de prescricións particulares, así como os acordos de aprobación e modificación, deberán ser publicados no Boletín Oficial del Estado e estarán á disposición dos interesados nas oficinas das autoridades portuarias en formato físico e electrónico.

6. No suposto de que a autoridade portuaria participe na sociedade titular da licenza para a prestación do servizo, a aprobación do seu prego de prescricións particulares corresponderá a Portos do Estado.

7. Os pregos de prescricións particulares non conterán exixencias técnicas para a prestación dos servizos que alteren inxustificadamente as condicións de competencia nin ningún outro tipo de cláusula que supoña, na práctica, a imposibilidade de que un número suficiente de operadores concorran ao mercado.

8. Os pregos de prescricións particulares regularán a responsabilidade do prestador fronte aos seus traballadores e fronte a terceiros e prescribirán a inclusión das seguintes cláusulas nas licenzas de prestación:

a) A autoridade portuaria non responderá en ningún caso das obrigas de calquera natureza que correspondan ao prestador do servizo fronte aos seus traballadores, especialmente as que se refiran a relacións laborais, salario, prevención de riscos ou seguridade social.

b) Será obriga do prestador indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia da prestación do servizo obxecto da licenza. Cando tales danos e perdas fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis.

Artigo 114. *Prazo máximo da licenza de prestación do servizo portuario.*

1. O prazo máximo da licenza para a prestación dos seguintes servizos portuarios será o seguinte:

- a) Servizo de pilotaxe portuaria: 10 anos.
- b) Amarre e desamarre: 6 anos.
- c) Remolque portuario: 10 anos.
- d) Servizos á pasaxe e de manipulación de mercadorías:

1.º Sen investimento significativo: 6 anos.

2.º Con investimento significativo en equipamentos e material móbil:

Cando o titular da licenza teña outorgada en concesión ou autorización unha terminal marítima de pasaxeiros ou de mercadorías, con atracada en concesión ou autorización: 20 anos.

Cando o titular da licenza teña outorgada en concesión ou autorización unha terminal marítima de pasaxeiros ou de mercadorías, sen atracada en concesión ou autorización: 15 anos.

Noutro caso: 10 anos.

3.º Con investimento significativo en obras e instalacións fixas que teñan incidencia na prestación do servizo:

Cando as obras sexan infraestruturas portuarias de abrigo, esclusas, obras de atracada, accesos marítimos e obras de recheo ou de consolidación e mellora de terreos en grandes superficies: 35 anos.

Noutro caso: 30 anos.

e) Servizo de recepción de refugallos xerados por buques:

1.º Sen investimento significativo: 6 anos.

2.º Con investimento significativo: 12 anos.

Excepto no caso do servizo de pilotaxe portuaria, cando se encontre limitado o número de prestadores dun servizo portuario, o prazo máximo será, cando menos, un 25 por cento inferior ao que corresponda de entre os establecidos nos supostos anteriores.

2. O prazo de vixencia da licenza non será renovable cando se limitase o número de prestadores de servizos, salvo o das licenzas relativas aos servizos á pasaxe e de manipulación de mercadorías que se presten sobre dominio público portuario outorgado en concesión ao titular daquel, que poderá ser renovado mentres se encontre vixente a dita concesión e, no caso de que o prestador non sexa o titular da concesión, exista un contrato en vigor para estes efectos con este.

Cando non exista limitación do número de prestadores, as licenzas poderán ser renovadas, logo de acreditación polo titular do cumprimento dos requisitos previstos nesta lei e nas prescricións particulares do servizo que se encontren en vigor. A solicitude de renovación deberá presentarse no semestre anterior á expiración do prazo de licenza. Transcorrido o prazo de tres meses desde a solicitude sen que se notifique resolución expresa, entenderase outorgada a renovación.

Artigo 115. *Procedemento de outorgamento da licenza de prestación do servizo portuario.*

1. Cando non estea limitado o número de prestadores, todos os interesados na prestación do servizo que reúnan os requisitos establecidos nos pregos de prescricións particulares de cada servizo poderán optar á súa prestación, logo da súa solicitude en calquera momento e do outorgamento pola autoridade portuaria, de ser o caso, da correspondente licenza.

O prazo máximo para notificar resolución expresa sobre as solicitudes de licenza será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución entenderase estimada a solicitude.

2. Cando se limite o número de prestadores, as autoridades portuarias elaborarán e aprobarán, logo de informe de Portos do Estado, o prego de bases de cada concurso, que conterá, polo menos, a determinación do número máximo de prestadores, os requisitos para participar nel, o prazo máximo da licenza, a información que deberá facilitar o solicitante e os criterios de adxudicación, que deberán ser obxectivos e non discriminatorios. Non se poderán exixir no prego de bases condicións nin medios adicionais para a prestación do servizo aos establecidos nas prescricións particulares.

O prazo para a presentación das ofertas non poderá ser inferior a 52 días naturais desde a publicación da convocatoria do concurso.

Se o número de licenzas outorgadas no concurso for inferior ao número máximo de licenzas que se van outorgar, estas poderánselle solicitar en calquera momento á autoridade portuaria sempre que cumpran o prego de bases do concurso, ata que se alcance o número máximo de prestadores. A vixencia das ditas licenzas será a mesma que as outorgadas por concurso.

3. Os acordos de outorgamento e de renovación das licenzas de prestación dos servizos así como, de ser o caso, a convocatoria do concurso, deberán ser publicados no Boletín Oficial del Estado.

4. Cando se solicite licenza para a prestación dun servizo, ligada directa e indispensablemente ao uso privativo dunha determinada superficie do porto, o outorgamento da licenza estará vinculado reciprocamente ao outorgamento do correspondente título administrativo e serán obxecto de expediente único; no dito caso, o prazo máximo para notificar a resolución expresa de ambas as solicitudes será de oito meses. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude. No caso de que a dita concesión ou autorización se transmita, o adquirente terá dereito igualmente á licenza do servizo, sempre que cumpra as condicións exixidas para iso nas prescricións particulares.

Así mesmo, cando se solicite licenza para a prestación do servizo ligada de forma directa e insoluble a unha superficie outorgada xa en concesión ou autorización, sen ser o titular da dita concesión ou autorización, o outorgamento da licenza estará vinculado á existencia dun contrato en vigor entre o solicitante e o titular da concesión. O prazo máximo para notificar a resolución expresa da solicitude será o previsto no número 1 deste artigo.

Artigo 116. *Licenzas de servizos portuarios en estacións marítimas de pasaxeiros e terminais de mercadorías dedicadas a uso particular.*

1. As licenzas para a prestación dos servizos portuarios que estean restrinxidos ao ámbito xeográfico dunha estación marítima de pasaxeiros ou terminal de mercadorías dedicadas a uso particular axustaranse aos requisitos establecidos nos pregos de prescricións particulares, coa excepción das cláusulas referidas á cobertura universal, estrutura tarifaria e tarifas máximas e obrigas relativas á continuidade e regularidade en función da demanda do porto.

Os medios humanos e materiais deberán ser unicamente os adecuados para atender ao volume e ás características dos tráficos que poidan operar nas condicións de seguridade e calidade exixidas, así como de continuidade e regularidade que exixan os

seus propios tráfico. Os ditos medios quedarán adscritos ao servizo destes tráfico, sen prexuízo das obrigas de servizo público que sexan pertinentes.

2. Nos títulos concesionais deberase recoller expresamente a condición de estación marítima de pasaxeiros ou terminal de mercadorías dedicadas a uso particular.

As terminais de mercadorías de uso particular deberán dispor de espazo nos peiraos outorgado en concesión ou autorización e, no caso particular de terminais outorgadas en concesión ao titular dunha planta de transformación ou instalación industrial, a dita planta ou instalación debe estar situada no interior da zona de servizo do porto, ou ben estar conectada cos espazos concesionados mediante infraestruturas ou instalacións de transporte fixas e específicas, isto é, tubaxe, cinta transportadora ou infraestruturas ferroviarias con servizos que conecten especificamente a instalación coa terminal portuaria.

3. O titular dunha licenza de prestación dun servizo portuario non terá que ser necesariamente o titular da autorización ou concesión dunha estación marítima de pasaxeiros ou dunha terminal de mercadorías dedicadas a uso particular aínda que o outorgamento da licenza estará vinculado á existencia dun contrato entre o solicitante da licenza e o titular da autorización ou concesión, conforme o estipulado no artigo 115.

No caso dos servizos á pasaxe e de manipulación de mercadorías, o concesionario ou o titular dunha autorización dunha estación marítima de pasaxeiros ou dunha terminal de mercadorías dedicadas a uso particular terá dereito á obtención dunha licenza para a prestación dos ditos servizos aos buques que operan nela, para si mesmo ou, de ser o caso, para un terceiro con contrato en vigor co titular da concesión para a prestación dos ditos servizos, tanto se está limitado o número de prestadores como se non o está.

Artigo 117. *Contido da licenza de prestación do servizo portuario.*

1. A licenza deberá incluír, polo menos:
 - a) Identificación da persoa física ou xurídica titular da licenza e a sede da empresa.
 - b) Clase de licenza outorgada, xeral ou específica, e obxecto desta.
 - c) Ámbito xeográfico a que se estende a prestación do servizo.
 - d) Obrigas de servizo público que procedan.
 - e) Medios materiais mínimos e as súas características.
 - f) Medios humanos mínimos e a súa cualificación.
 - g) Requisitos de seguridade para a prestación do servizo.
 - h) Obrigas de protección do ambiente.
 - i) Condicións de prestación do servizo e, de ser o caso, das instalacións e equipamento asociados a el, incluíndo niveis mínimos de rendemento e de calidade do servizo.
 - j) Estrutura tarifaria, tarifas máximas e criterios de revisión, se procede.
 - k) Prazo de vixencia.
 - l) Garantías.
 - m) Taxas portuarias.
 - n) Nas licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías, porcentaxe mínima de traballadores que se debe ter contratados en réxime laboral común.
 - ñ) Nas licenzas dos servizos de recepción de refugallos xerados por buques, as tarifas que as autoridades portuarias lle aboarán ao titular da licenza polos volumes efectivamente descargados de cada tipo de refugallo e residuo e os criterios para, de ser o caso, a repartición entre os prestadores do servizo autorizados das cantidades recadadas pola autoridade portuaria asociadas á tarifa fixa que se lles cobra aos buques non exentos que atracan sen facer uso do servizo.
 - o) Compensación económica, no caso de licenzas de autoprestación e integración de servizos.
2. De acordo cos principios de obxectividade e proporcionalidade, a autoridade portuaria poderá modificar o contido das licenzas, logo de audiencia aos interesados, cando fosen modificadas as prescricións particulares do servizo. A modificación

establecerá un prazo para que os titulares se adapten ao disposto nela. Transcorrido o dito prazo sen que tivese lugar a adaptación, as licenzas quedarán sen efecto.

Artigo 118. *Transmisión da licenza de prestación do servizo portuario.*

1. As licenzas poderanse transmitir a persoas distintas daquelas ás cales lles foron orixinalmente outorgadas cando se dean conxuntamente as seguintes circunstancias:

- a) Que a transmisión se faga a favor dunha persoa física ou xurídica que cumpra os requisitos sinalados no artigo 109.2.
- b) Que os transmitentes e os adquirentes cumpran os requisitos establecidos nas prescricións particulares do servizo en relación coa posibilidade de transmisión da licenza.
- c) Que se cumpran os requisitos previstos no artigo 92.3 cando a licenza se transmita xunto coa concesión do dominio público en que se desenvolve a actividade.

2. A transmisión estará en todo caso subordinada á conformidade previa da autoridade portuaria e, de ser o caso, á preceptiva autorización das autoridades de competencia, e terá, respecto aos contratos de traballo do persoal do titular da licenza, os efectos previstos na lexislación laboral.

Artigo 119. *Extinción da licenza de prestación do servizo portuario.*

1. As licenzas poderanse extinguir por algunha das seguintes causas:

- a) Polo transcurso do prazo previsto na licenza.
- b) Revogación, por perda ou incumprimento dos requisitos previstos no artigo 109.2, das condicións establecidas no título habilitante ou pola non adaptación ás prescricións particulares do servizo que fosen modificadas, de acordo co previsto no artigo 117.2 desta lei.
- c) Revogación cando, como consecuencia da declaración de limitación do número de prestadores dun servizo, o número de licenzas en vigor supere o da limitación, sen prexuízo da indemnización que corresponda. Establecerase regulamentariamente o procedemento que se seguirá para a revogación das licenzas.
- d) Por extinción da concesión ou autorización ou rescisión do contrato a que se refire o artigo 115.4 desta lei.
- e) Polas demais causas previstas nas prescricións particulares do servizo.

2. Corresponde ao consello de administración da autoridade portuaria acordar a extinción das licenzas, logo de audiencia ao interesado, salvo no suposto previsto na alínea a) do número anterior, en que a extinción se producirá de forma automática.

Artigo 120. *Rexistros de empresas prestadoras de servizos portuarios.*

1. Créase en cada autoridade portuaria un rexistro de empresas prestadoras de servizos portuarios nos portos que xestiona, que terá carácter público e se dividirá en tantas seccións como servizos portuarios se relacionan nesta lei. A inscrición practicarase de oficio a propia autoridade portuaria.

2. Créase en Portos do Estado o Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Portuarios, que terá carácter público e se dividirá por seccións, unha por cada servizo portuario. A inscrición practicarase de oficio Portos do Estado, e cada autoridade portuaria deberá subministrarlle información sobre as licenzas outorgadas para a prestación dos servizos.

3. Por orde do Ministerio de Fomento determinaranse os datos que se deberán incluír no Rexistro Xeral e nos rexistros de cada autoridade portuaria, así como o procedemento de inscrición.

4. En ningún caso a inscrición no dito rexistro poderá ser utilizada como vantaxe para acceder á prestación dos servizos portuarios, nin a súa ausencia como causa de exclusión.

Artigo 121. Réxime de incompatibilidades.

1. Ningunha persoa física ou xurídica que sexa titular dunha licenza para prestar un servizo portuario nun porto poderá ter influencia efectiva na xestión do titular doutra licenza que preste ou vaia prestar idéntico servizo portuario no mesmo porto.

Enténdese que existe influencia efectiva na xestión a que se refire o parágrafo anterior cando o referido titular da licenza:

a) Teña, no porto de que se trate, unha cota de mercado superior ao 50 por cento da actividade relacionada coa prestación do servizo portuario correspondente, medida en termos de toneladas de mercadorías manipuladas, número de pasaxeiros e vehículos en réxime de pasaxe embarcados e desembarcados, número de unidades de arqueamento bruto (GT), número de servizos realizados a buques ou cantidade de refugallo ou residuos recollidos; ou

b) Alcance a dita porcentaxe a través doutras licenzas en cuxos titulares teña influencia efectiva.

No caso de sociedades mercantís, presúmese que existe influencia efectiva na xestión ou control dunha sociedade cando se produza algún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de comercio ou do artigo 18 do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.

2. Se por causas sobrevidas, derivadas de fusións, adquisicións ou outro tipo de acordos societarios, unha persoa física ou xurídica se encontra incurso nalgún dos supostos previstos no número anterior, deberá presentar á autoridade portuaria un plan de alleamento de participacións ou accións para executar nun prazo máximo de 12 meses a partir do momento en que se produciu a situación de incompatibilidade.

3. Para efectos de que se poida comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste artigo, as empresas autorizadas para a prestación de servizos portuarios estarán obrigadas a lles comunicar ás autoridades portuarias a súa composición accionarial ou calquera cambio significativo da súa composición accionarial.

4. O titular dunha licenza para a prestación dun servizo portuario de pilotaxe non poderá participar, por si mesmo ou a través de persoas físicas ou xurídicas interpostas, no capital ou na xestión de empresas autorizadas para a prestación de calquera outro servizo técnico-náutico no mesmo porto, salvo nos supostos previstos nos artigos 133 e 134 desta lei.

Artigo 122. Separación contable.

1. Os titulares de licenzas de prestación de servizos portuarios deberán levar, para cada un dos servizos que presten nunha autoridade portuaria, unha estrita separación contable conforme os usos e prácticas comerciais admitidas, entre os ditos servizos e as súas outras actividades, e informar na memoria das contas anuais, por separado, de cada un dos servizos portuarios que presten en cada porto como actividades compoñentes da empresa, tal e como se definen no Plan Xeral de Contabilidade. O mesmo será exigible á autoridade portuaria cando preste directamente un servizo portuario.

2. Os titulares de licenzas de servizos portuarios, cando presten varios servizos portuarios ou presten un servizo portuario realizando ao mesmo tempo outro tipo de actividade, deberán someter as súas contas anuais a auditoría de contas, de acordo coa normativa sobre o particular. As ditas contas anuais e o correspondente informe de auditoría deberán presentar á autoridade portuaria no prazo máximo de quince días desde a súa aprobación.

Artigo 123. Observatorio Permanente do Mercado dos Servizos Portuarios.

1. Créase un Observatorio Permanente do Mercado dos Servizos Portuarios, adscrito a Portos do Estado, coa finalidade de analizar as condicións de competitividade en relación cos prezos e a calidade dos servizos e acordar as variables de competitividade sobre as cales establecer recomendacións.

Por acordo do Consello Reitor de Portos do Estado estableceranse a composición e o funcionamento do Observatorio Permanente, no cal deberá quedar garantida a presenza das organizacións máis representativas e representativas dos prestadores, traballadores e usuarios dos servizos portuarios.

2. Portos do Estado elaborará un informe anual de competitividade a partir das análises e conclusións do Observatorio Permanente. O dito informe será elevado ao Ministerio de Fomento.

Artigo 124. *Comité de servizos portuarios.*

No consello de navegación e porto constituirase un comité de servizos portuarios do cal formarán parte os usuarios de servizos ou organizacións que os representen e as organizacións sectoriais de traballadores e prestadores de servizos máis representativas e representativas. A autoridade portuaria consultará, polo menos unha vez ao ano, o dito comité en relación coas condicións de prestación dos ditos servizos e, en particular, sobre as tarifas dos servizos portuarios abertos ao uso xeral, a organización e a calidade dos servizos, así como, de ser o caso, sobre o establecemento, mantemento ou revisión do acordo de limitación do número de prestadores dun servizo.

Os informes e as actas do comité remitiranse ao Observatorio Permanente do Mercado dos Servizos Portuarios.

Artigo 125. *Supervisión e promoción da competencia na prestación dos servizos portuarios.*

1. Co fin de supervisar e fomentar as condicións de competencia efectiva na prestación de servizos portuarios, Portos do Estado exercerá neste ámbito as seguintes funcións específicas, sen prexuízo das asignadas neste mesmo ámbito a outros organismos:

a) Pór en coñecemento da Comisión Nacional da Competencia, oídas as autoridades portuarias afectadas, os actos, acordos, prácticas e condutas de que se puider ter noticia no exercicio das súas atribucións que presenten indicios de resultar contrarios á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, ou que puideren alterar a libre competencia entre portos.

b) Establecer recomendacións para as autoridades portuarias e entidades prestadoras de servizos, conforme as conclusións emitidas polo Observatorio Permanente do Mercado dos Servizos Portuarios.

c) Emitir circulares dirixidas ás entidades prestadoras de servizos portuarios, co obxecto de evitar ou corrixir prácticas contrarias á libre competencia, que serán vinculantes unha vez que se publiquen no «Boletín Oficial del Estado».

d) Autorizar, regular e controlar os servizos portuarios cando excepcionalmente sexan prestados directa ou indirectamente polas autoridades portuarias ou por unha empresa en que participe directa ou indirectamente a autoridade portuaria, así como aprobar as tarifas nese suposto.

e) Autorizar os convenios, pactos ou acordos que celebren dúas ou máis autoridades portuarias co fin de garantir o marco de competencia entre portos.

f) Arbitrar nos conflitos que poidan xurdir entre as entidades prestadoras de servizos, por solicitude destas, cando transcendan o ámbito xeográfico dunha autoridade portuaria e, de ser o caso, entre dúas autoridades portuarias por razón dos servizos prestados en cada unha delas ou en ambas.

g) Realizar a proposta de resolución de expedientes sancionadores por infraccións na prestación de servizos portuarios tipificadas nesta lei e cualificadas como moi graves, en contía inferior a 1.200.000 €.

2. Co fin de supervisar e fomentar as condicións de competencia efectiva na prestación de servizos portuarios, no seu propio ámbito territorial e funcional, as autoridades portuarias exercerán as seguintes funcións específicas:

- a) Informar a Portos do Estado sobre os actos, acordos, pactos ou condutas que presenten indicios de resultar contrarios á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, ou que poidan alterar a libre competencia entre os prestadores de servizos.
- b) Arbitrar nos conflitos que poidan xurdir entre as entidades prestadoras de servizos, por solicitude destas, no seu ámbito territorial.
- c) Exercer a potestade sancionadora para os supostos de infraccións na prestación de servizos portuarios tipificados nesta lei e cualificadas como graves.
- d) Aprobar as tarifas máximas nos servizos portuarios, excepto nas terminais marítimas de pasaxeiros e mercadorías dedicadas a uso particular, cando o número de prestadores do servizo estea limitado ou sexa insuficiente para garantir a competencia. Así mesmo, controlar a transparencia das tarifas e os conceptos que se facturen.

Sección 2.^a Servizos técnico-náuticos

Artigo 126. Definición e características do servizo de pilotaxe portuaria.

1. Enténdese por pilotaxe portuaria o servizo de asesoramento a capitáns de buques e artefactos flotantes, prestado a bordo destes, para facilitar a súa entrada e saída a porto e as manobras náuticas dentro deste e dos límites xeográficos da zona de pilotaxe, en condicións de seguridade e nos termos que se establecen nesta lei, no regulamento regulador deste servizo e no seu prego de prescricións particulares.

2. O servizo de pilotaxe portuaria será obrigatorio nos portos cando así o determine a Administración marítima.

Non obstante, a Administración marítima poderá establecer exencións á obrigadoriedade da utilización do servizo de pilotaxe en cada porto, con criterios baseados na experiencia local do capitán do buque, as características do buque, a natureza da carga, as peculiaridades do porto e outras circunstancias que regulamentariamente se prevexan logo de informe da autoridade portuaria, oído o órgano que exerza a representación dos pilotos de porto a nivel nacional.

Con carácter xeral, salvo indicación expresa da Capitanía Marítima por razóns de seguridade na navegación, estarán exentos do servizo de pilotaxe portuaria os buques e as embarcacións ao servizo da autoridade portuaria; os destinados á realización de obras no dominio público portuario; os destinados ao avituallamento e ao aprovisionamento de buques; os destinados á prestación de servizos portuarios, con base no porto e os que estean ao servizo doutras administracións públicas, que teñan a súa base no porto, así como aqueles buques de calquera outro tipo cuxa tripulación inclúa un capitán que exercese, mesmo interinamente, como piloto de porto no porto de que se trate, ou ben superase as probas de habilitación teóricas e prácticas no dito porto.

3. O número de prestadores quedará limitado a un único prestador en cada área portuaria. Para estes efectos, enténdese como área portuaria aquela que sexa susceptible de explotación totalmente independente incluíndo a súa accesibilidade marítima e, por tanto, que os límites xeográficos de prestación do servizo de pilotaxe portuaria correspondentes a cada unha das ditas áreas sexan totalmente independentes.

4. En materia de habilitación, selección, formación e réxime de traballo corresponde:

a) Á Administración marítima:

1.º A realización das probas necesarias para habilitar como piloto de porto os aspirantes que reúnan as condicións e titulacións profesionais requiridas legalmente, sen que exista limitación no número de candidatos que poidan superar as probas.

2.º Determinar os tempos máximos de traballo efectivo dos pilotos de porto e os seus períodos mínimos de descanso, por razóns de seguridade marítima.

b) Á autoridade portuaria:

1.º A determinación do número de pilotos de porto necesarios para a prestación do servizo, logo de informe da Capitanía Marítima, e oído o comité de servizos portuarios e o órgano que exerza a representación dos pilotos de porto a nivel nacional.

2.º A selección dos aspirantes para a realización das prácticas realizaraa a autoridade portuaria de acordo con criterios baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade.

3.º A facilitación da formación práctica no porto.

Para este efecto, incluírase nas prescricións particulares do servizo de pilotaxe portuaria a obriga da empresa prestadora de colaborar na formación práctica dos candidatos que superasen as probas de coñecementos teóricos.

4.º A expedición dos nomeamentos.

Artigo 127. *Definición e características do servizo de remolque portuario.*

1. Enténdese por servizo de remolque portuario aquel cuxo obxecto é a operación náutica de axuda á manobra dun buque, denominado remolcado, seguindo as instrucións do seu capitán, mediante o auxilio doutro ou doutros buques, denominados remolcadores, que proporcionan a súa forza motriz ou, de ser o caso, o acompañamento ou a súa posta á disposición dentro dos límites das augas incluídas na zona de servizo do porto.

2. As prescricións particulares do servizo conterán as características técnicas exixibles aos remolcadores e os medios que deban incorporar para colaborar coas administracións competentes nos servizos de extinción de incendios, salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

Artigo 128. *Definición e características do servizo de amarre e desamarre de buques.*

1. Enténdese por servizo de amarre o servizo cuxo obxecto é recoller as amarras dun buque, portais e fixalas aos elementos dispostos nos peiraos ou atracadoiros para este fin, seguindo as instrucións do capitán do buque, no sector de amarre designado pola autoridade portuaria, e na orde e coa disposición conveniente para facilitar as operacións de atracada, desamarre e desatracada.

2. Enténdese por servizo de desamarre aquel cuxo obxecto é o de largar as amarras dun buque dos elementos de fixación a que está amarrado seguindo a secuencia e instrucións do capitán e sen afectar as condicións de amarre dos barcos contiguos.

3. As prescricións particulares do servizo conterán os medios que este servizo debe dispor para colaborar coas administracións competentes nos servizos de extinción contra incendios, salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

Sección 3.^a Servizo á pasaxe

Artigo 129. *Definición e alcance do servizo á pasaxe.*

1. O servizo á pasaxe incluirá:

a) Servizo de embarque e desembarque de pasaxeiros, que inclúe a organización, control e, de ser o caso, manexo dos medios necesarios para facer posible o acceso dos pasaxeiros desde a estación marítima ou o peirao aos buques de pasaxe e viceversa.

b) Servizo de carga e descarga de equipaxes, que comprende a organización, control e, de ser o caso, manexo dos medios necesarios para a recepción das equipaxes en terra, a súa identificación e traslado a bordo do buque e a súa colocación no lugar ou lugares que se establezan, así como para a recolla das equipaxes a bordo do buque desde o lugar ou lugares que se establezan, o seu traslado a terra e a súa entrega a cada un dos pasaxeiros.

c) Servizo de carga e descarga de vehículos en réxime de pasaxe, que inclúe a organización, control e, de ser o caso, manexo dos medios necesarios para facer posible

a transferencia destes vehículos, en ambos os sentidos, entre o peirao ou zona de aparcamento e o buque.

2. Non estará incluído no servizo portuario o manexo de pasarelas, ramplas e outros medios mecánicos da autoridade portuaria cando se efectúe co seu propio persoal.

Sección 4.^a Servizo de manipulación de mercadorías

Artigo 130. *Definición e ámbito do servizo portuario de manipulación de mercadorías.*

1. Considéranse integradas neste servizo portuario as actividades de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, obxecto de tráfico marítimo, que permitan a súa transferencia entre buques, ou entre estes e terra ou outros medios de transporte. Para teren a consideración de actividades incluídas neste servizo deberán realizarse integramente dentro da zona de servizo do porto e gardar conexión directa e inmediata cunha concreta operación de carga, descarga ou transbordo dun buque determinado.

a) As actividades de carga e estiba comprenden:

1.º A recolla da mercadoría na zona de almacenamento ou depósito do porto e o seu transporte horizontal ata o costado do buque en operacións relacionadas coa súa carga.

2.º A aplicación de gancho, culler, spreader ou calquera outro dispositivo que permita izar ou transferir a mercadoría directamente desde un medio de transporte terrestre, ou desde o peirao, ou pantalán, ao costado do buque.

3.º O izamento ou transferencia da mercadoría e a súa colocación na bodega ou a bordo do buque.

4.º A estiba da mercadoría en bodega ou a bordo do buque, de acordo cos plans de estiba e indicacións do capitán do buque ou dos oficiais en quen delegue esta responsabilidade.

5.º O embarque da mercadoría por medios rodantes no buque.

6.º A trincaxe ou suxeición da carga a bordo do buque para evitar o seu desprazamento durante a navegación, sempre que estas operacións non as realice a tripulación do buque.

b) As actividades de desestiba e descarga comprenden:

1.º A destrincaxe ou solta das suxeicións da carga a bordo para permitir a súa manipulación, sempre que estas operacións non as realice a tripulación do buque.

2.º A desestiba de mercadorías na bodega ou a bordo do buque, que comprende todas as operacións precisas para a súa colocación ao alcance dos medios de izada ou transferencia.

3.º A aplicación de gancho, culler, spreader ou calquera outro dispositivo que permita izar ou transferir a mercadoría.

4.º O izamento ou transferencia da mercadoría e a súa colocación nun medio de transporte ou no peirao ou pantalán ao costado do buque.

5.º A descarga da mercadoría, ben sobre vehículos de transporte terrestre, ben sobre peirao ou pantalán para a súa posterior recolla por vehículos ou medios de transporte horizontal, e, de ser o caso, o seu traslado á zona de almacenamento ou depósito dentro do porto, e o depósito e amoreamento da mercadoría na dita zona.

6.º O desembarque da mercadoría do buque por medios rodantes.

c) A actividade de transbordo comprende a destrincaxe ou solta, sempre que non a realice a tripulación do buque, e a desestiba no primeiro buque, a transferencia da mercadoría directamente desde un buque a outro e a estiba no segundo buque e posterior trincaxe, sempre que non a realice a tripulación do buque no segundo buque.

2. Para os efectos establecidos neste artigo, non terán a consideración de mercadoría obxecto de tráfico marítimo:

- a) Os bens propiedade das autoridades portuarias.
- b) As cartas, tarxetas, paquetes postais e outros bens que sexan obxecto do servizo postal ou de mensaxaría.
- c) A pesca fresca, o bacallau verde e os seus produtos elaborados.
- d) Os refugallos e residuos xerados polo buque, así como os refugallos e residuos da carga procedente dos buques.

3. Quedan exentas da súa consideración como servizo portuario de manipulación de mercadorías as actividades seguintes:

a) O manexo de medios mecánicos propiedade da autoridade portuaria e a manipulación de mercadorías do Ministerio de Defensa, salvo que neste último caso o servizo o realice unha empresa titular dunha licenza para a prestación do servizo de manipulación de mercadorías.

b) O manexo de cabezas tractoras ou guindastres automóbiles que non estean permanentemente adscritos a operacións portuarias e sexan conducidas polo seu persoal habitual.

c) O embarque e desembarque de camións, automóbiles e calquera clase de vehículos de motor, cos seus remolques ou semirremolques, cando sexan realizados polos seus propietarios, usuarios ou condutores habituais dependentes daqueles. Así mesmo, está excluído do servizo de manipulación de mercadorías o embarque e desembarque de vehículos de motor sen matricular.

d) A conducción, enganche e desenganche de cabezas tractoras que embarquen ou desembarquen remolques ou semirremolques, se o transporte se produce sen solución de continuidade desde fóra da zona de servizo do porto ata o seu embarque, ou desde o barco ata fóra da mencionada zona.

e) A conducción de vehículos de todo tipo que transporten mercadorías ata pé de guindastre ou de instalación de carga, ou de rampla de embarque, en operacións directas de calquera medio de transporte terrestre a buque, se o transporte se produce sen solución de continuidade desde fóra da zona de servizo do porto.

Así mesmo, a conducción de vehículos de todo tipo que reciban mercadorías a pé de guindastre ou de instalación de descarga, ou de rampla de desembarque, en operacións directas de buque a calquera medio de transporte terrestre, se o transporte se produce sen depósito intermedio ata fóra da zona de servizo do porto.

En ambos os casos, as operacións de conexión dos medios de carga e descarga. Neste suposto, considéranse incluídas as operacións directas de calquera medio de transporte terrestre a buque e as de buque a calquera medio de transporte terrestre.

f) Os labores de suxeición e solta da carga a bordo do buque, cando sexan realizadas polas tripulacións dos buques.

g) As operacións de carga, descarga e transbordo para o avituallamento. Así mesmo, as operacións de carga, descarga e transbordo para o aprovisionamento de buques cando non se precise empregar medios de carga adscritos permanentemente ao servizo de manipulación de mercadorías, así como a carga ou descarga das pezas e recambios para a reparación do buque e a maquinaria e ferramentas precisas para os ditos traballos.

Para estes efectos, consideraranse operacións de avituallamento as que se refiren aos seguintes produtos: auga, combustibles, carburantes, lubricantes e demais aceites de uso técnico.

Pola súa vez, considéranse operacións de aprovisionamento as que se refiren aos seguintes produtos: os destinados exclusivamente ao consumo da tripulación e dos pasaxeiros, produtos de consumo para uso doméstico, os destinados á alimentación dos animais transportados e os consumibles utilizados para a conservación, tratamento e preparación a bordo das mercadorías transportadas.

- h) As operacións de carga, descarga e transbordo se se realizan por tubaxe.
- i) As operacións que se realicen en instalacións portuarias en réxime de concesión ou autorización, cando as ditas instalacións estean directamente relacionadas con plantas de transformación, instalacións de procesamento industrial ou envasado de mercadorías propias que se movan polas ditas terminais marítimas de acordo co seu obxecto concesional, salvo que as realizase unha empresa estibadora.

As actividades incluídas no servizo de manipulación de mercadorías que sexan realizadas nas instalacións outorgadas en concesión ou autorización citadas no parágrafo anterior deberán ser realizadas con traballadores que cumpran os requisitos de formación e aptitude exixidos polos artigos 153 e 154 desta lei, sen que sexa exixible a participación da empresa por cuxa conta presten os seus servizos os traballadores no capital da Sociedade de Xestión de Estibadores Portuarios regulada no capítulo VI do título VI deste libro primeiro.

4. A autoridade portuaria poderá autorizar o navieiro ou armador, sen necesidade de tramitar unha licenza de servizo de manipulación de mercadorías, para o manexo de medios de carga e descarga propios do buque por persoal da súa tripulación, unha vez que se acredite, mediante a presentación dos oportunos certificados das autoridades competentes, a idoneidade dos medios técnicos empregados e a cualificación do persoal que os manexe, particularmente en materia de prevención de riscos laborais. A autoridade portuaria poderá impor as condicións necesarias co fin de que se garanta a realización da operación en condicións de seguridade e de calidade ambiental.

En ningún caso se poderá autorizar para aqueles buques que enarboren o pavillón dun Estado incluído na lista negra que se publica no informe anual do Memorando de París ou, independentemente do seu pavillón, que estea descrito como de alto ou moi alto risco polo novo réxime de inspección.

5. As actividades incluídas no servizo de manipulación de mercadorías deberán ser realizadas por traballadores que contén coa cualificación exixida nesta lei.

Artigo 131. *Instrucións técnicas sobre maquinaria específica.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, oído Portos do Estado, logo de audiencia das organizacións empresariais e sindicais máis representativas do sector, aprobará as instrucións técnicas correspondentes á maquinaria específica para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

Sección 5.^a Servizo de recepción de refugallos xerados por buques

Artigo 132. *Réxime de prestación.*

1. Inclúense neste servizo as actividades de recolla de refugallos xerados por buques, o seu traslado a unha instalación de tratamento autorizada pola Administración competente e, de ser o caso, o almacenamento, clasificación e tratamento previo destes na zona autorizada polas autoridades competentes.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por refugallos xerados por buques todos os producidos polo buque, incluíndo os refugallos relacionados coa carga, e que están regulados polos anexos I, IV, V ou VI do Convenio internacional para previr a contaminación ocasionada polos buques de 1973, modificado polo seu Protocolo de 1978, na súa versión vixente (Marpol 73/78) e polo seu Protocolo de 1997 que emendaba o citado convenio e engadía o anexo VI a este. Os refugallos xerados por buques consideraranse residuos no sentido da alínea a) do artigo 3 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

3. Enténdese como refugallos relacionados coa carga os restos de embalaxes, elementos de trincaxe ou suxeición, e outros, que se encontran a bordo en bodegas de carga ou tanques, que permanecen unha vez completados os procedementos de

descarga, segundo se definen nas directrices para a aplicación do anexo V de Marpol 73/78.

4. Non se consideran refugallos xerados por buques os residuos da carga, entendendo como tales os restos de calquera material de carga que se encontren a bordo de bodegas de carga ou tanques e que permanezan unha vez completados os procedementos de descarga e as operacións de limpeza, nin os derramamentos do material de carga. Para os efectos desta lei, non estará incluída no servizo portuario de recepción de refugallos xerados polos buques a recolla dos residuos de carga e das substancias que esgotan a capa de ozono e os equipamentos que as conteñen, aos cales se fai referencia no artigo 63 desta lei.

5. Unicamente poderán prestar este servizo as empresas que, tendo obtido a correspondente licenza da autoridade portuaria, fosen autorizadas polo órgano ambiental competente para a realización das actividades de xestión dos refugallos a que se refire este servizo e, así mesmo, acreditasen documentalmente un compromiso de aceptación para o seu tratamento ou eliminación por parte do xestor destinatario.

6. Nas prescricións particulares do servizo incluíranse, entre outras, sen prexuízo das que se establezan na licenza correspondente, as características e condicións técnicas que deben cumprir as operacións e instalacións de recepción de refugallos, as cales se deberán axustar ás normas aprobadas polas administracións competentes, así como os medios que deba incorporar o prestador do servizo para colaborar coas administracións competentes nos servizos de loita contra a contaminación mariña.

7. O conxunto dos medios dispoñibles en cada porto deberá ser o adecuado para atender as necesidades dos buques que utilicen normalmente o porto, sen causarles demoras innecesarias.

8. Coa finalidade de reducir as verteduras ao mar dos refugallos xerados polos buques, as autoridades portuarias cobrarán unha tarifa fixa aos buques que atraquen, en cada escala no porto, fagan ou non uso do servizo de recepción de refugallos previsto neste artigo. Esta tarifa fixa, dependente das unidades de arqueado bruto (GT) do buque daralles dereito a descargar por medios de recolla terrestre na zona I do porto, sen custo adicional, durante os sete primeiros días da escala, todos os refugallos dos anexos I e V do Convenio Marpol 73/78.

Se a recolla se realiza por medios mariños ou ten lugar na zona II do porto, a tarifa fixa será un 25 por cento superior á establecida para a recolla en zona I.

Polas descargas correspondentes aos refugallos dos anexos IV e VI, así como polas realizadas despois do sétimo día da escala, os buques aboarán directamente ao prestador do servizo a tarifa que corresponda polos volumes recollidos.

Os prestadores do servizo poderán convir cos seus usuarios, ao seu cargo, descontos comerciais sobre a tarifa, en función, entre outros, dos tipos e volumes anuais dos refugallos entregados.

A tarifa fixa que se aplicará a un buque en cada escala nun porto será a resultante do produto da contía básica (R) polos seguintes coeficientes, en función das unidades de arqueado bruto do buque (GT):

- a) Buques entre 0 e 2.500 GT: 1,50.
- b) Buques entre 2.501 e 25.000 GT: $6 \times 0,0001 \times \text{GT}$.
- c) Buques entre 25.001 e 100.000 GT: $(1,2 \times 0,0001 \times \text{GT}) + 12$.
- d) Buques de máis de 100.000 GT: 24,00.

O valor da contía básica (R) establécese en 80 €. O valor da contía básica poderá ser revisado na Lei de orzamentos xerais do Estado ou noutra que, de ser o caso, se aprobe para estes efectos en función da evolución dos custos do servizo no sistema portuario.

Os volumes de refugallos correspondentes aos anexos I e V de Marpol 73/78 efectivamente descargados serán aboados pola autoridade portuaria ás empresas prestadoras de acordo coas tarifas que se establezan nas prescricións particulares do servizo. No caso de que a cantidade recadada pola tarifa fixa for superior ao aboado con base no disposto no parágrafo anterior, a autoridade portuaria poderá distribuír unha

porcentaxe da cantidade remanente entre os titulares de licenzas do servizo para contribuír á viabilidade do servizo en caso de demanda insuficiente. Os criterios de distribución incluíranse nas prescricións particulares do servizo e deberán ser obxectivos, transparentes, proporcionais, equitativos e non discriminatorios.

9. O pagamento da tarifa fixa de recepción de refugallos xerados por buques é obrigatorio para todos os buques en cada escala que realicen no porto, coa excepción das bonificacións e exencións recollidas nos puntos 10 e 11 deste artigo. Esta tarifa será exigible aos suxeitos pasivos da taxa do buque nas condicións establecidas para a dita taxa.

10. Aplicaranse as seguintes bonificacións á tarifa fixa de recepción de refugallos xerados por buques:

a) Cando o buque dispoña dun certificado da Administración marítima en que se faga constar que, pola xestión ambiental do buque, polo seu deseño, equipamentos dispoñibles ou condicións de explotación, se xeran cantidades reducidas dos refugallos correspondentes: 20 por cento.

b) Cando o buque que nunha escala non efectúa descarga de refugallos do anexo I acredita ante a autoridade portuaria, mediante un certificado expedido pola Administración marítima, a entrega dos refugallos do dito anexo, así como o pagamento das tarifas correspondentes, no último porto onde efectuase escala, sempre que se garanta a recolla de todos os refugallos deste tipo no dito porto, que non se superase a súa capacidade de almacenamento desde a escala anterior e que tampouco se vaia superar ata a próxima escala: 50 por cento.

c) Os buques que operen en tráfico regular con escalas frecuentes e regulares, particularmente os dedicados a liñas de transporte marítimo de curta distancia, cando ante a autoridade portuaria se acredite, mediante certificado expedido pola Administración marítima, a existencia dun plan que asegure a entrega de refugallos xerados polos buques dos anexos I e V, así como o pagamento das tarifas correspondentes nalgún dos portos situados na ruta do buque, e que garanta a recolla de todos os seus refugallos cando o buque faga escala no dito porto de forma que en ningunha das súas viaxes se supere a capacidade de almacenamento de cada tipo de refugallos: $100 \times [1 - (0,30/(n-1))]$ por cento, sendo n o número medio de portos diferentes nos que a liña marítima fai escala por cada período de sete días e sempre que n sexa igual ou maior que 2. En todo caso, os buques mencionados pagarán a tarifa que lles corresponda, en cada porto que fagan escala, como máximo unha vez cada sete días. Se se fixo descarga nese período corresponderá o importe total da tarifa fixa.

No suposto c), cando o buque posúa un plan que unicamente asegure a entrega de refugallos sólidos do anexo V do Convenio Marpol 73/78, a bonificación será a terceira parte da que lle corresponde de acordo co disposto no dito suposto; no caso de que o buque posúa un plan que só asegure a entrega de refugallos líquidos do anexo I, a bonificación será das dúas terceiras partes.

11. Estarán exentos do pagamento da tarifa fixa de recepción de refugallos xerados por buques, sen prexuízo de que satisfagan directamente ao prestador do servizo as cantidades correspondentes aos volumes de refugallos que realmente entreguen:

a) Os buques de guerra, unidades navais auxiliares e outros buques que, sendo propiedade dun Estado da Unión Europea ou estando ao seu servizo, só presten servizos gobernamentais de carácter non comercial.

b) Os buques e embarcacións ao servizo da autoridade portuaria ou asociadas á realización de obras na zona do servizo do porto, as embarcacións ao servizo das administracións públicas que teñan base no porto, así como as que formen parte dun servizo portuario, as dedicadas ao tráfico interior e os destinados ao avituallamento e ao aprovisionamento de buques, sempre que se acredite ante a autoridade portuaria, mediante certificado expedido pola Administración marítima, a existencia dun plan que asegure a entrega periódica de refugallos e residuos xerados polo buque, aceptado por

un dos prestadores do servizo. As entregas realizadas deberanse xustificar trimestralmente.

c) Os buques ou embarcacións de pesca fresca. Neste suposto, a autoridade portuaria deberá subscribir un convenio coas confrarías de pescadores co fin de establecer un plan que asegure a entrega periódica de refugallos e residuos xerados polo buque ou embarcación, aceptado por un dos prestadores do servizo. As entregas realizadas deberanse xustificar trimestralmente.

d) As embarcacións deportivas ou de lecer autorizadas para un máximo de 12 pasaxeiros. Neste suposto, a autoridade portuaria deberá subscribir un convenio cos operadores das dársenas ou as instalacións náutico-deportivas co fin de establecer un plan que asegure a entrega periódica de refugallos e residuos xerados polo buque ou embarcación, aceptado por un dos prestadores do servizo. As entregas realizadas deberanse xustificar trimestralmente.

e) Os buques que fondeen en zonas xeográficas que non necesiten a realización de obras de mellora e a instalación de equipamentos para posibilitar a fondeadura.

f) Buques inactivos e buques a flote en construción, gran reparación, transformación ou desmantelamento.

12. Nos casos recollidos nos números anteriores, non se terán en consideración os plans en que interveñan instalacións portuarias receptoras situadas en portos extracomunitarios e que non figuren nas listaxes actualizadas de instalacións de recepción da Organización Marítima Internacional (OMI), nin tampouco as descargas efectuadas nas ditas instalacións.

13. As cantidades recadadas coa tarifa fixa contribuirán ao financiamento dos custos de prestación do servizo e a promover as mellores prácticas ambientais desincentivando a vertedura de refugallos ao mar. Para estes efectos, e a partir dun volume mínimo de refugallos descargados, a autoridade portuaria poderá establecer bonificacións á tarifa fixa por cada metro cúbico de refugallo que se acredite ter descargado, logo de informe vinculante de Portos do Estado e sempre que as ditas bonificacións se incorporen á estrutura de custos de cada autoridade portuaria, nun marco de competencia leal entre portos.

Sección 6.^a Servizos portuarios en réxime de autoprestación e integración de servizos

Artigo 133. Concepto de autoprestación.

1. Para os efectos desta lei, considérase autoprestación cando o concesionario ou o titular dunha terminal de pasaxeiros ou de mercadorías dedicada ao uso particular se presta a si mesmo os servizos á pasaxe ou de manipulación de mercadorías, respectivamente, con persoal e material propio, sen que se celebre ningún tipo de contrato con terceiros para efectos de tal prestación.

Tamén se considerará autoprestación cando unha compañía navieira se presta a si mesma un ou varios servizos portuarios con persoal propio embarcado para os servizos a bordo e material propio, sen que se celebre ningún tipo de contrato con terceiros para efectos de tal prestación. No caso de servizos de transporte marítimo de curta distancia regulares e das autoestradas do mar realizados con buques ro-ro puros, ro-pax, con-ro e ferries (transbordadores) poderanse prestar a si mesmo os servizos á pasaxe e de manipulación de mercadorías utilizando tamén persoal propio en terra, caso en que será de aplicación o réxime xurídico previsto nos artigos 150 e 151.5 da presente lei. En ningún caso se poderá autorizar para aqueles buques que enarboren o pavillón dun Estado incluído na lista negra que se publica no informe anual do Memorando de París ou, independentemente do seu pavillón, que estean considerados como de alto ou moi alto risco polo novo réxime de inspección.

2. O persoal da empresa autorizada para a autoprestación deberá cumprir os requisitos de cualificación exixidos ao persoal das empresas prestadoras de servizos portuarios, salvo cando se trate de persoal do buque embarcado.

Artigo 134. *Concepto de integración de servizos.*

1. Para os efectos desta lei, considérase que existe integración de servizos cando o concesionario ou o titular dunha autorización dunha terminal de pasaxeiros ou de mercadorías dedicadas ao uso particular pode prestar aos buques que operan nela un ou varios servizos técnico-náuticos, con persoal e material propios, sen celebrar contrato con terceiros cuxo obxecto sexa a prestación dos ditos servizos. Neste suposto, o navieiro que opere neste tipo de terminais poderá elixir entre os servizos portuarios integrados e os abertos ao uso xeral.

2. Cando en terminais dedicadas ao uso particular con autorización para a integración de servizos a autoridade portuaria impoña a manipulación de mercadorías alleas, a operación de buques de terceiros ou a prestación de servizos á pasaxe transportada en buques de terceiros, os servizos técnico-náuticos a estes tráfico deberán ser prestados polas empresas con licenza de servizos portuarios abertos ao uso xeral.

Artigo 135. *Requisitos e procedemento de outorgamento das licenzas de autoprestación e de integración de servizos.*

1. A prestación de servizos portuarios en réxime de autoprestación e de integración de servizos será autorizada pola autoridade portuaria, logo de informe vinculante da Administración marítima no que se refire á seguridade marítima, que se deberá emitir no prazo dun mes desde a recepción da documentación correspondente. Entenderase en sentido favorable se transcorre o dito prazo sen que o informe se emitise de forma expresa.

2. Para o servizo de pilotaxe portuaria non se poderá autorizar o réxime de autoprestación, sen prexuízo da posibilidade de obtención de exencións de pilotaxe conforme o previsto no artigo 126. Pola súa vez, non se poderá autorizar o réxime de integración de servizos salvo nos supostos de portos, atracadoiros particulares ou terminais en réxime de concesión situados fóra dos límites xeográficos de prestación do servizo portuario de pilotaxe, así como naquelas outras situacións excepcionais de análogas características ás anteriores.

3. As licenzas que autoricen a prestación de servizos portuarios en réxime de autoprestación ou de integración de servizos deberanse axustar ás prescricións particulares dos servizos, excluindo do contido das ditas licenzas as cláusulas ás cales se refire o artigo 116, coas condicións establecidas nel e coas que, de ser o caso, determinase a Administración marítima no informe emitido.

Entre os requisitos técnicos para a prestación dos servizos portuarios neste réxime non se poderá exixir un número maior de medios humanos e materiais que os correspondentes ás operacións unitarias previstas na terminal, tanto as máis simples como as máis complexas, nas mesmas condicións de seguridade e calidade que se exixen para o resto dos prestadores.

4. As licenzas para a prestación de servizos portuarios en réxime de autoprestación ou de integración de servizos poderán solicitarse en calquera momento, outorgarse como máximo polo prazo previsto no artigo 114 e poderán ser renovadas conforme o indicado no dito artigo. Estas licenzas unicamente poderán ser denegadas por algunha das razóns previstas no artigo 109 para limitar o número de prestadores.

Artigo 136. *Compensacións económicas.*

1. Nas licenzas de autoprestación e nas de integración de servizos establecerase a compensación económica que, de ser o caso, os titulares deberán aboar como contribución para que as obrigas de servizo público que recaen sobre os titulares de licenzas abertas ao uso xeral poidan ser atendidas, en particular as de manter a cobertura universal, a regularidade e a continuidade dos servizos.

2. O valor da dita compensación establecerase para cada licenza de conformidade cos criterios obxectivos, transparentes, proporcionais, equitativos e non discriminatorios

establecidos para o efecto nas prescricións particulares dos servizos. Para cada servizo, o dito valor será unha porcentaxe dos custos fixos que lle corresponderían a un único prestador aberto ao uso xeral cos medios humanos e materiais mínimos exixidos polo prego de prescricións particulares do servizo. Esta porcentaxe non poderá ser maior que a porcentaxe que representa sobre o total de actividade anual de cada servizo portuario a realizada polo titular dunha licenza de autoprestación ou integración do servizo, no ámbito xeográfico e, de ser o caso, no tipo de tráfico e mercadoría, afectado polas prescricións particulares do servizo que sexan de aplicación.

3. A compensación anual será facturada pola autoridade portuaria aos titulares de licenzas de autoprestación e integración de servizos, nas condicións establecidas nas prescricións particulares dos servizos, se houber prestadores do servizo abertos ao uso xeral, distribuíndose entre eles conforme os criterios previstos nas referidas prescricións particulares.

CAPÍTULO IV

Servizo de sinalización marítima

Artigo 137. Concepto e regulación.

1. O servizo de sinalización marítima xestionado polos organismos portuarios ten como obxecto a instalación, mantemento, control e inspección de dispositivos visuais, acústicos, electrónicos ou radioeléctricos, activos ou pasivos, destinados a mellorar a seguridade da navegación e os movementos dos buques no mar litoral español, e, de ser o caso, confirmar a posición dos buques en navegación.

A prestación deste servizo corresponde a cada autoridade portuaria na zona xeográfica que teña asignada para estes efectos.

Quedan excluídos deste servizo:

a) A instalación e o mantemento dos dispositivos anteriormente citados, que sirvan para a aproximación e acceso do buque aos portos de competencia das comunidades autónomas e o balizamento da súa zona de servizo.

b) A instalación e mantemento do balizamento de calquera outra instalación das administracións públicas ou de organismos dependentes delas.

c) A instalación e o mantemento do balizamento de instalacións outorgadas en concesión ou autorización, incluídas as destinadas a cultivos mariños e emisarios submarinos, ou doutras instalacións situadas no medio mariño, susceptibles de poder representar un obstáculo para a navegación.

d) O balizamento de instalacións e obstáculos artificiais, que deberán ser realizados e aboados polo titular, promotor, responsable ou causante deles.

e) O servizo de balizamento das zonas de baño e de lanzamento e varada de artefactos flotantes de lecer nas praias.

f) O servizo de control, axuda do tráfico marítimo e outras axudas que corresponda prestar á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima ou a calquera outra Administración con competencias na materia.

g) Os dispositivos necesarios para sinalizar a aproximación, o acceso e a navegación polo interior dos portos de titularidade estatal.

2. Corresponde a Portos do Estado determinar a procedencia ou non do balizamento, establecendo as súas características técnicas e localización, logo de ditame da Comisión de Faros, sen prexuízo do órgano ou entidade competente para a súa instalación e mantemento. Por razóns de seguridade ou urxencia, Portos do Estado poderá autorizar balizamentos provisionais, sen prexuízo dos que definitivamente sexan aprobados. A composición e funcións da Comisión de Faros serán determinadas polo Ministerio de Fomento.

3. Nos supostos previstos nas alíneas a), b), c), d) e e) do punto 1, o proxecto de execución, a instalación e o mantemento das axudas á navegación marítima deberán ser

executados á súa custa pola comunidade autónoma ou Administración correspondente, ou polo concesionario ou autorizado, polo titular, promotor ou responsable da instalación, ou polo causante do obstáculo artificial, segundo proceda, de conformidade coa normativa e características técnicas e localización dos dispositivos que fosen aprobados por Portos do Estado, logo de ditame da Comisión de Faros.

4. Ás autoridades portuarias, como parte do servizo de sinalización marítima, asígnanselles as seguintes funcións:

a) Aprobar os proxectos de execución ou modificación dos dispositivos de sinalización marítima cuxa instalación e mantemento corresponda á autoridade portuaria.

b) Garantir o efectivo cumprimento dos balizamentos establecidos por Portos do Estado, de forma que, no suposto de que os responsables da súa instalación e mantemento non os executen no prazo establecido, será executado pola autoridade portuaria á custa daqueles.

c) Emitir informe, con carácter vinculante, sobre os proxectos de execución de novos dispositivos ou modificación dos existentes, cuxa instalación e mantemento corresponda a terceiros.

d) Inspeccionar as axudas á navegación marítima cuxa instalación e mantemento corresponde a terceiros e, de ser o caso, á custa destes, a adopción das medidas conducentes ao restablecemento do servizo, incluídas as derivadas do exercicio da potestade sancionadora, cando proceda.

5. Os responsables da instalación e mantemento das axudas á navegación marítima teñen a obriga de comunicar tanto a posta en servizo de novos sinais como as incidencias que se produzan ao Servizo Nacional de Coordinación de Radioavisos Náuticos Locais e Costeiros, da Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima ou órgano competente, para os efectos da súa difusión a navegantes, cando proceda, así como a Portos do Estado. As axudas á navegación ás que se refire o número 1 son unha información adicional á subministrada polas cartas náuticas e, de ser o caso, polos avisos a navegantes, que deben ser interpretadas conxuntamente cos ditos documentos náuticos.

6. Previamente á aprobación de novos polígonos de cultivos mariños ou doutras instalacións situadas no medio mariño, susceptibles de poder representar un obstáculo para a navegación, a comunidade autónoma ou Administración competente deberá remitir o proxecto que inclúa a delimitación deles a Portos do Estado, co fin de que, no prazo máximo de dous meses, determine as características técnicas e localización do seu balizamento. A comunidade autónoma ou Administración competente deberá garantir a instalación e o mantemento do dito balizamento.

7. Para a protección do servizo que prestan, garantindo a súa adecuada identificación e uso, o Ministerio de Fomento, por proposta de Portos do Estado, oída a Comisión de Faros, poderá establecer as servidumes necesarias para garantir a eficacia dos sinais e da prestación do servizo.

Previamente, a autoridade portuaria correspondente remitirá a Portos do Estado a memoria técnica solicitando as ditas servidumes, as cales se limitarán a garantir o acceso ás axudas e a súa efectividade. No caso das axudas visuais, as servidumes poderanse referir á protección do cono de luz, ás súas cores, á súa cadencia e ao seu ritmo, así como á iluminación do fondo.

As servidumes de protección das axudas radioelétricas non poderán supor limitacións superiores ás establecidas na normativa vixente en materia de telecomunicacións en canto á protección do espazo radioelétrico.

CAPÍTULO V

Servizos comerciais

Artigo 138. *Definición e réxime de aplicación.*

1. Para os efectos previstos nesta lei, son servizos comerciais as actividades de prestación de natureza comercial que, non tendo o carácter de servizos portuarios, estean vinculadas á actividade portuaria.

2. O desenvolvemento de actividades industriais, comerciais ou de servizos no dominio público portuario someterase ao réxime xurídico previsto nesta lei para os servizos comerciais.

Artigo 139. *Réxime de prestación de servizos comerciais e outras actividades.*

1. Os servizos comerciais prestaranse en réxime de concorrencia.

Os organismos públicos portuarios adoptarán medidas encamiñadas a promover a competencia na súa prestación.

2. A prestación de servizos comerciais e o desenvolvemento de actividades industriais, comerciais ou de servizos por terceiros requirirá a obtención de autorización da autoridade portuaria. O prazo de vixencia da dita autorización será o que se determine no título correspondente. Se a prestación do servizo comercial estiver vinculada á ocupación privativa do dominio público portuario, o prazo deberá ser o mesmo que o autorizado para a ocupación demanial.

Así mesmo, a súa prestación deberase axustar ás condicións particulares que determine cada autoridade portuaria, de ser o caso, así como ás demais disposicións normativas que sexan de aplicación.

3. Cando o desenvolvemento dunha actividade ou dun servizo requira a ocupación de bens de dominio público portuario, tramitarse un só expediente e outorgarse un único título administrativo no cal, polo mesmo prazo, se autorice a actividade e a ocupación do dominio público portuario.

4. O prazo máximo para notificar a resolución do expediente de outorgamento da autorización será de tres meses. Esta entenderase outorgada se transcorre o citado prazo sen que recaese resolución expresa, salvo que se requira a ocupación privativa de bens do dominio público portuario.

5. Os títulos habilitantes para a prestación de servizos comerciais deberán incluír, polo menos, os seguintes contidos:

- a) Obxecto do servizo ou da actividade.
- b) Prazo de outorgamento.
- c) Garantías que se deban constituír, incluídas as necesarias para cubrir posibles riscos ambientais.
- d) Condicións e medios para garantir a seguridade e calidade ambiental do servizo ou actividade, así como a súa compatibilidade co funcionamento operativo do porto.
- e) Taxa de actividade que corresponda.

6. As autorizacións poderanse extinguir por algunha das seguintes causas:

- a) Transcurso do prazo previsto na autorización.
- b) Revogación por incumprimento das condicións establecidas no título habilitante.
- c) Polas demais causas previstas, de ser o caso, nas condicións particulares establecidas pola autoridade portuaria.

Artigo 140. *Servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias.*

A prestación de servizos comerciais polas autoridades portuarias estará limitada a atender as posibles deficiencias da iniciativa privada. En contraprestación por estes

servizos, os ditos organismos exixirán as correspondentes tarifas, que terán natureza de prezos privados.

Artigo 141. *Entrega, recepción e outras operacións de manipulación de mercadorías.*

As operacións de entrega e recepción da mercadoría, depósito, remoción e traslado de calquera tipo, así como calquera outra que non estea incluída no servizo de manipulación de mercadorías, tal como se define no artigo 130.1, terán a consideración de servizos comerciais, e para o seu exercicio será preciso contar coa oportuna autorización da autoridade portuaria.

CAPÍTULO VI

Réxime de xestión dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías

Sección 1.ª Sociedades de xestión da posta á disposición de traballadores

Artigo 142. *Modelo de xestión da posta á disposición de traballadores portuarios.*

1. Nos portos de interese xeral poderase constituír, sen prexuízo da conversión das sociedades estatais de estiba e desestiba e das agrupacións portuarias de interese económico existentes no momento da entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, unha sociedade anónima mercantil privada que terá por obxecto social a xestión da posta á disposición dos seus accionistas dos traballadores, por ela contratados, que os ditos accionistas demanden para o desenvolvemento das actividades e tarefas do servizo portuario de manipulación de mercadorías que non se poidan realizar con persoal propio do seu cadro de persoal, como consecuencia da irregularidade da man de obra necesaria para a realización das actividades incluídas no dito servizo portuario. Ademais, poderá pór á disposición dos accionistas traballadores para desenvolver actividades comerciais suxeitas a autorización na zona de servizo dos portos, sempre que os ditos socios estean debidamente autorizados para realizalas. Igualmente, será obxecto destas sociedades a formación continua dos traballadores que garanta a profesionalidade no desenvolvemento das actividades que integran o servizo de manipulación de mercadorías.

Tamén incluírá no seu obxecto social a posta á disposición de traballadores ás empresas que estean autorizadas para a realización de actividades comerciais que non teñen a consideración de servizo portuario de manipulación de mercadorías de acordo co previsto no artigo 130.3.c) desta lei.

2. A dita sociedade rexerese polo disposto nesta lei e, supletoriamente, polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital e, de ser o caso, pola lexislación que o modifique ou substitúa.

3. A denominación de cada sociedade será a que se estableza nos seus estatutos e nela deberá figurar a expresión «Sociedade Anónima de Xestión de Estibadores Portuarios» ou a sigla SAXEP, que será exclusiva desta clase de sociedades.

Artigo 143. *Capital social e a súa distribución.*

1. Todas as empresas que desexen prestar o servizo portuario de manipulación de mercadorías e obteñan a correspondente licenza deberán, de ser o caso, integrarse como partícipes no capital da Sociedade Anónima de Xestión de Estibadores Portuarios. Exceptúanse desta exigencia as empresas con licenza para autoprestación.

O titular dunha licenza do servizo portuario de manipulación de mercadorías que quede exento de participar como accionista na SAXEP de acordo co suposto anterior deberá:

Contratar en réxime laboral común un número de traballadores da SAXEP que se corresponda ás xornadas traballadas no último ano para o dito titular nas actividades do

servizo portuario de manipulación de mercadorías. As ofertas de traballo consideradas adecuadas de acordo co previsto no artigo 151.3 que sexan rexeitadas polos traballadores computaranse como válidas para estes efectos.

No caso de que o solicitante dunha licenza de autoprestación non forme parte da SAXEP ou, de ser o caso, da APIE ou SEED correspondente, previamente á dita solicitude deberá, en primeiro lugar, ofertar a contratación en réxime común dos traballadores necesarios para o desenvolvemento das actividades e tarefas do dito servizo a través de ofertas nominativas ou innominadas aos traballadores da dita sociedade. As ofertas de traballo consideradas adecuadas de acordo co previsto no artigo 151.3 que sexan rexeitadas polos traballadores computaranse como válidas para estes efectos.

2. O capital social inicial da SAXEP fixarase nos estatutos da sociedade que se aproben no momento da súa constitución, distribuíndose entre os titulares de licenzas de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías en vigor nese momento no porto, que non estean exentos de participación na citada sociedade mercantil de acordo co disposto no punto I deste artigo, de acordo cos seguintes criterios:

1.º O 50 por cento do capital distribuirase proporcionalmente entre o número de titulares de licenzas de prestación do servizo de manipulación de mercadorías.

2.º O restante 50 por cento distribuirase entre os ditos titulares en función do grao de utilización temporal da cadro de persoal, medido en volume de facturación.

3. A distribución do capital social revisarase nos prazos e termos que establezan os estatutos da sociedade, co obxecto de reaxustar periodicamente a composición accionarial aos anteriores criterios. En calquera caso, revisarase automaticamente cando se deba producir o ingreso ou separación dun accionista de acordo co previsto nesta lei. No caso de incorporación de novos accionistas, o segundo criterio aplicarase considerando as estimacións razoables dos novos accionistas sobre as súas necesidades de traballadores da sociedade durante o primeiro ano de pertenza a ela.

Neses casos, a nova participación dos accionistas no capital da sociedade será fixada polo Consello de Administración da SAXEP nun prazo máximo de quince (15) días desde que a autoridade portuaria lle comunique á sociedade a obtención da correspondente licenza, a perda desta ou certifique que o seu titular está suxeito a algunha das causas de exención de participación na SAXEP ou que deixa de estalo. Se o consello de administración da sociedade non adoptar ningún acordo no citado prazo, a persoa física ou xurídica con dereito e deber de ser membro da SAXEP, ademais dos dereitos que legalmente lle correspondan, poderá solicitar e obter a posta á disposición de traballadores que necesite.

4. Os reaxustes na composición accionarial comportarán para os accionistas o dereito á liquidación e a obriga de adquisición das participacións sociais que correspondan como consecuencia do reaxuste efectuado.

5. En ningún caso poderán ser accionistas da SAXEP os que non teñan en vigor unha licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías nin separarse da sociedade ningún titular dunha licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, salvo as exencións previstas no punto 1 deste artigo.

6. A SAXEP non poderá posuír directa ou indirectamente participación en ningún tipo de sociedade.

Artigo 144. *Órgano de goberno.*

A Sociedade Anónima de Xestión de Estibadores Portuarios rexerese por un consello de administración. Os estatutos da sociedade determinarán a composición do dito órgano. Os estatutos recollerán que un representante designado pola autoridade portuaria na cal a SAXEP desenvolva a súa actividade forme parte do consello de administración en calidade de conselleiro independente.

Artigo 145. *Impugnación de acordos.*

1. Poderán ser impugnados os acordos da xunta xeral de accionistas ou do órgano de goberno da SAXEP que sexan contrarios á lei, atenten contra a libre competencia, se opoñan aos estatutos ou lesionen en beneficio dun ou de varios accionistas, ou de terceiros, os intereses da sociedade.

2. Serán nulos os acordos contrarios á lei. Os demais acordos serán anulables. A acción de impugnación dos acordos nulos ou anulables deberá exercitarse dentro do prazo de caducidade fixado para as sociedades anónimas na Lei de sociedades de capital.

3. Estarán lexitimados para a impugnación dos acordos nulos ou anulables todos os accionistas, os membros do seu órgano de goberno, a autoridade portuaria en que a SAXEP exerza a súa actividade e calquera terceiro que acredite interese lexítimo.

4. Os acordos que resulten gravemente danosos para o interese xeral do porto ou para os usuarios del, que lesionen algún accionista ou que prexudiquen a libre competencia entre os prestadores do servizo portuario de manipulación de mercadorías, ao xuízo da autoridade portuaria, poderán ser suspendidos preventivamente polo seu presidente, por iniciativa deste, do membro do consello de administración en representación da autoridade portuaria ou por instancias dun accionista. No prazo máximo de vinte (20) días, contados desde a adopción de tal medida, deberá proceder á impugnación do acordo suspendido, con expresa solicitude de ratificación da medida cautelar adoptada. Se non se procede á impugnación do acordo no prazo sinalado, o acordo de suspensión quedará sen efecto. O acordo de suspensión producirá efectos desde a data en que se adopte e ata que o órgano xurisdiccional civil se pronuncie sobre a procedencia da medida cautelar adoptada. Caso de non se proceder á impugnación no prazo sinalado, o acordo de suspensión quedará igualmente sen efectos. Para a impugnación dos acordos sociais seguiranse os trámites previstos na Lei de axuizamento civil.

Artigo 146. *Réxime económico.*

1. O importe total das facturas que deberán aboar os accionistas á SAXEP pola utilización dos traballadores contratados por esta última deberá ser o suficiente para manter o equilibrio económico da sociedade.

2. O prezo unitario dos servizos de posta á disposición de traballadores fixarao o órgano de goberno da sociedade de forma que se cumpra o obxectivo de equilibrio orzamentario anual.

3. No caso de que algún dos accionistas non fixer fronte ao pagamento das facturas que lle correspondan no prazo sinalado ao respecto polo órgano de goberno, este poderá:

a) Reclamar por vía ordinaria o cumprimento desta obriga, con aboamento do xuro legal e dos danos e perdas causados por morosidade.

b) Suspender a posta á disposición do accionista moroso de traballadores da SAXEP e a posibilidade de incorporar ao seu cadro de persoal traballadores en relación laboral común ata que estea ao día das facturas emitidas máis os xuros e gastos devengados. Iso non habilitará o accionista moroso para poder realizar as actividades do servizo portuario de manipulación de mercadorías con calquera outro persoal que sexa alleo ao propio cadro de persoal do socio moroso apto para a prestación do servizo de manipulación de mercadorías nos termos indicados no artigo 153 desta lei.

c) En caso de incumprimento reiterado poderá, ademais, solicitar da autoridade portuaria a extinción da licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías por incumprimento do titular das súas obrigas coa SAXEP.

Artigo 147. *Garantías.*

Os accionistas da SAXEP responderán da totalidade dos pasivos e obrigas da sociedade, persoal e mancomunadamente entre si, en proporción á súa participación no capital social.

Artigo 148. *Obriga de achega de información.*

A SAXEP deberá achegar á autoridade portuaria do porto en que exerza a súa actividade a información que esta precise para o cumprimento dos seus fins e lle sexa requirida para o efecto e, en particular, a evolución do persoal contratado en relación laboral especial, a relación de traballadores postos á disposición, os contratos en relación laboral común realizados polos titulares das licenzas con persoal da SAXEP, as ofertas nominadas ou innominadas realizadas polos titulares de licenzas a traballadores da SAXEP e os seus resultados, así como calquera outra petición solicitada polo Observatorio Permanente do Mercado dos Servizos Portuarios.

Sección 2.^a Réxime laboral aplicable aos traballadores do servizo portuario de manipulación de mercadorías

Artigo 149. *Tipos de relacións laborais.*

1. A relación laboral dos traballadores que desenvolven a súa actividade no servizo portuario de manipulación de mercadorías poderase establecer tanto coas sociedades anónimas de xestión de estibadores portuarios (SAXEP), en relación laboral especial recollida no artigo 2.1.h) do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, como directamente coas empresas titulares de licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías, en relación laboral común.

2. Quedan fóra do ámbito desta relación especial as relacións laborais establecidas entre a SAXEP e o persoal contratado por elas para realizar actividades que non integren o contido do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

Artigo 150. *Réxime laboral común.*

1. Os titulares de licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías pertencentes á SAXEP que desexen contratar traballadores en réxime laboral común para o desenvolvemento das actividades e tarefas do servizo portuario de manipulación de mercadorías deberán realizalo prioritariamente a través de ofertas nominativas ou innominadas aos traballadores da SAXEP. De non existir na SAXEP o persoal portuario adecuado ou en número suficiente ou, en caso de existir, de se rexeitaren as ofertas recibidas, as contratacións necesarias poderán ser realizadas libremente polas empresas prestameiras do servizo entre traballadores coa cualificación exixida nos termos dos artigos 153 e 154.

2. Cando un traballador procedente da SAXEP estableza un contrato co titular dunha licenza do servizo portuario de manipulación de mercadorías en relación laboral común, incluídos os titulares de licenza exentos de participar como accionistas na SAXEP, a relación laboral coa SAXEP quedará suspendida; o traballador terá a opción de restablecer esta relación especial de orixe de se extinguir a relación laboral común. A opción de restablecemento da relación laboral especial non existirá nos supostos de extinción da relación laboral común por dimisión do traballador, por despedimento disciplinario declarado procedente ou por mutuo acordo entre o traballador e o empresario.

Nos supostos en que a relación laboral común establecida cunha empresa estibadora o sexa baixo a modalidade de contrato a tempo parcial, non se producirá a suspensión regulada no parágrafo anterior e continuará producindo efectos a relación laboral especial, que quedará novada na modalidade de contrato a tempo parcial.

3. Serán nulos os pactos que prohiban ou teñan como consecuencia impedir a celebración dun contrato de traballo en relación laboral común entre un traballador e un titular do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

4. O número mínimo de traballadores en réxime laboral común que deben ter contratados as empresas titulares dunha licenza para o servizo portuario de manipulación de mercadorías quedará determinado na correspondente licenza, de acordo co previsto

ao respecto nos pregos reguladores do servizo. En todo caso, deberá cubrir, cando menos, o 25 por cento da actividade da empresa, en cómputo interanual, no ámbito deste servizo. Non obstante o anterior, a autoridade portuaria poderá incluír nos pregos de prescricións particulares do servizo, logo de informe de Portos do Estado, causas regradas obxectivas de excepción total ou parcial deste requisito en razón das características, frecuencia e estacionalidade dos tráxicos que opere a empresa ou, de ser o caso, resolver a petición da empresa ou da SAXEP, que poderá ser formulada en calquera momento, coa excepción total ou parcial por razóns de interese da competitividade do porto.

5. Nas licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías establecerase, como causa de extinción, o incumprimento da obriga de manter contratados en relación laboral común o número de traballadores que se corresponda coa porcentaxe a que se refire o punto anterior.

Igualmente, os acordos do consello de administración da autoridade portuaria sobre o outorgamento de novas licenzas do servizo de manipulación de mercadorías ou as súas prórrogas en que non se dea cumprimento á dita obriga serán nulos de pleno dereito.

Os pregos de bases dos concursos para a adxudicación de concesións de dominio público cuxo titular vaia prestar o servizo de manipulación de mercadorías incluírán, como criterio de adxudicación daquelas, o compromiso do licitador de superar o número mínimo de traballadores que se van contratar en relación laboral común, establecido no parágrafo primeiro deste punto. O incumprimento posterior deste compromiso determinará a caducidade da concesión.

Así mesmo, os pregos condicionarán o outorgamento de prórrogas das sinaladas concesións a ter alcanzado unha determinada porcentaxe de estibadores portuarios en relación laboral común, por riba da porcentaxe establecida no parágrafo primeiro deste punto. Establecerase regulamentariamente o prazo máximo das prórrogas que, de ser o caso, se outorguen, en función da porcentaxe de estibadores portuarios en relación laboral común.

6. O número mínimo de traballadores en réxime laboral común poderá ser cuberto sen suspender a relación laboral especial mediante a adscrición ás empresas usuarias de traballadores por tempo superior a unha quenda laboral.

Artigo 151. *Réxime laboral especial.*

1. A contratación de traballadores pola SAXEP en réxime laboral especial será acordada polo seu órgano de goberno de acordo cos seus estatutos. O contrato de traballo no ámbito da relación laboral especial só se poderá concertar por tempo indefinido.

2. A asignación dos traballadores en réxime laboral especial que demanden as empresas accionistas realizarase mediante o sistema de rotación.

3. A relación laboral especial extinguirase, ademais de polas causas previstas no artigo 49 do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, por vontade da SAXEP cando o traballador rexeitase reiteradas ofertas de emprego adecuadas á súa categoría profesional provenientes de empresas titulares dunha licenza do servizo portuario de manipulación de mercadorías que desexen establecer con el unha relación laboral común. Para considerar como adecuada unha oferta de emprego, esta deberá garantir uns ingresos en cómputo anual e en condicións homoxéneas, polo menos iguais aos que o traballador percibiría de seguir vinculado á SAXEP. Considerarase que o rexeitamento da oferta é reiterado cando se produza logo de transcorridos menos de dous anos desde o rexeitamento anterior.

4. Cando por calquera causa, incluíndo non haber traballadores dispoñibles no momento en que un buque estea listo para recibir o servizo, a SAXEP non puider proporcionar os traballadores demandados polos accionistas para a súa posta á disposición temporal deles e non concorreren as condicións previstas nos seus estatutos para incrementar o número de traballadores contratados pola SAXEP, as empresas usuarias poderán contratar directamente, sen que exceda unha quenda de traballo, os traballadores que reúnan a cualificación exixida nesta lei.

5. Os titulares de licenzas do servizo de manipulación de mercadorías que estean exentos da súa participación na SAXEP conforme o previsto nesta lei deberán, en primeiro lugar, solicitar a posta á disposición temporal de traballadores da SAXEP nos casos en que o persoal fixo da empresa non poida atender a carga puntual de traballo. O custo da posta á disposición dos traballadores non será superior ao establecido na SAXEP para a actividade equivalente. No caso de que a SAXEP non estiver en condicións de pór á disposición o persoal solicitado, poderase contratar libremente sen que exceda unha quenda de traballo.

6. Corresponde á SAXEP o cumprimento das obrigas salariais e de seguridade social en relación cos traballadores contratados por ela que estean en relación laboral especial.

7. De conformidade co establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa usuaria será responsable de garantir a efectividade do dereito dos traballadores á protección en materia de seguridade e saúde laboral no traballo, así como da recarga de prestacións de seguridade social que prevexa a lexislación vixente en caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional que teña lugar no seu centro de traballo durante o período de posta á disposición do traballador e que deriven da falta de medidas de seguridade e hixiene, exercendo todas as demais responsabilidades que se atribúen ás relacións de traballo temporais, de duración determinada, no artigo 28 da Lei 31/1995. Igualmente corresponderá á empresa usuaria o cumprimento da normativa legal ou convencional referida a tempos de traballo e mobilidade funcional, e será responsable polos incumprimentos ou infraccións da normativa de aplicación, derivada das súas accións ou omisións; en tales casos poderanse formular contra ela as accións administrativas ou xurisdiccionais correspondentes, nos mesmos termos previstos na normativa laboral común respecto dos empresarios.

8. Cando os traballadores en relación especial desenvolvan tarefas no ámbito da empresa usuaria, a SAXEP conservará o carácter de empresario respecto a eles. No entanto, as facultades de dirección e control da actividade laboral serán exercidas pola empresa usuaria durante o tempo de prestación de servizos no seu ámbito. En tales supostos, e sen prexuízo do exercicio pola SAXEP da facultade disciplinaria atribuída polo artigo 58 do Estatuto dos traballadores, cando a empresa usuaria considere que por parte do traballador se produciu un incumprimento contractual, porao en coñecemento da SAXEP co fin de que esta adopte as medidas sancionadoras correspondentes. A empresa usuaria poderá, ademais, efectuar unha concreta proposta de sanción, que terá carácter vinculante.

Artigo 152. *Formación continua.*

A SAXEP estará obrigada a destinar anualmente, como mínimo, o un por cento da súa masa salarial á formación continua dos seus traballadores para garantir a súa profesionalidade.

Sección 3.^a Requisitos de capacitación dos traballadores que realicen actividades do servizo portuario de manipulación de mercadorías

Artigo 153. *Cualificación exixida.*

1. As actividades incluídas no servizo de manipulación de mercadorías deberán ser realizadas por traballadores que contén con algunha das titulacións de formación profesional de grao medio ou superior que se determinen por orde do Ministerio de Fomento, logo de audiencia das organizacións sindicais e empresariais máis representativas e representativas deste sector, e oídos as autoridades portuarias e os ministerios competentes en educación e traballo.

2. Portos do Estado aprobará, logo de audiencia das organizacións empresariais e sindicais máis representativas e representativas no sector e de ámbito nacional, a regulación do contido mínimo das probas de aptitude psicofísica que deberán superar os

que desexen prestar os seus servizos no desenvolvemento das actividades que integran o servizo de manipulación de mercadorías.

Artigo 154. *Excepcións á exigencia de titulación.*

1. Estará exento da exigencia dos requisitos de titulación a que se refire o artigo anterior o persoal do buque que realice a bordo actividades incluídas no servizo portuario de manipulación de mercadorías nas situacións e condicións permitidas por esta lei, sen prexuízo das cualificacións exixidas pola Administración marítima para o persoal embarcado.

2. Tampouco serán exixibles os requisitos de titulación aos traballadores que se encontren nos seguintes supostos no momento da entrada en vigor da orde ministerial de exigencia de titulacións prevista no artigo anterior:

a) Os estibadores portuarios que teñan ou tivesen un contrato de traballo coas sociedades estatais de estiba e desestiba ou coas agrupacións portuarias de interese económico, incluíndo os que teñan suspendida a relación laboral especial e presten servizos en réxime de relación laboral común en empresas titulares de licenzas de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

b) Os estibadores a que se refería a disposición transitoria segunda 2, terceiro parágrafo, do Real decreto lei 2/1986, do 23 de maio, sobre o servizo público de estiba e desestiba de buques, que tiveren recoñecida esta situación.

c) Os traballadores que dispoñan dun certificado de profesionalidade de acordo co establecido na disposición adicional sétima da Lei 10/1994, do 19 de maio, sobre medidas urxentes de fomento da ocupación.

d) Os que viñeren prestando servizos en tarefas de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías que estivesen excluídas do servizo ao abeiro do artigo 2.g) do Real decreto lei 2/1986, do 23 de maio.

e) Os que poidan acreditar a posesión de carné de conducir clase C1 e a realización de máis de 100 xornadas de traballo en tarefas de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, entrega e recepción, depósito, remoción e traslado no último ano natural anterior á primeira convocatoria de probas de aptitude en cada autoridade portuaria para o ingreso na SAXEP tras a entrada en vigor desta lei.

Sección 4.^a Utilización dos servizos da SAXEP polas empresas autorizadas á realización de actividades comerciais do artigo 130.3.c) desta lei

Artigo 155. *Solicitud de oferta á SAXEP.*

As empresas que estean autorizadas para a realización de actividades comerciais, que non teñen a consideración de servizo portuario de manipulación de mercadorías de acordo co previsto no artigo 130.3.c) desta lei, deberán atender as súas necesidades de persoal para estes servizos mediante a utilización de persoal da SAXEP sempre e cando a súa oferta sexa igual ou máis vantaxosa en termos de calidade e custo no sector da estiba.

TÍTULO VII

Réxime económico

CAPÍTULO I

Principios e compensación e asistencia interportuarias

Artigo 156. *Autofinanciamento do sistema portuario.*

1. O réxime económico dos portos de titularidade estatal deberá responder ao principio de autosuficiencia económica do sistema portuario no seu conxunto e de cada

unha das autoridades portuarias nun marco de autonomía de xestión económico-financiera dos organismos públicos portuarios.

2. Os ingresos polas actividades ordinarias do sistema portuario estatal e de cada unha das autoridades portuarias deberán cubrir, polo menos, os seguintes conceptos:

- a) Os gastos de explotación, os gastos financeiros e outros necesarios para o cumprimento das súas funcións.
- b) As cargas fiscais.
- c) A depreciación dos seus bens e instalacións.
- d) Un rendemento razoable sobre o activo non corrente neto medio do exercicio, excluindo o inmovilizado en curso, os activos por impostos diferidos e os debedores comerciais non correntes, que permita facer fronte ás necesidades dos novos investimentos e á devolución dos empréstitos emitidos e dos préstamos recibidos.

3. Para garantir a autosuficiencia económica do sistema portuario e de cada unha das autoridades portuarias, Portos do Estado acordará con cada autoridade portuaria, nos respectivos plans de empresa, na forma prevista no artigo 52 desta lei, os obxectivos de rendibilidade anual, o rendemento sobre o activo non corrente neto medio considerado como razoable e demais obxectivos de xestión, atendendo á previsible evolución da demanda, ás necesidades investidoras de cada autoridade portuaria derivadas dela, ás súas características físicas e condicións específicas, en particular ás derivadas da insularidade, especial illamento e ultraperifericidade, e á súa posición competitiva, tendo en conta o obxectivo de rendibilidade anual fixado para o conxunto do sistema portuario.

O obxectivo de rendibilidade anual para o conxunto do sistema portuario establécese no 2,5 por cento e poderá ser revisado na Lei de orzamentos xerais do Estado ou noutra que se aprobe para estes efectos, en función de criterios de política económica e de transporte, da evolución dos custos loxísticos e portuarios, das necesidades investidoras do sistema, da previsible evolución da demanda e de sustentabilidade da actividade portuaria.

Artigo 157. *Cálculo da rendibilidade anual.*

Para os efectos previstos no artigo anterior, a rendibilidade anual de cada autoridade portuaria e do conxunto do sistema portuario calcularase tomando como base o cociente de dividir:

- a) O resultado do exercicio despois de impostos, excluindo del a deterioración e o resultado por alleamentos do inmovilizado e outros resultados que teñan o carácter de extraordinarios, así como o saldo do Fondo de Compensación Interportuario achegado ou recibido, e
- b) O activo non corrente neto medio do exercicio, excluindo o inmovilizado en curso, o inmovilizado correspondente a terreos e bens naturais sobre os cales non se desenvolve ningún tipo de actividade durante o exercicio, os activos por impostos diferidos e os debedores comerciais non correntes.

Artigo 158. *Medidas para garantir o cobramento dos seus recursos.*

As autoridades portuarias poderán utilizar para a efectividade dos seus créditos con natureza de ingresos de dereito público, e a través dos seus propios servizos, o procedemento administrativo de constrinximento.

Así mesmo, poderán convir cos órganos de recadación do Ministerio de Economía e Facenda a xestión recadatoria dos ditos ingresos na forma prevista no Regulamento xeral de recadación.

Artigo 159. *Fondo de Compensación Interportuario.*

1. O Fondo de Compensación Interportuario constitúe o instrumento de redistribución de recursos do sistema portuario estatal. Será administrado por Portos do Estado de conformidade cos acordos adoptados polo Comité de Distribución do Fondo, e dotarase anualmente no orzamento de explotación individual do dito organismo público.

2. As autoridades portuarias e Portos do Estado realizarán achegas ao Fondo de Compensación Interportuario conforme os criterios e límites establecidos nesta lei. As ditas achegas terán a consideración de gasto non reintegrable.

3. A contía anual da achega de cada autoridade portuaria ao Fondo de Compensación Interportuario determinarase por agregación dos seguintes importes correspondentes ao exercicio anterior:

a) O 80 por cento dos ingresos devengados pola taxa de axudas á navegación correspondente ás embarcacións ás cales polas súas características lles sexa de aplicación a taxa do buque.

b) Ata o 12 por cento e non menos do 4 por cento do resultado de explotación do exercicio, excluindo as amortizacións do inmovilizado, o resultado por alleamentos do inmovilizado e outros resultados que teñan o carácter de extraordinarios, a cantidade correspondente ao Fondo de Compensación achegada e recibida e os ingresos pola taxa polo servizo de sinalización marítima, sempre que o valor resultante sexa positivo.

A porcentaxe que se aplicará, correspondente á alínea b), será fixada anualmente polo Comité de Distribución do Fondo, por proposta de Portos do Estado, en función, entre outras, das necesidades financeiras globais das autoridades portuarias e de Portos do Estado motivadas pola diferente situación competitiva en que se encontran as autoridades portuarias, sobre a base de non discriminación de tratamento entre elas. A dita porcentaxe reducirase un 50 por cento para as autoridades portuarias do arquipélago canario, balear e de Ceuta e Melilla.

4. A contía da achega anual de Portos do Estado será determinada polo seu consello reitor en función das dispoñibilidades e previsións orzamentarias do dito organismo público e das necesidades do Fondo de Compensación Interportuario.

5. A distribución do Fondo de Compensación Interportuario entre Portos do Estado e as autoridades portuarias será aprobada polo Comité de Distribución do Fondo atendendo aos criterios seguintes:

a) As achegas establecidas no punto 3.a) deste artigo distribuiranse entre todas as autoridades portuarias en función do número de faros e outras axudas á navegación marítima operativas que cada unha delas teña asignada.

b) As achegas previstas nos puntos 3, b) e 4 terán carácter finalista e a súa aplicación estará condicionada á súa execución efectiva ou, de ser o caso, ao cumprimento do correspondente plan de saneamento, e destinaranse, entre outros, a financiar:

1.º Investimentos en infraestruturas portuarias e en sinalización marítima, así como os seus gastos de reparación e mantemento.

2.º Os gastos asociados á implantación de plans de saneamento.

3.º Actuacións ambientais e de seguridade que favorezan un marco de desenvolvemento sustentable e seguro da actividade portuaria.

4.º Actuacións ou programas de investigación, desenvolvemento e innovación de interese portuario.

5.º Danos físicos ou situacións económicas excepcionais ou non previstas.

Así mesmo, as ditas achegas destinaranse a compensar os menores ingresos estruturais das autoridades portuarias de Ceuta, Melilla, Balears e das illas Canarias, as cales soportan reducións e bonificacións das taxas derivadas das súas condicións de insularidade, especial illamento e ultraperifericidade.

As cantidades que se recibirán por estas compensacións suxeitaranse aos dous seguintes criterios:

En primeiro lugar, o volume total destas compensacións será a achega mínima ao Fondo de Compensación Interportuario establecida no punto 3,b) deste artigo.

E, en segundo lugar, distribuiranse de forma proporcional ás cantidades que se deixaron de percibir como consecuencia da aplicación ás taxas do buque, pasaxe e mercadoría dos coeficientes redutores por concepto de interinsularidade e das bonificacións por insularidade, especial illamento e ultraperifericidade, correspondentes ao ano inmediatamente anterior á data de celebración do plan de empresa.

O importe que recibirá cada autoridade portuaria non poderá ser superior ao importe das reducións e bonificacións efectivamente practicadas no dito ano correspondentes ás taxas sinaladas no parágrafo anterior polos conceptos citados nel, e nunca superior ao importe que lle permita alcanzar a rendibilidade anual obxectivo do sistema portuario correspondente a ese ano, calculados os ingresos por taxas de utilización con coeficientes correctores de valor un. As cantidades que non puideren ser distribuídas por este concepto poderán ser distribuídas de acordo co resto de criterios do Fondo de Compensación Interportuario.

Para os efectos contables, as achegas ao Fondo de Compensación Interportuario terán a consideración de gasto de explotación no exercicio e as percepcións do dito fondo a de ingreso nese mesmo exercicio.

O Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario decidirá o destino das cantidades asignadas anualmente que non fosen consumidas, e poderá acordar o mantemento no Fondo para a súa asignación no seguinte exercicio.

6. O Comité de Distribución do Fondo de Compensación Interportuario terá a seguinte composición:

- a) O presidente, que será o presidente de Portos do Estado.
- b) Os vogais, que serán os presidentes de cada unha das autoridades portuarias.
- c) Un secretario, que será o do Consello Reitor de Portos do Estado.

Os acordos do Comité, sobre a base das propostas presentadas por Portos do Estado, serán adoptados por maioría simple dos asistentes, e corresponderá ao presidente o voto de calidade en caso de empate.

7. O balance entre achegas e percepcións do Fondo de Compensación Interportuario farase efectivo proporcionalmente á conta con carácter trimestral, sen prexuízo da correspondente liquidación no momento da finalización do exercicio en función da xustificación ou non do cumprimento das actuacións asociadas a el.

Artigo 160. *Financiamento e asistencia.*

1. Os organismos públicos portuarios poderán voluntariamente prestarse asistencia entre si, pondo uns os seus excedentes de tesouraría á disposición doutros que os necesiten. Portos do Estado deberá fixar en cada caso o xuro dos préstamos de acordo coas condicións do mercado, e deberá autorizar singularmente e con carácter previo cada operación, co fin de que non supoña beneficio económico ou transferencia de crédito sen contraprestación, nin implique calquera outra medida que dificulte ou distorsione a libre competencia entre os portos de interese xeral. Estas operacións formalizaranse mediante un convenio de préstamo financeiro, que deberá ser aprobado previamente por Portos do Estado.

2. Excepcionalmente, cando concorran circunstancias extraordinarias que imposibiliten, dificulten ou non aconsellen que unha autoridade portuaria poida cubrir necesidades financeiras, debidas a causas sobrevidas ou a disfuncionalidades derivadas da xestión, acudindo cos seus propios medios ao mercado de capitais, Portos do Estado, por iniciativa propia, poderá intervir, mediante calquera medio, no financiamento dunha autoridade portuaria. A resolución deberá ser adoptada polo seu Consello Reitor por

iniciativa do seu presidente, establecendo a forma de asistencia que considere máis idónea e atendendo ás circunstancias concretas de cada caso.

3. No caso previsto no punto anterior, Portos do Estado, coa aprobación do seu Consello Reitor, poderá conceder créditos ou préstamos, condicionando o seu outorgamento ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) A subscrición dun convenio de normalización financeira, cuxo obxecto sexa definir as condicións do préstamo, así como a estratexia e accións exixidas para lograr a estabilidade financeira da autoridade portuaria asinante, establecendo para iso os mecanismos de intervención necesarios para alcanzar o dito obxectivo.

b) O dito convenio deberá prever a creación dunha comisión de seguimento, composta por un representante da autoridade portuaria, un da comunidade autónoma en cuxo territorio se localiza a autoridade portuaria e tres do organismo público Portos do Estado, co fin de supervisar o cumprimento do convenio de normalización.

c) A comisión de seguimento estará presidida por un dos representantes de Portos do Estado, que asumirá todas as competencias e funcións necesarias para garantir o cumprimento do convenio de normalización.

d) Ningún órgano da autoridade portuaria poderá modificar o disposto no convenio de normalización sen a autorización previa do Consello Reitor de Portos do Estado.

4. Cando os recursos sexan os previstos no artigo 27.1.d) e e), poderase supeditar a súa concesión ás mesmas condicións establecidas no punto 3, por proposta de Portos do Estado, do órgano competente do Estado ou da Administración pública que xestione a asignación dos ditos recursos. Non obstante, cando os recursos sexan os previstos no artigo 27.1.d) correspondentes a achegas recibidas do Fondo de Compensación, o disposto no punto 3 unicamente será de aplicación cando se destinen a cofinanciar actuacións incluídas nos ordinais 2.º e 5.º do punto 5.b) do artigo 159.

CAPÍTULO II

Réxime económico da utilización do dominio público e da prestación dos servizos portuarios

Sección 1.ª Taxas portuarias; disposicións xerais

Artigo 161. *Taxas portuarias.*

1. As taxas portuarias son as exixidas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario e pola prestación do servizo de sinalización marítima.

2. As taxas portuarias a que se refire o punto anterior son as seguintes:

- a) Taxa de ocupación, pola ocupación privativa do dominio público portuario.
- b) Taxa de actividade, polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos no dominio público portuario.
- c) Taxas de utilización, pola utilización especial das instalacións portuarias.
- d) Taxa de axudas á navegación, polo servizo de sinalización marítima.

Artigo 162. *Réxime xurídico.*

As taxas portuarias rexeranse polo disposto nesta lei e, no non previsto nela, pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos; pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e polas normas regulamentarias ditadas en desenvolvemento delas.

Artigo 163. Rendemento das taxas.

Os ingresos polas taxas portuarias de cada autoridade portuaria, xunto cos demais recursos económicos, responderán ao principio de equivalencia cos custos de posta á disposición de solo e infraestruturas e cos custos dos servizos prestados directamente pola autoridade portuaria, os cales deberán cubrir os gastos necesarios para o cumprimento das súas funcións, as cargas fiscais, a depreciación dos seus bens e instalacións, as súas obrigas financeiras e un rendemento razoable sobre o activo non corrente neto medio do exercicio, excluindo o inmovilizado en curso, os activos por impostos diferidos e os debedores comerciais non correntes, que permita facer fronte ao financiamento dos novos investimentos.

Os ditos rendementos poderán ser establecidos anualmente ou ben como obxectivo de rendemento en períodos plurianuais.

O Ministerio de Fomento establecerá por orde ministerial os criterios polos cales se considerará que os rendementos son razoables.

Estes criterios velarán polo cumprimento do principio de autofinanciamento, evitando simultaneamente a competencia desleal entre portos e prácticas abusivas ou discriminatorias.

Artigo 164. Importe das taxas.

O importe das taxas fixarase:

a) Taxa de ocupación: tomando como referencia o valor de mercado correspondente ao ben de dominio público portuario ocupado.

b) Taxa de actividade: tomando como referencia a utilidade derivada do aproveitamento do dominio público para o usuario.

c) Taxas de utilización: tomando en consideración a utilidade derivada da utilización das infraestruturas portuarias e, ademais, terá en conta os custos directos e indirectos asociados á dotación e ao mantemento das infraestruturas portuarias, incluíndo os de estrutura que se lle imputen, os financeiros, os de amortización do inmovilizado e os necesarios para garantir o adecuado desenvolvemento da infraestrutura e dos servizos inherentes a ela en función das necesidades e requirimentos da demanda.

d) Taxa de axudas á navegación: para todo o sistema portuario de titularidade estatal e tomando en consideración os custos directos e indirectos asociados á dotación e ao adecuado mantemento do conxunto de instalacións de axuda á navegación marítima no litoral marítimo español, excluídas as que serven de aproximación e acceso aos portos e o seu balizamento.

Artigo 165. Bonificacións.

Admítese a posibilidade de bonificacións nas taxas portuarias nos supostos e cos límites establecidos nesta lei, co obxecto de promover a competitividade e a sustentabilidade económica e ambiental da actividade portuaria e do sistema de transporte. A aplicación a unha taxa de máis dunha bonificación das previstas nesta lei realizarase de forma sucesiva e multiplicativa. Para estes efectos, a cota íntegra multiplicarase, sucesivamente, polos coeficientes redutores correspondentes, entendéndose por coeficiente redutor a unidade menos o valor da bonificación en tanto por un.

Artigo 166. Coeficientes correctores.

1. Co obxecto de que se poida tomar en consideración a estrutura de custos de cada autoridade portuaria e garantir o principio de autosuficiencia económico-financeira, nun marco de competencia leal entre portos, cada autoridade portuaria poderá propor, no marco do plan de empresa anual, tres coeficientes correctores que se aplicarán,

respectivamente, ás contías básicas das taxas do buque (T-1), da pasaxe (T-2) e da mercadoría (T-3), cos seguintes límites:

- a) Os coeficientes correctores propostos non poderán ser superiores a 1,30.
- b) No caso de que algún dos coeficientes correctores propostos sexa menor que a unidade, a rendibilidade anual do exercicio inmediatamente anterior ao do ano en que se acorde o plan de empresa, de se teren aplicado os novos coeficientes correctores propostos, debe ser positiva.
- c) No caso de que algún dos coeficientes correctores propostos sexa maior que a unidade, a rendibilidade anual no exercicio inmediatamente anterior ao do ano en que se acorde o plan de empresa, de se teren aplicado os novos coeficientes correctores propostos, non debe ser superior ao obxectivo de rendibilidade anual establecido para o conxunto do sistema portuario.
- d) No caso de que algún dos coeficientes correctores propostos sexa menor que 0,70, a rendibilidade anual no exercicio anterior ao do ano en que se acorde o plan de empresa, de se teren aplicado os novos coeficientes correctores propostos, non debe ser inferior ao obxectivo de rendibilidade anual establecido para o conxunto do sistema portuario.
- e) A diferenza entre os coeficientes correctores propostos non poderá ser maior que 0,30.

2. O ministro de Fomento desenvolverá, mediante orde, criterios xerais que deben rexer as propostas destes coeficientes correctores, en aplicación da política económica xeral que dite o Goberno, tendo en conta os seguintes principios:

- a) Máxima contribución posible de cada porto á competitividade da súa área de influencia económica, limitando subidas de contías que poidan ter un efecto inflacionario ou un prexuízo grave sobre determinados tráficos, particularmente aqueles altamente dependentes do porto.
- b) Autosuficiencia económica de cada autoridade portuaria, tendo en conta tanto a súa evolución pasada como as súas previsións económico-financeiras a medio e longo prazo, a través do establecemento de límites inferiores sobre as contías.
- c) Garantía da leal competencia interportuaria, sobre a base da eficiencia e calidade dos servizos prestados ao menor custo posible, de forma que as contías das taxas incorporen a estrutura de custos de cada autoridade portuaria, evitando situacións de competencia desleal.

3. Cada autoridade portuaria realizará, de ser o caso, a proposta de coeficientes correctores, tomando en consideración as previsións de evolución dos seus tráficos, o nivel de endebedamento, as súas necesidades de investimento e os seus obxectivos de xestión, así como a rendibilidade anual obxectivo e o rendemento razoable sobre o activo non corrente neto medio exigible para os exercicios correspondentes. No caso de que non se propoña ningún entenderase que se manteñen os do exercicio anterior sempre e cando se comprobe o cumprimento dos límites anteriores, ou terán un valor igual á unidade en caso de que non se aprobasen anteriormente. Os coeficientes correctores definitivos para cada autoridade portuaria estableceranse con carácter anual na Lei de orzamentos xerais do Estado ou na que, de ser o caso, se aprobe para estes efectos.

Artigo 167. *Repercusión en réxime de estimación simplificada.*

Nos casos en que esta lei estableza que a contía da taxa se determine en réxime de estimación simplificada, a súa repercusión, cando proceda, deberán levala a cabo os suxeitos pasivos polo importe que lle corresponda no dito réxime.

Artigo 168. *Publicación.*

As cotas íntegras das taxas de utilización, as bases impositivas e gravames da taxa de ocupación e as bonificacións aplicables ás taxas portuarias, así como os coeficientes correctores, deberán estar publicados no portal da internet propio de cada autoridade portuaria. Portos do Estado deberá consolidar a dita información no seu propio portal.

Artigo 169. *Exencións do pagamento da taxa de ocupación.*

Estarán exentos do pagamento da taxa de ocupación:

a) Os órganos e as entidades das administracións públicas que, por necesidades de funcionamento, se deban situar no dominio público portuario, por levaren a cabo no ámbito portuario ou marítimo actividades de control oficial de mercadorías, vixilancia, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, inspección e protección do ambiente mariño e costeiro, de protección dos recursos pesqueiros, represión do contrabando, loita contra o tráfico ilícito de drogas, seguridade pública e control de pasaxeiros e de mercadorías, salvamento, loita contra a contaminación mariña, ensinanzas marítimas e aquelas relacionadas coa defensa nacional.

b) A Cruz Vermella Española do Mar respecto ás actividades propias que ten encomendadas esta institución, e outras entidades de carácter humanitario, sen fins lucrativos e legalmente constituídas, cuxa actividade estea exclusivamente vinculada coa atención a tripulantes e pasaxeiros, que por necesidades de funcionamento deban situarse no dominio público portuario, logo de solicitude da exención á autoridade portuaria.

Artigo 170. *Exencións do pagamento da taxa de actividade.*

Estarán exentos do pagamento da taxa de actividade:

a) Os órganos e entidades das administracións públicas, respecto das actividades a que se refire a alínea a) do artigo anterior.

b) A Cruz Vermella do Mar e outras entidades de carácter humanitario, sen fins lucrativos e legalmente constituídas, respecto das actividades a que se refire a alínea b) do artigo anterior, logo de solicitude da exención á autoridade portuaria.

c) Os consignatarios de buques e de mercadorías, debidamente autorizados, con respecto á actividade de consignación de buques e de mercadorías, sempre e cando estas non impliquen a ocupación de dominio público.

d) Os provisionistas, debidamente autorizados, con respecto á actividade de aprovisionamento, sempre e cando esta non implique a ocupación de dominio público.

e) Os titulares de servizos comerciais e actividades que, non estando vinculados á ocupación privativa do dominio público, estean directamente relacionados coa entrada ou saída da zona de servizo do porto de mercadorías ou pasaxeiros.

f) As corporacións de dereito público e entidades sen fins lucrativos para aquelas actividades que se encontren directamente vinculadas coa actividade portuaria e que sexan de interese educativo, investigador, cultural, social ou deportivo, logo de solicitude da exención á autoridade portuaria.

Artigo 171. *Exencións do pagamento das taxas de utilización e axudas á navegación.*

Estarán exentos do pagamento das correspondentes taxas de utilización e de axudas á navegación:

a) Os buques de Estado, os buques e aeronaves afectados ao servizo da defensa nacional e, coa condición de reciprocidade, os dos exércitos de países integrados con España en asociacións ou alianzas militares de carácter internacional, así como as súas tropas e efectos militares, e os doutros países que non realicen operacións comerciais e

cuxa visita teña carácter oficial ou de arribada forzosa, certificada pola autoridade competente.

b) As embarcacións, aeronaves e material propiedade das autoridades portuarias e os das administracións públicas, ou contratados por elas, dedicados ao servizo do porto e ás actividades de seguridade pública, vixilancia, inspección, investigación e protección do ambiente mariño e costeiro, protección dos recursos pesqueiros, represión do contrabando, loita contra o tráfico ilícito de drogas, salvamento, loita contra a contaminación mariña, ensinanzas marítimas e, en xeral, a misións oficiais da súa competencia. Así mesmo, coa condición de reciprocidade, as embarcacións e material das administracións doutros Estados dedicados ás mesmas actividades.

c) As embarcacións e o material da Cruz Vermella Española do Mar dedicados aos labores que ten encomendados esta institución, así como as mercadorías de carácter humanitario enviadas a zonas ou rexións en crise ou de emerxencia, realizadas por entidades sen fins lucrativos e legalmente constituídas, logo de solicitude da exención á autoridade portuaria.

d) Embarcacións e buques a flote en construción, reparación, transformación ou desmantelamento, cando se realicen en instalacións dedicadas fundamentalmente ás ditas actividades e estean outorgadas en concesión ou autorización que inclúan a lámina de auga en que se realicen as referidas operacións.

e) As embarcacións de vela con eslora non superior a 12 metros, unicamente respecto á taxa de axudas á navegación.

4. Para os efectos desta lei, consideraranse entidades sen fins lucrativos as enumeradas no artigo 2 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Artigo 172. *Xestión, revisión e garantías de cobramento das taxas.*

1. A xestión e recadación das taxas serán efectuadas polas autoridades portuarias, que poderán utilizar para a efectividade do cobramento daquelas as garantías constituídas para o efecto e, de ser o caso, a vía de constrinximento. A xestión recadatoria en período executivo poderá ser realizada, logo de celebración do oportuno convenio, polos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou polos que correspondan doutras administracións territoriais.

Os suxeitos pasivos estarán obrigados a practicar as operacións de cualificación e cuantificación necesarias para determinar e ingresar o importe da débeda tributaria.

As taxas serán obxecto de autoliquidación polos seus respectivos suxeitos pasivos. As autoridades portuarias practicarán as correspondentes liquidacións ata que por orde do Ministerio de Fomento se determinen os criterios, forma e prazos necesarios para que se efectúe a autoliquidación.

2. Nos procedementos de aplicación dos tributos aplicaranse os principios e procedementos da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e disposicións de desenvolvemento en canto non se opoñan ao previsto nesta lei.

3. O non pagamento de calquera das taxas portuarias poderá motivar, logo de apercibimento ao interesado e mentres non regularice a súa débeda tributaria, a prohibición ou perda do dereito á utilización ou aproveitamento especial das instalacións portuarias, logo de comunicación ao capitán marítimo, de afectar a navegación, a suspensión da actividade e, de ser o caso, a extinción do título administrativo correspondente, de acordo co previsto nesta lei.

Para estes efectos, entenderase que se produciu o non pagamento das taxas cando non se efectúe o ingreso da débeda tributaria en período voluntario.

*Sección 2.ª Taxa de ocupación**Artigo 173. Feito imponible.*

O feito imponible desta taxa consiste na ocupación do dominio público portuario, do seu voo e do seu subsolo, en virtude dunha concesión ou autorización, e inclúe a prestación dos servizos comúns do porto relacionados co dominio público ocupado.

Artigo 174. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes da taxa, segundo proceda, o concesionario ou o titular da autorización.

Artigo 175. Base imponible.

A base imponible da taxa é o valor do ben de dominio público ocupado, que se determinará da forma seguinte:

a) Ocupación de terreos. Será o valor dos terreos, que se determinará sobre a base de criterios de mercado. Para tal efecto, a zona de servizo dividirase en áreas funcionais, e asignaráselles aos terreos incluídos en cada unha delas un valor por referencia a outros terreos do termo municipal ou dos termos municipais próximos, con similares usos e condicións, en particular os cualificados como uso loxístico, comercial ou industrial, tomando en consideración o aproveitamento que lles corresponda. Ademais, no caso de áreas destinadas á manipulación de mercadorías, poderá tomar tamén en consideración o valor de superficies portuarias que puideren ser alternativas para os tráxicos do dito porto.

Na valoración dos terreos de cada área portuaria deberán, ademais, terse en conta o grao de urbanización xeral da zona, as características de ordenación establecidas no plan especial do porto, a súa centralidade na zona de servizo, e a súa proximidade, accesibilidade e a conexión cos diferentes modos e infraestruturas de transporte, en particular, coas instalacións de atracada e coas áreas de auga abrigada.

b) Ocupación das augas do porto. Será o valor dos espazos de auga incluídos en cada unha das áreas funcionais en que se divida a zona de servizo do porto, que se determinará por referencia ao valor dos terreos das áreas da zona de servizo con similar finalidade ou uso ou, de ser o caso, ao dos terreos máis próximos. Na valoración deberánse ter en conta as condicións de abrigo, profundidade e localización das augas, sen que poida exceder o valor dos terreos de referencia.

Non obstante, cando o espazo de auga se outorgue en concesión para o seu recheo, o seu valor será o asignado aos terreos de similar utilidade que se encontren máis próximos.

c) Ocupación de obras e instalacións. O valor do ben de dominio público ocupado estará integrado polos seguintes conceptos:

1.º O valor dos terreos e das augas ocupados.

2.º O valor das infraestruturas, superestruturas e instalacións, no momento do seu outorgamento, calculado sobre a base de criterios de mercado, e o valor da súa depreciación anual. Estes valores, que serán aprobados pola autoridade portuaria, permanecerán constantes durante o período concesional e non será de aplicación a actualización anual prevista no artigo 178.

O cálculo do valor das obras e instalacións e do valor da súa depreciación será realizado polas autoridades portuarias conforme os seguintes criterios:

2.º 1 Se se trata dun ben construído a cargo da autoridade portuaria e desde a data de recepción non transcorren máis de cinco anos, deberase considerar como valor inicial do ben o custo total do investimento.

2.º 2 Nos restantes casos, o valor do ben determinarase mediante taxación realizada por unha sociedade de taxación inscrita no Rexistro de Sociedades de Taxación do Banco de España, salvo cando se trate de bens cuxo valor non supere os tres millóns de euros, caso en que a taxación poderá ser realizada polos servizos técnicos da autoridade portuaria. En ambos os casos, o valor do ben determinarase no momento do outorgamento, permanecerá constante, e tomarase en consideración, entre outros factores, o uso a que se destine, o seu estado de conservación e a súa posible obsolescencia. Para os efectos de outorgamento de novas concesións ou autorizacións, estas valoracións terán unha vixencia de cinco anos, salvo cando os bens sufrisen ao xuízo da autoridade portuaria, desde a última valoración, unha alteración significativa no seu valor de mercado.

2.º 3 A depreciación anual será o resultado de dividir o valor do ben pola súa vida útil. No caso do ordinal 2.º1, a vida útil determinarase aplicando as táboas de vidas útiles vixentes para os activos integrantes do inmovilizado material dos organismos públicos portuarios. No caso do ordinal 2.º2, a vida útil será a que se estableza na taxación.

2.º 4 En caso de prórroga da concesión ou autorización, procederase a unha nova taxación das obras e instalacións cando estas revertan á autoridade portuaria.

d) Cando a ocupación do dominio público portuario inclúa un uso consuntivo del, o valor deste uso será o dos materiais consumidos a prezo de mercado.

Artigo 176. *Tipo de gravame.*

1. O tipo de gravame anual aplicable á base impositiva será o seguinte:

a) De acordo co disposto no título de outorgamento, no suposto de ocupación de terreos e de augas do porto para:

1.º Actividades portuarias relacionadas co intercambio entre modos de transporte, as relativas ao desenvolvemento de servizos portuarios, así como outras actividades portuarias comerciais, pesqueiras e náutico-deportivas: o 6 por cento.

2.º Actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e as que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o 7 por cento.

3.º Actividades relativas a usos vinculados á interacción porto-cidade: 8 por cento.

b) No caso de ocupación do voo ou subsolo de terreos ou espazos somerxidos: o 3 por cento do valor da base impositiva que corresponda aos respectivos terreos ou augas, salvo que o seu uso impida a utilización da superficie, caso en que o tipo de gravame será o que corresponda de acordo co previsto na alínea a) anterior.

c) De acordo co disposto no título de outorgamento, no suposto de ocupación de obras e instalacións para:

1.º Actividades portuarias relacionadas co intercambio entre modos de transporte, as relativas ao desenvolvemento de servizos portuarios e a outras actividades portuarias comerciais, pesqueiras e náutico-deportivas: o 6 por cento do valor dos terreos e do espazo de auga, o 4 por cento do valor das obras e instalacións e o 100 por cento do valor da depreciación anual asignada. No caso de lonxas pesqueiras, e outras obras ou instalacións asociadas coa actividade pesqueira, o tipo de gravame aplicable ao valor da obra ou instalación será do 0,5 por cento.

2.º Actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e as que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o 7 por cento do valor dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións e o 100 por cento do valor da depreciación anual asignada.

3.º Actividades relativas a usos vinculados á interacción porto-cidade: o 8 por cento do valor dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións e o 100 por cento do valor da depreciación anual asignada.

d) No suposto de uso consuntivo: o 100 por cento do valor dos materiais consumidos.

2. Os gravames que se aplicarán aos terreos e instalacións cuxo obxecto concesional sexa a construción, reparación ou desmantelamento de buque ou embarcacións serán os correspondentes a actividades portuarias, dado que estas actividades non se poden desenvolver afastadas do litoral.

Artigo 177. *Valor dos terreos e das augas do porto.*

1. Para a determinación do valor dos terreos e das augas do porto, o ministro de Fomento aprobará, por proposta de cada autoridade portuaria, a correspondente valoración da zona de servizo do porto e dos terreos afectados a axudas á navegación, cuxa xestión se atribúe a cada autoridade portuaria, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda e de Portos do Estado. A proposta da autoridade portuaria deberá estar xustificada e incluír unha memoria económico-financeira.

Previamente á solicitude destes informes e á remisión do expediente ao Ministerio de Fomento a través de Portos do Estado, a autoridade portuaria someterá a información pública a súa proposta durante un prazo non inferior a 20 días.

A orde de aprobación da correspondente valoración será publicada no «Boletín Oficial del Estado». Os valores contidos na orde non serán susceptibles de recurso autónomo, sen prexuízo dos que procedan contra a notificación individual conxunta do dito valor e da nova contía da taxa aos concesionarios e titulares de autorizacións.

2. Tales valoracións actualizaranse o 1 de xaneiro de cada ano nunha proporción equivalente ao 75 por cento da variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC) correspondente ao mes de outubro anterior. A actualización do valor dos terreos e augas do porto non afectará as concesións e autorizacións outorgadas, sen prexuízo da actualización da contía da taxa conforme o previsto no artigo seguinte.

3. Ademais, as valoracións poderán ser revisadas para a totalidade da zona de servizo e dos terreos afectados a axudas á navegación cada cinco anos e, en todo caso, deberán revisarse polo menos cada 10 anos. Así mesmo, deberán revisarse cando se aprobe ou modifique a delimitación dos espazos e usos portuarios, na parte da zona de servizo que estea afectada pola dita modificación ou cando se produza calquera circunstancia que poida afectar o seu valor. Cando se incorpore un novo terreo, asignaráselle o valor correspondente aos terreos da área funcional de similares características.

Artigo 178. *Reflexo, actualización e revisión da cota íntegra.*

1. A autoridade portuaria reflectirá nas condicións da concesión ou autorización a cota íntegra da taxa, que será actualizada anualmente, no que respecta á ocupación de terreos e augas, nunha proporción equivalente ao 75 por cento da variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC) correspondente ao mes de outubro anterior.

2. A cota íntegra da taxa nas concesións e autorizacións será, ademais, revisada de acordo coas novas valoracións que sexan aprobadas polo ministro de Fomento de conformidade co establecido no artigo anterior. Se, como consecuencia destas revisións, a contía da cota íntegra vixente no momento da revisión sofre un incremento superior ao 10 por cento, aplicarase un incremento máximo anual do 10 por cento ata alcanzar a cota resultante da nova valoración. Todo isto, sen prexuízo da actualización prevista no punto anterior. O importe da cota íntegra da taxa en ningún caso se poderá incrementar, como consecuencia das revisións que se produzan durante o período de vixencia da concesión, en máis dun 20 por cento, cada 15 anos, da contía fixada no título administrativo ou, de ser o caso, da establecida nunha revisión anterior, debidamente actualizada en ambos os casos en función do IPC. A anterior limitación non será de aplicación ás áreas da zona de servizo destinadas a usos vinculados á interacción porto-cidade.

Artigo 179. Devengo, exhibibilidade e pagamento.

1. O devengo da taxa producirase no momento de notificación da resolución de outorgamento da concesión ou autorización, salvo nos supostos de concesións cuxo inicio se vincule á data de extinción doutra concesión, ou á data de finalización de obras que executa a autoridade portuaria, nos cales o devengo se producirá no momento da posta á disposición dos terreos.

2. A taxa será exixible por adiantado e nos prazos que figuren nas cláusulas da concesión ou autorización, que non poderán ser superiores a un ano. Non obstante, a autoridade portuaria poderá acordar pagamentos anticipados á conta da taxa que afectan prazos superiores para financiar a execución de obras a cargo da autoridade portuaria.

3. Sen prexuízo do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa tributaria para o aprazamento do pagamento, con carácter excepcional, e de modo debidamente xustificado, a autoridade portuaria poderá admitir pagamentos diferidos desta taxa, cando se trate de importes devengados nun período igual ou superior a un ano, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos adicionais:

a) Os pagamentos anuais desta taxa serán sempre superiores ao 75 por cento da contía correspondente a cada ano.

b) Nun período máximo de 10 anos, a suma dos pagamentos anuais percibidos deberá ser igual á contía total acumulada correspondente ao dito período.

c) O consello de administración da autoridade portuaria deberá aprobar o plan de pagamentos diferidos, logo de informe favorable de Portos do Estado.

d) En caso de extinción da concesión ou autorización por calquera causa durante o período de pagamentos diferido, deberanse liquidar as cantidades pendentes de pagamento ata alcanzar a contía total da taxa que lle corresponda.

Artigo 180. Oferta de importes adicionais en concursos.

Nos concursos convocados pola autoridade portuaria para o outorgamento das concesións ou autorizacións, os pregos de bases poderán conter, entre os criterios para a súa resolución, que os licitadores oferten importes adicionais aos establecidos para esta taxa. As cantidades adicionais ofertadas, ao careceren de natureza tributaria, non estarán sometidas ao réxime de actualización previsto no artigo 178.1.

Artigo 181. Bonificacións.

A autoridade portuaria aplicará bonificacións á cota da taxa, que se deberán reflectir nas condicións da concesión ou autorización, nos seguintes supostos:

a) Cando os suxeitos pasivos realicen investimentos en obras de recheo, consolidación ou mellora de terreos.

A contía da bonificación determinarase en función do investimento realizado, de conformidade cos seguintes criterios:

1.º Cando o proxecto dunha concesión inclúa a realización de investimentos en obras de recheo a cargo do concesionario, a bonificación cuantificarase en función da altura media de recheo ata unha cota dun metro por riba da preamar viva equinoccial, o custo unitario medio do recheo (por m³), o valor por m² da superficie obxecto de recheo e o tipo de gravame anual, ambos os conceptos para efectos do cálculo da taxa de ocupación, e os anos de concesión, conforme a seguinte fórmula:

$$b = \frac{k \times Cr \times 10000 \times h}{Vt \times t \times n} \quad (b \leq 75\%)$$

onde:

b = bonificación (%) arredondada á primeira cifra decimal, aplicable desde o momento de finalización das obras, segundo o prazo aprobado.

Cr = custo medio do recheo establecido pola autoridade portuaria (€/m³), calculado no momento de outorgamento da concesión.

h = altura media do recheo ata un metro por riba da preamar viva equinoccial (m).

Vt = valor da superficie que vaia ser obxecto de recheo, para efectos da concesión de dominio público (€/m²) no momento de outorgamento da concesión.

t = tipo de gravame anual (%) fixado no outorgamento da concesión.

n = prazo restante da concesión no momento de finalización das obras.

k = 1,20 para n menor ou igual a 10 anos e k=1,15 para n maior que 10 anos.

2.º Esta bonificación tamén se aplicará ás concesións cuxos proxectos prevexan a realización polo concesionario de investimentos en obras de consolidación ou mellora de terreos insuficientemente consolidados ou deficientes. Non serán obxecto de bonificación os investimentos en cimentacións.

A bonificación establecerase en función do investimento unitario por m², realizado para consolidar o recheo e obter unha explanada aceptable E1 ou boa E2 nun recheo consolidado, de acordo coas recomendacións ROM 4.1-94 «Proxecto e construción de pavimentos portuarios»; o valor por m² da superficie obxecto de consolidación ou mellora e o tipo de gravame anual, ambos os conceptos para os efectos do cálculo da taxa de ocupación; e os anos de concesión, conforme a seguinte fórmula:

$$b = \frac{k \times 10000 \times lc}{Vt \times t \times n} \quad (b \leq 75\%)$$

onde:

b = bonificación (%) arredondada á primeira cifra decimal, aplicable desde o momento de finalización das obras, segundo o prazo aprobado.

lc = investimento unitario en obras de consolidación ou mellora de terreos establecida pola autoridade portuaria (€/m²), calculado no momento de outorgamento da concesión.

Vt = valor da superficie de terreo que vaia ser obxecto de consolidación ou mellora, para efectos da concesión de dominio público (€/m²), no momento de outorgamento da concesión.

t = tipo de gravame anual (%) fixado no outorgamento da concesión. N = prazo restante da concesión no momento de finalización das obras. k = 1,20 para n menor ou igual a 10 anos e k=1,15 para n maior que 10 anos.

3.º No caso de que se produzan simultaneamente obras de recheo e de consolidación ou mellora a cargo do concesionario sobre a mesma superficie, a bonificación será a suma das obtidas de acordo coas formulacións dos ordinais 1º e 2º, sen que a suma de ambas poida superar o 75 por cento.

4.º As bonificacións outorgadas non serán de aplicación nas prórrogas que, de ser o caso, puideren outorgarse, sen prexuízo das novas bonificacións que, eventualmente, puideren establecerse por novos investimentos nestes mesmos conceptos para as concesións prorrogadas.

b) Cando o obxecto da concesión consista na urbanización e comercialización de zonas de actividades loxísticas. A contía da bonificación determinarase en función do investimento privado realizado, de conformidade co seguinte:

1.º A bonificación será aplicable a cada fase non urbanizada establecida no título concesional mentres non estean finalizadas as obras, segundo o programa establecido no dito título.

A bonificación establecerase en función da relación entre o investimento e o valor do terreo, para efectos do cálculo da taxa de ocupación, segundo a seguinte escala:

$i = 100 \frac{lu}{Vt} k$	Bonificación (%)
$10 > i \geq 0$	0
$20 > i \geq 10$	15
$30 > i \geq 20$	25
$40 > i \geq 30$	35
$50 > i \geq 40$	45
$i \geq 50$	50

onde:

lu = investimento unitario en obras de urbanización, establecido pola autoridade portuaria (€/m²).

Vt = valor da superficie de terreo que vaia ser obxecto de urbanización e comercialización, para efectos da concesión de dominio público (€/m²), no momento de outorgamento da concesión.

i = relación entre o investimento en obras de urbanización e o valor dos terreos (en tanto por cento).

2.º A bonificación non poderá exceder o 50 por cento da cota da taxa aplicable por ocupación dos terreos que se van urbanizar. Esta bonificación aplicarase durante a realización das obras e ata que finalicen estas, de conformidade co programa establecido no título concesional.

c) Cando o titular da concesión ou autorización sexa un órgano ou entidade das administracións públicas e o obxecto destas sexan actividades de interese social ou cultural: o importe desta bonificación será do 50 por cento da cota correspondente á taxa.

d) Cando o titular da concesión ou autorización sexa unha corporación de dereito público cuxa actividade se encontre directamente vinculada coa actividade portuaria: o importe desta bonificación será do 50 por cento da cota correspondente á taxa asociada aos espazos terrestres, os de auga e ás obras e instalacións destinados exclusivamente á finalidade corporativa. Para este efecto deberase incluír no título de outorgamento un plano en que se determine a superficie, obras e instalacións dedicadas á dita finalidade.

e) Cando o titular da concesión sexa un club náutico ou outro deportivo sen fins lucrativos, sempre que polo menos un 80 por cento das atracadas estean destinadas a embarcacións con eslora inferior a doce metros: o importe desta bonificación será do 30 por cento da cota correspondente á taxa asociada aos espazos terrestres, aos de auga e ás obras e instalacións destinados exclusivamente á realización de actividades náuticas. Para este efecto deberase incluír no título de outorgamento un plano en que se determinen a superficie, obras e instalacións dedicadas á dita finalidade.

f) Cando o titular da concesión execute ao seu cargo obra civil correspondente a infraestruturas, recheos, obras de consolidación e mellora do terreo, superestruturas e instalacións destinadas a actividades portuarias relacionadas co intercambio entre modos de transporte e á prestación de servizos portuarios (excluída a relacionada con equipamentos de manipulación de mercadorías), por un prazo de execución mínimo de tres meses e superficie mínima de 1.000 metros cadrados: o importe desta bonificación será do 95 por cento da cota da taxa, aplicada á liquidación correspondente á superficie sobre a cal se realizan as obras e durante o período de execución destas, ata a data da súa finalización establecida pola autoridade portuaria ao aprobar o proxecto, ou establecida no título concesional, cun máximo de dous anos, de conformidade co seguinte:

O concesionario deberá solicitalo antes do inicio das obras.

Na superficie sobre a cal se executen as obras non terá lugar ningunha actividade de explotación pola cal o concesionario poida obter beneficio económico.

As obras deben corresponder a un proxecto aprobado pola autoridade portuaria.

O concesionario deberá estar ao día das súas obrigas concesionais, en especial as relativas a compromisos de investimento, aboamento de taxas portuarias e, de ser o caso, compromisos de política comercial.

O concesionario non debe estar en situación de non pagamento de taxas, nin ter incoado expediente sancionador ou de caducidade da concesión ou suspensión ou extinción da licenza.

No suposto de que o proxecto prevexa a execución da obra por fases, considerarase cada unha das fases por separado á hora de aplicar a bonificación.

No suposto de que o concesionario incumpra algún destes requisitos, a bonificación quedará automaticamente extinguida e o concesionario deberá aboarlle á autoridade portuaria as cantidades bonificadas máis os xuros correspondentes.

g) Cando o obxecto da concesión consista nunha terminal de vehículos en réxime de mercadoría e na concesión se dispoña de superficie adicional de almacenamento con base en investimentos executados polo concesionario mediante a construción de almacéns ou silos verticais, superior, no seu conxunto, á propia superficie obxecto de concesión, esta bonificación será do 30 por cento da contía correspondente á ocupación de terreos. Esta bonificación será aplicable a partir da entrada en servizo das superficies adicionais. No caso de que as superficies adicionais estean en servizo antes da data de entrada en vigor desta lei, aplicarase a partir da dita data.

Artigo 182. *Bonificacións singulares.*

Co obxecto de impulsar a competitividade dos portos españois e a súa adaptación ás condicións existentes en cada momento nos mercados internacionais, cando o obxecto concesional sexa unha terminal marítima de mercadorías poderanse aplicar bonificacións singulares con carácter anual de ata o 30 por cento da cota correspondente á taxa de ocupación.

Por proposta do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, no correspondente plan de empresa deberanse fixar de forma motivada as bonificacións aplicables a cada un dos tipos de terminais de mercadorías de acordo coa situación conxuntural en que se encontra o porto en relación coas condicións existentes de competencia internacional e dos mercados asociados coa mercadoría que se manipula nela. Na Lei de orzamentos xerais do Estado ou na que, de ser o caso, se aprobe, incluíranse as bonificacións asignadas a cada tipo destas terminais.

Esta bonificación ou a posibilidade dela non se deberá reflectir en ningún caso no título de outorgamento da concesión ou autorización. A aplicación desta bonificación nun exercicio non lle xera ao suxeito pasivo o dereito a percibir en exercicios sucesivos nin ningún tipo de dereito concesional.

Sección 3.ª Taxa de actividade

Artigo 183. *Feito impoñible.*

O feito impoñible desta taxa consiste no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos no dominio público portuario, suxeitas a autorización por parte da autoridade portuaria.

No suposto de que as anteriores actividades impliquen a ocupación do dominio público portuario, a autorización de actividade entenderase incorporada na correspondente concesión ou autorización de ocupación do dominio público, sen prexuízo da existencia das taxas que procedan por ambos os conceptos.

No suposto de que a actividade implique a prestación dun servizo portuario, a autorización de actividade entenderase incorporada na correspondente licenza ou título

administrativo habilitante de prestación do servizo portuario, e deberá incluírse esta taxa na mencionada licenza.

Artigo 184. *Suxeito pasivo.*

Será suxeito pasivo da taxa o titular da autorización de actividade, o titular da concesión ou autorización de ocupación de dominio público ou o titular da licenza de prestación de servizo portuario, segundo proceda.

Artigo 185. *Devengo.*

O devengo da taxa producirase na data de inicio da actividade ou, no caso de actividades que impliquen a ocupación do dominio público portuario, desde o prazo máximo para o inicio da actividade establecido no título concesional, salvo causas xustificadas ao xuízo da autoridade portuaria.

Artigo 186. *Cálculo da cota.*

A cota íntegra da taxa será calculada pola autoridade portuaria aplicando á base imponible o correspondente tipo de gravame de acordo cos criterios e límites establecidos nos dous artigos seguintes.

Artigo 187. *Criterios para a fixación da base imponible.*

Para a fixación da base imponible aplicaranse os seguintes criterios:

- a) Nos servizos e actividades de manipulación de carga, a base imponible será o número de unidades de carga manipuladas, medidas en toneladas, número de contedores ou outros elementos de transporte tipificados, vehículos ou calquera outra unidade de presentación da mercadoría.
- b) No servizo á pasaxe, será o número de pasaxeiros e vehículos en réxime de pasaxe embarcados e desembarcados.
- c) Nos servizos técnico-náuticos, será o número de unidades de arqueado bruto (GT) dos buques servidos ou o número de servizos prestados.
- d) No servizo de recollida de refugallos procedentes de buques, será a cantidade recollida ou o número de servizos prestados.
- e) No resto de servizos e actividades portuarios, así como das auxiliares e complementarias, a base imponible será o número de unidades representativas da contía do servizo prestado ou da actividade desenvolvida ou o número de servizos prestados. Cando non sexa posible a súa medición, será o volume de negocio desenvolvido no porto.
- f) No caso de actividades relativas a usos vinculados á interacción porto-ciudad, será o número de unidades representativas da contía da actividade desenvolvida ou o volume de negocio desenvolvido no porto.

Artigo 188. *Criterios e límites para a fixación do tipo de gravame.*

Para a fixación do tipo de gravame, que deberá garantir a adecuada explotación do dominio público, a autoridade portuaria:

- a) Tomará en consideración, entre outros, os seguintes criterios:
 - 1.º As características e os condicionamentos específicos de cada actividade e a súa situación competitiva.
 - 2.º O interese portuario da actividade e da súa influencia na consolidación de tráfico existentes e captación de novos tráfico.
 - 3.º O nivel de investimento privado.
 - 4.º As previsións razoables da información económico-financiera da actividade.

b) Respetará, en todo caso, os seguintes límites:

1.º Superior:

Nos supostos previstos nas alíneas a), b), c), d) e e) do artigo anterior, a cota íntegra anual da taxa non poderá exceder do maior dos seguintes valores que sexan aplicables:

1.º 1 Do 100 por cento da cota líquida anual da taxa por ocupación do dominio público.

1.º 2 Da cantidade que resulte de aplicar os seguintes tipos de gravame ao volume de tráfico portuario manipulado:

0,60 € por tonelada de granel líquido.

0,90 € por tonelada de granel sólido.

1,20 € por tonelada de mercadoría xeral.

10,00 € por unidade de contedor normalizado menor ou igual de 20', incluída, de ser o caso, unha plataforma de ata 6,10 m e vehículo ríxido con caixa de ata 6,10 m.

20,00 € por unidade de contedor normalizado maior que 20', incluída, de ser o caso, unha plataforma de transporte, semirremolque ou remolque de ata 12,30 m e vehículo ríxido ou articulado con caixa de ata 12,30 m.

25,00 € por unidade de vehículo articulado con varios remolques ou semirremolques (tren de estrada).

1,50 € por unidade de elemento de transporte ou de carga baleiro que non teñan a condición de mercadoría.

4,00 € por vehículo en réxime de mercadoría de máis de 1.500 kg de peso.

2,00 € por vehículo en réxime de mercadoría de non máis de 1.500 kg de peso.

1,80 € por pasaxeiro.

2,00 €, por motocicletas, vehículos de dúas rodas, automóviles de turismo e vehículos similares, incluídos elementos remolcados, en réxime de pasaxe.

10,00 € por autocares e vehículos de transporte colectivo.

Estes tipos máximos actualizaranse anualmente na mesma proporción equivalente ao 75 por cento da variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A dita actualización será efectiva a partir do 1 de xaneiro seguinte.

1.º 3 Do 6 por cento do importe neto anual da cifra de negocio ou, no seu defecto, do volume de negocio desenvolvido no porto ao abeiro da autorización.

A cota íntegra anual no suposto previsto na alínea f) do artigo anterior non será superior ao 8 por cento do importe neto anual da cifra de negocio ou, no seu defecto, do volume de negocio desenvolvido no porto ao abeiro da autorización ou licenza.

2.º Inferior:

Nos supostos previstos nas alíneas a), b), c), d), e e) do artigo anterior, a cota íntegra anual non será inferior aos seguintes valores, segundo corresponda:

2.º 1 Cando a actividade se realice con ocupación privativa do dominio público portuario, un 20 por cento da cota líquida anual da taxa de ocupación correspondente aos valores dos terreos e das augas ocupadas. Non obstante, nestes casos, cando se adopte como base imponible da taxa de actividade o volume de tráfico, non poderá ser inferior ao valor resultante de aplicar o tipo de gravame fixado ao tráfico ou actividade mínimo anual comprometido, de ser o caso, no título habilitante da ocupación do dominio público.

2.º 2 Cando a actividade se realice sen ocupación privativa do dominio público, un por cento do importe neto anual da cifra de negocio ou, no seu defecto, do volume de negocio desenvolvido no porto ao abeiro da autorización ou licenza.

No suposto previsto na alínea f) do artigo anterior, a cota íntegra anual como consecuencia das revisións que se produzan durante o período de vixencia da concesión

non será inferior ao 2 por cento do importe neto anual da cifra de negocio ou, no seu defecto, do volume de negocio desenvolvido no porto ao abeiro da autorización.

Artigo 189. *Fixación da base impoñible e do tipo de gravame.*

A base impoñible e o tipo de gravame asociado a ela fixaranse, no momento de outorgamento da autorización ou licenza, de acordo cos criterios e límites establecidos nos artigos anteriores e deberán figurar na autorización de actividade, na licenza ou, de ser o caso, no título habilitante da concesión ou autorización de ocupación privativa de dominio público portuario. A base impoñible e o tipo de gravame non serán revisables, sen prexuízo da súa actualización conforme o establecido no artigo seguinte.

Artigo 190. *Actualización da base impoñible.*

Cando a base impoñible da taxa non sexa o volume de negocio, o tipo de gravame actualizarase anualmente a partir do 1 de xaneiro na mesma proporción equivalente ao 75 por cento da variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro anterior. A dita actualización farase efectiva a partir do 1 de xaneiro seguinte.

Artigo 191. *Exixibilidade da taxa.*

A taxa será exixible de conformidade co establecido nas cláusulas do título habilitante, sen que se poida establecer un prazo de liquidación superior a un ano. No suposto de que a taxa sexa exixible por adiantado, a súa contía calcularase, para o primeiro exercicio, sobre as estimacións efectuadas en relación co volume de tráfico ou de negocio e, nos exercicios sucesivos, sobre os datos do ano anterior. Ao final de cada exercicio procederase á súa regularización cos datos reais.

Artigo 192. *Importes adicionais en concursos.*

Nos concursos convocados pola autoridade portuaria para o outorgamento das concesións ou autorizacións, os pregos de bases poderán conter entre os criterios para a súa resolución que os licitadores oferten importes adicionais aos establecidos para esta taxa. As cantidades adicionais ofertadas, ao careceren de natureza tributaria, non se deberán actualizar conforme o establecido no artigo 190.

Sección 4.^a Taxas de utilización

Artigo 193. *Ámbito de aplicación.*

1. As autoridades portuarias exixirán, pola utilización das instalacións portuarias, o pagamento das seguintes taxas:

- a) T-1: Taxa do buque.
- b) T-2: Taxa da pasaxe.
- c) T-3: Taxa da mercadoría.
- d) T-4: Taxa da pesca fresca.
- e) T-5: Taxa das embarcacións deportivas e de lecer.
- f) T-6: Taxa por utilización especial da zona de tránsito.

2. A realización dos feitos impoñibles nas taxas de utilización producirase pola utilización de todos ou dalgún dos bens ou instalacións relacionados neles.

Subsección 1.^a Taxa do buque (T-1)Artigo 194. *Feito impoñible.*

O feito impoñible desta taxa é a utilización polos buques das augas da zona de servizo do porto e das obras e instalacións portuarias que permiten o acceso marítimo ao posto de atracada ou de fondeadura que lles fose asignado e a estadía neles nas condicións que se establezan. Así mesmo, constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos comúns de titularidade da respectiva autoridade portuaria dos que se benefician os usuarios sen necesidade de solicitude, relacionados cos anteriores elementos do dominio público.

Artigo 195. *Suxeitos pasivos.*

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes e solidariamente, o propietario, o navieiro e o capitán do buque.

2. Son suxeitos pasivos substitutos dos contribuíntes a que se refire o punto anterior:

a) O consignatario do buque, se este se encontra consignado.

b) O concesionario ou autorizado, nos peiraos, pantaláns e instalacións portuarias de atracada outorgadas en concesión ou autorización.

3. Todos os suxeitos pasivos substitutos están solidariamente obrigados ao cumprimento das prestacións materiais e formais derivadas da obriga tributaria, sen prexuízo de que a autoridade portuaria se dirixa en primeiro lugar ao titular da concesión ou da autorización.

4. En caso de incumprimento das súas obrigas por parte dos substitutos, en especial en caso de falta de pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalles exixir o seu cumprimento aos suxeitos pasivos contribuíntes do punto 1. Todo isto, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen incurrir os substitutos.

Artigo 196. *Devengo da taxa.*

Esta taxa devengarase cando o buque entre nas augas da zona de servizo do porto.

Artigo 197. *Cota íntegra por acceso e estadía en zona I ou interior das augas portuarias.*

1. A cota íntegra da taxa polo acceso e estadía dos buques ou artefactos flotantes no posto de atracada ou de fondeadura, na zona I ou interior das augas portuarias, excepto no caso de atracada en dique exento, será a cantidade resultante do produto da centésima parte do arqueo bruto do buque (GT), cun mínimo de 100 GT, polo tempo de estadía, computado en períodos dunha hora ou fracción cun mínimo de tres horas por escala e un máximo de 15 horas por escala cada 24 horas, e pola cantidade resultante de aplicar á contía básica B, ou S no caso de transporte marítimo de curta distancia, o coeficiente corrector da taxa do buque aprobado conforme o disposto no artigo 166 e os seguintes coeficientes, segundo corresponda:

a) Atracada non outorgada en concesión ou autorización:

1.º Buques atracados de costado a peiraos ou pantaláns: 1,00.

2.º Buques atracados de punta a peiraos ou pantaláns, buques abarloados a outros buques, buques amarrados a boias ou a puntos fixos que non teñan a consideración de posto de atracada, e buques fondeados: 0,80.

b) Atracada outorgada en concesión ou autorización:

1.º Atracados ou fondeados con espazo de auga en concesión ou autorización, sempre que a superficie do espazo de auga outorgado en concesión sexa polo menos a

superficie requirida polo buque para a súa permanencia no posto de atracada en condicións de seguridade:

0,60 para buques atracados de costado a peiraos ou pantaláns.

0,50 para buques atracados de punta a peiraos e pantaláns, buques abarloados a outros buques, buques amarrados a boias ou a puntos fixos que non teñan a condición de postos de atracada, e buques fondeados.

2.º Atracados ou fondeados sen espazo ou con espazo insuficiente de auga en concesión ou autorización:

0,70 para buques atracados de costado a peiraos ou pantaláns.

0,60 para buques atracados de punta a peiraos e pantaláns, buques abarloados a outros buques, buques amarrados a boias ou a puntos fixos que non teñan a condición de postos de atracada, e buques fondeados.

c) Atracada ou fondeadura en portos en réxime concesional: 0,30.

d) Atracada ou fondeadura de buques que entran en zona I unicamente para avituallarse, aprovisionarse ou reparar, con estadía máxima de 48 horas, aplicarase un coeficiente de 0,25 á cota prevista nas alíneas a), b) e c) anteriores. Para estadía superior a 48 horas aplicarase o réxime xeral que lle corresponda para todo o período.

e) En razón da estadía e utilización prolongada das instalacións de atracada ou fondeadura situadas na zona I, ben por desenvolver o buque as súas actividades fundamentalmente no interior da zona de servizo do porto, ben por permanecer no posto de atracada, exceptúanse do réxime tarifario establecido nas alíneas a) e d) anteriores os buques cando cumpran as citadas condicións, aos cales se lles aplicarán os seguintes coeficientes segundo corresponda:

1.º Buques de tráfico interior de mercadorías e pasaxeiros exclusivamente na zona de servizo do porto, ou en augas marítimas interiores tales como rías ou baías: 4,00.

2.º Buques destinados á dragaxe e ao avituallamento: 4,67.

3.º Buques a flote en construción, gran reparación, transformación, así como buques en desmantelamento, fóra dun estaleiro: 1,33.

4.º Buques a flote en construción, gran reparación, transformación, así como buques en desmantelamento en estaleiro: 0,50.

5.º Buques pesqueiros, cando estean en paro biolóxico, en veda ou carezan de licenza: 0,45.

6.º Buques en depósito xudicial: 1,00.

7.º Buques inactivos, incluso pesqueiros e artefactos flotantes: 4,67.

8.º Buques destinados á prestación dos servizos de remolque, amarre, pilotaxe portuaria e a outros servizos portuarios: 2,33.

9.º Outros buques cuxa estadía sexa superior a un mes, a partir de que finalice o dito período: 4,67.

Para os efectos de aplicación do previsto nesta alínea e), considerarase estadía e utilización prolongada a que sexa debida aos supostos anteriores sempre que sexa superior a sete días, salvo o especificamente disposto ao respecto no último suposto.

Nos supostos de buques destinados a dragaxes e avituallamento e de buques destinados aos servizos de remolque, amarre, pilotaxe portuaria e a outros servizos portuarios, serán de aplicación os coeficientes de 4,67 e 2,33, respectivamente, desde o primeiro día de estadía na zona I.

Nestes supostos, o mínimo arqueo bruto do buque (GT) que se considerará no cálculo da cota íntegra da taxa será de 50 GT, e o tempo de estadía non se medirá en períodos dunha hora ou fracción, como é a norma xeral, senón en períodos de 24 horas ou fracción.

Ademais, a cota íntegra da taxa nos supostos previstos nesta alínea e) será a que resulte de lle aplicar á prevista os coeficientes seguintes, sempre que o posto de atracada estea outorgado en concesión ou autorización:

1.º En atracadas outorgadas en concesión ou autorización, sen espazo ou con espazo insuficiente de auga en concesión ou autorización: 0,70.

2.º En atracadas outorgadas en concesión ou autorización, cando o espazo de auga ocupada estea tamén en concesión ou autorización, sempre que a superficie do espazo de auga outorgado en concesión sexa polo menos a superficie requirida polo buque para a súa permanencia no posto de atracada en condicións de seguridade: 0,60.

3.º En portos outorgados en concesión: 0,30.

f) Sen utilización de posto de atracada ou fondeadura: no caso de acceso ou partida dos buques ata ou desde dique seco ou flotante, bancada ou instalación de varada, ou, en xeral, por acceso sen utilización de posto de atracada ou fondeadura, a cota íntegra da taxa será o produto da contía básica (B), ou (S) no caso do transporte marítimo de curta distancia, polo coeficiente corrector da taxa do buque establecido conforme o disposto no artigo 166, pola centésima parte do arqueo bruto do buque (GT, cun mínimo de 100 GT) e por un coeficiente igual a 2,00.

g) Aos buques de cruceiro turístico:

1.º Con carácter xeral: 0,70.

2.º Cando realicen unha escala nun porto considerado como porto base, de acordo coa definición contida no anexo II desta lei: 0,56.

3.º Cando pertencen a unha mesma compañía de cruceiros, de acordo coa definición contida no anexo II desta lei, sempre que en conxunto realicen polo menos 12 escalas nun ano como porto base ou 8 escalas se o tráfico é manifestamente estacional: 0,50.

Enténdese que o tráfico é manifestamente estacional cando todas as escalas anuais se concentran nun trimestre.

Estes coeficientes son compatibles cos das alíneas a), b) e c) anteriores.

h) Aos buques que realicen a carga ou descarga de mercadorías por rodamiento, tales como os de tipo ro-ro puro, ro-pax, con-ro e ferry (transbordador):

1.º Con carácter xeral: 0,90.

2.º Cando estea integrado nun servizo marítimo regular, de acordo coa definición de servizo marítimo regular incluída no anexo II da lei: 0,60.

Estes coeficientes son compatibles cos das alíneas a), b) e c) anteriores.

i) Nos buques integrados en servizos marítimos interinsulares nun mesmo arquipélago: 0,25. De conformidade co disposto na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, para que sexan admisibles excepcións na aplicación do Regulamento Comunitario (CEE) 4055/86, xustifícase o dito coeficiente redutor por razóns de interese xeral asociadas coa necesidade de potenciar a cohesión dos territorios insulares que conforman un arquipélago e evitar os efectos que teñen para o desenvolvemento económico e a competitividade das illas menores do arquipélago os custos adicionais que supón a dobre insularidade.

Este coeficiente é compatible cos das alíneas a), b) e c) anteriores.

2. Aos supostos das alíneas e), f) e g) do punto anterior soamente se lles poderá aplicar a contía básica B.

Os supostos das alíneas h) e i) do punto anterior unicamente serán de aplicación aos casos en que corresponda aplicar a contía básica S. Os ditos supostos non son compatibles entre si.

Artigo 198. Cota íntegra por atracada en zona II e en diques exentos en zona I.

1. A cota íntegra da taxa polo acceso e estadia dos buques ou artefactos flotantes no posto de atracada unicamente na zona II ou exterior das augas portuarias, salvo o especificamente previsto no artigo seguinte para buques fondeados, será o 30 por cento da prevista no artigo anterior, segundo corresponda. Pola súa vez, no caso de atracada do buque en diques exentos en zona I, a cota íntegra da taxa do buque será o 50 por cento da prevista no dito artigo, segundo corresponda.

2. Malia o disposto no punto anterior, naqueles casos en que o buque non realice operacións comerciais, a taxa devengarase, en ambas as situacións, desde o segundo día de estadía ou desde o inicio, de ser o caso, das operacións comerciais non exceptuadas.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, considéranse en todo caso operacións comerciais:

- a) O avituallamento, o aprovisionamento e a reparación.
- b) O acceso a dique seco ou flotante, bancada ou instalación de varada.

Artigo 199. *Cota íntegra por fondeadura na zona II ou exterior das augas portuarias.*

No suposto de buques fondeados na zona II ou exterior das augas portuarias, a cota íntegra será o produto da centésima parte do arqueo bruto do buque (GT), cun mínimo de 100 GT, por cada día natural de estadía ou fracción e pola cantidade resultante de lle aplicar á contía básica B, ou S no caso de transporte marítimo de curta distancia, o coeficiente corrector da taxa do buque que corresponda conforme o disposto no artigo 166 e os seguintes coeficientes, segundo corresponda:

- a) Buques fondeados en augas non outorgadas en concesión:
 - 1.º Con carácter xeral: 0,80.
 - 2.º Buques en reparación, sendo as reparacións realizadas por persoal alleo á tripulación do buque e buques que realizan operacións de avituallamento e aprovisionamento: 0,48.
- b) Buques fondeados en augas outorgadas en concesión:
 - 1.º Con carácter xeral: 0,40.
 - 2.º Buques en reparación, sendo as reparacións realizadas por persoal alleo á tripulación do buque e buques que realizan operacións de avituallamento e aprovisionamento: 0,24.

Nestes supostos, a taxa devengarase desde o cuarto día de estadía, salvo que se realizasen con anterioridade operacións comerciais distintas ás incluídas nos supostos das alíneas a) e b), caso en que se devengará a partir do día de inicio das ditas operacións.

Artigo 200. *Tempo de estadía.*

1. Para os efectos da liquidación da taxa, o tempo de estadía contarase desde a hora en que se dea o primeiro cabo a punto de amarre, ou se fondee a áncora, ata o momento de largar o buque a última amarra ou levar a áncora do fondo.

2. Malia o disposto no punto anterior, para os efectos do cómputo da estadía á entrada no porto, o período entre as 12 horas do sábado ou as 18 horas do día anterior a un festivo ata as 8 horas do luns ou do día seguinte ao festivo, respectivamente, computarán un máximo de cinco horas, sempre que durante ese período non se efectuase ningún tipo de operación comercial, incluído avituallamento, aprovisionamento e reparación.

Cando o tempo de estadía durante o dito período supere 5 horas, o inicio do tempo de estadía para computar o límite máximo de 15 horas cada 24 horas medirase a partir das 8 horas do luns ou do día seguinte ao festivo. O tempo de estadía en fondeadura na zona II computarase separadamente do que lles poida corresponder a outros modos de utilización polo buque da zona de servizo do porto e das obras e instalacións portuarias.

3. Sen prexuízo do sinalado nos artigos anteriores, no caso de que na mesma escala se utilicen varios postos de atracada ou de fondeadura situados nunha mesma zona, considerarase unha única estadía para toda a escala. Se disto resultar a existencia de distintos suxeitos pasivos ou foren de aplicación diferentes coeficientes para a

definición da cota íntegra da taxa, repartirase o tempo de estadía de forma proporcional á estadía en cada atracada.

Artigo 201. *Servizo marítimo a un determinado tipo de tráfico e servizo marítimo regular.*

1. En función do número de escalas nun mesmo porto e durante o ano natural, do conxunto dos buques que realicen un servizo marítimo a un determinado tipo de tráfico e sexan operados por unha mesma empresa navieira ou compañía de cruceiros (ou ben dos buques de distintas compañías navieiras que forman parte dun servizo marítimo regular, mediante acordos de explotación compartida de buques), a cota da taxa multiplicarase, logo de solicitude do suxeito pasivo, polos seguintes coeficientes:

- a) Desde a escala 1 ata a escala 12: 1,00.
- b) Desde a escala 13 ata a escala 26: 0,95.
- c) Desde a escala 27 ata a escala 52: 0,85.
- d) Desde a escala 53 ata a escala 104: 0,75.
- e) Desde a escala 105 ata a escala 156: 0,65.
- f) Desde a escala 157 ata a escala 312: 0,55.
- g) Desde a escala 313 ata a escala 365: 0,45.
- h) A partir da escala 366: 0,35.

No caso de que o servizo marítimo sexa regular aplicaranse os coeficientes anteriores reducidos en 5 centésimas.

As compañías navieiras que teñan acordos de explotación compartida dos seus buques deberán acreditarlo, de maneira que faga fe, ante a autoridade portuaria correspondente. Enténdense como tales aqueles que supoñen unha programación conxunta de itinerarios e datas e unha utilización compartida e recíproca de buques e, de ser o caso, de equipamentos e infraestruturas de transporte. Neste caso, tamén se deberá acreditar que o servizo se presta con carácter xeral e con publicidade aos posibles usuarios.

2. A cualificación de servizo marítimo a un determinado tipo de tráfico e de servizo marítimo regular será efectuada pola autoridade portuaria, logo de solicitude do interesado, que especificará os seguintes aspectos:

- a) A relación de buques que prestarán inicialmente o servizo, identificados polo seu nome e número IMO.
- b) Os portos incluídos no servizo.
- c) O tipo de pasaxe, mercadorías, elementos de transporte e unidades de carga aos cales prestarán o servizo.
- d) O número de escalas e as datas previstas en que se prestará o servizo durante o ano natural.

No caso de que a solicitude sexa presentada por varias compañías navieiras que forman parte dun servizo marítimo a un determinado tipo de tráfico prestado con regularidade mediante acordos de explotación compartida, deberán incluír na solicitude, ademais, unha declaración conxunta acreditativa do dito acordo. Esta declaración deberá ser subscribida pola totalidade das empresas navieiras ou de cruceiros incluídas no servizo marítimo prestado con regularidade, ou polos seus axentes consignatarios. As solicitudes deberanse presentar antes da primeira escala do buque do servizo marítimo, ou do servizo marítimo regular, e deberán ser renovadas anualmente.

3. Calquera modificación que se vaia producir nun servizo marítimo, ou servizo marítimo regular, a un determinado tipo de tráfico, deberá ser comunicada previamente á autoridade portuaria.

Artigo 202. Contías básicas.

O valor das contías básicas da taxa do buque (B e S) establécese para todas as autoridades portuarias en 1,50 € e 1,30 €, respectivamente. Estes valores poderán ser revisados na Lei de orzamentos xerais do Estado ou noutra que, de ser o caso, se aprobe para estes efectos en función da evolución dos custos portuarios, loxísticos e do transporte, así como dos produtos transportados, tomando en consideración as necesidades asociadas á competitividade do nodo portuario e da economía.

Artigo 203. Arqueo bruto do buque.

No caso de que non se dispoña do arqueo bruto segundo o Convenio internacional de arqueo de buques (Convenio internacional de Londres de 1969), aplicarase o seguinte valor estimado de arqueo bruto:

$$\text{Valor estimado de arqueo bruto} = 0,4 \times E \times M \times P$$

onde:

E = eslora total en metros.

M = manga en metros.

P = puntal de trazado en metros.

Artigo 204. Prolongación de estadía non autorizada.

Se algún buque prolonga a súa estadía no seu posto de atracada ou de fondeadura por riba do tempo autorizado, a autoridade portuaria fixará un prazo para que o abandone, transcorrido o cal queda obrigado a largar amarras, salvo por detención, sen prexuízo de que neste caso a autoridade portuaria asigne outra posto de atracada ou fondeadura. En caso de incumprimento da dita orde, a autoridade portuaria poderá impor as seguintes multas coercitivas, que non terán carácter tributario:

a) Por cada unha das dúas primeiras horas ou fracción, a partir da finalización do prazo fixado para abandonar o posto de atracada ou fondeadura, o importe da taxa correspondente a quince horas.

b) Por cada unha das horas restantes, tres veces o importe da taxa correspondente a quince horas.

Subsección 2.^a Taxa da pasaxe (T-2)**Artigo 205. Feito impoñible.**

O feito impoñible desta taxa consiste na utilización polos pasaxeiros, pola súa equipaxe e, de ser o caso, polos vehículos que estes embarquen ou desembarquen en réxime de pasaxe, das instalacións de atracada, accesos terrestres, vías de circulación e outras instalacións portuarias. Así mesmo, constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos comúns de titularidade da respectiva autoridade portuaria dos cales se benefician os usuarios sen necesidade de solicitude, relacionados cos anteriores elementos do dominio público.

Non está suxeita a esta taxa a utilización de maquinaria e elementos mecánicos móbiles para as operacións de embarque e desembarque, que se encontrará suxeita, de ser o caso, á correspondente tarifa.

Artigo 206. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuínte e solidariamente, o navieiro e o capitán do buque.

2. Son suxeitos pasivos substitutos dos contribuíntes do punto anterior:
 - a) O consignatario do buque en que viaxen os pasaxeiros e vehículos en réxime de pasaxe, se o buque se encontra consignado.
 - b) O concesionario ou autorizado, en atracadoiros e estacións marítimas outorgadas conxuntamente en concesión ou autorización.
3. Os substitutos a que se refire o punto anterior están solidariamente obrigados ao cumprimento das prestacións materiais e formais derivadas da obriga tributaria, sen prexuízo de que a autoridade portuaria se dirixa en primeiro lugar ao concesionario ou ao autorizado.
4. En caso de incumprimento das súas obrigas por parte dos suxeitos pasivos substitutos, en especial, en caso de non pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalles exixir aos suxeitos pasivos contribuíntes o seu cumprimento. Todo isto, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen incurrir os substitutos.

Artigo 207. *Devengo da taxa.*

Esta taxa devengarase cando se inicie a operación de embarque, desembarque ou tránsito dos pasaxeiros e, de ser o caso, dos vehículos.

Artigo 208. *Cota íntegra.*

A cota íntegra da taxa aplicable a cada pasaxeiro e vehículo en réxime de pasaxe será a cantidade resultante de lle aplicar á contía básica (P) o coeficiente corrector da taxa da pasaxe que corresponda conforme o disposto no artigo 166 e os coeficientes seguintes, segundo corresponda:

- a) En atracadoiros e estacións marítimas non concesionadas ou autorizadas:
 - 1.º Caso xeral:
 - 1.º 1 Pasaxeiro en réxime de transporte en embarque e desembarque en tráfico entre países que apliquen o acordo Schengen: 0,75.
 - 1.º 2 Pasaxeiro en réxime de transporte en embarque e desembarque en tráfico con países que non apliquen o acordo Schengen: 1,00.
 - 1.º 3 Pasaxeiro en réxime de cruceiro turístico no porto de inicio ou final de travesía en embarque e desembarque, que se aplicará o día de embarque ou desembarque, respectivamente: 1,20.
 - 1.º 4 Pasaxeiro en réxime de cruceiro turístico no porto de inicio ou final de travesía con máis dun día de permanencia no porto, salvo o día de embarque e desembarque: 0,75.

Neste caso, a cota íntegra da taxa aplicarase por pasaxeiro e día ou fracción de estadía no porto posterior ao día de embarque ou anterior ao día de desembarque.
 - 1.º 5 Pasaxeiro en réxime de cruceiro turístico en tránsito: 0,75. Neste caso, a cota íntegra da taxa aplicarase por pasaxeiro e día ou fracción de estadía no porto.
 - 1.º 6 Motocicletas e vehículos de dúas (2) rodas en réxime de pasaxe en embarque ou desembarque: 1,30.
 - 1.º 7 Automóbiles de turismo e vehículos similares en réxime de pasaxe, en embarque ou desembarque, incluíndo elementos remolcados, cunha lonxitude total de ata 5 metros de longo: 2,90.
 - 1.º 8 Automóbiles de turismo en réxime de pasaxe, en embarque e desembarque incluíndo elementos remolcados, cunha lonxitude total de máis de 5 metros de longo: 5,80.
 - 1.º 9 Autocares e outros vehículos de transporte colectivo en réxime de pasaxe, en embarque ou desembarque: 15,60.

Os condutores de elementos de transporte suxeitos á taxa da mercadoría quedarán exentos do pagamento da taxa da pasaxe.

2.º Cando a navegación se produza exclusivamente nas augas da zona de servizo do porto, ou en augas interiores marítimas tales como rías e baías:

- 2.º 1 Pasaxeiro en embarque ou desembarque: 0,02.
- 2.º 2 Motocicletas e vehículos de dúas rodas en embarque ou desembarque: 0,40.
- 2.º 3 Automóbiles de turismo e vehículos similares en embarque e desembarque, incluíndo elementos remolcados, cunha lonxitude total de ata 5 metros de longo: 0,90.
- 2.º 4 Automóbiles de turismos e vehículos similares en embarque e desembarque, incluíndo elementos remolcados, cunha lonxitude total de máis 5 metros de longo: 1,80.
- 2.º 5 Autocares e outros vehículos de transporte colectivo, en embarque ou desembarque: 3,00.

3.º Pasaxeiros en viaxes turísticas locais ou en excursións marítimas conxuntamente por embarque e desembarque:

3.º 1 Se a viaxe non se produce exclusivamente dentro da zona de servizo do porto ou en augas interiores marítimas tales como rías ou baías: 0,20.

3.º 2 Se a viaxe se produce exclusivamente dentro da zona de servizo do porto ou en augas interiores marítimas tales como rías ou baías: 0,04.

b) En atracadoiros e estacións marítimas outorgadas conxuntamente en concesión ou autorización, os coeficientes serán o 50 por cento dos indicados na alínea a) anterior.

c) En estacións marítimas outorgadas en concesión ou autorización, sen que os atracadoiros fosen outorgados en concesión ou autorización, os coeficientes serán o 75 por cento dos indicados na alínea a).

d) Nos supostos de pasaxeiros en réxime de transporte e os vehículos en réxime de pasaxe transportados por buques integrados en servizos marítimos regulares, os coeficientes serán o 80 por cento dos indicados no ordinal 1.º da alínea a) ou dos que resulten de aplicar as alíneas b) ou c).

e) Nos supostos de pasaxeiros en réxime de transporte e de vehículos en réxime de pasaxe transportados en buques integrados en servizos marítimos interinsulares nun mesmo arquipélago, os coeficientes serán o 20 por cento dos indicados no ordinal 1.º da alínea a) ou dos que resulten de aplicar as alíneas b) ou c). De conformidade co disposto na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, para que sexan admisibles excepcións na aplicación do Regulamento comunitario (CEE) 4055/86, xustifícase o dito coeficiente redutor por razóns de interese xeral asociadas coa necesidade de potenciar a cohesión dos territorios insulares que conforman un arquipélago e evitar os efectos que teñen para o desenvolvemento económico e a competitividade das illas menores, os custos adicionais que supón a dobre insularidade.

As reducións recollidas nos supostos das alíneas d) e e) son incompatibles entre si.

Artigo 209. *Estimación simplificada.*

Nos supostos de navegación que se produzan exclusivamente nas augas da zona de servizo dun porto ou en augas interiores marítimas tales como rías ou baías e nos de viaxe turística local, a taxa poderase exixir en réxime de estimación simplificada, salvo renuncia expresa do suxeito pasivo. A cota tributaria establecerase tendo en conta os datos estatísticos dos dous últimos anos, e periodicamente efectuarase unha liquidación global polo importe que corresponda ao tráfico estimado. Os que se acollan a este réxime terán unha bonificación do 30 por cento no importe da cota tributaria.

Artigo 210. *Contía básica.*

O valor da contía básica da taxa da pasaxe (P) establécese para todas as autoridades portuarias en 3,40 €. O valor poderá ser revisado na Lei de orzamentos xerais do Estado ou noutra que, de ser o caso, se aprobe para estes efectos en función da evolución dos custos portuarios, loxísticos e do transporte, así como dos produtos transportados,

tomando en consideración as necesidades asociadas á competitividade do nodo portuario e da economía.

Subsección 3.^a Taxa da mercadoría (T-3)

Artigo 211. *Feito impositivo.*

1. O feito impositivo desta taxa consiste na utilización polas mercadorías de entrada ou saída marítima, ou que se transborden ou efectúen tránsito marítimo ou terrestre, así como dos seus elementos de transporte, das instalacións de atracada, zonas de manipulación asociadas á carga e descarga do buque, accesos e vías de circulación terrestres viarios e ferroviarios, e outras instalacións portuarias, incluíndo a súa estadía nas áreas da zona de servizo habilitadas como zonas de tránsito pola autoridade portuaria ata un máximo de:

a) En operacións de entrada ou de saída marítima, así como de tránsito marítimo e tráfico interior: catro horas desde a súa entrada na zona de servizo do porto ou do seu desembarque, segundo corresponda, para aquelas mercadorías e elementos de transporte en que os elementos rodantes que as transportan formasen ou vaian formar parte do transporte marítimo, e 48 horas nos casos restantes.

b) Nas operacións de tránsito terrestre: catro horas desde a súa entrada na zona de servizo do porto.

2. Para os efectos desta taxa, consideraranse tamén mercadorías que efectúan tránsito terrestre aquelas que accedan á zona de servizo do porto por vía terrestre sen utilizar en ningún momento a vía marítima, para someterse a procesos de transformación ou de valor engadido, e saian tamén da dita zona por vía terrestre unha vez sometidas aos ditos procesos, salvo que teñan como destino ou orixe zonas de actividades loxísticas, ou de almacenaxe, ou plantas de construción e reparación naval, situadas na zona de servizo do porto.

Así mesmo, constitúe o feito impositivo desta taxa a prestación dos servizos comúns de titularidade da respectiva autoridade portuaria dos cales se benefician os usuarios sen necesidade de solicitude, relacionados cos anteriores elementos do dominio público.

Artigo 212. *Suxeitos pasivos.*

1. Son suxeitos pasivos desta taxa:

a) No suposto de mercadorías e os seus elementos de transporte de entrada ou saída marítima, ou que se transborden ou se encontren en réxime de tránsito marítimo:

1.º Con carácter solidario e en calidade de contribuíntes: o navieiro, o propietario da mercadoría e o capitán do buque.

2.º En calidade de substitutos dos anteriores:

2.º 1 O consignatario do buque ou o consignatario, transitario ou operador loxístico representante da mercadoría, cando o buque ou a mercadoría e os seus elementos de transporte se encontren consignados.

2.º 2 O concesionario ou autorizado, en terminais e noutras instalacións de manipulación de mercadorías outorgadas en concesión ou autorización.

b) No suposto de mercadorías e os seus elementos de transporte que efectúen tránsito terrestre ou que accedan ou saian da zona de servizo do porto sen utilizar a vía marítima:

1.º En calidade de contribuínte: o propietario da mercadoría ou, cando o houber, o transitario ou operador loxístico que represente a mercadoría.

2.º En calidade de substituto: o titular da concesión ou autorización que expida ou reciba a mercadoría, cando a mercadoría teña por destino unha instalación en concesión ou autorización.

2. Os substitutos designados neste precepto están solidariamente obrigados ao cumprimento das prestacións materiais e formais derivadas da obriga tributaria, sen prexuízo de que a autoridade portuaria se dirixa en primeiro lugar ao concesionario ou autorizado.

3. En caso de incumprimento das súas obrigas por parte dos substitutos, en especial, en caso de falta de pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalles exixir aos contribuíntes o seu cumprimento. Todo isto, sen prexuízo das responsabilidades en que incorresen os substitutos.

Artigo 213. *Devengo.*

Esta taxa devengarase cando a mercadoría inicie o seu paso pola zona de servizo do porto.

Artigo 214. *Cota íntegra en instalacións ou en terminais marítimas de mercadorías que non estean en réxime de concesión ou autorización.*

En instalacións ou en terminais marítimas de mercadorías que non estean en réxime de concesión ou de autorización, a cota íntegra desta taxa será a seguinte:

a) Cando se trate de mercadorías e elementos de transporte en operacións exclusivamente de entrada ou saída marítima, a cota íntegra da taxa calcularase de acordo con algún dos seguintes réximes:

1.º Réxime de estimación simplificada: para os vehículos que se transporten como mercadorías e para as mercadorías transportadas nos elementos de transporte que se relacionan a continuación, a cota íntegra será o resultado de lle aplicar a cada elemento de transporte ou a cada vehículo que se transporte como mercadoría embarcado ou desembarcado a cantidade obtida como produto dos coeficientes indicados na táboa seguinte pola contía básica (M) e polo coeficiente corrector da taxa da mercadoría que corresponda conforme o disposto no artigo 166.

Elemento de transporte tipo cargado ou descargado	Coficiente
Contedor < = 20' (incluída, de ser o caso, unha plataforma de transporte de ata 6,10 metros).....	10,00
Vehículo ríxido con caixa de ata 6,10 metros.....	10,00
Contedor > 20' (incluída, de ser o caso, unha plataforma de transporte de ata 12,30 metros).....	15,00
Semirremolque e remolque ata 12,30 metros.....	15,00
Vehículo ríxido ou articulado con caixa de ata 12,30 metros.....	15,00
Vehículo articulado con varios remolques ou semirremolques (tren de estrada).....	25,00
Vehículos que se transporten como mercadorías:	
Vehículo de ata 1.500 kg de peso.....	0,50
Vehículo de máis de 1.500 kg de peso.....	2,00

Aos elementos de transporte que vaian baleiros, coa excepción dos vehículos que se transporten como mercadorías, aplicaráselles a cota prevista no punto 1.º, 1.2.

Este réxime aplicarase por solicitude do suxeito pasivo á totalidade da súa carga transportada en elementos de transporte correspondente a unha mesma operación de embarque ou desembarque, nun mesmo buque.

2.º Réxime por grupos de mercadorías: a cota íntegra da taxa será o resultado de sumar as cantidades que, de ser o caso, resulten dos seguintes conceptos:

2.º 1 Aplicar a cada tonelada de carga embarcada ou desembarcada a resultante do produto da cota básica (M) polo coeficiente corrector da taxa da mercadoría que corresponda en virtude do artigo 166, e polos coeficientes indicados na táboa seguinte, en función do grupo a que pertenza a mercadoría conforme o establecido no anexo III desta lei:

Grupo de mercadoría	Coeficiente
Primeiro	0,16
Segundo	0,27
Terceiro.....	0,43
Cuarto.....	0,72
Quinto.....	1

2.º 2 Aplicar, de ser o caso, a cada unidade ou tonelada, embarcada ou desembarcada, de envase, embalaxe, contedor, cisterna ou outro recipiente ou elemento de transporte que teña ou non o carácter de perdido ou efémero e que se utilice para conter as mercadorías no seu transporte, así como aos vehículos, aos remolques e semirremolques que, como tales elementos de transporte terrestre, baleiros ou non de mercadorías, a resultante de multiplicar a contía básica (M) polo coeficiente corrector da taxa da mercadoría que corresponda en virtude do artigo 166 e polos coeficientes indicados na táboa seguinte:

Elemento de transporte tipo cargado ou descargado	Coeficiente
Contedor < = 20' (incluída, de ser o caso, unha plataforma de transporte de ata 6,10 metros) (por unidade).....	0,90
Vehículo ríxido con caixa de ata 6,10 metros (por unidade)	0,90
Plataforma de ata 6,10 metros (por unidade).....	0,90
Contedor > 20' (incluída, de ser o caso, unha plataforma de transporte de ata 12,30 metros) (por unidade).....	1,80
Semirremolque e remolque ata 12,30 metros (por unidade).....	1,80
Vehículo ríxido ou articulado con caixa de ata 12,30 metros	1,80
Plataforma de ata 12,30 metros (por unidade).....	1,80
Cabezas tractoras (por unidade).....	0,60
Vehículo articulado con varios remolques ou semirremolques (tren de estrada) (por unidade)	2,90
Outros non incluídos nos conceptos anteriores (por tonelada).....	0,50

2.º 3 Cando o elemento de transporte baleiro teña a condición de mercadoría será de aplicación a contía que resulte de aplicar este réxime en función do seu peso e do grupo a que pertenza conforme o establecido no anexo III desta lei; non será aplicable o réxime de estimación simplificada, excepto no caso dos vehículos que se transporten como mercadoría, aos cales se poderá aplicar o dito réxime de estimación simplificada.

b) Cando se trate de mercadorías e elementos de transporte en operacións de tránsito marítimo, sempre que as mercadorías e os seus elementos de transporte fosen declarados no dito réxime, a cota íntegra da taxa da mercadoría en tránsito calcularase conforme o establecido no punto 1.º, considerando que as operacións de tránsito equivalen para estes efectos a unha operación de desembarque.

Por razóns de cohesión territorial dos territorios insulares, as mercadorías e os seus elementos de transporte en operacións de tránsito marítimo, con orixe ou destino noutro porto de interese xeral dun mesmo arquipélago, estarán exentas do pagamento desta taxa. De conformidade co disposto na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión

Europea para que sexan admisibles excepcións na aplicación do Regulamento comunitario (CEE) 4055/86, xustifícase a dita excepción por razóns de interese xeral asociadas coa necesidade de evitar os efectos que teñen para o desenvolvemento económico e a competitividade das illas menores os custos adicionais que supón a dobre insularidade.

c) Cando se trate de mercadorías e elementos de transporte en operacións de transbordo a cota íntegra da taxa será a seguinte:

1.º Entre buques que se encontren atracados: o 50 por cento da cota prevista no punto 1.º, considerando que as operacións de transbordo equivalen para estes efectos a unha operación de desembarque.

2.º Entre buque abarloado a outro atracado ou abarloado, así como entre buques fondeados: o 30 por cento da cota prevista na alínea a), considerando que as operacións de transbordo equivalen para estes efectos a unha operación de desembarque.

Nos supostos das alíneas b) e c), esta taxa liquidarase ao suxeito pasivo que declarase a mercadoría na descarga. Cando na descarga non se declarase no dito réxime, aplicarase o establecido na alínea a) para cada unha das operacións de embarque e desembarque.

d) Cando se trate de mercadorías e elementos de transporte en operacións de tráfico interior marítimo dentro da zona de servizo dun porto ou en augas interiores marítimas tales como unha ría ou baía, a cota íntegra será a prevista na alínea a), e liquidarase unha soa vez na operación de embarque ou desembarque.

e) Cando se trate de mercadorías e elementos de transporte en operacións de tránsito terrestre, aplicarase o 50 por cento da cota prevista na alínea a) á mercadoría e elemento de transporte que entre na zona de servizo do porto.

Artigo 215. Cota íntegra en terminais marítimas de mercadorías en réxime de concesión ou autorización.

En terminais marítimas de mercadorías en réxime de concesión ou autorización a cota íntegra será a seguinte:

a) Coa atracada outorgada en concesión ou autorización:

1.º En operacións de entrada ou saída marítima: o 50 por cento da cota establecida na alínea a) do artigo anterior.

2.º En operacións de tránsito marítimo: o 25 por cento da cota establecida na alínea b) do artigo anterior.

3.º En operacións de transbordo: o 20 por cento da cota establecida na alínea c) do artigo anterior, sempre que, polo menos, un dos buques ocupe o posto de atracada concesionada ou autorizada.

4.º En operacións de tráfico interior marítimo que se realicen entre instalacións outorgadas ambas en concesión ou autorización: o 50 por cento da cota establecida na alínea d) do artigo anterior.

No suposto de que só unha delas estea concesionada ou autorizada, aplicarase a mesma cota prevista na alínea d) do artigo anterior, salvo que se liquide na instalación concesionada. Neste último caso, será aplicable a redución da cota prevista no parágrafo anterior.

b) Se a atracada non está outorgada en réxime de concesión ou autorización, aplicarase o 80 por cento da cota que corresponda, en función da operación que se desenvolva, das previstas no artigo anterior.

c) En operacións de tránsito terrestre: o 40 por cento da prevista na alínea e) do artigo anterior, sempre que a instalación de destino das mercadorías e elementos de transporte que entran na zona de servizo estea outorgada en concesión ou autorización.

Artigo 216. *Cota íntegra noutros supostos.*

Nos supostos que se indican a continuación, a cota resultará de lle aplicar á cantidade obtida conforme o disposto nos artigos anteriores os coeficientes que respectivamente se indican:

- a) Ás mercadorías e aos seus elementos de transporte en tránsito marítimo: 0,25.
- b) Ás mercadorías de entrada ou saída marítima, aos seus elementos de transporte ou unidades de carga transportadas en buques pertencentes a un servizo de transporte marítimo de curta distancia de carácter regular: 0,80.

No caso de que o buque realice a carga ou descarga de mercadorías por rodadura, tal e como os de tipo ro-ro, ro-pax, con-ro e ferry, o coeficiente reducirase a 0,60.

No caso de mercadorías e elementos de transporte de entrada marítima, estes coeficientes non serán aplicables a mercadorías e elementos de transporte que estivesen en réxime de tránsito marítimo no último porto en que foron embarcadas.

Pola súa vez, no caso de mercadorías e elementos de transporte de saída marítima non serán aplicables a mercadorías e elementos de transporte que vaian estar en réxime de tránsito marítimo no primeiro porto en que vaian ser desembarcadas.

- c) Ás mercadorías de entrada ou saída marítima, os seus elementos de transporte ou unidades de carga transportadas en buques pertencentes a servizos marítimos interinsulares nun mesmo arquipélago: 0,20. De conformidade co disposto na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea para que sexan admisibles excepcións na aplicación do Regulamento comunitario (CEE) 4055/86, xustifícase o dito coeficiente redutor por razóns de interese xeral asociadas coa necesidade de potenciar a cohesión dos territorios insulares que conforman un arquipélago e de evitar os efectos que teñen para o desenvolvemento económico e a competitividade das illas menores os custos adicionais que supón a dobre insularidade.

- d) Ás mercadorías e aos seus elementos de transporte, de entrada ou saída marítima, que saian ou entren da zona de servizo do porto por transporte ferroviario: 0,75.

As reducións recollidas nas alíneas b) e c) son incompatibles entre si.

Artigo 217. *Contía básica.*

O valor da contía básica da taxa da mercadoría (M) establécese para todas as autoridades portuarias en 3,10 €. O valor poderá ser revisado na Lei de orzamentos xerais do Estado ou noutra que, de ser o caso, se aprobe para estes efectos en función da evolución dos custos portuarios, loxísticos e do transporte, así como dos produtos transportados, tomando en consideración as necesidades asociadas á competitividade do nodo portuario e da economía.

Subsección 4.^a Taxa da pesca fresca (T-4)

Artigo 218. *Feito impoñible.*

1. O feito impoñible desta taxa consiste na utilización, polos buques ou embarcacións pesqueiras en actividade, das augas da zona de servizo do porto e das obras e instalacións portuarias, que permiten o acceso marítimo ao posto de atracada ou de fondeadura que lles fose asignado e a súa estadía neles.

Así mesmo, constitúe o feito impoñible a utilización pola pesca fresca, a refrixerada e os seus produtos, que accedan ao recinto portuario por vía marítima, en barco de pesca ou mercante, ou por vía terrestre, das instalacións de atracada, zonas de manipulación e de venda, accesos, vías de circulación, zonas de estacionamento e outras instalacións portuarias.

Tamén forma parte do feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos comúns de titularidade da respectiva autoridade portuaria dos cales se benefician os usuarios sen necesidade de solicitude, relacionados cos anteriores elementos do dominio público.

Neste feito impoñible non se inclúe a utilización de maquinaria, equipamentos de manipulación e elementos mecánicos móbiles necesarios para as operacións de embarque, desembarque, transbordo ou para o movemento horizontal da pesca dentro da zona de servizo do porto, que se encontrarán suxeitos, respectivamente, de ser o caso, á correspondente tarifa.

2. O pagamento desta taxa dará dereito a que os barcos de pesca permanezan no porto durante o prazo dun mes desde a súa entrada, na posición que sinala a autoridade portuaria. Transcorrido o dito prazo devengarase a taxa ao buque prevista para buques inactivos, incluso pesqueiros e artefactos flotantes recollidos na alínea e) do punto 1 do artigo 197 desta lei.

En casos de inactividade forzosa por temporais, paros biolóxicos, vedas costeiras ou carencia de licenzas, a autoridade portuaria prorrogará o prazo anterior ata 6 meses. A partir deste prazo, e sempre que se manteñan estas circunstancias, a embarcación pesqueira ou buque de pesca devengará a taxa do buque prevista para buques pesqueiros cuxa última operación de descarga se efectuase no porto e estean en paro biolóxico, en veda ou careza de licenza, recollidos na alínea e) do punto 1 do artigo 197 desta lei. A concorrencia destas circunstancias deberá ser expresa e individualmente acreditada por certificacións da autoridade competente. En caso de que deixen de concorrer estas circunstancias ou non se poidan acreditar, devengará a referida taxa do buque expresada no parágrafo anterior.

3. Esta taxa non será de aplicación a aqueles buques ou embarcacións pesqueiras que non efectúen no porto descarga de pesca fresca, refrixerada ou os seus produtos. Neste caso devengarán a taxa do buque que lle corresponda desde a súa entrada a porto.

Artigo 219. *Suxeitos pasivos.*

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes desta taxa:

- a) O armador do buque ou embarcación pesqueira, no caso de que a pesca fresca acceda ao porto por vía marítima.
- b) O propietario da pesca, cando o buque sexa mercante ou aquela acceda ao porto por vía terrestre.

2. Son suxeitos pasivos substitutos:

- a) Quen, en representación do propietario da pesca, realice a primeira venda, cando a pesca sexa vendida no porto.
- b) O concesionario ou autorizado, en lonxas outorgadas en concesión ou autorización.

3. Os substitutos a que se refire o punto anterior están solidariamente obrigados ao cumprimento das prestacións materiais e formais derivadas da obriga tributaria, sen prexuízo de que a autoridade portuaria se dirixa en primeiro lugar ao concesionario ou autorizado.

En caso de incumprimento das súas obrigas por parte dos substitutos, en especial, en caso de non pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalles exixir aos contribuíntes o seu cumprimento. Todo isto, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan ter incorrido os substitutos.

4. O suxeito pasivo desta taxa repercutirá o seu importe no comprador da pesca. A repercusión deberase efectuar mediante factura ou documento análogo no cal os suxeitos pasivos incluírán a expresión «Taxa da pesca fresca ao tipo de...».

Non procederá a repercusión das cotas resultantes nos supostos de liquidación que sexan consecuencia de actas de inspección.

Artigo 220. Devengo.

A taxa devengarase cando o buque ou embarcación pesqueira, a pesca fresca, refrixerada ou os seus produtos inicien o seu paso pola zona de servizo do porto.

Artigo 221. Base imponible.

A base imponible desta taxa é o valor de mercado da pesca ou dos seus produtos, que se determinará de acordo cos seguintes criterios:

- a) O obtido pola súa venda en poxa na lonxa do porto.
- b) Cando non fose poxada ou vendida na lonxa do porto, determinarase polo valor medio obtido nas poxas da mesma especie realizadas ese mesmo día ou, no seu defecto, nas do último día en que houberse poxa da mesma especie e características.

Subsidiariamente, utilizarase o prezo medio de mercado da semana anterior acreditado polo órgano competente na materia.

- c) No caso de que este prezo non se poida fixar na forma determinada nos parágrafos anteriores, a autoridade portuaria fixarao tendo en conta as condicións habituais do mercado.

Artigo 222. Tipo de gravame.

O tipo de gravame será o seguinte:

- a) Con utilización de lonxa non concesionada ou autorizada:
 - 1.º Á pesca descargada por vía marítima: o 2,2 por cento do valor da base.
 - 2.º Á pesca que accede ao recinto pesqueiro por vía terrestre: o 1,8 por cento do valor da base.
- b) Sen uso de lonxa:
 - 1.º Á pesca descargada por vía marítima: o 1,8 por cento do valor da base.
 - 2.º Á pesca que accede ao recinto pesqueiro por vía terrestre: o 1,5 por cento do valor da base.
- c) Con utilización de lonxa concesionada ou autorizada:
 - 1.º Á pesca descargada por vía marítima: o 0,4 por cento do valor da base.
 - 2.º Á pesca que accede ao recinto pesqueiro por vía terrestre: o 0,3 por cento do valor da base.

Subsección 5.^a Taxa das embarcacións deportivas e de lecer (T-5)**Artigo 223. Feito imponible.**

1. O feito imponible desta taxa consiste na utilización polos buques e embarcacións deportivas ou de lecer, independentemente das súas dimensións, das augas da zona de servizo do porto, das redes e tomas de servizos e das obras e instalacións portuarias que permiten o acceso marítimo ao posto de atracada ou de fondeadura asignado, así como a estadia neste.

Constitúe tamén feito imponible desta taxa a utilización dos peiraos e pantaláns, accesos terrestres, vías de circulación e outras instalacións portuarias polos tripulantes e pasaxeiros das embarcacións.

Así mesmo, constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos comúns de titularidade da respectiva autoridade portuaria dos cales se benefician os usuarios sen necesidade de solicitude, relacionados cos anteriores elementos do dominio público.

2. A aplicación desta taxa require que a embarcación non realice transporte de mercadorías e que os pasaxeiros non viaxen en réxime de cruceiro ou excursións

turísticas, caso en que serán de aplicación a taxa do buque, a taxa da pasaxe e a taxa da mercadoría, segundo proceda.

3. Non está suxeita a esta taxa a utilización de instalacións para a varada ou posta en seco da embarcación, nin de maquinaria, equipos de manipulación e elementos mecánicos móbiles necesarios para as operacións de posta a flote ou posta en seco ou varada das embarcacións, que se encontrará suxeita, de ser o caso, á correspondente tarifa.

Artigo 224. *Suxeitos pasivos.*

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes e solidariamente, o propietario da embarcación, o consignatario e o capitán ou patrón dela.

2. O concesionario ou autorizado, en dársenas e instalacións portuarias deportivas outorgadas en concesión ou autorización, é suxeito pasivo substituto dos suxeitos pasivos contribuíntes do punto anterior e quedará obrigado a cumprir as prestacións materiais e formais da obriga tributaria.

En caso de incumprimento das súas obrigas por parte do substituto, en especial, en caso de non pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalles exixir aos contribuíntes o seu cumprimento. Todo isto, sen prexuízo das responsabilidades en que poida ter incorrido o substituto.

Artigo 225. *Devengo da taxa.*

Esta taxa devengarase cando a embarcación deportiva ou de lecer entre nas augas da zona de servizo do porto, ou cando se produza a posta á disposición do posto de atracada de fondeadura.

Artigo 226. *Cota íntegra.*

A cota íntegra desta taxa é a seguinte:

a) En dársenas ou instalacións náutico-deportivas non concesionadas nin autorizadas situadas totalmente na zona I ou interior das augas portuarias, a cota íntegra da taxa será o resultado de sumar os seguintes conceptos:

1.º Polo acceso e estadía das embarcacións no posto de atracada ou de fondeadura, a cota será a cantidade resultante do produto da superficie ocupada polo buque ou a embarcación, expresada en metros cadrados, polo número de días de estadía, completos ou fracción, pola contía básica E e polo coeficiente que corresponda dos indicados na táboa seguinte:

Tipo de atracada ou de fondeadura	Coeficiente
Atracada de punta a pantalán e morto, boia ou áncora	1,00
Atracada de punta a pantalán con instalación de pantalán lateral.....	2,00
Atracada de costado a peirao ou pantalán.....	3,00
Abarloada a outro posto de atracada de costado a peirao ou pantalán ou a outra abarloada	0,50
Fondeada con amarre a morto, boia ou punto fixo.....	0,60
Fondeada con amarre mediante medios propios.....	0,40

Nas zonas con calados inferiores a dous metros en baixamar máxima viva equinoccial, os coeficientes serán o 50 por cento dos sinalados no cadro anterior.

2.º Por dispoñibilidade de servizos, a cota íntegra da taxa será a cantidade resultante do produto da superficie ocupada polo buque ou a embarcación, expresada en metros cadrados, polo número de días de estadía completos ou fracción, polo valor da contía básica (E) e polos seguintes coeficientes:

Toma de auga: 0,07.

Toma de enerxía eléctrica: 0,10.

Os consumos de auga e enerxía eléctrica efectuados serán facturados con independencia da liquidación desta taxa.

Para as embarcacións que teñan a súa base no porto, a cota da taxa será o 80 por cento das sinaladas nos ordinais 1.º e 2.º anteriores.

b) En dársenas ou instalacións náutico-deportivas outorgadas en réxime de concesión ou autorización situadas totalmente na zona I ou interior das augas portuarias, con espazo de auga tamén outorgado en concesión ou autorización, a cota íntegra da taxa será a seguinte:

1.º Polo acceso e, de ser o caso, estadía das embarcacións, no posto de atracada ou fondeadura, a cota será a cantidade resultante do produto da superficie ocupada pola embarcación, expresada en metros cadrados, polo número de días de estadía, completos ou fracción destes, pola contía básica (E) e polo coeficiente que corresponda dos indicados na táboa seguinte:

Embarcación	Xeral	Coeficiente — Embarcación de vela con eslora non superior a 12 metros ou de motor non superior a 9 metros
Embarcacións transeúntes ou de paso	0,39	0,15
Embarcacións que teñen a súa base no porto	0,32	0,10

2.º Nas zonas con calados inferiores a dous metros en baixamar máxima viva equinoccial, os coeficientes serán o 50 por cento dos sinalados no parágrafo anterior.

3.º Se, excepcionalmente, o espazo de auga non estiver outorgado en concesión ou autorización, a cota da taxa será un 80 por cento superior á prevista nesta alínea.

c) En dársenas ou instalacións náutico-deportivas situadas total ou parcialmente en zona II, cando o buque ou a embarcación ocupe a zona I a cota da taxa será a prevista nas alíneas a) e b) anteriores, segundo corresponda. Se, polo contrario, ocupa a zona II ou exterior das augas portuarias, a cota da taxa será o 30 por cento da prevista nas alíneas a), ordinal 1.º, e b) anteriores para a zona I e o 100 por cento da cota da taxa prevista no ordinal 2.º da alínea a) anterior para a zona I, segundo corresponda.

Artigo 227. Superficie ocupada polo buque ou embarcación.

A superficie ocupada polo buque ou a embarcación será o resultado do produto da súa eslora total pola súa manga.

Artigo 228. Pagamento anticipado e en réxime simplificado da taxa.

1. A taxa será exixible por adiantado:

a) En dársenas ou instalacións náutico-deportivas non concesionadas nin autorizadas, de acordo cos seguintes criterios:

1.º Para as embarcacións transeúntes ou de paso no porto, a contía que corresponda polo período de estadía que se autorice. Se o dito período tiver que ser ampliado, o suxeito pasivo deberá formular nova solicitude e aboar novamente por adiantado o importe correspondente ao prazo ampliado.

2.º Para as embarcacións con base no porto, a contía que corresponda por períodos non inferiores a seis meses nin superiores a un ano.

b) Nas dársenas ou instalacións náutico-deportivas outorgadas en concesión ou autorización, nos prazos que figuren nas cláusulas da concesión ou autorización, que non poderán ser superiores a un ano.

2. No suposto da alínea b) do punto anterior poderase exixir a taxa en réxime de estimación simplificada salvo renuncia expresa do concesionario ou autorizado. Neste réxime, a cota tributaria establecerase para cada concesión ou autorización, tendo en conta os datos estatísticos de tráfico da concesión ou autorización dos dous últimos anos; periodicamente efectuarase unha liquidación global polo importe que corresponda á ocupación estimada. Para iso, os titulares de dársenas ou instalacións náutico-deportivas outorgadas en concesión ou autorización deberán subministrar ás autoridades portuarias a información que lles sexa requirida e os datos precisos para a liquidación desta taxa. Os que se acollan a este réxime terán unha bonificación do 25 por 100 no importe da cota tributaria.

Artigo 229. *Contía básica.*

O valor da contía básica da taxa das embarcacións deportivas e de lecer (E) establécese para todas as autoridades portuarias en 0,13 €. O valor poderá ser revisado na Lei de orzamentos xerais do Estado ou noutra que, de ser o caso, se aprobe para estes efectos en función da evolución dos custos portuarios e sectoriais, tomando en consideración as necesidades asociadas á competitividade do sector turístico e, en particular, do sector náutico e de lecer.

Artigo 230. *Buques ou embarcacións con base no porto.*

Para os efectos da aplicación da taxa, son buques ou embarcacións que teñen a súa base no porto aquelas que teñen autorizada a estadía no porto por período igual ou superior a seis meses.

Son buques ou embarcacións transeúntes ou de paso aquelas que teñen autorizada a súa estadía por un período limitado, inferior a seis meses.

O importe da taxa aplicable será independente das entradas, saídas ou días de ausencia da embarcación, mentres teña asignado posto de atracada.

Subsección 6.^a Taxa por utilización especial da zona de tránsito (T-6)

Artigo 231. *Feito imposable.*

1. O feito imposable desta taxa consiste na utilización das zonas de tránsito, especialmente habilitadas como tales pola autoridade portuaria e, excepcionalmente, das zonas de manobra, polas mercadorías e elementos de transporte por un período superior a:

a) En operacións de entrada ou de saída marítima, así como de tránsito marítimo e tráfico interior: catro horas desde a súa entrada na zona de servizo do porto ou do seu desembarque, segundo corresponda, para aquelas mercadorías e elementos de transporte en que os elementos rodantes que as transportan formasen ou vaian formar parte do transporte marítimo, e 48 horas nos casos restantes.

b) Nas operacións de tránsito terrestre: catro horas desde a súa entrada na zona de servizo do porto.

2. Tamén están suxeitos a esta taxa os materiais, maquinarias ou equipamentos debidamente autorizados pola autoridade portuaria que, non tendo a consideración de mercadorías ou elementos de transporte, permanezan na zona de servizo do porto en períodos continuados superiores a 24 horas.

3. Así mesmo, constitúe o feito imposable desta taxa a prestación dos servizos comúns de titularidade da respectiva autoridade portuaria dos cales se benefician os

usuarios sen necesidade de solicitude, relacionados cos anteriores elementos do dominio público.

4. Para os efectos desta taxa, enténdese por zona ou zonas de tránsito aquelas especialmente habilitadas para o efecto pola autoridade portuaria co obxecto de servir de espazo de almacenamento ou depósito temporal de mercadorías e elementos de transporte de maneira que se compatibilicen con eficiencia as distintas operacións portuarias. O consello de administración da autoridade portuaria delimitará a zona ou zonas de tránsito do porto ou portos que xestione, de conformidade co previsto para estes efectos no Regulamento de explotación e policía e nas ordenanzas portuarias.

Artigo 232. *Suxeitos pasivos.*

1. É suxeito pasivo contribuínte o propietario da mercadoría, elemento de transporte, material, maquinaria ou equipamento.

2. O consignatario, transitario ou operador loxístico representante da mercadoría é suxeito pasivo substituto do contribuínte previsto no punto anterior cando a mercadoría e os elementos de transporte se encontren consignados.

3. O substituto está obrigado ao cumprimento das prestacións materiais e formais derivadas da obriga tributaria. En caso de incumprimento das súas obrigas por parte do substituto, en especial, en caso de non pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalle exixir ao suxeito pasivo contribuínte o seu cumprimento. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades en que poida ter incorrido o substituto.

Artigo 233. *Devengo da taxa.*

Esta taxa devengarase cando as mercadorías e os elementos de transporte superen os tempos máximos de utilización da zona de tránsito, asociados co pagamento da taxa da mercadoría.

No caso de materiais, maquinarias ou equipamentos que non teñan a consideración de mercadorías ou elementos de transporte, a taxa devengarase unha vez transcorrido o período de 24 horas de permanencia na zona de servizo do porto.

Artigo 234. *Cota íntegra.*

1. A cota íntegra da taxa será a cantidade resultante do produto da superficie ocupada expresada en metros cadrados, polo número de días de estadía completos ou fracción, pola contía básica (T) e polo coeficiente que corresponda dos indicados na táboa seguinte, en función da duración da ocupación:

Ata o día 7.º	1
Desde o día 8.º ao 15.º	3
Desde o día 16.º ao 30.º	6
Desde o día 31.º ao 60.º	10
A partir do día 61.º	20

Como superficie ocupada adoptarase a menor superficie rectangular, que conteña a mercadoría, elemento de transporte, material, maquinaria ou equipamento depositado.

2. A zona de manobra non poderá ser utilizada para depósito de mercadorías ou outros elementos salvo autorización expresa do director do porto, caso en que serán de aplicación as contías previstas no punto anterior deste artigo.

Para os efectos desta taxa, enténdese como zona de manobra a área máis próxima á liña de atracada en que se desenvolven as operacións de carga e descarga do buque de mercadorías e elementos de transporte ou de embarque e desembarque de pasaxeiros e vehículos en réxime de pasaxe. O Consello de Administración da autoridade portuaria delimitará a zona ou zonas de manobra do porto ou portos que xestione, de conformidade co previsto para estes efectos no Regulamento de explotación e policía e nas ordenanzas portuarias.

3. Por razóns xustificadas de interese xeral, a autoridade portuaria poderá exixir a retirada das mercadorías ou doutros elementos depositados nas zonas de tránsito e manobra, sinalando prazo suficiente para realizala. En caso de incumprimento, a autoridade portuaria poderá impor multas coercitivas, que non terán carácter tributario, dun 20 por cento da cota da taxa por utilización da zona de tránsito por cada día ou fracción de atraso a partir da data límite sinalada pola autoridade portuaria para a total retirada. Se, despois de cinco días desde o primeiro aviso, a mercadoría continúa sen ser retirada, a autoridade portuaria poderá retirala ou removelas por conta do suxeito pasivo da dita taxa, sen prexuízo da multa que lle corresponda polos días de atraso e das taxas ou tarifas que comporta a nova localización. No caso de mercadorías ou outros elementos declarados como abandonados, unha vez concluído o proceso de poxa, a autoridade portuaria terá a prioridade no cobramento das taxas e, de ser o caso, das multas e tarifas que lle corresponden xeradas pola dita mercadoría.

Artigo 235. *Contía básica.*

O valor da contía básica da taxa por utilización da zona de tránsito (T) establécese para todas as autoridades portuarias en 0,11 euros. O valor poderá ser revisado na Lei de orzamentos xerais do Estado ou noutra que, de ser o caso, se aprobe para estes efectos en función da evolución dos custos portuarios, loxísticos e do transporte, así como dos produtos transportados, tomando en consideración as necesidades asociadas á competitividade do nodo portuario e da economía.

Artigo 236. *Exencións.*

Estarán exentos desta taxa os titulares de concesións ou autorizacións de ocupación de dominio público portuario pola estadía de mercadorías, elementos de transporte, materiais, maquinaria ou equipamentos nos espazos que formen parte das ditas concesións ou autorizacións, polos cales se devenga a correspondente taxa de ocupación.

Sección 5.ª Taxa de axudas á navegación

Artigo 237. *Feito impoñible.*

O feito impoñible desta taxa consiste na utilización do servizo de sinalización marítima definido no artigo 137 desta lei.

Artigo 238. *Suxeitos pasivos.*

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes desta taxa, con carácter solidario, o propietario do buque ou embarcación, o navieiro e o capitán ou patrón do buque ou embarcación.
2. Son suxeitos pasivos substitutos dos contribuíntes a que se refire o punto anterior:
 - a) O consignatario do buque ou embarcación, se o buque se encontra consignado.
 - b) O concesionario ou autorizado, en portos, dársenas, peiraos, pantaláns e outras instalacións náutico-deportivas outorgadas en concesión ou autorización.

3. Todos os suxeitos pasivos substitutos están solidariamente obrigados ao cumprimento das prestacións materiais e formais derivadas da obriga tributaria, sen prexuízo de que a autoridade portuaria se dirixa en primeiro lugar ao concesionario ou autorizado. En caso de incumprimento das súas obrigas por parte dos substitutos, en especial, en caso de non pagamento da taxa, a autoridade portuaria poderalles exixir aos contribuíntes o seu cumprimento.

Todo iso sen prexuízo das responsabilidades en que poida ter incorrer o substituto.

Artigo 239. *Devengo da taxa.*

O devengo da taxa prodúcese cando o buque ou a embarcación comeza a recibir os servizos en augas xurisdicionais españolas.

Artigo 240. *Cota íntegra.*

1. A cota íntegra da taxa é a seguinte:

a) Aos buques mercantes, así como aos pesqueiros conxeladores e, en xeral, a aqueles buques aos cales polas súas características lles sexa de aplicación a taxa do buque: a resultante do produto do número de GT do buque, cun mínimo de 100 GT, pola contía básica (A) e polo coeficiente 0,035 nas tres primeiras escalas de cada ano natural nun porto español.

b) Aos buques e embarcacións dedicados á pesca de altura ou grande altura:

1.º No caso de buques e embarcacións que teñan a base nun porto español: a resultante do produto do número de GT do buque ou embarcación pola contía básica (A) en cada ano natural.

2.º No caso de buques e embarcacións que non teñan a base nun porto español: o 20 por cento da cota que lles corresponda de acordo co ordinal 1.º anterior, con validez para un período de 30 días. A dita cota será novamente exigible por idénticos períodos ata un máximo do 100 por cento dela en cada ano natural.

c) Aos buques e embarcacións dedicados á pesca de baixura ou litoral.

1.º No caso de buques e embarcacións que teñan a base nun porto español: a resultante do produto da contía básica (A) polo coeficiente 50 en cada ano natural.

2.º No caso de buques e embarcacións que non teñan a base nun porto español: o 20 por cento da cota que lles corresponda de acordo co ordinal 1.º anterior, con validez para un período de 30 días. A dita cota será novamente exigible por idénticos períodos ata un máximo do 100 por cento dela en cada ano natural.

d) Aos buques e embarcacións de lecer ou deportivos de eslora igual ou superior a nove metros se a súa propulsión é o motor e superior a 12 metros se a súa propulsión é a vela, que deban estar provistas de certificado de rexistro español-permiso de navegación ou rol de despacho ou dotación de buques.

1.º No caso de embarcacións que teñan a base nun porto español: a resultante do produto da contía básica (A) pola eslora do buque, expresada en metros, pola manga do buque, expresada en metros, e polo coeficiente 16 en cada ano natural.

2.º No caso de embarcacións que non teñan a base nun porto español: o 20 por cento da cota que lles corresponda de acordo co ordinal 1.º anterior, con validez para un período de 30 días. A dita cota será novamente exigible por idénticos períodos ata un máximo do 100 por cento dela en cada ano natural.

e) Ás embarcacións de lecer ou deportivas de eslora inferior a nove metros se a súa propulsión é o motor, que deban estar provistas de certificado de rexistro español-permiso de navegación, ou rol de despacho ou dotación de buques, sen prexuízo do disposto no artigo 171.e) desta lei:

1.º No caso de embarcacións que teñan a base nun porto español: a resultante do produto da contía básica (A) pola eslora do buque, expresada en metros, pola manga do buque, expresada en metros, e polo coeficiente 40, nunha soa vez e validez indefinida.

2.º No caso de embarcacións que non teñan a base nun porto español: o 20 por cento da cota que lle corresponda de acordo co ordinal 1.º anterior, con validez para un período de 30 días. A dita cota será novamente exigible por idénticos períodos ata un máximo do 100 por cento dela en cada ano natural.

2. O valor da contía básica da taxa de axudas á navegación (A) establécese en 0,25 €. O valor da contía básica poderá ser revisado na Lei de orzamentos xerais do Estado ou noutra que, de ser o caso, se aprobe para estes efectos en función da evolución dos custos do servizo de axudas á navegación en todo o litoral español.

Artigo 241. *Pagamento da taxa.*

O pagamento da taxa será exixible:

a) Aos buques e embarcacións incluídos na alínea a) do punto 1 do artigo anterior: nas tres primeiras escalas no ano natural en cada porto español en que entren. A contía da taxa deberase aboar na autoridade portuaria que teña asignada, para efectos de sinalización marítima, a zona xeográfica en que se encontra situado o porto.

b) Aos buques e embarcacións incluídos nas alíneas b), c) e d) do punto 1 do artigo anterior:

1.º No caso de buques e embarcacións que teñan a base nun porto español: unha vez ao ano. A contía da taxa deberase aboar na autoridade portuaria que teña asignada, para efectos de sinalización marítima, a zona xeográfica en que se encuentre situado o seu porto base.

2.º No caso de buques e embarcacións que non teñan base nun porto español: por períodos de 30 días. O importe da taxa deberase aboar nas autoridades portuarias que teñan asignadas, para efectos de sinalización marítima, a zona xeográfica en que se encontren situados os portos españois nos cales fagan escala no ano natural, ata que se alcance o 100 por cento da taxa.

c) Ás embarcacións a que fai referencia a alínea e) do punto 1 do artigo anterior:

1.º No caso de embarcacións que teñan a base nun porto español: unha única vez no momento da súa matriculación. O importe da taxa aboarase na autoridade portuaria que teña asignada, para efectos de sinalización marítima, a zona xeográfica en que se encuentre situado o órgano competente para a matriculación da embarcación.

2.º No caso de embarcacións que non teñan a súa base nun porto español: por períodos de 30 días. O importe da taxa deberase aboar nas autoridades portuarias que teñan asignadas, para efectos de sinalización marítima, a zona xeográfica en que se encontren situados os portos españois nos cales fagan escala, ata que se alcance o 100 por cento da taxa.

Artigo 242. *Exixencia anticipada da taxa.*

A taxa será exixible por adiantado e poderá exixirse en réxime de estimación simplificada nos portos, dársenas, peiraos, pantaláns e outras instalacións de atracada, así como en instalacións náutico-deportivas, que se encontren en concesión ou autorización, salvo renuncia expresa do concesionario ou autorizado. Neste réxime, a cota tributaria establecerase para cada concesión ou autorización tomando en conta os datos estatísticos de tráfico da concesión ou autorización dos dous últimos anos; periodicamente efectuarase unha liquidación global polo importe que corresponda á ocupación estimada. Os que se acollan a este réxime terán unha bonificación do 20 por cento no importe da cota tributaria.

Artigo 243. *Xustificación do pagamento.*

O órgano competente para a matriculación das embarcacións, despacho de rol de navegación ou dotación e para a emisión dos seus certificados de inspección exixirá como requisito para iso os xustificantes de ter aboado a taxa de axudas á navegación.

As autoridades portuarias exixirán a presentación dos xustificantes de ter aboado a taxa, e deberán proceder, en caso contrario, á súa liquidación.

As comunidades autónomas, organismos portuarios dependentes ou vinculados a estas e os concesionarios ou titulares de autorizacións de portos, dársenas e instalacións portuarias deberanlle facilitar á autoridade portuaria correspondente a debida información e subministrar os datos precisos para a liquidación desta taxa.

Artigo 244. *Convenios interadministrativos.*

As autoridades portuarias e Portos do Estado poderán subscribir convenios coas comunidades autónomas e organismos portuarios dependentes ou vinculados a estas para o cobramento desta taxa.

Sección 6.^a Bonificacións

Artigo 245. *Bonificacións das taxas de actividade e utilización.*

1. Para incentivar mellores prácticas ambientais, a autoridade portuaria aplicará as seguintes bonificacións:

a) Cando os buques acrediten o cumprimento dunhas determinadas condicións de respecto ao ambiente, mellorando as exixidas polas normas e convenios internacionais, e ademais a compañía navieira ou, de ser o caso, o armador ao cal pertence o buque teña suscrito un convenio coa autoridade portuaria en materia de boas prácticas ambientais asociadas ás operacións e á permanencia de buques no porto, á cota da taxa do buque aplicaráselle unha bonificación dun 5 por cento.

O dito convenio deberá recoller un conxunto de instrucións técnicas e operativas, baseado nas guías de boas prácticas ambientais aprobadas por Portos do Estado, cuxo cumprimento operativo poida ser verificado mediante un sistema de xestión ambiental. O cumprimento polo buque das normas e convenios internacionais nesta materia deberá estar certificado por entidades de certificación acreditadas para iso por organismos pertencentes á International Accreditation Forum. O cumprimento do convenio suscrito será acreditado pola autoridade portuaria.

b) Cando o titular dunha licenza para prestar o servizo portuario de manipulación de mercadorías ou o titular da concesión ou autorización dunha terminal de manipulación de mercadorías cumpra os requisitos que se citan posteriormente, aplicaranse as seguintes bonificacións á cota da taxa de actividade:

Con carácter xeral: 15 por cento.

Á parte da cota da taxa correspondente a tráfico manipulado de graneis sólidos ou líquidos: 20 por cento.

c) Cando o titular dunha concesión ou autorización realice actividades pesqueiras, náutico-deportivas ou de construción, reparación, transformación ou desmantelamento de buques, aplicarase unha bonificación do 15 por cento á cota da taxa de actividade.

Os requisitos que debe cumprir o titular da autorización ou concesión, de ser o caso, para os efectos do previsto nas alíneas b) e c) anteriores, serán os seguintes:

1.º Ter suscrito un convenio coa autoridade portuaria en materia de boas prácticas ambientais.

O dito convenio deberá recoller un conxunto de instrucións técnicas e operativas cuxo cumprimento poida ser verificado mediante un sistema de xestión ambiental, baseado nas guías de boas prácticas ambientais aprobadas por Portos do Estado, cuxo alcance comprenda a totalidade dos tráfico manipulado.

2.º Estar inscrito no rexistro do sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS) ou ter implantado un sistema de xestión ambiental baseado en UNE-EN-ISO-14001 certificado por unha entidade acreditada para tal efecto pola Entidade Nacional

de Acreditación (ENAC), e cuxo alcance comprenda todos aqueles servizos relacionados coa actividade obxecto de autorización ou concesión.

2. Para incrementar a calidade na prestación dos servizos:

a) Cando a compañía navieira ou, no caso de embarcacións pesqueiras, o armador, teña en vigor unha certificación de servizos cuxo alcance comprenda todas as operacións do buque no porto, baseada nos referenciais de calidade do servizo aprobados por Portos do Estado ou, de ser o caso, nos referenciais específicos aprobados no seu desenvolvemento pola autoridade portuaria, e validados por Portos do Estado en canto ao seu axuste aos citados referenciais de calidade, á cota da taxa do buque aplicaráselle unha bonificación dun 5 por cento.

A certificación de servizos debe estar emitida por unha entidade acreditada para tal efecto por ENAC conforme a norma UNE-EN-45011 ou aquela que a substitúa, ou por unha entidade cuxo sistema de emisión cumpra os requisitos desta.

b) Cando o prestador dun servizo portuario ou o titular da concesión ou autorización dunha terminal marítima de mercadorías ou dunha estación marítima teña en vigor unha certificación de servizo, baseada nos referenciais de calidade do servizo aprobados por Portos do Estado ou, de ser o caso, dos referenciais específicos aprobados no seu desenvolvemento pola autoridade portuaria e validados por Portos do Estado en canto ao seu axuste aos citados referenciais de calidade, emitida por unha entidade acreditada para tal efecto por ENAC conforme a norma UNE-EN 45011, á cota da taxa de actividade aplicaráselle unha bonificación do 15 por cento.

c) Cando o titular dunha licenza do servizo de manipulación de mercadorías, ou o concesionario ou autorizado cuxo obxecto concesional sexa unha terminal marítima de mercadorías en que se preste o dito servizo, supere por encima do 30 por cento os niveis mínimos de produtividade establecidos nos pregos de prescricións particulares do servizo ou no título habilitante da ocupación privativa do dominio público, á cota da taxa de actividade aplicaráselle unha bonificación de igual valor que a porcentaxe de aumento da produtividade con respecto ao valor citado, cun valor máximo do 50 por cento. A liquidación desta bonificación realizarase ao final do exercicio, cando se liquide a taxa de actividade conforme o previsto no artigo 191, e consideraranse para o seu cálculo os valores medios de produtividade do exercicio.

3. Para incentivar a captación, a fidelización e o crecemento dos tráficos e dos servizos marítimos que coadruen ao desenvolvemento económico e social da zona de influencia económica dos portos ou de España no seu conxunto, poderanse aplicar bonificacións adicionais, non superiores ao 40 por cento, á cota das taxas do buque, da pasaxe e da mercadoría.

Os tráficos e servizos marítimos susceptibles desta bonificación serán os cualificados como sensibles, prioritarios ou estratéxicos para cada autoridade portuaria.

As ditas bonificacións poderanse diferenciar para cada un dos tráficos e servizos marítimos cualificados como sensibles, prioritarios ou estratéxicos así como para cada unha das taxas; poderanse graduar, respectivamente, en función do número de GT ou do volume de pasaxe ou de mercadorías achegado polo suxeito pasivo no exercicio anterior en relación cos tráficos totais no dito exercicio correspondente ao tráfico ou servizo marítimo considerado, ou do crecemento anual dos ditos tráficos ou servizos respecto a ese exercicio, e deberán ser idénticas para todos os suxeitos pasivos nas mesmas condicións.

No caso de que as bonificacións se gradúen de acordo co disposto no punto anterior, a autoridade portuaria liquidará estas ao final do exercicio en función do crecemento real dos tráficos ou servizos marítimos cualificados como sensibles, prioritarios ou estratéxicos achegados polo suxeito pasivo no exercicio.

Por proposta do consello de administración da autoridade portuaria, o plan de empresa acordará de forma motivada os tráficos e servizos marítimos suxeitos a bonificación e as condicións de aplicación das bonificacións reguladas neste número, así

como o seu límite conxunto para o seu importe total no exercicio, tendo en conta a evolución, características e condicionamentos da demanda, así como a situación dos mercados e a posición competitiva do porto respecto a eles.

Na Lei de orzamentos xerais do Estado ou na que, de ser o caso, se aprobe, incluírase a definición dos tráxicos e servizos marítimos suxeitos a esta bonificación, así como o seu valor para cada unha das taxas e, de ser o caso, condicións e escalas de aplicación.

Para o cálculo da bonificación que se aplique observarase o disposto no artigo 163 desta lei.

O importe total das bonificacións reguladas neste número que aplique anualmente cada autoridade portuaria non poderá ser superior ao 20 por cento da recadación anual conxunta polas taxas do buque, da pasaxe e da mercadoría do último exercicio anterior ao ano en que se acorda o plan de empresa.

4. Para potenciar e consolidar o papel de España como plataforma loxística internacional, poderanse aplicar as seguintes bonificacións á cota das taxas do buque e da mercadoría:

Á taxa do buque cando o buque atraque nunha terminal de contedores en réxime de concesión ou autorización.

Á taxa da mercadoría, para mercadorías de entrada ou saída marítima ou en tránsito marítimo nunha terminal de contedores en réxime de concesión ou autorización.

En función da proporción de contedores en réxime de tránsito marítimo (t), respecto do total de tráfico de contedores na terminal ou no conxunto de terminais dun determinado porto, rexistrado no último exercicio anterior ao ano en que se acorda o plan de empresa, estas bonificacións non poderán ser superiores ás porcentaxes que se indican:

Proporción de tránsito (t)	Bonificación
$0 < t < 25\%$	40%
$25\% < t < 50\%$	50%
$t > 50\%$	60%

No caso de inicio de actividade da terminal, para os dous primeiros exercicios consideraranse as estimacións razoables de tráxicos aceptadas pola autoridade portuaria.

Por proposta do consello de administración da autoridade portuaria, o plan de empresa acordará de forma motivada as condicións de aplicación das bonificacións reguladas neste punto, así como o seu límite conxunto para o seu importe total no exercicio, tendo en conta a evolución, características e condicionamentos da demanda de tránsito de contedores, así como a situación deste mercado e a posición competitiva do porto respecto a el. A bonificación aprobada será de aplicación a todas as terminais de contedores do porto en réxime de concesión ou autorización.

Na Lei de orzamentos xerais do Estado ou na que, de ser o caso, se aprobe, incluírase o valor da bonificación para cada unha das taxas e, de ser o caso, as condicións de aplicación.

Para o cálculo da bonificación que se aplique observarase o disposto no artigo 163 desta lei.

Esta bonificación é incompatible coas que se poidan establecer para o mesmo tipo de tráfico conforme o disposto no punto 3 deste artigo.

5. Para ter en conta a condición de insularidade, especial illamento ou ultraperifericidade das illas Canarias, aplicaranse as seguintes bonificacións á cota das taxas do buque, da pasaxe e da mercadoría, nos portos de interese xeral do arquipélago canario e balear, así como nos portos de Ceuta e Melilla, para todos aqueles servizos marítimos que unan estes portos con outros portos, salvo os situados no mesmo arquipélago:

Á taxa do buque: ata o 40 por cento. Esta bonificación unicamente se poderá tomar en consideración cando sexa de aplicación a contía básica S e non é compatible co

coeficiente redutor da taxa do buque do artigo 197.1.h). Non obstante, para buques tipo ro-ro puro, ro-pax, con-ro e ferry, os valores adoptados para esta bonificación non poderán dar lugar a que a taxa do buque sexa maior que a correspondente á aplicación do citado artigo.

Á taxa da pasaxe: ata o 45 por cento no suposto de pasaxeiros en réxime de transporte e 60 por cento aos vehículos en réxime de pasaxe. Esta bonificación non é compatible co coeficiente redutor da taxa da pasaxe de alínea d) do artigo 208. Non obstante, os valores adoptados para esta bonificación non poderán dar lugar a que a taxa da pasaxe sexa maior que a correspondente á aplicación da citada alínea.

Á taxa da mercadoría: ata o 40 por cento. Esta bonificación unicamente se poderá tomar en consideración nos supostos de mercadoría en réxime de entrada ou saída marítima, e non será compatible cos coeficientes redutores da taxa da mercadoría da alínea b) do artigo 216. Non obstante, os valores adoptados para esta bonificación non poderán dar lugar a que a taxa á mercadoría sexa maior que a correspondente á aplicación da citada alínea.

Por proposta do consello de administración da autoridade portuaria, o plan de empresa acordará de forma motivada as condicións de aplicación das bonificacións reguladas neste punto, así como o seu límite conxunto polo seu importe total no exercicio.

Na Lei de orzamentos xerais do Estado ou na que, de ser o caso, se aprobe, incluírase o valor da bonificación para cada unha das taxas e, de ser o caso, as condicións de aplicación.

6. Á empresa titular dunha licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías que incremente a porcentaxe de traballadores contratados en réxime laboral común de forma continuada, por encima do mínimo establecido, aplicaráselle unha bonificación na cota na taxa de actividade que será a resultante da seguinte fórmula:

$$b = (2/3) (RLC - RLC \text{ mínima})$$

onde:

b é a bonificación que se vai aplicar en tanto por cento.

RLC é a relación laboral común real, en tanto por cento.

RLC mínima é a relación laboral común mínima establecida, en tanto por cento.

Para manter a bonificación ou aumentala débese acreditar, de forma que faga fe, o cumprimento das porcentaxes citadas, medidas en termos de actividade desenvolvida e con cómputo interanual.

7. As bonificacións á taxa do buque reguladas nos puntos 1 e 2 deste artigo non serán aplicables aos supostos previstos na alínea e) do artigo 197.

CAPÍTULO III

Prezos privados por servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias

Artigo 246. *Tarifas por servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias.*

1. As autoridades portuarias exixirán polos servizos comerciais que presten en réxime de concorrencia con entidades privadas o pagamento das correspondentes tarifas. Estas tarifas terán o carácter de prezos privados e deberán contribuír a lograr o obxectivo de autofinanciamento, evitar prácticas abusivas en relación cos tráfico cautivos, así como actuacións discriminatorias ou outras análogas. Estas tarifas non poderán ser inferiores ao custo do servizo e deberán atender ao cumprimento dos obxectivos fixados no plan de empresa. Excepcionalmente poderanse acordar tarifas inferiores ao custo do servizo mentres subsistan supostos de subactividade en ausencia de concorrencia con entidades privadas.

2. O consello de administración de cada autoridade portuaria aprobará as súas tarifas.

Artigo 247. *Exixibilidade das tarifas.*

1. As tarifas serán exixibles desde que se solicite a prestación do servizo.

2. O prazo máximo para facer efectivas as débedas orixinadas pola aplicación das tarifas será de 20 días naturais desde a data de comunicación das facturas correspondentes. No suposto de que o último día do prazo de pagamento for festivo, o dito prazo vencerá no inmediato hábil posterior.

3. Unha vez transcorrido o prazo de pagamento establecido neste artigo sen que a débeda fose satisfeita, o director da autoridade portuaria certificará a dita circunstancia e notificarallo ao obrigado ao pagamento. A cantidade debida xerará o xuro legal do diñeiro vixente incrementado en catro puntos, durante o período en que incorrese en mora.

O certificado así emitido terá a consideración de título executivo para os efectos da acción executiva, conforme o disposto no artigo 517 da Lei 1/2000, do 2 de xaneiro, de axuízamento civil.

A falta de pagamento dos xuros xerados durante o período en que se incorrese en mora, habilitará igualmente a autoridade portuaria para o exercicio da acción executiva na forma e no prazo previstos na presente disposición.

Artigo 248. *Prescrición.*

A acción para exixir o pagamento das tarifas por servizos prestados directamente polas autoridades portuarias prescribe aos catro anos da prestación do servizo de que se trate.

Artigo 249. *Suspensión do servizo.*

1. A falta de pagamento reiterado do servizo prestado facultará a autoridade portuaria para suspenderlle temporalmente a prestación de servizos comerciais ao debedor, con requirimento previo a este.

No requirimento, a autoridade portuaria deberá advertir expresamente de que, de non se efectuar o pagamento da factura no prazo fixado neste, procederá a suspender temporalmente a prestación do servizo de que se trate.

2. A suspensión temporal da prestación do servizo manterase mentres non se efectúe o pagamento ou garanta suficientemente a débeda que xerou a propia suspensión.

3. A autoridade portuaria poderá exixir un depósito previo ou a constitución de avais, así como emitir facturas á conta, co obxecto de garantir o cobramento do importe das tarifas polos servizos comerciais que lle sexan solicitados, sen prexuízo do importe final resultante.

Artigo 250. *Reclamación previa á vía xudicial civil.*

1. Contra as liquidacións de tarifas por servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias procederá a reclamación previa ao exercicio de accións civís, que se deberá interpor ante o consello de administración da autoridade portuaria de que se trate.

2. O prazo para resolver a reclamación será de tres meses desde a súa interposición. Transcorrido este prazo sen notificar resolución expresa, poderá entenderse desestimada.

3. A interposición de reclamación previa non suspenderá a obriga de efectuar o pagamento da factura no prazo previsto nos artigos anteriores.

LIBRO SEGUNDO

Mariña mercante

TÍTULO I

Explotación navieira e réxime das navegacións

CAPÍTULO I

Buques e empresas navieiras

Artigo 251. *Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.*

1. O Rexistro de Buques e Empresas Navieiras é un rexistro público de carácter administrativo que ten por obxecto a inscrición:

- a) Dos buques abandeirados en España.
- b) Das empresas navieiras españolas.

2. Na inscrición dos buques faranse constar, para os efectos da súa identificación, todas as súas circunstancias esenciais e as súas modificacións, así como os actos e contratos polos que se adquira ou transmita a súa propiedade, os de constitución de hipotecas ou imposición de dereitos reais e calquera outro dato que se determine legal ou regulamentariamente.

3. Na inscrición das empresas navieiras farase constar o acto constitutivo e as súas modificacións, o nomeamento e cesamento dos seus administradores, os buques da súa propiedade ou que exploten, e calquera outra circunstancia que se determine legal ou regulamentariamente.

4. A inscrición no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras non exime do cumprimento dos deberes de inscrición noutros rexistros públicos que poidan existir.

5. A inscrición de buques no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras suporá a baixa simultánea, de ser o caso, no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras.

6. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo do preceptuado na disposición adicional décimo sexta, reguladora do Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras.

Artigo 252. *Abandeiramento de buques.*

1. Os buques debidamente rexistrados e abandeirados en España terán para todos os efectos a nacionalidade española.

2. Estarán facultados para obter o rexistro e o abandeiramento de buques civís as persoas físicas ou xurídicas residentes ou domiciliadas en España ou outros Estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo sempre que, neste último suposto, designen un representante en España.

Se os buques a que se refire o parágrafo anterior estiveren dedicados á navegación de lecer ou deportiva sen finalidade mercantil, non será necesario o requisito de residencia, sendo suficiente a designación dun representante en España.

Por navegación de lecer ou deportiva enténdese aquela cuxo obxecto exclusivo sexa o lecer, a práctica do deporte sen propósito lucrativo ou a pesca non profesional, polo seu propietario ou por outras persoas que poidan utilizala, mediante arrendamento, contrato de pasaxe, cesión ou por calquera outro título, sempre que nestes casos o buque ou embarcación non sexa utilizado por máis de 12 persoas, sen contar coa súa tripulación.

3. Os buques civís españois poderán ser abandeirados provisionalmente no estranxeiro e os estranxeiros en España, naqueles casos en que se determine regulamentariamente.

4. Os buques de pavillón español que estean suxeitos á inspección polo Estado reitor do porto poderán causar baixa no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras ou, de

ser o caso, no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, coa instrución previa de expediente para o efecto, nos supostos de buques que conten con tres detencións en firme nos últimos trinta e seis meses ou que teñan dezaoto ou máis anos e que conten con dúas detencións en firme, así mesmo, nos últimos trinta e seis meses.

Os mesmos requisitos aplicaranse para denegar o abandeiramento en España de buques procedentes doutros rexistros.

5. As condicións de todo tipo que deban ser cumpridas con carácter previo á concesión do abandeiramento, así como o establecemento doutros supostos de alta e baixa en tales rexistros, estableceranse regulamentariamente.

Artigo 253. *Dotacións dos buques.*

1. O número de membros da dotación dos buques e as súas condicións de capacitación profesional deben ser as adecuadas para garantir en todo momento a seguridade da navegación e do buque, tendo en conta as súas características técnicas e de explotación, nos termos que regulamentariamente se establezan.

2. O capitán e o primeiro oficial de cuberta dos buques nacionais deberán ter a nacionalidade dun Estado membro do Espazo Económico Europeo, salvo nos supostos en que a Administración marítima estableza que estes empregos deben ser desempeñados por cidadáns de nacionalidade española por implicar o exercicio efectivo de forma habitual de prerrogativas de poder público que non representen unha parte moi reducida das súas actividades. O resto da dotación, no caso de buques mercantes, deberá ser de nacionalidade española ou dalgún outro Estado membro do Espazo Económico Europeo, polo menos no seu 50 por cento.

Artigo 254. *Responsabilidade civil.*

As empresas navieiras españolas estarán obrigadas a ter asegurada a responsabilidade civil en que poidan incorrer no curso da explotación dos seus buques, nos termos que regulamentariamente determine o Goberno de acordo coas coberturas usuais deste ramo no mercado internacional.

Esta regulamentación establecerá, así mesmo, a obrigatoriedade e o alcance do seguro de responsabilidade civil para a navegación de calquera outro buque civil español non incluído no parágrafo anterior.

Igualmente, o Goberno determinará os supostos en que os buques estranxeiros que naveguen pola zona económica exclusiva, zona contigua, mar territorial ou augas interiores españolas deban ter asegurada a responsabilidade civil que poida derivar da súa navegación, así como o alcance da dita cobertura.

CAPÍTULO II

Comercio exterior de buques

Artigo 255. *Importación e exportación de buques.*

1. As empresas navieiras españolas poderán importar os buques mercantes precisos para a súa actividade, logo de acreditación da súa baixa no rexistro de procedencia e a superación dos controis técnicos referentes á seguridade ou outros pertinentes de acordo coa lexislación vixente.

2. As empresas navieiras españolas poderán exportar libremente os buques mercantes españois da súa propiedade.

Non obstante, cando sobre os ditos buques existan cargas, gravames ou créditos marítimos privilexiados recoñecidos pola lexislación vixente e inscritos no Rexistro Mercantil ou nos que o substitúan, de conformidade co disposto na disposición derradeira segunda da Lei 19/1989, do 25 de xullo, o acredor poderá exixir, previamente á exportación, que a empresa navieira preste garantía suficiente executable sobre bens ou dereitos en territorio español ou que o navieiro consigne o importe da débeda na forma

prevista nos artigos 1.176 a 1.181 do Código civil. Para tal efecto, a Dirección Xeral da Mariña Mercante notificaralles aos acredores con dereitos inscritos a existencia do expediente de baixa no Rexistro de Buques para que poidan exercer o dereito que este artigo lles recoñece.

3. As solicitudes de baixa no Rexistro de Buques e Empresas Marítimas serán presentadas polo titular rexistral do buque ante a Dirección Xeral da Mariña Mercante. Entenderase concedida a baixa se non se resolve expresamente no prazo de corenta e cinco días.

4. En circunstancias excepcionais en que non queden aseguradas as comunicacións marítimas esenciais do territorio nacional ou o abastecemento de subministracións e mercadorías, o Goberno poderá establecer regulamentariamente as condicións ou restricións aplicables á exportación de buques mercantes.

Estas medidas terán vixencia durante o tempo que persistan as mencionadas circunstancias.

5. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do previsto na normativa sobre comercio exterior.

CAPÍTULO III

Navegación interior

Artigo 256. *Réxime da navegación interior.*

1. A navegación interior con finalidade mercantil queda reservada aos buques mercantes españois, salvo o previsto a este respecto na normativa comunitaria.

Excepcionalmente, cando non existan buques mercantes españois adecuados e dispoñibles para prestar unha determinada actividade, e polo tempo que perdure tal circunstancia, as empresas navieiras españolas poderán ser autorizadas polo Ministerio de Fomento para contratar e empregar buques mercantes estranxeiros para efectuar navegacións interiores.

2. Os buques sinalados no número anterior poderán realizar libremente navegación interior con suxeición ás normas de seguridade marítima, navegación e despacho que regulamentariamente se determinen.

3. A realización de navegación de liña regular interior con finalidade mercantil poderá quedar suxeita a autorización administrativa pola Administración competente.

CAPÍTULO IV

Navegación de cabotaxe

Artigo 257. *Navegación de cabotaxe.*

1. A navegación de cabotaxe con finalidade mercantil queda reservada a buques mercantes españois, salvo o previsto a este respecto na normativa comunitaria.

Excepcionalmente, cando non existan buques mercantes españois aptos e dispoñibles, e polo tempo que perdure tal circunstancia, as empresas navieiras españolas poderán ser autorizadas polo Ministerio de Fomento para contratar e empregar buques mercantes estranxeiros para efectuar navegacións de cabotaxe.

2. A realización, con finalidade mercantil, de navegacións de liña regular de cabotaxe que, a teor do artigo 8.4, se considere de interese público, prestarase de acordo co previsto no dito artigo. O Ministerio de Fomento determinará os requisitos que deberán cumprir as empresas navieiras de cara a acreditar a súa capacidade económica, así como a dos buques para poder dedicarse a este tipo de navegacións.

3. Para os efectos desta lei, terán a consideración de liña regular aqueles servizos de cabotaxe que, sen denominarse de tal xeito, se oferten de forma xeral aos posibles

usuarios e se presten en condicións de regularidade, publicidade e contratación asimilables aos servizos regulares de cabotaxe.

4. O disposto neste artigo non será de aplicación ás comunidades autónomas con competencia en materia de transporte marítimo cando este transcorra entre portos ou puntos da mesma comunidade sen conexión con portos ou puntos doutros ámbitos territoriais.

CAPÍTULO V

Navegación exterior e extranacional

Artigo 258. *Navegación exterior e extranacional.*

1. En situacións de grave atentado contra os principios de libre competencia ou de liberdade comercial ou contra aqueles en que se fundamenta o transporte marítimo internacional, e que afecten buques españois, o Goberno poderá adoptar cantas medidas e disposicións resulten precisas para a defensa de intereses españois en conflito.

2. O Goberno, con respecto ao establecido na normativa comunitaria ou nos acordos internacionais subscritos por España, poderá reservar, total ou parcialmente, certos tráfico a buques mercantes españois ou comunitarios se iso for necesario para a economía ou defensa nacionais.

CAPÍTULO VI

Consignatarios de buques

Artigo 259. *Consignatario de buques.*

1. Para os efectos desta lei, considérase axente consignatario dun buque a persoa física ou xurídica que actúa en nome e representación do navieiro ou do propietario do buque.

2. O consignatario, no suposto de que exista, estará obrigado directamente ante as autoridades portuarias e marítimas ao pagamento das liquidacións que se establezan por taxas ou outros conceptos orixinados pola estadía do buque en porto conforme o disposto nesta lei. No suposto de que o buque non estiver consignado, estará obrigado ao pagamento das ditas liquidacións o capitán do buque. En ambos os casos, o navieiro ou o propietario do buque estará obrigado con carácter solidario.

A responsabilidade do consignatario en canto ao cumprimento das obrigas asumidas polo navieiro para cos cargadores ou receptores das mercadorías transportadas polo buque rexerese pola lexislación mercantil específica.

3. Para garantir as obrigas do consignatario fronte á autoridade portuaria ou á Capitanía Marítima, o consignatario de buques deberá depositar ante a autoridade portuaria garantías económicas ou avais bancarios suficientes, de acordo cos criterios que se determinen no prego de prescricións particulares a que se refire o artigo 113 desta lei.

4. O axente consignatario dun buque poderá renunciar unilateralmente á súa consignación e deberalle comunicar, de forma que faga fe, á autoridade portuaria e á Capitanía Marítima tal renuncia, que será efectiva respecto de cada autoridade, unha vez que lles satisfíxese a cada unha delas as súas débedas pendentes, ata o momento das respectivas comunicacións.

CAPÍTULO VII

Establecemento de obrigas de servizo público

Artigo 260. *Establecemento de obrigas de servizo público.*

1. O Goberno, por proposta do ministro de Fomento e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá establecer obrigas xerais de

servizo público nos servizos regulares de navegación interior e de cabotaxe nos casos en que as empresas operadoras non os prestarían se tivesen en conta exclusivamente o seu propio interese comercial, e que resulten necesarios para asegurar o servizo de transporte entre distintas localidades ou para garantir a súa prestación en condicións razoablemente aceptables de frecuencia, prezo, calidade ou universalidade. Estas obrigas poderán, de ser o caso, dar dereito a compensacións económicas por parte da Administración.

A compensación cómpre definila en procedementos de licitación pública, transparentes, equitativos e non discriminatorios, nos cales se ponderará debidamente a oferta que solicite unha menor compensación. As compensacións que, de ser o caso, procedan, deberán ser suficientes nesa extensión, non só para cubrir o custo senón tamén para comprender un beneficio razoable.

2. Así mesmo, a Administración competente poderá establecer obrigas específicas ás empresas navieiras que realicen servizos regulares ou non regulares de navegación interior, de cabotaxe, exterior ou extranacional por motivos de salvamento, seguridade marítima, loita contra a contaminación, sanitarios ou outras causas graves de utilidade pública ou interese social. Esta exigencia dará dereito, de ser o caso, ás empresas afectadas á percepción da correspondente compensación económica polos custos adicionais en que incorresen.

En particular, a Administración marítima poderá obrigar as empresas navieiras que realicen tráfico marítimo á intercambiabilidade de billetes e suxeición de horarios establecidos. O cumprimento destas obrigas por parte das empresas navieiras, incluíndo a fixación dunha tarifa de intercambio común aplicable aos servizos de transporte que reciprocamente se presten por razón da intercambiabilidade de billetes, terá a consideración de conduta exenta por lei para os efectos previstos no número 1 do artigo 4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, unicamente no que respecta ás liñas que unen portos españois coas cidades autónomas de Ceuta e Melilla ou con portos de Marrocos ou de Alxeria e durante os días da operación Paso do Estreito e outros períodos xustificados en que concorran circunstancias similares de intensidade do tráfico marítimo ou causas graves de utilidade pública ou interese social, en que a Administración marítima active o intercambio.

CAPÍTULO VIII

Conferencias marítimas e consellos de usuarios

Artigo 261. *Conferencias marítimas e consellos de usuarios.*

1. Enténdese por conferencia marítima un grupo constituído por dúas ou máis empresas navieiras que efectúan navegacións de liña regular de cabotaxe, exterior ou extranacional, nunha ou varias rutas particulares, dentro de determinados límites xeográficos, e que concertaron un acordo, calquera que sexa a súa natureza, dentro de cuxo marco actúan aténdose a uns fretes uniformes ou comúns ou a calquera outra condición convida no que respecta á navegación.

2. As conferencias marítimas deberán garantir unha oferta de servizos suficiente e eficaz, tendo en conta os intereses dos usuarios.

Estas conferencias estarán sometidas á competencia dos servizos regulares non integrados nelas e, de ser o caso, dos servizos non regulares que operen nas ditas rutas, sen que, en ningún caso, a actuación das conferencias poida supor a eliminación da competencia sobre partes substanciais do mercado no cal prestan os seus servizos, que poida crear situacións dominantes por parte das empresas integrados nelas.

3. Os usuarios dos servizos das liñas regulares conferenciadas de acordo co establecido no número anterior poderán constituír organizacións denominadas consellos de usuarios, co obxecto de defender os seus intereses, especialmente no referente ás condicións tarifarias e de calidade e regularidade en que se prestan os ditos servizos, e ofrecer aos seus membros un servizo de asesoramento e consulta de fretes e servizos marítimos.

Artigo 262. *Obrigas de información e consulta.*

1. As conferencias marítimas cuxos buques fagan escala en portos españois para cargar ou descargar mercadorías deberanlle comunicar á Dirección Xeral da Mariña Mercante, no caso de serlles requirido por esta, cantos acordos de distribución de cargas, escalas ou saídas conclúsen, os documentos directamente relacionados cos ditos acordos, as tarifas e demais condicións de transporte.

2. No suposto de se encontraren constituídas conferencias marítimas e consellos de usuarios, ambas as organizacións deberán efectuar consultas mutuas cada vez que sexan solicitadas por algunha das partes con vistas a resolver os problemas relativos ao funcionamento dos transportes marítimos.

TÍTULO II

Administración marítima

CAPÍTULO I

Administración central

Artigo 263. *Competencias do Ministerio de Fomento.*

No ámbito do disposto no artigo 7, correspóndenlle ao Ministerio de Fomento as competencias en materia de ordenación xeral da navegación marítima, de conformidade coas normas europeas correspondentes, e da frota civil, excepción feita das que en relación coa actividade da frota pesqueira e a ordenación do sector pesqueiro corresponden ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. En especial, son competencias do Ministerio de Fomento as seguintes:

a) As relativas á seguridade da vida humana no mar e da navegación en relación con todas as plataformas fixas ou os buques civís españois, así como cos estranxeiros cando se encontren en augas situadas en zonas en que España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición e de acordo co dereito internacional.

b) As relativas ao salvamento da vida humana no mar, así como á limpeza das augas marítimas e á loita contra a contaminación do medio mariño, en zonas en que España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, incluídas as augas das zonas de servizo dos portos, adoptando as medidas que puideren resultar precisas e en particular as sinaladas na letra d) do artigo 310.2 desta lei e nos termos que lle atribúan os plans e programas previstos no artigo 264, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas nos casos de verteduras procedentes de terra.

c) As referentes ao control da situación, do rexistro e do abandeiramento de todos os buques civís españois, así como a regulación do despacho, sen prexuízo das autorizacións previas que correspondan a outras autoridades.

d) O outorgamento de concesións ou autorizacións de servizos de navegación marítima, salvo no suposto en que unha comunidade autónoma teña competencias en materia de transporte marítimo e este transcorra entre portos ou puntos desta, sen conexión con portos ou puntos doutros ámbitos territoriais.

e) A ordenación e execución das inspeccións e dos controis técnicos, radioeléctricos, de seguridade e de prevención da contaminación de todos os buques civís españois, ou que se encontren en construción en España, e dos estranxeiros nos casos autorizados polos acordos internacionais. Neste ámbito inclúense as aprobacións e homologacións dos aparellos e elementos do buque ou dos seus materiais ou equipamentos, por razóns de tutela da seguridade marítima, da vida humana no mar e da navegación.

A realización efectiva das inspeccións e dos controis antes sinalados poderaa efectuar ben directamente o Ministerio de Fomento, ou ben a través de entidades colaboradoras, nos termos que regulamentariamente se establezan, que, en todo caso, actuarán baixo os criterios e directrices emanados da Administración titular, podendo percibir como

contraprestación dos seus servizos as compensacións económicas que se establezan para cubrir os seus custos.

f) As de auxilio, salvamento e remolques, achados e extraccións marítimas, salvo os de material militar ou que poidan afectar a defensa, que seguirán correspondéndolle ao Ministerio de Defensa, e sen prexuízo das potestades que poidan corresponder á Administración competente en materia de achados ou extraccións de valor histórico, artístico ou arqueolóxico.

Cando, como resultado da actuación directa da Administración do Estado, se produzan premios ou compensacións, estes ingresaranse directamente no Tesouro, e poderán xerar crédito para o desenvolvemento das actividades que produciron o citado ingreso.

Cando a Administración realice as actividades a que se fai referencia anteriormente a través de entidades privadas ou públicas, poderá convir fórmulas de repartición dos citados premios ou compensacións nos oportunos contratos de prestación dos servizos.

g) A ordenación e o control do tráfico marítimo nas augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, sen prexuízo das competencias que se atribúan a outras autoridades, e especificamente as que corresponden ao Ministerio de Defensa para a salvagarda da soberanía nacional.

h) O réxime tarifario e de prestación de toda clase de servizos marítimos, mesmo o establecemento de obrigas de servizo público cando non estea atribuído a outras administracións.

i) O rexistro e control do persoal marítimo civil, a composición mínima das dotacións dos buques civís para os efectos de seguridade, a determinación das condicións xerais de idoneidade, profesionalidade e titulación para formar parte das dotacións de todos os buques civís españois, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño en materia de capacitación e de ensinanzas de formación profesional náutico-pesqueira e subacuático-pesqueira respecto das dotacións dos buques pesqueiros.

j) A participación na Comisión de Faros ou outros instrumentos de colaboración institucional en materia de sinalización marítima nas augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, nos seguintes aspectos:

1.º Determinación das características técnicas e o funcionamento operativo dos sinais e a súa correcta localización para os efectos de tutelar a seguridade dos buques e da navegación.

2.º A coordinación dos sistemas de sinalización marítima entre si e con outros sistemas de axudas á navegación activa.

k) O exercicio da potestade sancionadora de conformidade co previsto na lexislación vixente.

l) Calquera outra que lle sexa atribuída nesta lei ou no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 264. *Do servizo público de salvamento.*

1. O servizo público de salvamento da vida humana no mar e da loita contra a contaminación do medio mariño prestarao a Administración xeral do Estado, así como as restantes administracións públicas competentes, de acordo co principio de coordinación, instrumentado a través dos plans e programas correspondentes. Estes recollerán de forma integrada as actuacións de cada Administración, así como os medios para desenvolverlas con independencia da súa titularidade, da súa adscrición funcional ou da súa localización territorial.

2. O Goberno, por proposta do ministro de Fomento, aprobará o Plan nacional de servizos especiais de salvamento da vida humana no mar e da loita contra a contaminación do medio mariño.

Os plans que nesta materia aproben as comunidades autónomas competentes deberanse acomodar ás directrices sobre mobilización e coordinación de recursos que figuren no Plan nacional.

O citado plan terá como obxectivos básicos:

a) Coordinar a actuación dos distintos medios capaces de realizar operacións de busca, salvamento de vidas humanas e loita contra a contaminación mariña, pertencentes ás diversas administracións, así como a institucións públicas e privadas.

b) Implantar un sistema de control de tráfico marítimo que cubra a totalidade das nosas costas, mediante o establecemento de centros coordinadores rexionais e locais.

c) Potenciar os medios de salvamento e loita contra a contaminación mariña xa existentes e formar o persoal especializado que será o responsable da dirección e coordinación das operacións de busca e salvamento e loita contra a contaminación mariña.

3. O Plan nacional será obxecto de desenvolvemento mediante programas sectoriais e territoriais, que serán aprobados polo Ministerio de Fomento.

Para a elaboración dos programas, a Administración xeral do Estado poderá contar coa colaboración das comunidades autónomas competentes ou que dispoñan de medios humanos e materiais necesarios para a realización das actividades que comprendan, co fin de asegurar a debida coordinación.

4. A Comisión Nacional de Salvamento Marítimo é o órgano de coordinación das administracións públicas competentes na planificación e no seguimento dos obxectivos comprendidos nela. A súa composición, na cal participan as ditas administracións, e as súas funcións determínanse regulamentariamente.

5. Correspóndelles ás comunidades autónomas que a asumisen como competencia propia nos seus respectivos estatutos de autonomía a execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo nas augas territoriais correspondentes ao seu litoral, na cal se entende incluída en todo caso a potestade sancionadora.

Artigo 265. Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (CIAIM).

1. A Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes (CIAIM):

a) É o órgano colexiado, adscrito ao Ministerio de Fomento, con competencia para a investigación das causas técnicas dos accidentes e incidentes marítimos.

b) Está composto por un presidente, un vicepresidente, un secretario e o número regulamentario de vogais, e formarán parte dela, ademais, investigadores propios ou adscritos, todos eles con coñecementos especializados nos feitos que se van investigar.

c) Goza de plena independencia funcional respecto das autoridades marítima, portuaria, de costas ou de calquera outra cuxos intereses poidan entrar en conflito coas súas competencias.

Reglamentariamente determínase o número de vogais que integran a Comisión e desenvólvense os aspectos necesarios para a súa organización e funcionamento adecuados.

2. A investigación que a CIAIM leve a cabo non perseguirá a determinación de responsabilidade, nin a atribución de culpa.

Non obstante, o feito de que do resultado das súas investigacións se poida inferir determinada culpa ou responsabilidade, non a exime de informar plenamente acerca das causas do accidente ou incidente marítimo.

3. A CIAIM realizará as súas investigacións da maneira máis eficaz e rápida posible, colaborando, de ser o caso, coas autoridades xudiciais.

Para estes efectos a CIAIM realizará as investigacións de xeito:

- a) Que se leven a cabo con independencia das investigacións penais ou doutra índole realizadas paralelamente para determinar a responsabilidade ou atribuír a culpa.
- b) Que non se poidan ver indebidamente impedidas, suspendidas ou atrasadas por mor de tales investigacións.

4. Os investigadores, que actuarán con plena independencia de criterio no exercicio das súas funcións, terán a condición de autoridade pública e as seguintes atribucións:

- a) Gozar de libre acceso a calquera zona pertinente ou ao lugar de sinistro, así como a calquera buque, resto de naufraxio ou estrutura, o cal inclúe carga, equipamentos ou obxectos á deriva.
- b) Garantir o inventario inmediato das probas e proceder á busca e retirada controladas dos restos de naufraxio, obxectos á deriva ou outros compoñentes e substancias para os efectos de exame ou de análise.
- c) Exixir o exame ou a análise dos elementos recollidos no parágrafo anterior e gozar de libre acceso aos resultados obtidos.
- d) Gozar de libre acceso a calquera información pertinente e a calquera dato dispoñible, incluídos os procedentes dos rexistradores de datos da travesía (RDT), en relación cun buque, travesía, carga, tripulante ou calquera outra persoa, obxecto, condición ou circunstancia, así como a copiar e utilizar esa información.
- e) Gozar de libre acceso aos resultados do exame dos corpos das vítimas, así como aos resultados das probas que se realicen con mostras procedentes dos ditos corpos.
- f) Exixir e obter libre acceso aos resultados do exame das persoas implicadas nas operacións dun buque ou de calquera outra persoa pertinente, así como aos resultados das probas que se realicen con mostras procedentes das ditas persoas.
- g) Interrogar as testemuñas en ausencia de calquera persoa cuxos intereses poida considerarse que obstaculizan a investigación de seguridade.
- h) Obter os expedientes dos recoñecementos e todos os datos pertinentes que consten en poder do Estado do pavillón, os propietarios de buques, as sociedades de clasificación ou calquera outra parte interesada, sempre e cando as partes en cuestión ou os seus representantes estean establecidos en España.
- i) Solicitar a asistencia das autoridades pertinentes dos Estados respectivos e, en particular, dos inspectores do Estado do pavillón e do Estado reitor do porto, do persoal do servizo de salvamento marítimo, dos operadores do servizo de tráfico marítimo, dos equipos de busca e salvamento, dos pilotos de porto ou de calquera outro membro do persoal marítimo ou portuario.

5. Os datos, rexistros, gravacións, declaracións, comunicacións e informes obtidos pola CIAIM, así como polos integrantes dos equipos de investigación, no desempeño das súas funcións, teñen carácter reservado e só poden ser utilizados para os fins propios da investigación técnica.

A información a que se refire o parágrafo anterior non pode ser comunicada ou cedida a terceiros, salvo nos casos seguintes:

- a) Cando sexa requirida polos órganos xudiciais ou do Ministerio Fiscal para a investigación e persecución de delitos.
- b) Cando o soliciten as comisións parlamentarias de investigación a que se refire o artigo 76 da Constitución.

Nas actuacións de colaboración desenvolvidas pola Comisión con outros organismos de investigación técnica de accidentes e incidentes marítimos, de acordo co establecido nas normas internacionais, comunitarias e nacionais sobre esta materia.

Nos supostos en que o Pleno da Comisión considere que a comunicación de datos sexa o máis eficaz para previr un accidente e incidente grave.

6. Os membros da CIAIM e o persoal ao seu servizo estarán obrigados, no desempeño das súas funcións, a preservar o carácter reservado dos ditos datos e informacións.

Malia o anterior, en ningún caso serán revelados nin poderán ser utilizados para outros propósitos que non sexan a investigación da CIAIM, salvo que esta determine que a súa divulgación reviste un interese público superior, os documentos que se mencionan a seguir:

a) A totalidade dos testemuños das testemuñas e doutras declaracións, descrições e anotacións realizadas ou recibidas polo organismo de investigación no curso da investigación de seguridade.

b) Os documentos que revelen a identidade das persoas que testificasen no contexto da investigación de seguridade.

c) A información en relación coas persoas implicadas no accidente ou incidente marítimo, que sexa información especialmente sensible ou de carácter privado, incluída a información en relación co seu estado de saúde.

7. As partes implicadas nos accidentes e incidentes investigados pola CIAIM deberán:

a) Salvaguardar toda a información procedente de cartas náuticas, cadernos de bitácora, gravacións e cintas de vídeo electrónicas e magnéticas, o cal inclúe a información procedente dos RDT e doutros dispositivos electrónicos, obtida antes, durante e despois do accidente.

b) Evitar a sobregravación e outro tipo de alteración da dita información.

c) Evitar as interferencias con calquera outro equipamento que se poida considerar razoablemente pertinente para a investigación de seguridade do accidente.

d) Recompilar e conservar diligentemente todas as probas para os efectos das investigacións de seguridade.

8. A CIAIM:

a) Publicará un informe, incluídas as súas conclusións e calquera posible recomendación, que estará á disposición do público e, moi especialmente, de todo o sector marítimo no prazo de doce meses a partir da data do sinistro. Se non for posible presentar a tempo o informe definitivo, deberase publicar un informe provisional no dito prazo.

b) Poderá formular recomendacións sobre seguridade baseándose nunha análise resumida dos datos e nos resultados xerais das investigacións de seguridade realizadas. Tales recomendacións de seguridade non poderán, baixo ningún concepto, determinar a responsabilidade nin atribuír a culpa dun sinistro.

9. Regulamentariamente, de conformidade coas normas europeas correspondentes, concretaranse cantos aspectos requira a aplicación deste artigo.

CAPÍTULO II

Administración periférica

Artigo 266. *Capitanía Marítima. Funcións.*

1. Naqueles portos, ou grupos de portos, en que se desenvolva un determinado nivel de actividades de navegación ou o requiran as condicións de tráfico, seguridade ou protección marítima, existirá unha capitanía marítima.

Regulamentariamente establécense os requisitos mínimos que respondan aos criterios enunciados no parágrafo anterior, así como o procedemento para a creación destes órganos periféricos.

2. Nos portos de competencia das comunidades autónomas, a Administración portuaria e a Capitanía Marítima coordinarán as súas actuacións para o cumprimento dos seus fins respectivos.

3. Nos portos en que non existan consellos de navegación e porto poderán existir consellos de navegación presididos polo capitán marítimo, como órganos de asistencia, información e colaboración en asuntos marítimos, cuxa composición e funcionamento se determinan regulamentariamente.

4. O capitán marítimo, sen prexuízo das instrucións emanadas da Dirección Xeral da Mariña Mercante, exercerá a dirección, organización e control de todos os servizos da Capitanía Marítima, así como, entre outras, as seguintes funcións:

a) A autorización ou prohibición de entrada e saída de buques en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, así como o despacho de buques, sen prexuízo das preceptivas autorizacións previas que correspondan a outras autoridades.

b) A determinación por razóns de seguridade marítima das zonas de fondeadura e de manobra en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, correspondéndolle á Administración portuaria competente a autorización de fondeadura e asignación de postos na zona de servizo dos portos.

Así mesmo, o capitán marítimo poderá autorizar a fondeadura dos buques naquelas augas que non sexan consideradas como zona de servizo dos portos.

Igualmente, o capitán marítimo poderá designar zonas prohibidas á navegación por motivos de seguridade e protección marítima, seguridade da navegación, prevención e loita contra a contaminación mariña ou outras causas debidamente xustificadas.

c) A intervención nos procedementos de determinación das condicións das canles de entrada e saída dos portos, mediante informe vinculante no que afecte a seguridade marítima.

d) A fixación por razóns de seguridade marítima dos criterios que determinen as manobras, incluída a atracada, que van realizar buques que porten mercadorías perigosas ou presenten condicións excepcionais.

e) A dispoñibilidade por razóns de seguridade marítima dos servizos de pilotaxe portuaria e remolque en augas situadas en zonas en que España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.

f) A dirección e control organizativos da función inspectora dos buques civís españois, dos que se encontren en construción en España, dos estranxeiros en casos autorizados polos acordos internacionais e das mercadorías a bordo destes, especialmente das clasificadas internacionalmente como perigosas, así como dos medios de estiba e desestiba nos aspectos relacionados coa seguridade marítima.

g) E, en xeral, todas aquelas funcións relativas á navegación, seguridade marítima, salvamento marítimo e loita contra a contaminación do medio mariño en augas situadas en zonas en que España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, nas cales quedan incluídas as augas das zonas de servizo dos portos.

CAPÍTULO III

Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima

Artigo 267. *Natureza, denominación e obxecto.*

1. A Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima é unha entidade pública empresarial adscrita ao Ministerio de Fomento, dotada de personalidade xurídica, patrimonio propio e plena capacidade de obrar, que desenvolve a súa actividade conforme o ordenamento xurídico privado, excepto na formación da vontade dos seus órganos, no exercicio das potestades administrativas que teña atribuídas e nos aspectos especificamente regulados na Lei 6/1997, do 14 de abril, nesta sección e nos seus estatutos, así como na lexislación xeral orzamentaria.

2. O ministro de Fomento:

- a) Fixa as directrices de actuación da sociedade, aproba o plan anual de obxectivos, efectúa o seguimento da súa actividade e exerce, sen prexuízo doutras competencias, o control de eficacia de acordo coa normativa vixente.
- b) Exerce, en todo caso, as facultades inherentes á potestade regulamentaria que exixa o funcionamento da sociedade.

Artigo 268. *Obxecto da sociedade.*

1. Constitúe o obxecto da Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima a prestación dos servizos públicos de salvamento da vida humana no mar, e da prevención e loita contra a contaminación do medio mariño, a prestación dos servizos de seguimento e axuda ao tráfico marítimo, de seguridade marítima e da navegación, de remolque e asistencia a buques, así como a daqueles complementarios ou anteriores.

Todo isto, no ámbito das competencias da Administración marítima, sen prexuízo da prestación dos servizos de ordenación e coordinación de tráfico portuario.

2. A Administración marítima poderá delegar na Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima actividades de formación, docencia, ensaios e homologación no ámbito da mariña mercante, así como calquera outro servizo ou actividade no marco da lexislación vixente.

3. Cando a sociedade preste os seus servizos por orde da Administración marítima, estará facultada para exercer as accións legais necesarias para reclamar os gastos dimanantes da prestación dos ditos servizos.

4. No suposto de que a Administración marítima lle encomende á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima a adopción de medidas preventivas tendentes a evitar ou minimizar a contaminación, así como a realización de operacións de limpeza unha vez producida esta, ou calquera outro servizo derivado dun accidente ou incidente marítimo, a Sociedade estará facultada para, sobre a base da documentación xustificativa correspondente, reclamar os custos e gastos ocasionados por tales medidas e operacións directamente de quen os ocasionase. Así mesmo, poderá exercer as accións legais necesarias para reclamar os gastos dimanantes da execución das ditas medidas e operacións.

Do mesmo xeito, se a Administración marítima exixir un aval para facer fronte aos gastos ocasionados pola limpeza dunha contaminación ou por calquera outro accidente ou incidente marítimo, o dito aval poderase estender a favor da Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima, que poderá executalo para satisfacer os gastos en que incorresen, tanto a propia sociedade como terceiros intervinientes na resolución da contaminación, accidente ou incidente marítimo.

Artigo 269. *Órganos de goberno e xestión.*

1. Os órganos de goberno da Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima son:

- a) O Consello de Administración.
 - b) O presidente.
2. O órgano de xestión é o director da sociedade.

Artigo 270. *Consello de Administración.*

1. O Consello de Administración estará formado polo presidente da sociedade, que será o do Consello, polo director da sociedade e por un mínimo de oito e un máximo de quince membros designados polo ministro de Fomento.

Os nomeamentos dos membros do Consello de Administración terán unha duración de catro anos renovables, salvo que se produza o seu cesamento.

2. Correspóndelle ao Consello de Administración:
 - a) Conferir e revogar poderes xerais ou especiais a persoas determinadas, tanto físicas como xurídicas, para os asuntos en que for necesario tal outorgamento.
 - b) Aprobar a organización da Sociedade e as súas modificacións, así como as normas internas do seu funcionamento.
 - c) Ditar as normas de funcionamento do propio Consello no que se refire a convocatorias, reunións, constitución, adopción de acordos, nomeamento, separación e funcións do secretario do consello, e réxime económico daquel, no marco das disposicións vixentes en materia de indemnizacións por razón do servizo para esta clase de entidades.
 - d) Aprobar o cadro de persoal e as súas modificacións, así como os criterios xerais para a súa selección, admisión e retribución, sen prexuízo do establecido na normativa laboral e orzamentaria.
 - e) Aprobar os anteproxectos de orzamentos anuais da sociedade e do programa de actuación, investimentos e financiamento, e eleválos ao titular do departamento.
 - f) Propor, para a súa aprobación polo titular do departamento, o plan anual de obxectivos.
 - g) Aprobar as contas anuais da entidade, que se rexe contablemente polo Código de comercio, o Plan Xeral de Contabilidade da Empresa Española e outra normativa de desenvolvemento segundo o disposto no artigo 121 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
 - h) Propor, para a súa aprobación polo titular do departamento, as tarifas que se poidan facturar pola prestación de servizos relacionados co obxecto da sociedade.
 - i) Aprobar aqueles acordos, pactos, convenios e contratos que regulamentariamente se lle atribúan ao Consello en razón da súa importancia ou materia.
 - j) Realizar cantos actos de xestión, disposición e administración do seu patrimonio propio se reputen precisos e, en concreto, autorizar as operacións de crédito e demais operacións de endebedamento que poidan convir á sociedade, dentro dos límites fixados nas leis anuais de orzamentos.
 - k) Acordar ou proporlle, de ser o caso, ao Consello de Ministros, de conformidade co procedemento establecido pola lexislación aplicable ao respecto, a constitución ou participación no capital de toda clase de entidades que adopten a forma de sociedades mercantís e cuxo obxecto social estea vinculado cos fins e obxectivos da sociedade.
 - l) Aprobar as regras xerais de contratación e os límites económicos na capacidade de aprobación e firma de contratos do presidente, e do persoal directivo que así o requira.
 - m) Aprobar as instrucións e pregos xerais para a realización de obras, adquisicións, estudos e servizos da sociedade, así como aprobar os proxectos, ou delegar a súa aprobación, na contía que o Consello determine.

Artigo 271. *Nomeamento e funcións do presidente.*

1. O director xeral da Mariña Mercante é o presidente da Sociedade.
2. Correspóndenlle ao presidente as funcións seguintes:
 - a) Representar de modo permanente a Sociedade e o seu Consello de Administración en calquera acto e fronte a toda persoa física ou xurídica, xa sexa pública ou privada, en xuízo ou fóra del, sen prexuízo das facultades de apoderamento propias do Consello de Administración.
 - b) Convocar, presidir e levantar as reunións do Consello de Administración, dirixindo as súas deliberacións e dirimindo os empates co seu voto de calidade.
 - c) Velar polo cumprimento das normas aplicables á sociedade e pola execución dos acordos tomados polo Consello de Administración.
 - d) Exercer as facultades especiais que o Consello delegue nel expresamente.
3. O presidente poderá delegar determinadas funcións nos conselleiros e no director da sociedade.

Artigo 272. *Nomeamento e funcións do director.*

1. O director da Sociedade é nomeado polo ministro de Fomento por proposta do Consello de Administración.
2. Correspóndelle ao director da Sociedade o desempeño das seguintes funcións:
 - a) Dirixir os servizos da Sociedade e controlar o desenvolvemento da súa actividade.
 - b) Dirixir e controlar os servizos marítimos encomendados pola Administración marítima baixo a dirección e as instrucións desta e prestarlle apoio técnico no exercicio das súas específicas competencias.
 - c) Presentarlle ao Consello de Administración o anteproxecto de orzamentos, o programa de actuación, investimentos e financiamento, o plan anual de obxectivos e as contas anuais para o seu exame e posterior tramitación.
 - d) Dispor os gastos e ordenar os pagamentos correspondentes.

Artigo 273. *Réxime de persoal.*

O persoal da Sociedade rexerese polas normas de dereito laboral ou privado que lle sexan de aplicación.

A selección deste persoal farase de acordo con sistemas baseados nos principios de mérito e capacidade e, con excepción do persoal directivo, mediante convocatoria pública.

Artigo 274. *Réxime orzamentario.*

1. A Sociedade elaborará anualmente os orzamentos de explotación e capital, coa documentación complementaria pertinente e a memoria explicativa e, de ser o caso, o programa de actuación plurianual, de acordo co disposto nos artigos 64 e 65 da Lei xeral orzamentaria. Esta documentación seralle remitida ao Ministerio de Fomento para os efectos establecidos no artigo 66 deste último texto legal.

2. Serán aprobadas polo Consello de Administración as modificacións internas dos orzamentos que non incrementen a súa contía global e sexan consecuencia das necesidades xurdidas durante o exercicio.

3. As restantes variacións dos orzamentos de explotación e de capital que non afecten subvencións dos orzamentos xerais do Estado serán autorizadas:

a) Polo ministro de Economía e Facenda, cando non excedan o 5 por cento do respectivo orzamento, e polo Goberno nos demais casos, sempre e cando a sociedade reciba subvencións de explotación ou capital con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

b) Cando non recibir tales subvencións, a modificación das cifras de investimentos reais ou financeiras reflectidas nos ditos orzamentos requirirá a autorización do ministro de Fomento cando o seu importe non exceda o 5 por cento da suma desta, e do Goberno nos demais casos.

4. O exercicio social computarase por períodos anuais, comezando o día 1 do mes de xaneiro de cada ano.

5. O balance, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, o estado de liquidación do orzamento e a memoria de cada exercicio económico serán presentados polo director da sociedade ao Consello de Administración para a súa aprobación, que se deberá producir antes de finalizar o primeiro semestre do seguinte ano.

Artigo 275. *Réxime patrimonial e financeiro.*

1. A Sociedade terá, para o cumprimento do seu obxecto, un patrimonio propio, formado polo conxunto dos bens e dereitos que o Estado lle atribúa como propios, os que adquira no futuro por calquera título ou lle sexan cedidos ou doados por calquera persoa ou entidade.

2. Á sociedade adscribíranse, así mesmo para o cumprimento do seu obxecto, os centros de control de tráfico marítimo e de coordinación rexional de salvamento marítimo e loita contra a contaminación, así como os correspondentes medios materiais, persoais, orzamentarios e financeiros.

Igualmente, adscribíranse á Sociedade os remolcadores, as embarcacións de salvamento, as lanchas de limpeza e a totalidade do material de seguridade adscrito á Dirección Xeral da Mariña Mercante, incluíndo os medios materiais cedidos por esta Dirección Xeral á Cruz Vermella, así como os correspondentes recursos orzamentarios.

3. A Sociedade finánciase mediante:

a) Os produtos, rendas e incrementos do seu patrimonio propio, así como as rendas do patrimonio que se lle adscriba.

b) Os ingresos ordinarios e extraordinarios obtidos no exercicio das súas actividades.

c) As subvencións que, de ser o caso, poidan incluírse nos orzamentos xerais do Estado.

d) As subvencións, achegas e doazóns que se concedan ao seu favor procedentes de fondos específicos da Unión Europea, doutras administracións públicas, de entes públicos, así como de particulares.

e) Os procedentes de préstamos, créditos e demais operacións financeiras que poida concertar.

f) Calquera outro recurso non previsto nas alíneas anteriores que poida corresponderlle por lei ou lle sexa atribuído por convenio, doazón ou por calquera outro procedemento legalmente establecido.

Artigo 276. Réxime de contratación.

A Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima deberase someter, en todo caso, aos principios de publicidade, concorrência, salvagarda do interese da entidade e homoxeneización do sistema de contratación no sector público, así como ao establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Artigo 277. Contabilidade e réxime de control.

1. A sociedade está suxeita ao réxime de contabilidade pública nos termos previstos no título V da Lei xeral orzamentaria.

2. O réxime de control das actividades económicas e financeiras da sociedade exerceo, de conformidade co establecido no artigo 140 da Lei xeral orzamentaria, a Intervención Xeral da Administración do Estado e o Tribunal de Contas, respectivamente.

CAPÍTULO IV

Corpos da Mariña Civil

Artigo 278. Corpos de Mariña Civil.

O Corpo Especial Facultativo de Mariña Civil adscríbese ao Ministerio de Fomento e está clasificado como grupo A1 conforme o artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Para pertencer a ese corpo deberase posuír algunha das seguintes titulacións: licenciado en náutica e transporte marítimo, licenciado en máquinas navais, licenciado en radioelectrónica naval, capitán da mariña mercante, xefe de máquinas da mariña mercante e oficial radioelectrónico de primeira clase da mariña mercante.

Pódense integrar no dito corpo, sen que, para tal efecto, sexa necesaria a realización de probas, aqueles funcionarios de carreira que así o soliciten e que, posuíndo unha das titulacións mencionadas, pertencen a corpos ou escalas do grupo A1 e presten os seus servizos na Administración marítima ou na Sociedade Estatal de Salvamento e Seguridade Marítima, ou os prestasen durante un mínimo de dous anos nos cinco inmediatamente

anteriores á entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

O persoal laboral que, na data de entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, estivese desempeñando funcións relacionadas coa mariña civil, prestando servizos en postos desempeñados por persoal funcionario, poderase integrar no dito corpo, cumprindo as condicións e requisitos recollidos na disposición transitoria décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, incorporada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, e demais normativa aplicable na materia.

TÍTULO III

Servizo de pilotaxe portuaria

Artigo 279. *Réxime de xestión.*

1. Enténdese por pilotaxe portuaria o servizo de asesoramento a capitáns de buques e artefactos flotantes definido no artigo 126.1 desta lei.

2. Os pilotos de porto que realicen as funcións de pilotaxe portuaria deberán ter a adecuada cualificación profesional, debidamente constatada nos termos que regulamentariamente determine para cada porto ou grupo de portos a Administración marítima.

3. Serán aplicables ao dito servizo, polo que se refire aos traballadores que interveñan nel, e en especial para efectos do réxime de xornada de traballo, as regras que, en canto á prolongación de traballo efectivo con tempo de permanencia ou dispoñibilidade, estean previstas na normativa sobre xornada laboral en transportes.

4. As funcións encomendadas ás autoridades portuarias nos números anteriores deste artigo serán exercidas, no caso dos portos de competencia das comunidades autónomas, pola Administración portuaria da cal dependan. Será de aplicación, en todo caso, o disposto no número seguinte.

5. Son competencias da Administración marítima as seguintes:

a) A determinación da necesidade da existencia nun porto dun servizo de pilotaxe portuaria, así como, de ser o caso, a non obrigatoriedade da súa utilización e as condicións técnicas con que o dito servizo debe ser prestado, por razóns de seguridade marítima, oída a Administración portuaria competente, así como o Consello de Navegación e Porto, ou, de ser o caso, de Navegación, e a organización que no ámbito estatal ostente a representación profesional dos pilotos de porto.

b) A determinación dos requisitos profesionais e de titulación mínimos que deberán reunir os aspirantes a pilotos de porto, así como o establecemento e a realización das probas precisas para o recoñecemento da capacitación para prestar os servizos de pilotaxe nun porto ou grupo de portos determinado.

c) A determinación das condicións de formación permanente e de reciclaxe, así como das probas de suficiencia que deberán superar os pilotos de porto para comprobar en todo momento a súa debida cualificación técnica e aptitude física, como requisitos para manter a súa capacitación como pilotos dun porto ou grupo de portos determinado.

d) A decisión sobre a posibilidade de realizar en condicións aceptables, desde a perspectiva da seguridade marítima, as operacións de pilotaxe portuaria ou sobre as condicións da súa realización, en caso de discrepancia profesional entre os pilotos de porto e a autoridade portuaria.

e) A suspensión cautelar da habilitación do piloto de porto, por exixencias de seguridade no servizo de pilotaxe portuaria, a partir da incoación do oportuno expediente e ata que se dite resolución definitiva sobre este.

Artigo 280. *Réxime de protección do persoal do servizo de pilotaxe portuaria.*

1. Os pilotos de porto e restante persoal embarcado adscrito ao servizo de pilotaxe portuaria integraranse no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, séndolles de aplicación o correspondente coeficiente reductor da idade de xubilación, independentemente de se realizan o seu traballo por conta allea ou como traballadores asimilados á conta allea.

Esta integración terá efectos desde a data de inicio da actividade no servizo de pilotaxe portuaria.

2. A idade de xubilación dos pilotos de porto fíxase con carácter xeral nos 65 anos de idade, sempre que se superen os recoñecementos médicos regulamentarios establecidos.

Non obstante, poderase prorrogar ata os setenta anos logo de petición do interesado á autoridade marítima, que resolverá logo de informe da autoridade portuaria, debendo establecerse ao respecto un sistema de recoñecementos médicos específico e de frecuencia inferior ao ano.

Artigo 281. *Responsabilidade.*

A responsabilidade civil en que puidesen incurrir os pilotos de porto ou as autoridades portuarias na xestión do servizo de pilotaxe portuaria non poderá superar, en caso de sinistro, a contía de vinte euros por unidade de arqueo bruto do buque para o cal prestan o servizo, cun tope máximo de un millón de euros. Este importe actualizarase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro.

Para tal efecto, entenderase por arqueo bruto o definido nos convenios internacionais subscritos por España e nas normas regulamentarias nacionais que resulten aplicables.

TÍTULO IV

Taxas

CAPÍTULO I

Taxas por servizos de inspección e control

Artigo 282. *Ámbito e réxime de exixencia.*

1. As inspeccións e os controis técnicos, radioeléctricos, de seguridade marítima e de prevención da contaminación a que se refire o número 5 do artigo 263 desta lei e que sexan precisos para a emisión, renovación ou modificación de certificacións que acrediten o cumprimento polos buques e os seus elementos dos requisitos e especificacións previstos na lexislación vixente, darán dereito á percepción pola Administración marítima de taxas compensatorias do custo dos trámites e actuacións necesarias conforme o que se dispón nos números seguintes.

2. Constitúe o feito impoñible das ditas taxas a prestación pola Administración dos servizos ou actuacións mencionados no número anterior.

3. Serán suxeitos pasivos das taxas as persoas naturais ou xurídicas destinatarias dos correspondentes servizos ou actuacións administrativas.

4. A determinación da contía das taxas e as súas correspondentes modificacións efectuarase de acordo coas previsións contidas na Lei 8/1989, do 13 de abril, sobre taxas e prezos públicos.

5. As taxas xeraranse no momento da solicitude ou no da prestación do servizo cando este non sexa por petición de parte.

6. O rendemento das taxas ingresarase no Tesouro e poderá xerar crédito para actividades obxecto das taxas.

7. As taxas poderán ser obxecto de autoliquidación polo suxeito pasivo na forma que regulamentariamente se determine.

CAPÍTULO II

Taxas por actuacións rexistras

Artigo 283. *Clases de taxas.*

As actuacións dos rexistros de buques e empresas navieiras regulados no artigo 251 e na disposición adicional décimo sexta desta lei darán lugar á percepción das seguintes taxas:

- a) Taxa de inscrición.
- b) Taxa de baixa.
- c) Taxa de actuacións administrativas intermedias.

Estas taxas rexeranse pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Artigo 284. *Feito impoñible das taxas.*

Constitúe o feito impoñible das taxas a que se refire o artigo anterior, respectivamente, a inscrición, a baixa e as actuacións intermedias, por instancia de parte, de cada buque matriculado nos rexistros.

Artigo 285. *Xeración das taxas.*

A xeración da taxa producirase:

- a) No caso das taxas de inscrición ou baixa, cando se practiquen os correspondentes asentos nos rexistros.
- b) No caso de actuacións administrativas intermedias, no momento da solicitude do servizo.

Artigo 286. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos todas as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de servizos que constitúen o feito impoñible.

Artigo 287. *Contías exixibles.*

As contías exixibles serán as seguintes:

- a) Taxa de inscrición: 0,15 € por unidade de arqueo, cun mínimo de 15,03 €.
- b) Taxa de baixa: 0,15 € por unidade de arqueo, cun mínimo de 15,03 €.
- c) Taxa de actuacións administrativas intermedias:

1.º Tarifa primeira. Actuación administrativa por instancia de parte que comporte anotación en folia de asento: 15 €.

2.º Tarifa segunda. Certificacións por instancia de parte. Copia de follas de asento, por cada una: 6 €.

3.º Tarifa terceira. Copia simple do contido dos expedientes: 15 €.

Artigo 288. *Xestión, liquidación e pagamento das taxas.*

1. A xestión da taxa levaraa a cabo a Dirección Xeral da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento.

2. A taxa será obxecto de autoliquidación polo suxeito pasivo.

3. O pagamento da taxa realizarase en efectivo, en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Economía e Facenda, e seralle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

CAPÍTULO III

Taxa pola emisión ou renovación da cédula de inscrición marítima

Artigo 289. *Feito impoñible e xeración.*

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos de expedición ou renovación da cédula de inscrición marítima, necesario para o exercicio da profesión en buques de acordo coas disposicións vixentes.

2. A xeración da taxa producirase no momento en que se presente a solicitude que motive o servizo, que non se tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

Artigo 290. *Suxeitos pasivos, contía, xestión e pagamento.*

1. Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a prestación de servizos que constitúen o feito impoñible.

2. A contía da taxa é: 40 €.

3. A xestión da taxa levaraa a cabo a Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

4. O pagamento da taxa realizarase en efectivo, en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Economía e Facenda, e seralle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

CAPÍTULO IV

Taxas pola emisión de certificado de seguro ou doutra garantía financeira relativa á responsabilidade civil por danos debidos á contaminación por hidrocarburos

Artigo 291. *Feito impoñible e devengo.*

1. Constitúe o feito impoñible das taxas a prestación dos servizos de emisión de certificado de seguro ou doutra garantía financeira relativa á responsabilidade civil nacida de danos debidos á contaminación polos hidrocarburos para combustible dos buques ou por hidrocarburos, respectivamente, a persoas físicas ou xurídicas.

2. O devengo dunha e outra taxa producirase no momento en que se presente a solicitude que motive o servizo, que non se tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

Artigo 292. *Suxeitos pasivos, contía, xestión e pagamento.*

1. Son suxeitos pasivos das taxas as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de servizos que constitúen o feito impoñible.

2. A contía de ambas as taxas é: 120 €.

3. A xestión das taxas levaraa a cabo a Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

4. O pagamento das taxas realizarase en efectivo, en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Economía e Facenda e seralle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

CAPÍTULO V

Taxa pola emisión de documento do Rexistro Sinóptico Continuo

Artigo 293. *Feito impoñible e devengo.*

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos de emisión de documento do Rexistro Sinóptico Continuo.

2. A xeración da taxa producirase no momento en que se presente a solicitude que motive o servizo, que non se tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

Artigo 294. *Suxeitos pasivos, contía, xestión e pagamento.*

1. Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de servizos que constitúen o feito impoñible.

2. A contía da taxa é: 18 €.

3. A xestión da taxa levaraa a cabo a Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

4. O pagamento da taxa realizarase en efectivo, en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Economía e Facenda e seralle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

LIBRO TERCEIRO

Réxime de policía

TÍTULO I

Regulamento de explotación e policía dos portos do Estado

Artigo 295. *Regulamento de explotación e policía.*

1. O organismo público Portos do Estado elaborará, con audiencia das autoridades portuarias e informes da Dirección Xeral da Mariña Mercante e do Ministerio do Interior, o Regulamento de explotación e policía dos portos que regulará o funcionamento dos diferentes servizos e operacións. O regulamento incluírá como anexo un modelo de ordenanzas portuarias. Corresponderalle ao Ministerio de Fomento a aprobación do regulamento xeral e do modelo de ordenanzas portuarias.

O informe da Dirección Xeral da Mariña Mercante será vinculante en canto se refira á seguridade dos buques e da navegación, ao salvamento marítimo e á contaminación producida desde buques, plataformas fixas ou outras instalacións situadas nas augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición. O informe do Ministerio do Interior será vinculante respecto do ámbito de competencias do citado ministerio.

2. O modelo de ordenanzas recollerá as normas do regulamento de aplicación xeral a todos os portos, os puntos ou materias que poderán ser regulados pola correspondente autoridade portuaria, conforme os criterios ou principios que nel se concreten e aqueloutros de libre regulación por estas, sen prexuízo, en defecto destas, da aplicación supletoria do regulamento.

3. As autoridades portuarias, con informe vinculante da Capitanía Marítima nos aspectos de competencia da Dirección Xeral da Mariña Mercante, elaborarán e aprobarán as ordenanzas do porto logo de comprobación da súa conformidade co Regulamento de explotación e policía por parte do organismo público Portos do Estado.

4. Tanto o Regulamento de explotación e policía como as ordenanzas de cada porto deberanse publicar, unha vez aprobadas, no «Boletín Oficial del Estado».

TÍTULO II

Funcións de policía especial

Artigo 296. *Servizo de policía portuaria.*

1. As funcións de policía especial, enunciadas no artigo 4.1 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, atribuídas á autoridade portuaria por esta lei, correspóndenlle ao seu Consello de Administración.

2. Estas funcións serán exercidas, na forma que determine o Regulamento de explotación e policía, polo persoal da autoridade portuaria, debidamente cualificado e adscrito ao servizo de policía, para cuxo efecto terá a consideración de axente da autoridade da Administración portuaria no exercicio das potestades públicas recollidas na presente lei, sen prexuízo da obriga de colaborar sempre que sexa preciso coas forzas e corpos de seguridade.

TÍTULO III

Medidas que garantan a actividade portuaria e a navegación

Artigo 297. *Medidas de garantía da navegación marítima e do medio mariño.*

1. Nas augas en que España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, para os efectos de salvagardar a seguridade da navegación e de previr a contaminación do medio mariño, o Ministerio de Fomento, a través das autoridades portuarias e capitanías marítimas poderá visitar, inspeccionar, condicionar a fondeadura, apresar, iniciar procedementos xudiciais e, en xeral, adoptar as medidas que considere necesarias respecto dos buques que vulneren ou poidan vulnerar os ditos bens xurídicos.

2. As medidas a que se refire o número anterior poderán adoptarse sen prexuízo das que, para o efecto, poidan decidir outros organismos ou administracións públicas competentes en materia de preservación do medio mariño.

Artigo 298. *Protección da navegación libre.*

En caso de que un ou varios buques impediren ou estorbaren o libre acceso a un porto, canle ou vía navegable, ou o libre tránsito por eles, ou cando un buque saíse ao mar con incumprimento grave das normas sobre despacho, ou desobedecer as ordes das capitanías marítimas competentes, estas poderán tomar, con carácter inmediato, e coa duración que se considere necesaria, todas as medidas que resulten precisas, de conformidade co ordenamento xurídico, para restablecer a legalidade infrinxida ou a libre navegación afectada.

Para os efectos indicados, o capitán marítimo daralle as ordes oportunas ao respectivo capitán do buque, ou a quen faga as súas veces. Estas ordes deberán ser cumpridas polo interesado e por todos os que se encontraren no buque, sen prexuízo do exercicio das accións que correspondan, conforme as leis, aos que se crean prexudicados.

En caso necesario, o capitán marítimo poderá impor a detención, fondeadura e retención do buque no lugar que se determine, durante o tempo imprescindible, ata que se restableza a normalidade.

Artigo 299. *Asistencia e refuxio.*

1. O director xeral da Mariña Mercante é a autoridade competente para a toma de decisións respecto dos buques necesitados de asistencia, entendendo por tales aqueles que, pola súa propia situación ou por circunstancias externas, se encontren en perigo de naufragar ou que, en xeral, supoñan unha ameaza para a navegación ou a integridade do ambiente mariño.

O citado órgano directivo, que poderá solicitar asesoramento dun comité técnico, adoptará, con plena independencia de criterio, calquera medida que considere pertinente ante buques necesitados de asistencia para:

- a) Eliminar ou diminuír o risco de naufraxio de tales buques.
- b) Salvagardar a seguridade da navegación e da vida humana no mar.
- c) Previr ou loitar contra a contaminación do ambiente mariño.

O disposto nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo da normativa nacional e internacional sobre salvamento de vidas humanas no mar.

2. O director xeral da Mariña Mercante adoptará a decisión que considere pertinente sobre a acollida de buques necesitados de asistencia en lugares de refuxio, e poderá impola, se considera que tal acollida é a mellor solución para a protección da vida humana e o ambiente mariño. De non ser así, denegarase ou condicionará a dita acollida á concorrencia de determinadas circunstancias que fagan desta medida a máis adecuada para a seguridade e integridade das persoas, dos buques, do tráfico marítimo e do ambiente mariño.

Porén, non poderá condicionar a dita acollida á existencia dun seguro ou á prestación dunha garantía por parte do propietario, operador ou cargador do buque para indemnizar os posibles danos que o buque poida ocasionar.

Para tal efecto, a Administración marítima, coa consulta previa dos sectores afectados, elaborará plans para a acollida de buques necesitados de asistencia co fin de preservar a seguridade marítima e da vida humana no mar, así como a integridade do ambiente mariño.

O contido destes plans determinarase regulamentariamente e na súa elaboración e execución participará o director xeral da Mariña Mercante.

3. A información que se lles facilite aos Estados membros da Unión Europea que, por seren veciños, poidan resultar afectados polas consecuencias das decisións que se adopten, así como ás partes implicadas nos procedementos previstos nos plans de acollida de buques necesitados de asistencia, estará sometida á obriga de confidencialidade.

Artigo 300. *Situación de perigo a bordo.*

Os capitáns de buques ou quen faga as súas veces poderán adoptar, con carácter extraordinario, cantas medidas de policía consideren necesarias para o bo réxime de a bordo en caso de perigo.

Artigo 301. *Prevención de actividades ilícitas e tráfico prohibidos.*

Para os efectos de previr a realización de actividades ilícitas ou o exercicio de calquera tráfico prohibido, o Goberno poderá impedir, restrinxir ou condicionar a navegación de determinadas categorías de buques civís nas augas interiores, o mar territorial ou a zona contigua.

Artigo 302. *Buques abandonados.*

1. Correspóndelle ao Estado a propiedade dos buques abandonados na zona de servizo do porto.

2. Consideraranse abandonados aqueles buques que permanezan durante máis de tres meses atracados, amarrados ou fondeados no mesmo lugar dentro do porto sen actividade apreciable exteriormente, e sen ter aboado as correspondentes taxas ou tarifas, e así o declare o consello de administración da autoridade portuaria.

A declaración de abandono exixirá a tramitación do correspondente procedemento, no cal se acreditarán as circunstancias expresadas e no cal se dará audiencia ao propietario, ao navieiro, ao capitán do buque ou, de ser o caso, ao consignatario do

buque, na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Declarado o abandono do buque polo consello de administración da autoridade portuaria, esta procederá, ben á súa venda en poxa pública, ingresando o produto do alleamento no Tesouro Público, logo de detracción dos créditos xerados ao seu favor polas correspondentes taxas e tarifas portuarias, así como os gastos do procedemento; ou ben procederá ao afundimento do buque cando, polo seu estado, así o aconsellen razóns de seguridade marítima.

Cando a venda regulada no parágrafo anterior teña por obxecto buques non comunitarios, observaranse, ademais, as seguintes regras:

a) Esta venda terá a consideración de despacho a consumo das mercadorías e, por tanto, incluírá os trámites previstos para a súa importación.

b) No prezo de venda estarán incluídos os tributos xerados con motivo da importación. Para os efectos da súa constatación e da contracción dos recursos propios comunitarios, este alleamento deberáse comunicar á correspondente Administración de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Artigo 303. *Operacións de desmantelamento.*

Nas operacións de desmantelamento de buques, instalacións marítimas e material inservible que se realicen en augas portuarias, exixirase previamente o informe vinculante do capitán marítimo para os efectos de lle dar cumprimento á normativa sobre seguridade marítima.

Artigo 304. *Afundimento de buques.*

1. A autoridade portuaria, logo de informe da Capitanía Marítima, cando un buque presente perigo de afundimento no porto ou constitúa un risco grave, xa sexa polo propio buque ou pola carga transportada, que poida prexudicar a actividade portuaria ou supor un perigo notorio para as persoas, ou para os bens ou para o ambiente, requirirá o navieiro, armador ou consignatario para que o dito buque abandone o porto, repare o buque ou adopte as medidas procedentes no prazo fixado para o efecto. Se estes non o fan, a autoridade portuaria poderá, respecto do buque e a súa carga, trasladalo ou proceder á súa descarga, venda en poxa pública, ou ao seu afundimento de acordo coa normativa vixente, á custa daqueles, en lugar onde non prexudique a actividade portuaria, a navegación ou a pesca e non constitúa un risco grave para as persoas ou para os bens ou para o ambiente mariño. Para este último efecto, solicitarase informe da Administración pesqueira e de Medio Ambiente, que se entenderá positivo se non se emite no prazo de quince días ou no que fixe a autoridade portuaria, por razóns de urxencia ante a ameaza de afundimento.

2. Nos supostos de afundimento de buques nas augas dun porto que, xa sexa polo propio buque ou pola carga transportada, afecte a actividade portuaria ou constitúa un risco grave para as persoas ou para os bens ou para o ambiente, a autoridade portuaria requirirá os seus propietarios, navieiros, armadores, consignatarios ou as compañías aseguradoras para que procedan á súa remoción e sinalará onde deben situar a súa carga, combustible, os seus restos ou o buque unha vez replotado, dentro do prazo que para o efecto determine, así como as garantías ou medidas de seguridade que se van tomar para evitar un novo afundimento.

As autoridades portuarias poderán, por razóns de urxencia, mesmo antes de iniciado o prazo fixado, exixir que se adopten medidas ou adoptalas á custa dos obrigados, tales como a sinalización, iluminación ou calquera outra que se considere apropiada, co obxecto de diminuír ou evitar o perigo real ou potencial.

Se incumpriren as ordes ou acordos da autoridade portuaria, esta poderá utilizar para a remoción do buque afundido, do seu combustible ou da carga que se encontre a bordo, ou que caese del, os medios de execución forzosa previstos no ordenamento xurídico,

quedando obrigado, en todo caso, o propietario ou navieiro a sufragar os gastos ocasionados.

De este non aboar no prazo establecido as cantidades xeradas pola remoción, a autoridade portuaria poderá proceder ao alleamento dos restos do buque, deducindo do importe obtido os gastos ocasionados. Se non for suficiente, a diferenza será exixida por vía de constrinximento.

Por remoción, para os efectos desta lei, débese entender a flotación, a retirada, traslado, desmantelamento ou destrución deliberada de buques naufragados, da súa carga e do seu combustible, incluído todo o que estea ou estivese a bordo de tal buque ou de calquera outro ben afundido coa finalidade de evitar un perigo ou un inconveniente para a navegación, para os recursos naturais ou para o ambiente mariño.

3. Se o perigo de afundimento, o afundimento ou o naufraxio do buque tiver lugar fóra das augas portuarias e en augas marítimas situadas en zonas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, o capitán marítimo será competente para exercer as accións a que se refire este artigo. Así mesmo, o capitán marítimo emitirá informe en todos os supostos nos cales o perigo de afundimento ou o afundimento do buque puideren producir episodios de contaminación marítima ou verse afectada a seguridade na navegación.

Para os efectos da protección do crédito administrativo, as cantidades xeradas a favor da autoridade portuaria ou da Administración marítima pola remoción ou calquera outra actuación derivada do establecido nos puntos anteriores deste artigo, terán a consideración de crédito privilexiado nos termos previstos no artigo 580.3 do Código de comercio.

4. Cando, con ocasión dun procedemento xudicial ou administrativo, se tiver acordado a retención, conservación ou depósito dun buque na zona de servizo dun porto, a autoridade portuaria correspondente poderá instar da autoridade xudicial o afundimento do buque ou o seu alleamento en poxa pública, cando a estadia do buque no porto produza un perigo real ou potencial ás persoas ou aos bens ou cause grave quebranto á explotación do porto.

A autoridade xudicial acordará o afundimento ou a venda conforme o procedemento legalmente previsto en cada caso, salvo que considere imprescindible a súa conservación para os fins da instrución do procedemento e polo tempo estritamente necesario.

Igualmente se procederá á venda en poxa pública nos casos en que, pola previsible duración do proceso xudicial, exista risco dunha notable depreciación do buque, depositando o produto da venda a resultas do procedemento.

5. En todos os supostos de embargo ou retención xudicial ou administrativa de buques, como medida para garantir a actividade portuaria, a autoridade portuaria determinará ou modificará a localización do buque no porto, dándolle conta disto, en todo caso, á autoridade que decreta o embargo ou a retención.

6. De conformidade coa reserva formulada polo Reino de España no Instrumento de adhesión ao protocolo de 1996, que emenda o Convenio sobre limitación da responsabilidade nacida de reclamacións de dereito marítimo, 1976, feito en Londres o 2 de maio de 1996, os propietarios dos buques ou dos navieiros non terán dereito a limitar a súa responsabilidade polas reclamacións derivadas da flotación, remoción, destrución ou eliminación dos perigos derivados dun buque afundido, naufragado, varado ou abandonado.

Tampouco poderán limitar a súa responsabilidade en relación coa carga transportada así como por todo ben que estea ou estivese a bordo do buque en relación coas actuacións descritas no parágrafo anterior.

O anterior enténdese sen prexuízo do establecido nos convenios internacionais que regulan a responsabilidade civil dos propietarios dos buques, sempre que se encontren en vigor en España.

7. Non se poderá promover contra as empresas encargadas da extracción ou remoción, os seus empregados ou os seus axentes, ningunha reclamación de indemnización de danos por contaminación producidos polo combustible do buque ou pola mercadoría descargada, que se ocasionen na realización deses traballos, xa sexan

por acción ou omisión, salvo que actuasen con intención de causar eses danos ou ben temerariamente, con coñecemento de que probablemente se producirían tales danos.

TÍTULO IV

Réxime sancionador

CAPÍTULO I

Infraccións

Artigo 305. *Concepto e clasificación.*

1. Constitúen infraccións administrativas no ámbito da mariña mercante as accións e omisións tipificadas e sancionadas nesta lei.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, con suxeición aos criterios que se indican nos artigos seguintes.

Artigo 306. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves as accións ou omisións que, non tendo a consideración de infracción grave ou moi grave, pola súa transcendencia ou pola importancia dos danos ocasionados, estean tipificadas nalgún dos seguintes supostos:

1. No que se refire ao uso do porto e ás súas instalacións:

a) O incumprimento das disposicións establecidas no Regulamento de explotación e policía do porto.

b) O incumprimento das ordenanzas establecidas ou instrucións dadas pola autoridade portuaria en relación coas operacións marítimas no ámbito do porto.

c) A realización destas operacións marítimas no ámbito portuario con perigo para as obras, instalacións, equipamento portuario ou outros buques, ou sen tomar as precaucións necesarias.

d) O incumprimento das ordenanzas establecidas ou instrucións dadas pola autoridade portuaria no que se refire a operacións de estiba e desestiba, carga e descarga, almacenamento, entrega e recepción e calquera outra relacionada coa mercadoría.

e) A utilización non autorizada, inadecuada ou sen as condicións de seguridade suficientes dos equipamentos portuarios, xa sexan da autoridade portuaria ou de particulares.

f) O incumprimento das ordenanzas ou instrucións dadas pola autoridade portuaria no ámbito das súas competencias sobre a ordenación dos tráfico e modos de transporte terrestre ou marítimo.

g) A información incorrecta facilitada á autoridade portuaria sobre os tráfico de buques, mercadorías, pasaxeiros e vehículos de transporte terrestre, especialmente sobre os datos que sirvan de base para a aplicación das tarifas portuarias.

h) Causarlles por negligencia ou dolo directamente danos ás obras, instalacións, equipamentos, mercadorías, contedores e medios de transporte marítimos ou terrestres, situados na zona portuaria.

i) O incumprimento da normativa ou das instrucións que en materia de seguridade marítima ou de contaminación diten os órganos competentes.

j) Calquera outra actuación ou omisión que cause danos ou menoscabo aos bens do dominio público portuario, ou ao seu uso ou explotación.

2. No que se refire ás actividades suxeitas á autorización previa, concesión ou prestadas mediante licenza:

a) O incumprimento das condicións dos correspondentes títulos administrativos, das licenzas que habiliten para a prestación de servizos portuarios ou dos pregos

de prescricións particulares que os regulen, sen prexuízo da súa caducidade ou rescisión.

- b) A publicidade exterior non autorizada no espazo portuario.
- c) A subministración incorrecta ou deficiente de información á autoridade portuaria, por propia iniciativa ou por requirimento desta.
- d) O incumprimento parcial ou total doutras obrigas establecidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan e apliquen, e a omisión de actos que foren obrigatorios conforme estas.
- e) O incumprimento dos regulamentos de explotación e policía do porto, do Regulamento xeral de pilotaxe portuaria e demais normas regulamentarias que regulen actividades portuarias.

3. Infraccións contra a seguridade marítima:

- a) As accións das persoas embarcadas que, en estado de ebriedade ou baixo a influencia de substancias psicotrópicas, drogas tóxicas ou estupefacientes, poñan en perigo a seguridade do buque.
- b) Os actos contrarios ás normas regulamentarias ou ordes ditadas polo capitán ou oficialidade do buque que poidan perturbar a seguridade da navegación.

4. Infraccións contra a ordenación do tráfico marítimo:

- a) A falta de presentación por parte do capitán, ou da persoa que deba facelo, da documentación exixida.
- b) O incumprimento das normas regulamentarias en materia de mariña mercante sobre carga ou descarga de mercadoría a bordo ou embarque ou desembarque de pasaxeiros.
- c) A utilización, dentro do porto, de sinais acústicos non autorizados polo correspondente regulamento.
- d) O incumprimento do deber de facilitar a información que deba ser subministrada á autoridade marítima, por propia iniciativa ou por requirimento desta, ou facelo de maneira incorrecta ou deficiente.

5. Infraccións relativas á contaminación do medio mariño:

- a) O incumprimento das normas ou a inobservancia das prohibicións contidas nos regulamentos de explotación e policía dos portos ou doutras normas sobre mantemento da limpeza das augas ou aproveitamentos comúns do medio marítimo.
- b) A realización de reparacións, carenas e recollidas susceptibles de causar contaminación en contravención da normativa aplicable.
- c) O incumprimento da normativa e das instrucións ditadas pola autoridade competente en relación coas obrigas de entrega de residuos xerados polos buques e residuos de carga.

Artigo 307. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves as accións ou omisións tipificadas no artigo anterior, cando supoñan lesión a algunha persoa que motive baixa por incapacidade laboral non superior a sete días, ou danos ou perdas superiores a 1.200 euros e inferiores a 6.000 euros, as que poñan en perigo a seguridade do buque ou da navegación, a reincidencia en calquera das faltas tipificadas como leves antes do prazo establecido para a súa prescrición e, en todo caso, as seguintes:

- 1. Infraccións relativas ao uso do porto e ao exercicio de actividades que se prestan nel:
 - a) As que supoñan ou impliquen risco grave para as persoas.
 - b) A vertedura non autorizada desde buques ou artefactos flotantes de produtos sólidos, líquidos ou gasosos na zona II, exterior das augas portuarias.

c) O incumprimento da normativa establecida para as operacións de estiba ou desestiba, así como o incumprimento da obriga legal ou, de ser o caso, do compromiso, relativo á contratación de determinada porcentaxe de traballadores en réxime laboral común.

d) O incumprimento das normas, ordenanzas e instrucións sobre a manipulación e o almacenamento en terra de mercadorías perigosas ou a ocultación destas ou da súa condición.

e) O ofrecemento ou entrega de diñeiro ou outro tipo de regalos ou dádivas ao persoal da autoridade portuaria ou marítima, co obxecto de captar a súa vontade, así como a solicitude, existencia ou aceptación polo persoal destas entidades de dádivas, obsequios, regalos ou diñeiro.

f) A obstrución ao exercicio das funcións de policía que correspondan á autoridade portuaria ou marítima.

g) O falseamento da información subministrada á autoridade portuaria por propia iniciativa ou por requirimento desta.

h) A omisión polo capitán de solicitar os servizos de pilotaxe portuaria ou remolcadores que resulten obrigatorios segundo as disposicións vixentes.

2. Infraccións contra a seguridade e protección marítimas:

a) As rifas e pendencias entre as persoas embarcadas cando afecten a seguridade do buque ou da navegación.

b) Os actos contrarios ás normas regulamentarias ou ordes ditadas polo capitán ou oficiais, susceptibles de prexudicar gravemente a seguridade do buque ou da navegación.

c) Portar armas, aparellos ou substancias perigosas sen a autorización previa do capitán do buque.

d) As accións ou omisións de calquera membro da tripulación do buque mentres se atope en estado de ebriedade ou baixo a influencia de substancias psicotrópicas, drogas tóxicas ou estupefacientes a consecuencia dos cales se poida alterar a súa capacidade para desempeñar as súas funcións.

e) A negativa do capitán a manter a bordo un polisón ata a súa entrega ás autoridades competentes ou ás que estas dispoñan.

f) A omisión inxustificada polo capitán, ou por quen desempeñe o mando en substitución daquel, en caso de abordaxe, de dar información referente ao nome e porto de matrícula do buque que está baixo o seu mando, lugar de procedencia e de destino.

g) O embarque clandestino a bordo dun buque español.

h) Traspasar os capitáns, patróns ou outro persoal marítimo os límites de atribucións que correspondan á titulación profesional ou de lecer que posúan, ou contratar ou permitir exercer as funcións de capitán, patrón ou oficial encargado da garda durante a navegación, a quen non se encontre en posesión de titulación suficiente que legalmente o habilite para iso, así como exercer sen a referida titulación tales funcións.

i) A falta de comunicación polos interesados á Capitanía Marítima máis próxima, salvo causa xustificada, do cesamento da situación de perigo dun buque ou plataforma fixa que ocasionase a súa petición de socorro.

j) A falta de coñecemento ou cumprimento por parte dos membros da dotación de todo buque civil español das súas obrigas e funcións atribuídas no correspondente cadro orgánico para situacións de sinistro, aprobado pola Administración de acordo cos regulamentos aplicables.

k) O incumprimento polos navieiros, capitáns e patróns das normas sobre recoñecementos e certificados do buque e dos seus elementos, así como a negativa ou obstrución a ser inspeccionados e a colaborar coa inspección cando sexan requiridos.

l) A navegación, salvo causa de forza maior, realizada por calquera clase de buque, embarcación ou artefacto destinado a usos de transporte, pesca ou de lecer fóra das canles balizadas de acceso á costa, nas zonas marcadas como reservadas ao baño e debidamente balizadas, así como a navegación na franxa de mar contigua á costa dunha

largura de douscentos metros nas praias e cincuenta metros no resto da costa, excedendo o límite de velocidade que marquen as disposicións vixentes.

m) O incumprimento das normas sobre protección marítima polos navieiros, capitáns, oficiais ou algún outro membro da dotación.

n) O incumprimento do deber de comunicación dos accidentes e incidentes marítimos; a obstaculización das investigacións da Comisión Permanente de Accidentes e Incidentes Marítimos; a simulación, ocultación, alteración ou destrución de datos, rexistros, gravacións, materiais, informacións e documentos útiles para as investigacións da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos.

ñ) As accións ou omisións non comprendidas nas alíneas anteriores que poñan en perigo a seguridade do buque ou da navegación.

3. Infraccións contra a ordenación do tráfico marítimo:

a) O incumprimento das normas vixentes sobre o uso nos buques do pavillón nacional ou contrasinais.

b) Navegar os buques sen levar o nome, número OMI e folio de inscrición regulamentaria cando proceda.

c) A carencia, deterioración ou inexactitude grave da documentación regulamentaria do buque.

d) A realización sen a debida autorización de actividades comerciais portuarias, de comercio exterior ou interautonómico en portos, lugares da costa ou situacións de fondeadura en augas interiores ou mar territorial.

e) Incumprir as instrucións das capitanías marítimas no ámbito das súas competencias, sobre manobras e navegación dos buques nos portos, radas ou outras augas marítimas non portuarias.

f) Incumprir as normas regulamentarias ou as instrucións das capitanías marítimas sobre réxime e tráfico de embarcacións, incluso de lecer ou dedicadas a calquera uso, e sobre o emprego de todo artefacto cuxa utilización poida significar risco para a navegación ou para as persoas.

g) Incumprir as normas sobre despacho de buques e embarcacións ou sobre enrolamento de tripulacións e réxime do rol ante as capitanías marítimas e oficinas consulares.

h) O exercicio das industrias marítimas a flote incumprindo as normas sobre inscrición marítima, así como a falta de cédula ou de calquera outro documento ou requisito regulamentario exixido para o exercicio da profesión.

i) A infracción das normas sobre inscrición dos buques, embarcacións ou plataformas fixas nas correspondentes listas do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e a utilización duns ou doutras en tráfico ou actividades non permitidas polas inscricións.

j) A infracción das normas sobre utilización de estacións e servizos radioeléctricos polos buques.

k) O incumprimento da obriga de inscrición das empresas no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, ou de darlle conta a este dos actos, contratos ou acordos que deban ser inscritos ou anotados.

l) A construción dun buque ou a realización de obras de transformación ou cambio de motor sen a autorización administrativa estatal que corresponda ou con infracción das normas que a regulan, así como a botadura sen o permiso correspondente.

m) A infracción das normas regulamentarias sobre desmantelamento dos buques e sobre destrución ou abandono das plataformas fixas en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.

n) O incumprimento das condicións establecidas nas concesións ou autorizacións de prestación de servizos marítimos.

ñ) O incumprimento do deber de facilitar a información que regulamentariamente se deba subministrar ás autoridades marítimas ou facelo de xeito incorrecto.

o) Navegar sen sistemas de sinalización regulamentariamente establecidos que permitan a localización e visualización permanente do buque ou embarcación ou artefacto destinado a usos de transporte, pesca ou de lecer.

p) Navegar sen ter obtido a patente de navegación, pasavante ou documento acreditativo da nacionalidade do buque ou embarcación.

q) Navegar sen que o buque ou embarcación ou artefacto destinado a usos de transporte, pesca ou de lecer estea debidamente matriculado, ou cos certificados regulamentarios caducados.

4. Infraccións relativas á prevención da contaminación do medio mariño producida desde buques ou plataformas fixas ou outras instalacións que se encontren en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición:

a) A evacuación negligente en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, de refugallos ou outras substancias desde buques, plataformas fixas ou outras construcións no mar cando se produza en contravención da lexislación vixente sobre a materia.

b) O incumprimento das normas especiais sobre navegación, manipulación da carga e seguro obrigatorio de buques que transporten hidrocarburos ou outras substancias contaminantes.

c) O incumprimento das disposicións vixentes sobre elementos, instalacións e documentos a bordo para a prevención e o control das operacións de evacuación de refugallos ou outras substancias.

d) A falta de comunicación inmediata á Capitanía Marítima máis próxima ou á Dirección Xeral da Mariña Mercante, nos casos e nos termos previstos na lexislación aplicable, das verteduras e evacuacións contaminantes que se produzan desde os buques ou desde as plataformas fixas ou outras instalacións que se encontren en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.

e) A introdución negligente, de xeito directo ou indirecto, no medio mariño de substancias, materiais ou formas de enerxía que poidan constituír un perigo para a saúde humana, prexudicar os recursos turísticos, paisaxísticos ou biolóxicos e a vida mariña, reducir as posibilidades de espaxemento ou obstaculizar outros usos legais dos mares, na medida en que esta introdución sexa contraria á lexislación vixente ou non conte coa debida autorización.

f) As accións ou omisións non comprendidas nas alíneas anteriores que constitúan un risco potencial de producir a contaminación do medio mariño.

5. Infraccións na prestación de servizos portuarios:

a) Incumprimento das obrigas de manter os niveis de rendemento e de calidade para a prestación dos servizos portuarios.

b) Utilización de medios distintos dos consignados na licenza sen autorización, cando se causen danos á prestación do servizo.

c) Negativa ou obstrución a ser inspeccionado e a colaborar coa inspección cando sexa requirida.

d) Incumprimento dos requirimentos de información formulados pola autoridade portuaria.

e) Transmisión total ou parcial das licenzas sen autorización.

Artigo 308. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves as accións ou omisións tipificadas nos dous artigos anteriores cando ocasionen lesión a algunha persoa que motive baixa por incapacidade laboral superior a sete días, ou danos ou perdas superiores a 6.000 euros, as que poñan en grave perigo a seguridade do buque ou da navegación, a reincidencia en calquera das

infraccións tipificadas como graves antes do prazo establecido para a súa prescrición e, en todo caso, as seguintes:

1. Infraccións relativas ao uso do porto e ao exercicio de actividades que se prestan nel:

a) As que impliquen un risco moi grave para a saúde ou seguridade de vidas humanas.

b) A vertedura non autorizada desde buques ou artefactos flotantes de produtos sólidos, líquidos ou gasosos na zona I, interior das augas portuarias.

c) A realización, sen o debido título administrativo conforme esta lei, de calquera tipo de obras ou instalacións no ámbito portuario, así como o aumento da superficie ocupada ou do volume ou da altura construídos sobre os autorizados, sempre que se tiver desatendido o requirimento expreso da autoridade portuaria para a cesación da conduta abusiva ou que, téndose notificado a incoación de expediente sancionador, se tiver persistido en tal conduta.

2. Infraccións contra a seguridade marítima:

a) Ordenar ou emprender a navegación sen que o buque reúna as debidas condicións de navegabilidade poñendo en perigo a súa seguridade.

b) As alteracións substanciais realizadas na construción dos elementos de salvamento respecto das características dos prototipos oficialmente homologados.

c) O incumprimento das normas ou instrucións das autoridades marítimas sobre depósito, manipulación, carga, estiba, desestiba, transporte ou mantemento de materias explosivas ou perigosas a bordo dos buques.

d) Empregar, sen necesidade, sinais de socorro e utilizar arbitrariamente signos distintivos que lle confiran ao buque o carácter de buque hospital ou calquera outro característico en contra do previsto no dereito internacional.

e) A falta de coñecemento ou cumprimento por parte dos membros da dotación dos buques españois de pasaxe das súas obrigas e funcións atribuídas no correspondente cadro orgánico para situacións de sinistro, aprobado pola Administración de acordo coas normas aplicables.

f) O incumprimento das normas ou resolucións da Administración en materia de dotacións mínimas de seguridade ás que se refire o artigo 253 desta lei.

g) O incumprimento das disposicións regulamentarias sobre a seguridade marítima que ocasione accidentes con danos para as persoas.

h) O incumprimento das normas ou resolucións das autoridades marítimas en relación coa instalación e o desenvolvemento de actividades desde plataformas fixas que se encontren en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, cando se poña en perigo a seguridade marítima.

i) As accións ou omisións do capitán, patrón do buque ou piloto de porto de servizo mentres se encontren en estado de ebriedade ou baixo a influencia de substancias psicotrópicas, drogas tóxicas ou estupefacientes a consecuencia dos cales se poida alterar a súa capacidade para desempeñar as súas funcións.

j) As accións ou omisións do capitán ou dos membros da dotación do buque que supoñan a non prestación ou denegación de auxilio ás persoas ou buques, cando este sexa solicitado ou se presuma a súa necesidade.

k) As accións ou omisións non comprendidas nas alíneas anteriores que poñan en grave perigo a seguridade do buque ou da navegación.

3. Infraccións contra a ordenación do tráfico marítimo:

a) O incumprimento das normas que reservan para buques de bandeira española determinados tráficoos ou actividades conforme o previsto nesta lei.

b) O incumprimento das normas sobre rexistro de buques e empresas navieiras, exportación, importación ou abandeiramento provisional de buque español en favor de estranxeiros ou de buques estranxeiros en España.

c) O incumprimento das ordes, prohibicións ou condicións a que se refiren os artigos 297, 298, 300 e 301 desta lei.

d) Prestar servizos de navegación marítima carecendo da correspondente concesión ou autorización administrativa cando sexa exigible conforme o previsto nesta lei.

e) O falseamento da información que regulamentariamente se lles deba subministrar ás autoridades marítimas.

f) O incumprimento das obrigas de servizo público impostas ás empresas navieiras titulares de liñas regulares ou servizos non regulares de navegación interior, de cabotaxe, exterior ou extranacional.

g) A falta de cumprimento das obrigas derivadas das disposicións que se diten en aplicación do previsto nesta lei, sobre coordinación dos portos do Estado e da Mariña Mercante coas necesidades da defensa nacional e a seguridade pública.

4. Infraccións relativas á prevención da contaminación do medio mariño producida desde buques ou plataformas fixas ou outras instalacións que se encontren en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición:

a) A evacuación deliberada desde buques ou plataformas fixas ou outras construcións que se encontren en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, de residuos, refugallo ou outras materias cargadas a bordo ou depositadas con tal propósito, salvo cando se conte coa debida autorización de vertedura ou esta non sexa exigible segundo o previsto na lexislación específica vixente.

b) Levar a cabo con deliberación a contaminación do medio mariño polo afundimento de buques ou a destrución de plataformas fixas ou outras construcións que se encontren en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, coas mesmas excepcións sinaladas no parágrafo anterior.

c) A evacuación deliberada de refugallo ou outras materias resultante directa ou indirectamente das operacións normais dos buques, plataformas fixas ou outras construcións que se encontren en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, cando tales evacuacións se produzan en contravención da lexislación vixente sobre a materia.

d) A introdución deliberada, de modo directo ou indirecto, no medio mariño de substancias, materiais ou formas de enerxía que poidan constituír un perigo para a saúde humana, prexudicar os recursos turísticos, paisaxísticos ou biolóxicos e a vida mariña, reducir as posibilidades de espaxemento ou obstaculizar outros usos legais dos mares, na medida en que esta introdución sexa contraria á lexislación vixente ou non conte coa debida autorización.

5. Infraccións na prestación de servizos portuarios:

a) Prestación de servizos portuarios sen o debido título habilitante.

b) Incumprimento grave ou reiterado das obrigas de servizo público.

c) Incumprimento das instrucións ditadas polos organismos portuarios, no ámbito das súas competencias, sobre salvagarda da libre competencia.

d) Incumprimento grave ou reiterado polos titulares das licenzas das condicións esenciais que se lles impoñan.

Artigo 309. *Prescripción.*

1. O prazo de prescripción das infraccións será de cinco anos para as moi graves, tres anos para as graves e un ano para as leves.

O prazo comezará a contar desde a total consumación da conduta constitutiva da infracción.

2. No suposto de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma.

No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción foren descoñecidos por careceren de signos externos, o dito prazo computarase desde que estes se manifesten.

3. Non obstante, calquera que sexa o tempo transcorrido desde a comisión da infracción, exixirase a restitución das cousas e a súa reposición ao seu estado anterior.

4. Considerarase que unha construción ou instalación está totalmente terminada cando estea disposta para servir ao fin previsto sen necesidade de ningunha actuación posterior. Para tal efecto, a data de terminación será constatada pola autoridade portuaria e, subsidiariamente, por esta orde, a de licenza, permiso ou autorizacións de funcionamento ou servizo, ou o certificado final de obra suscrito por técnico competente.

Artigo 310. *Responsables.*

Serán responsables da infracción as persoas físicas ou xurídicas seguintes:

1. Supostos de infraccións en materia de usos e actividades portuarias:

a) No caso de incumprimento das condicións dunha licenza ou título administrativo, o seu titular.

b) Noutros casos de infraccións relacionadas co buque, o navieiro ou, no seu defecto, o capitán do buque, sen prexuízo das responsabilidades que lle poidan corresponder ao titular da licenza de prestación do servizo de pilotaxe portuaria e ao piloto de porto no exercicio da súa función, de acordo coa súa regulación específica.

Cando as infraccións estean relacionadas coa estadía do buque en porto, o consignatario será responsable solidario co navieiro.

c) No caso de infraccións atribuídas á manipulación de mercadorías, con carácter solidario, o persoal que as manipule e a empresa estibadora responsable da execución das ditas operacións e, subsidiariamente, o consignatario das mercadorías.

d) No caso previsto no artigo 306.1.g), as entidades obrigadas a facilitar esta información.

e) No caso das accións ou omisións a que se refire o artigo 306.1.h) e j), o autor ou responsable da acción ou omisión e, solidariamente, de ser o caso, a empresa responsable da prestación do servizo con que o autor teña relación laboral no momento de producir os ditos danos ou prexuízos.

f) No caso previsto no artigo 307.1.d), as entidades responsables do transporte das mercadorías perigosas e, subsidiariamente, as obrigadas a facilitar a información de acordo coas regulamentacións sobre a materia.

g) No caso previsto no artigo 307.1.e), as persoas que ofrezan ou entreguen o diñeiro ou os regalos e os traballadores que os soliciten ou reciban.

h) No caso da realización de obras sen título administrativo suficiente, o promotor da actividade, o empresario que a executa e o técnico director desta.

i) No caso de infraccións na prestación de servizos portuarios, o titular da licenza de prestación do servizo portuario ou quen preste o servizo sen título habilitante.

2. Supostos de infraccións en materia de mariña civil:

a) Nas infraccións cometidas con ocasión da navegación marítima de buques civís non mercantes, ou con motivo da instalación de plataformas fixas ou outras construcións situadas fóra da zona de servizo dos portos, a persoa física ou xurídica titular da actividade empresarial que realice o buque, a plataforma ou construción ou, no caso de buques utilizados exclusivamente na navegación de lecer, a persoa física ou xurídica propietaria da embarcación, ou a que sexa directamente responsable da infracción. Nestes supostos serán responsables subsidiarios os capitáns ou patróns dos buques.

b) Nas infraccións cometidas con ocasión da navegación marítima de buques mercantes, a empresa navieira titular da actividade ou, no seu defecto, o capitán do buque.

c) Nas infraccións cometidas por usuarios e, en xeral, por terceiros que, sen estar comprendidos nas anteriores alíneas, realicen actividades que se vexan afectadas pola lexislación reguladora da mariña mercante, a persoa física ou xurídica á cal vaia dirixido o precepto infrinxido ou á que as normas correspondentes lle atribúan especificamente a responsabilidade.

d) Das infraccións por contaminación do medio mariño producidas desde buques serán solidariamente responsables o navieiro, o propietario, o asegurador da responsabilidade civil e o capitán do buque. De a infracción se cometer desde plataformas fixas ou outras instalacións que se encontren en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, serán solidariamente responsables o propietario destas, o titular da actividade empresarial, de ser o caso, e o asegurador da actividade.

Así mesmo, os suxeitos responsables citados quedarán solidariamente obrigados a reparar o dano causado e a Administración competente poderá executar ou encomendar á súa custa as operacións que, con carácter de urxencia, poidan resultar necesarias para a preservación do ambiente.

3. As disposicións sobre infraccións e sancións en materia de mariña civil non resultarán de aplicación ás persoas non nacionais, embarcadas a bordo de buques estranxeiros, aínda que se encontren en zonas sometidas á xurisdición española, sempre que o feito afecte exclusivamente a orde interior do buque e participasen nel unicamente súbditos estranxeiros.

Nestes casos, as autoridades españolas limitaranse a prestarlles aos capitáns e cónsules do país da bandeira os auxilios que soliciten e sexan procedentes de acordo co dereito internacional.

4. As sancións que se impoñan aos distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente, salvo que se estableza un réxime diferente nesta lei.

CAPÍTULO II

Sancións e outras medidas

Sección 1.^a Disposicións xerais

Artigo 311. *Principios xerais.*

1. As accións ou omisións que sexan constitutivas de infracción serán sancionadas segundo as disposicións contidas nesta lei.

2. Se un mesmo feito ou omisión for constitutivo de dúas ou máis infraccións, tomarase en consideración unicamente aquela que comporte a maior sanción. Non obstante, os titulares de concesións outorgadas conforme esta lei poderán ser sempre sancionados polas infraccións que nela se establecen, con independencia doutras responsabilidades que, de ser o caso, sexan exhibibles.

3. Cando a infracción puiden ser constitutiva de delito ou falta, darase traslado ao Ministerio Fiscal, e suspenderase o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme ou resolución que poña fin ao proceso.

A sanción penal excluírá a imposición de sanción administrativa.

De non se considerar a existencia de delito ou falta, a Administración continuará o expediente sancionador, tendo en conta, de ser o caso, os feitos declarados probados na resolución do órgano xudicial competente.

En todo caso, deberanse cumprir de xeito inmediato as medidas administrativas adoptadas para salvagardar a actividade portuaria, a seguridade marítima e a ordenación

do tráfico marítimo e para a prevención da contaminación do medio mariño, sen que a suspensión do procedemento sancionador se poida estender á executividade das medidas para establecer a orde xurídica vulnerada.

4. Así mesmo, iniciaranse os procedementos de suspensión dos efectos e a anulación ou resolución dos actos administrativos ou contratos en que presuntamente se puidese amparar a actuación ilegal.

5. Nos casos en que esta lei prevexa responsabilidade administrativa solidaria de empresa e traballadores, non procederá a imposición de sanción administrativa ao traballador cando este fose xa sancionado polo empresario como consecuencia dos mesmos feitos.

Sección 2.^a Sancións aplicables

Artigo 312. Multas e sancións accesorias.

1. As infraccións leves serán sancionadas con multas de ata 60.000 euros.
2. No caso de infracción grave, a sanción será:
 - a) Para as infraccións relativas ao uso do porto e ao exercicio das actividades que se prestan nel:
 - 1.º Nos supostos do artigo 307.1.b), c), e), f), g) e h), multa de ata 120.000 euros.
 - 2.º Nos supostos do artigo 307.1.a) e d), multa de ata 300.000 euros.
 - b) Nas infraccións contra a seguridade marítima, multa de ata 180.000 euros.
 - c) Nas infraccións contra a ordenación do tráfico marítimo, multa de ata 120.000 euros.
 - d) Nas infraccións por contaminación do medio mariño, multa de ata 601.000 euros.
 - e) Nas infraccións na prestación de servizos portuarios, multa de ata 602.000 euros.
3. En caso de infracción moi grave, a sanción será:
 - a) Para as infraccións relativas ao uso do porto e ao exercicio das actividades que se prestan nel:
 - 1.º Nos supostos do artigo 308.1.c), multa do 50 por 100 do valor das obras e instalacións.
 - 2.º No resto dos supostos, multa de ata 601.000 euros.
 - b) Nas infraccións contra a seguridade marítima, multa de ata 901.000 euros.
 - c) Nas infraccións contra a ordenación do tráfico marítimo, multa de ata 300.000 euros.
 - d) Nas infraccións por contaminación do medio mariño, multa de ata 3.005.000 euros.
 - e) Nas infraccións na prestación de servizos portuarios, multa de ata 3.005.000 euros.
4. No suposto de infracción grave ou moi grave por reincidencia en faltas leves ou graves, respectivamente, antes do prazo previsto para a súa prescrición, a multa obterase pola suma das establecidas para cada unha destas.
5. A contía da multa fixada de conformidade coas regras establecidas nos números anteriores poderase condonar parcialmente mediante acordo do órgano competente para a súa imposición, e sempre que o infractor procedese a corrixir a situación creada pola comisión da infracción, logo de requirimento e no prazo que regulamentariamente se determine.
6. Para os supostos de infraccións moi graves poderase acordar a retención do buque ou impedir a súa entrada ou as operacións da súa carga e descarga como sanción complementaria á que en cada caso proceder.

7. No suposto do artigo 308.2.b), a multa suporá a anulación da homologación oficial do prototipo.

8. No caso de infraccións moi graves, no que se refire ao uso do porto e as súas instalacións, realizadas no exercicio das actividades de utilización do dominio público portuario a que se refiren os artigos 72 e 73 desta lei, o Ministerio de Fomento poderá declarar, por proposta de Portos do Estado, a inhabilitación temporal dos infractores por un prazo máximo de tres a cinco anos para ser titulares de autorizacións e concesións, respectivamente, no ámbito do porto correspondente ou para o desempeño de actividades portuarias.

9. No caso das autorizacións de prestación de servizos ou de actividade e das licenzas de prestación de servizos portuarios, as infraccións relativas ao seu uso ou ás actividades que nel se prestan poderán comportar, ademais, a suspensión temporal da actividade ou do servizo, de acordo cos seguintes criterios:

- a) Infraccións leves: suspensión por un período non superior a un mes.
- b) Infraccións graves: suspensión por un período non superior a seis meses.
- c) Infraccións moi graves: suspensión e inhabilitación temporal por un período non superior a cinco anos para desempeñar calquera actividade ou prestar calquera servizo no suposto de que se trate.

10. Nos supostos de infraccións graves ou moi graves contra a seguridade marítima, cometidas polo capitán ou o patrón do buque, o piloto de porto de servizo ou demais membros da dotación, o director xeral da Mariña Mercante poderá declarar, para as graves, e o ministro de Fomento, por proposta da Dirección Xeral da Mariña Mercante, para as moi graves, a suspensión do título profesional de acordo cos seguintes criterios:

- a) Infraccións graves: suspensión por un período non superior a un ano.
- b) Infraccións moi graves: suspensión por un período entre un e cinco anos.

11. As sancións impostas por infraccións graves ou moi graves, unha vez firmes, faranse públicas na forma que regulamentariamente se estableza.

12. O prazo de prescrición das sancións será de cinco anos para as correspondentes a infraccións moi graves, de tres anos para as graves e dun ano para as leves.

13. No caso de que os recoñecementos efectuados a buques mercantes españois e estranxeiros confirmen ou revelen deficiencias que teñan como consecuencia a medida de policía administrativa de prohibir a navegación do buque, imporase como sanción accesoria á multa o pagamento de todos os custos de inspección.

O custo da hora de inspección determinarao o ministro de Fomento.

Artigo 313. *Medidas non sancionadoras.*

1. As accións ou omisións que sexan constitutivas de infracción darán lugar, ademais de á imposición da sanción que proceda, á adopción, de ser o caso, das seguintes medidas:

- a) A restitución das cousas ou a súa reposición ao seu estado anterior.
- b) A indemnización dos danos irreparables por contía igual ao valor dos bens destruídos ou da deterioración causada, así como dos prexuízos ocasionados, no prazo que se fixe.

Cando o beneficio que se deduza para o infractor das accións ou omisións constitutivas de infracción sexa superior á indemnización, tomarase para a fixación desta, como mínimo, a contía daquel.

- c) A caducidade do título administrativo, cando sexa procedente, por incumprimento das súas condicións.
- d) A denegación de escala, saída, carga ou descarga do buque nos casos en que legal ou regulamentariamente se estableza.
- e) A revogación da licenza, cando sexa procedente.

2. Con independencia da sanción que proceda, de ser o caso, impor, as autoridades portuarias poderán acordar a aplicación de multas coercitivas, que non terán carácter tributario, nos casos seguintes:

Nos casos de incumprimento da obriga de presentar en prazo a declaración ou manifesto de carga. A súa contía será dun 5, 10, 15 ou 25 por cento da cota íntegra da taxa da mercadoría (T-3), segundo que a declaración se presente respectivamente dentro dos tres, seis, doce ou máis de doce días seguintes ao termo do prazo voluntario de presentación.

Artigo 314. *Criterios de gradación.*

1. A contía das multas e a aplicación das sancións accesorias determinarase en función do beneficio obtido pola comisión da infracción, a relevancia externa da conduta infractora, a negligencia ou intencionalidade do suxeito infractor, o dano causado, o número de infraccións cometidas, así como por calquera outra circunstancia que poida incidir no grao de reprochabilidade da infracción, nun sentido atenuante ou agravante.

2. Aplicaranse analoxicamente, na medida do posible e coas matizacións e adaptacións que exixa a peculiaridade do sector administrativo de que se trata, as regras penais sobre exclusión da antixuridicidade e da culpabilidade, sen prexuízo de atender, para os idénticos efectos, a outras circunstancias relevantes no dito sector.

Artigo 315. *Competencia.*

1. A competencia para a imposición das sancións previstas nesta lei corresponderá:

a) Ao Consello de Administración da autoridade portuaria, para os supostos de infraccións leves relativas ao uso do porto e ao exercicio das actividades que se prestan nel.

b) Aos capitáns marítimos, nos supostos de infraccións leves contra a seguridade marítima e ordenación do tráfico marítimo ou as relativas á contaminación do medio mariño producida desde buques ou plataformas fixas ou outras instalacións que se encontren en augas situadas en zonas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.

c) Ao Consello de Administración da autoridade portuaria e ao director xeral da Mariña Mercante, no ámbito das súas competencias, para os supostos de infraccións graves tipificados nesta lei.

d) Ao ministro de Fomento, por proposta de Portos do Estado, ou do director xeral da Mariña Mercante, no ámbito das súas competencias, nos casos de infraccións moi graves, en contía inferior a 1.202.000 euros.

e) Ao Consello de Ministros, por proposta do ministro de Fomento, nos casos de infraccións moi graves, en contía superior á sinalada na alínea anterior do presente artigo.

2. Estes límites, así como a contía das multas, poderán ser actualizados ou modificados polo Goberno, de acordo coas variacións que experimente o índice de prezos de consumo xeral nacional.

3. O importe das multas e indemnizacións por infraccións relativas ao uso do porto e ao exercicio das actividades que se prestan nel, considerarase ingreso propio da autoridade portuaria en cuxo ámbito se cometese a infracción.

Sección 3.^a Indemnización por danos e perdas

Artigo 316. *Indemnización por danos e perdas.*

1. Cando a restitución e reposición ao estado anterior non for posible, e en todo caso, cando se producisen danos e perdas, os responsables da infracción deberán aboar as indemnizacións que procedan.

2. Cando o beneficio sexa superior á indemnización, tomarase para a fixación desta, como mínimo, a contía daquel.

3. Cando os danos foren de difícil avaliación, a autoridade portuaria ou marítima terá en conta para fixar a indemnización os seguintes criterios, e deberá aplicar o que proporcione o maior valor:

- a) Custo teórico da restitución e reposición.
- b) Valor dos bens danados.
- c) Beneficio obtido polo infractor coa actividade ilegal.

Sección 4.^a Procedemento, medios de execución e medidas cautelares

Artigo 317. Procedemento.

1. O persoal e os responsables da autoridade portuaria ou marítima estarán obrigados a formular as denuncias, tramitar as que se presenten e resolver as da súa competencia impoñendo as sancións procedentes.

2. Para os efectos indicados, o persoal con funcións de inspección ou control estará facultado para acceder ás superficies e instalacións obxecto de concesión ou autorización situadas na zona de servizo dos portos ou aos buques e plataformas de pavillón español ou, coas limitacións, de ser o caso, establecidas nos convenios internacionais subscritos por España, aos de pavillón estranxeiro que se encontren en augas situadas en zonas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición en que se deberían realizar as comprobacións e actuacións correspondentes, salvo que tiveren a consideración legal de domicilio, caso en que o labor inspector deberá axustarse ás regras que garanten a súa inviolabilidade.

3. Malia o anterior, para as infraccións relativas ao uso do porto e ao exercicio das actividades que se prestan nel, a incoación do procedemento sancionador e a adopción de medidas de restauración da orde xurídica vulnerada adecuaranse ao establecido na lexislación de costas, sen outra peculiaridade que o órgano competente para acordalas será a autoridade portuaria. En todo caso, correspóndelle a esta a adopción das medidas de restauración.

As infraccións previstas nesta lei serán sancionadas logo de instrución do oportuno expediente administrativo na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 318. Medidas para garantir o cobramento.

1. Tanto o importe das multas como o das indemnizacións por danos ou perdas causados poderá ser exixido pola vía administrativa de constrinximento.

2. Así mesmo, as autoridades portuarias e marítimas gozarán, para garantir o cobramento das multas e indemnizacións e o restablecemento da orde xurídica vulnerada, dos medios de execución forzosa recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na lexislación de costas.

Artigo 319. Obrigas de consignación dos feitos producidos.

Os capitáns dos buques estarán obrigados a consignar no diario de navegación ou no rol de despacho e dotación os feitos cometidos por persoas que se encontren a bordo durante a navegación e que, ao seu xuízo, poidan constituír infracción das previstas nesta lei. O asento será subscrito polo capitán e polo interesado ou, no caso de negarse este, por dúas testemuñas.

Artigo 320. *Retención de buques.*

O capitán marítimo poderá ordenar a inmediata retención do buque, como medida cautelar, co fin de asegurar as obrigas a que se refire o artigo 310.2.d) desta lei.

Esta retención poderá ser substituída por aval ou garantía suficiente a xuízo da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

O órgano competente para o exercicio da potestade sancionadora poderá, en calquera momento do procedemento sancionador e mediante acordo motivado, ordenar a inmediata retención do buque como medida cautelar para asegurar a eficacia da resolución que puiden recaer, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento ou efectos da infracción e as exixencias dos intereses xerais, sempre que se trate de infraccións graves ou moi graves a que se refire esta lei. Para iso poderá solicitar da autoridade gubernativa correspondente a colaboración das forzas e corpos de seguridade, cando for necesario.

Esta retención poderá ser substituída por aval ou garantía suficiente.

Excepcionalmente, cando se requira a asunción inmediata da retención do buque como medida cautelar, esta poderá ser imposta polo director da autoridade portuaria.

Disposición adicional primeira. *Zona de servizo.*

Cando aínda non se delimitase a zona de servizo mediante a aprobación dun plan de utilización de espazos portuarios ou dun instrumento de delimitación dos espazos e usos portuarios, considerarase zona de servizo dos portos de competencia estatal o conxunto dos espazos de terra incluídos na zona de servizo existente no momento da entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e as superficies de auga comprendidas nas zonas I e II delimitadas para cada porto para os efectos tarifarios, de acordo coa normativa vixente.

Disposición adicional segunda. *Zona contigua.*

Na zona contigua definida no artigo 8.1 desta lei, o Goberno poderá adoptar as medidas de fiscalización necesarias para:

- a) Previr no territorio nacional ou no mar territorial as infraccións das leis e regulamentos alfandegueiros, de contrabando, fiscais, de inmigración ou sanitarios.
- b) Sancionar as ditas infraccións.

Disposición adicional terceira. *Capitanías e capitáns de porto.*

Toda referencia normativa feita ás capitanías de porto ou aos capitáns de porto deberase entender feita ás capitanías marítimas ou aos capitáns marítimos a que se refire o artigo 266 desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Colaboración interministerial.*

1. Os departamentos da Administración xeral do Estado e os demais organismos das administracións públicas poderán solicitar a colaboración dos servizos do Ministerio de Fomento cando necesidades de interese xeral así o requiran.

Así mesmo, o Ministerio de Fomento poderá solicitar a colaboración dos servizos adscritos aos referidos departamentos ou organismos que realicen funcións no ámbito portuario ou marítimo, sempre que concorran necesidades de interese xeral.

2. O Ministerio de Fomento poderá solicitar do Ministerio do Interior a colaboración dos seus servizos marítimos cando así o requiran necesidades de interese xeral no ámbito da mariña civil, da seguridade de persoas ou cousas, ou do transporte marítimo.

Disposición adicional quinta. *Política de defensa nos ámbitos portuario e marítimo.*

1. De conformidade co establecido na lexislación reguladora da defensa nacional, o Ministerio de Fomento é o órgano da Administración xeral do Estado con competencia en todo o territorio nacional para executar a política de defensa nos portos e no sector da mariña mercante, baixo a coordinación do ministro de Defensa.

2. No marco das funcións relacionadas coa defensa civil, correspóndelle ao Ministerio de Fomento, en coordinación co de Defensa, estudar, planificar, programar, executar e inspeccionar cantos aspectos ou actuacións se relacionen coa achega de recursos dependentes do departamento á defensa nacional, no ámbito dos portos que dependan da Administración xeral do Estado e no da mariña mercante.

De igual xeito, desenvolverá as mesmas funcións no que se refire á mobilización das persoas, dos bens e dos servizos de acordo cos plans sectoriais e ministeriais de mobilización.

Para estes efectos, disporanse permanentemente actualizados cantos mecanismos de transformación da organización civil da mariña mercante sexan precisos.

3. O Ministerio de Fomento desenvolverá as normas e os procedementos precisos para:

a) O coñecemento por parte do Ministerio de Defensa dos efectivos, características e situación da frota mercante, así como a achega de continxentes da dita frota á Armada en situacións de crise.

b) Impor obrigas de servizo público por motivos de defensa nacional ou en situacións de crise ou coa finalidade de garantir a súa prestación baixo condicións de continuidade e regularidade, sen prexuízo das indemnizacións que puidesen resultar aplicables conforme a lexislación vixente.

c) Dispor que toda empresa navieira española con sucursais ou centros de actividade situados fóra do territorio nacional contribúa cos seus medios ao mantemento do sistema e das necesidades da defensa nacional.

d) A notificación polas empresas navieiras españolas de cantos contratos de arrendamento ou fretamento de buques mercantes españois concerten con empresas estranxeiras.

e) A comunicación, polos capitáns dos buques mercantes españois que se encontren en navegación, da súa posición xeográfica á Dirección Xeral da Mariña Mercante, especialmente en situacións de crise ou de tensión internacional, dando aquela conta da dita información ao Cuartel Xeral da Armada.

4. O establecido no número anterior en relación coa frota mercante entenderase aplicable a outros buques civís cando o seu emprego sexa necesario para a consecución das necesidades da defensa nacional.

Disposición adicional sexta. *Transformación das xuntas de portos e portos autónomos e creación da Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima.*

1. As autoridades portuarias previstas na sección 2.^a do capítulo II do título I do libro primeiro desta lei son as sucesoras, en virtude da transformación disposta pola Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e coa denominación de «Autoridade Portuaria de» seguida do nome do porto correspondente, ou organismos autónomos xuntas de porto e as entidades públicas portos autónomos existentes no momento da entrada en vigor da referida lei, cos seguintes efectos:

a) A súa subrogación na posición dos aludidos organismos e entidades transformados nas relacións xurídicas das que estes sexan parte.

b) A adscrición dos bens de dominio público afectos aos organismos e entidades transformados, así como os incluídos nas zonas I e II a que fai referencia a disposición adicional primeira, ás correspondentes autoridades portuarias, conservando a súa cualificación xurídica orixinaria.

c) A transferencia ao patrimonio de cada unha das autoridades portuarias que teñan encomendada a xestión do porto en cuxa localidade teñan o seu domicilio social da participación no capital das sociedades estatais de estiba e desestiba de buques da Administración xeral do Estado.

d) O dereito de opción dos funcionarios destinados nas xuntas de porto, nos servizos periféricos da Comisión Administrativa de Grupos de Portos e nos portos autónomos, exercitable entre a entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e ata o 31 de decembro de 1992, por:

1.º Incorporación como persoal laboral ás autoridades portuarias que respectivamente asuman as competencias dos referidos organismos, con:

1.1 Recoñecemento da antigüidade que lles corresponda para efectos da percepción do correspondente complemento retributivo, quedando nos seus corpos de orixe na situación de excedencia voluntaria prevista na lexislación reguladora da función pública.

1.2 Posibilidade de totalización no réxime xeral da Seguridade Social e segundo as normas contidas no Real decreto 691/1991, do 12 de abril, dos períodos de servizo acreditados no réxime de clases pasivas do Estado para os efectos de dereitos pasivos.

1.3 Antigüidade, para os efectos do cálculo de indemnizacións por extinción do contrato de traballo con posterioridade á adquisición da condición de persoal laboral, da data de adquisición desta, excepto no caso de renuncia expresa á condición de funcionario no momento de se adquirir aquela condición, co alcance previsto na lexislación reguladora da función pública, con cómputo da antigüidade, neste último suposto, desde o ingreso na Administración pública.

2.º Permanencia na situación administrativa de servizo activo, reintegrándose ao departamento a que figura adscrito o seu corpo ou escala.

e) Incorporación do persoal laboral dos organismos e entidades sucedidos ás autoridades portuarias correspondentes, coa referida condición, respecto dos seus dereitos laborais e asignación das tarefas e funcións que correspondan á súa titulación académica e capacidade profesional, de acordo coa estrutura orgánica correspondente e con independencia das que desempeñasen ata o momento da súa integración.

f) Declaración de a extinguir do corpo de técnicos mecánicos de sinais marítimas.

g) Adscrición ás autoridades portuarias, nos termos dispostos polo Ministerio de Fomento, das obras e instalacións de iluminación de costas e sinalización marítima e dos terreos afectados ao servizo destas.

2. Ao persoal afectado pola creación da Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima aplícanse as seguintes regras:

a) Os funcionarios poden exercer, nos mesmos prazos e condicións, a opción prevista na alínea d) do número anterior.

b) O persoal laboral incorpórase á citada sociedade nos termos previstos na alínea e) do número anterior.

Disposición adicional sétima. *Transformación da Dirección Xeral de Portos e da Comisión Administrativa de Grupos de Portos.*

1. Desde a súa constitución e entrada en funcionamento, conforme a disposición derradeira primeira da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, o organismo público Portos do Estado integra, en virtude da simultánea supresión e extinción da Dirección Xeral de Portos e do organismo autónomo de carácter comercial Comisión Administrativa de Grupos de Portos, os

servizos daquela dirección xeral e os centrais deste organismo autónomo, cos seguintes efectos:

a) Dereito de opción dos funcionarios destinados nuns e noutros servizos, exercitable desde a entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, ata o 31 de decembro de 1992, por:

1.º Integración como persoal laboral de Portos do Estado, con recoñecemento da antigüidade que lles corresponda para os efectos da percepción do correspondente complemento retributivo, quedando nos seus corpos de orixe na situación de excedencia voluntaria prevista na lexislación reguladora da función pública.

Con posibilidade de totalización dos períodos de servizos acreditados no réxime de clases pasivas do Estado no réxime xeral da Seguridade Social, para os efectos de dereitos pasivos, segundo as normas contidas no Real decreto 691/1991, do 12 de abril.

E con antigüidade para os efectos do cálculo de indemnizacións por extinción do contrato de traballo con posterioridade á adquisición da condición de persoal laboral, da data de adquisición desta, excepto no caso de renuncia expresa á condición de funcionario, no momento de se adquirir aquela condición, co alcance previsto na lexislación reguladora da función pública, con cómputo da antigüidade, neste último suposto, desde o ingreso na Administración pública.

2.º Permanecer na situación administrativa de servizo activo, reintegrándose ao departamento a que figura adscrito o seu corpo ou escala.

b) Integración do persoal con contrato laboral coa Dirección Xeral de Portos, mesmo o do Programa de clima marítimo e banco de datos oceanográficos, e o persoal laboral dos servizos centrais da Comisión Administrativa de Grupos de Portos, como persoal de Portos do Estado.

2. A integración como persoal laboral de Portos do Estado, resultante da aplicación do disposto no número anterior, efectúase con respecto dos seus dereitos laborais e asignación das tarefas e funcións que correspondan á súa titulación académica e capacidade profesional, de acordo coa estrutura orgánica pertinente e con independencia das que desempeñasen ata o momento da súa integración.

3. Portos do Estado sucede ao organismo autónomo a que se refire o punto primeiro na titularidade do seu patrimonio e queda subrogado na mesma posición nas relacións xurídicas en que fose parte.

Disposición adicional oitava. *SAXEP. Transformación e adaptación.*

1. Transformación das agrupacións portuarias de interese económico.

a) No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, as asembleas de socios das agrupacións portuarias de interese económico constituídas de conformidade coa Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral, deberán acordar necesariamente a transformación da agrupación nunha sociedade anónima de xestión dos estibadores portuarios (SAXEP) das reguladas nesta lei.

b) A transformación rexerese polo disposto nesta lei e, no non previsto nela, pola Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.

c) A transformación non cambiará a personalidade xurídica da sociedade, que continuará subsistindo baixo a nova forma, mantendo as súas relacións xurídicas e subrogándose nos seus dereitos e obrigas.

2. Adaptación das sociedades estatais de estiba e desestiba.

a) No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, as xuntas xerais de accionistas das sociedades estatais de estiba e desestiba que aínda non se transformasen en agrupacións portuarias de interese económico, de acordo co

previsto na Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral, deberán acordar necesariamente a súa adaptación ás sociedades anónimas de xestión dos estibadores portuarios (SAXEP) das reguladas no capítulo VI do título VI.

b) A adaptación a que se refire o punto anterior réxese polo disposto nesta lei e, non previsto nela, polo disposto no Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, de sociedades de capital, considerando a adaptación como un proceso de modificación dos estatutos.

c) A autoridade portuaria e o resto de accionistas que non teñan a obriga de pertencer á SAXEP separaranse da sociedade no prazo máximo dun mes contado desde a publicación do acordo de adaptación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil», tendo dereito ao reembolso do valor real da súa participación na forma prevista para estes efectos no artigo 348 do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, de sociedades de capital, para os casos de substitución do obxecto social.

4. No caso de que o informe do auditor de contas que determine o valor real das accións da sociedade estatal estableza que o patrimonio neto da sociedade é negativo, o acordo de adaptación deberá incluír a realización previa de achegas suficientes para transformar o patrimonio neto negativo en positivo, así como o restablecemento do equilibrio entre o capital social e o patrimonio neto da sociedade.

Disposición adicional novena. *Dereitos dos traballadores.*

1. Os traballadores que no momento de tomar o acordo de transformación ou adaptación citado na disposición adicional anterior pertencen, respectivamente, aos cadros de persoal das agrupacións portuarias de interese económico ou ás sociedades estatais de estiba e desestiba, continuarán integrados, cos mesmos dereitos e obrigas anteriores á transformación ou adaptación, nos cadros de persoal das correspondentes sociedades anónimas de xestión dos estibadores portuarios. Así mesmo, os traballadores provenientes das agrupacións ou das sociedades estatais de estiba e desestiba, contratados en relación laboral común polos titulares de licenzas do servizo de manipulación de mercadorías, manterán os seus dereitos de restablecer a relación laboral especial na SAXEP.

2. Se no prazo de dous anos desde a adaptación da Sociedade Estatal de Estiba e Desestiba á SAXEP, o empresario der lugar á extinción do contrato de traballo do persoal non estibador que viñese prestando servizos cunha antigüidade mínima dun ano na mencionada sociedade estatal no momento da entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, o traballador afectado terá dereito a percibir a indemnización legal que lle corresponda ou, á súa opción, ingresar como persoal laboral na autoridade portuaria no ámbito da cal operase a sociedade estatal, nas condicións existentes na autoridade portuaria, que deberán ser acordadas coa súa cualificación profesional e co recoñecemento da antigüidade que teña acreditada. O traballador non poderá exercer este dereito de opción cando a extinción unilateral do contrato de traballo for por despedimento disciplinario declarado procedente ou polas causas obxectivas previstas nos parágrafos a), b) ou d) do artigo 52 do Estatuto dos traballadores.

Disposición adicional décima. *Autorización extraordinaria de atracada nos portos españois.*

O ministro de Fomento poderá acordar, con carácter imperativo, que se adopten todas as medidas necesarias para garantir a atracada nun porto español específico dun determinado buque ou grupo de buques, cando concorran acreditadas razóns de defensa, orde pública ou calquera outra causa de interese público que así o requira, sen prexuízo das competencias atribuídas ao director xeral da Mariña Mercante, previstas no número 2 do artigo 299.

A autoridade portuaria ou a Administración autonómica, no caso de portos da súa competencia, afectada pola decisión sinalada no parágrafo anterior será oída, sempre que sexa posible, nas 48 horas previas á adopción do acordo, e deberá en todo caso prestar a colaboración necesaria para a execución da decisión adoptada.

Disposición adicional décimo primeira. *Mantemento da titularidade das comunidades autónomas en materia portuaria.*

Sen prexuízo da posibilidade de aplicación do establecido nos seus artigos 4.2 e 4.3, esta lei non afectará a titularidade das comunidades autónomas sobre todos aqueles portos ou instalacións marítimas incluídos expresamente nos correspondentes decretos de transferencia ou nas actas de adscrición do dominio público marítimo-terrestre subscritas pola Administración xeral do Estado e a correspondente comunidade autónoma.

Disposición adicional décimo segunda. *Reserva de aplicación da lexislación sobre hidrocarburos.*

O disposto nesta lei non exclúe a aplicación da lexislación sobre investigación, explotación e explotación de hidrocarburos, no que se refire ás actividades que se desenvolvan desde plataformas ou instalacións que ocupen dominio público portuario.

Disposición adicional décimo terceira. *Obrigas de información.*

O Ministerio de Fomento facilitaralle ao Ministerio de Política Territorial e Administración Pública, dentro do primeiro trimestre de cada ano e referida ao 31 de decembro do ano anterior, a seguinte información relativa ao sistema portuario:

- a) As auditorías e controis de xestión realizados polo Ministerio de Fomento a Portos do Estado, ás distintas autoridades portuarias e á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima, durante o ano que acaba na data de referencia.
- b) As estruturas orgánicas básicas, con expresión dos distintos niveis directivos, de cada entidade portuaria.
- c) Os cadros de persoal laboral de todas as entidades anteriores, incluíndo categorías profesionais e niveis de retribución anuais.

Disposición adicional décimo cuarta. *Subcomisión de transportes, portos e aeroportos.*

No seo da Comisión Mixta creada polo artigo 14 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, existirá unha subcomisión de transportes, portos e aeroportos, á cal lle corresponderá a análise, a proposta á Comisión Mixta e o seguimento de todo o relativo ao transporte aéreo e marítimo de persoas e mercadorías, co obxecto de garantir o óptimo desenvolvemento das medidas que nesta materia se conteñen nas normas reguladoras do réxime económico e fiscal das Illas Canarias.

Disposición adicional décimo quinta. *Obras e instalacións portuarias de telecomunicación portuaria en Canarias.*

As obras de infraestrutura e as instalacións de telecomunicación portuaria que permitan ou faciliten a conexión do territorio do arquipélago canario co resto do territorio nacional ou interconecten os principais núcleos urbanos de Canarias ou as diferentes illas entre si, consideraranse de interese xeral, para os efectos do previsto no artigo 95 da Lei 20/1991, do 7 de xuño.

Disposición adicional décimo sexta. *Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras.*

1. Obxecto, réxime xurídico e normas de funcionamento.

a) Créase un Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, no cal se poderán inscribir os buques e as empresas navieiras sempre que reúnan os requisitos previstos nesta disposición adicional.

b) O Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras estará situado no territorio da Comunidade Autónoma de Canarias.

c) O Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras é un rexistro público de carácter administrativo, que se rexerá polo establecido nesta disposición adicional e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Xestión e administración do rexistro.

a) A xestión e administración do Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras realizarase a través de dúas oficinas de xestión, adscritas ao Ministerio de Fomento, unha con sede nas Palmas de Gran Canaria, e outra con sede en Santa Cruz de Tenerife, incardinadas nas capitanías marítimas das provincias citadas.

b) En todo caso, o Ministerio de Fomento terá as competencias para conceder a inscrición e a baixa no Rexistro Especial, para determinar as características da dotación dos buques, as súas inspeccións e aqueloutros trámites administrativos que habilitan a normal operatividade dos buques.

3. Matrícula, abandeiramento e patente de navegación dos buques.

a) A inscrición de buques no Rexistro Especial suporá a baixa simultánea, de ser o caso, no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

b) A patente de navegación dos buques inscritos no Rexistro Especial será outorgada polo ministro de Fomento e expedida polo director xeral da Mariña Mercante.

c) Esta patente habilitará os buques para navegar baixo pavillón español e lexitimará os capitáns para o exercicio das súas funcións a bordo dos ditos buques.

d) Ás empresas navieiras titulares de buques de pavillón estranxeiro non se lles exixirá a presentación do certificado de baixa no rexistro de bandeira de procedencia para o abandeiramento provisional en España.

4. Requisitos de inscrición das empresas navieiras e dos buques.

a) Poderán solicitar a súa inscrición no Rexistro Especial as empresas navieiras que teñan en Canarias o seu centro efectivo de control, ou que, téndoo no resto de España ou no estranxeiro, contén cun establecemento ou representación permanente en Canarias, a través do cal vaian exercer os dereitos e cumprir as obrigas atribuídas a elas pola lexislación vixente.

Para a inscrición das empresas navieiras será necesaria unicamente a achega do certificado da súa inscrición no Rexistro Mercantil onde se reflicta que o obxecto social inclúe a explotación económica de buques mercantes baixo calquera modalidade que asegure a dispoñibilidade sobre a totalidade do buque.

Tamén poderán solicitar a súa inscrición no Rexistro Especial os organismos públicos ou a Administración pública que, cumprindo os requisitos anteriormente establecidos, posúan a titularidade ou a posesión por calquera título que garanta a dispoñibilidade sobre a totalidade dos buques civís a que se refire o punto 4.2.a), achegando unha certificación do órgano competente que acredite a titularidade ou posesión do buque.

b) As empresas a que se refire o número anterior poderán solicitar a inscrición no Rexistro Especial daqueles buques que cumpran os seguintes requisitos:

1.º Tipo de buques: todo buque civil apto para a navegación cun propósito mercantil, excluídos os dedicados á pesca, xa estean os buques construídos ou en construción. Consideraranse tamén inscribibles os buques civís de titularidade ou posesión pública que desempeñen funcións que poidan ter propósito mercantil se pertencen ao sector privado.

2.º Tamaño mínimo: 100 GT.

3.º Título de posesión: as empresas navieiras deberán ser propietarias ou arrendatarias financeiras dos buques cuxa inscrición solicitan; ou ben ter a posesión daqueles baixo contrato de arrendamento a casco nu ou outro título que comporte o control da xestión náutica e comercial do buque.

4.º Condicións dos buques: os buques procedentes doutros rexistros que se pretendan inscribir no Rexistro Especial deberán xustificar o cumprimento das normas de seguridade establecidas pola lexislación española e polos convenios internacionais suscritos por España, polo que poderán ser obxecto dunha inspección con carácter previo á súa inscrición no Rexistro Especial, nas condicións que determine o Ministerio de Fomento.

c) Con carácter previo á matriculación dun buque no Rexistro Especial, o seu titular deberá achegar o xustificante que acredite o pagamento dos tributos de alfándegas, no caso de buques importados suxeitos a esta formalidade.

5. Outras regras de inscrición.

Poderanse inscribir no Rexistro Especial os buques das empresas navieiras que cumpran os requisitos do número anterior e a normativa comunitaria en materia de axudas de Estado ao transporte marítimo.

6. Dotacións dos buques.

A dotación dos buques inscritos no Rexistro Especial deberá reunir as seguintes características:

a) Nacionalidade: o capitán e o primeiro oficial dos buques deberán ter, en todo caso, a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, salvo nos supostos en que a Administración marítima estableza que estes empregos deben ser desempeñados por cidadáns de nacionalidade española por implicar o exercicio efectivo de forma habitual de prerrogativas de poder público que non representen unha parte moi reducida das súas actividades.

O resto da dotación deberá ser de nacionalidade española ou dalgún outro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, cando menos, no seu 50 por cento.

Malia o anterior, cando non haxa dispoñibilidade de tripulantes de nacionalidade española ou dalgún outro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, cando medien razóns de viabilidade económica do servizo de transporte, ou por calquera outra causa que poida ter unha incidencia fundamental na existencia do servizo, o Ministerio de Fomento poderá autorizar as empresas solicitantes para o emprego de tripulantes non nacionais dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo en proporción superior á expresada anteriormente, sempre que quede garantida a seguridade do buque e a navegación, tendo en conta as formalidades establecidas na normativa española vixente en materia de estranxeiría e inmigración.

b) Composición mínima: por instancia da empresa navieira, que en todo caso deberá acompañar a solicitude de inscrición do buque no rexistro, o Ministerio de Fomento fixará, antes de que se formalice a matrícula do buque no mencionado rexistro, a súa tripulación mínima, en función do tipo do buque, do seu grao de automatización e do tráfico a que estea destinado, axustándose ao mínimo compatible coa seguridade do buque e da navegación e aos compromisos internacionais asumidos por España.

Para estes efectos determinaranse as homologacións profesionais precisas para cubrir os postos que requiran unha especial cualificación técnica e terase en conta a posible polivalencia funcional das tripulacións derivadas dunha adecuada cualificación destas.

7. Normativa laboral e de seguridade social aplicable aos traballadores non nacionais.

As condicións laborais e de seguridade social dos traballadores non nacionais españois, empregados a bordo dos buques matriculados no Rexistro Especial, serán reguladas pola lexislación a que libremente se sometan as partes, sempre que esta respecte a normativa emanada da Organización Internacional do Traballo ou, en defecto

de sometemento expreso, polo disposto na normativa laboral e de seguridade social española, todo isto sen prexuízo da aplicación da normativa comunitaria e dos convenios internacionais subscritos por España.

8. Normativa aplicable en materia de xornada laboral e descansos.

En materia de xornada laboral e descansos, os buques inscritos no Rexistro Especial rexeranse polo disposto na Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e na normativa sectorial específica, constituída polo Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, ou a norma que o substitúa, con excepción do disposto no número 2 do artigo 35 do Estatuto dos traballadores, que non será de aplicación.

Disposición adicional décimo sétima. *Instalacións de avituallamento de combustibles.*

As autoridades portuarias, de conformidade co disposto nesta lei, adxudicarán un número mínimo de instalacións de avituallamento de combustibles dentro do dominio público portuario, nos termos e de acordo cos criterios que regulamentariamente se determinen; estes criterios terán en conta, entre outras circunstancias, a intensidade do tráfico, o volume de operacións comerciais, a superficie ocupada por cada porto, a súa situación estratéxica, a distancia a outros portos, as condicións de seguridade, a incidencia das operacións de avituallamento de combustibles no tráfico de buques e, en xeral, as que poidan afectar a seguridade na subministración e o bo desenvolvemento do tráfico e das operacións portuarias.

En todo caso, as instalacións de avituallamento de combustibles deberán cumprir os requisitos técnicos exixibles, así como as condicións de seguridade para as persoas e as cousas, e o titular da concesión deberá obter as licenzas, permisos e autorizacións conforme a lexislación vixente.

Disposición adicional décimo oitava. *Modificación do anexo III.*

Por orde do ministro de Fomento poderanse modificar os grupos e a asignación das mercadorías que figuran no anexo III.

Disposición adicional décimo novena. *Suspensión das normas que regulan o servizo de manipulación de mercadorías para a pesca conxelada.*

O Real decreto 2541/1994, do 29 de decembro, manterá a súa vixencia e efectos, respecto do réxime xurídico do servizo de manipulación de mercadorías, con carácter indefinido en canto á pesca conxelada ata que o Goberno considere pertinente levantar a súa suspensión cando a situación económica do sector pesqueiro o permita.

Disposición adicional vixésima. *Zona xeográfica de prestación do servizo de sinalización marítima.*

Mentres non se proceda a unha nova delimitación, a zona xeográfica en que cada autoridade portuaria prestará o servizo de sinalización marítima regulado no artigo 137 desta lei será a asignada a cada unha delas pola Orde ministerial do 28 de abril de 1994.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Prelación de créditos nos casos de venda xudicial de buques.*

Nos casos de venda xudicial dun buque para pagamento de acredores nos cales sexa parte a autoridade portuaria, as taxas devengadas por utilización especial das instalacións portuarias terán a consideración de créditos a favor da Facenda pública ou previstos no artigo 580.1 do Código de comercio, sempre que se xustifiquen por certificación expedida polo director da autoridade portuaria. Os créditos por tarifas devengadas por servizos comerciais prestados ao buque terán a prelación que resulta do artigo 580.3 do Código de comercio.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Determinación das contías básicas das taxas do buque, da pasaxe, da mercadoría, das embarcacións deportivas e de lecer, da taxa por utilización da zona de tránsito, da taxa de axudas á navegación, da tarifa fixa polo servizo de recepción de refugallos xerados por buques e dos coeficientes correctores á taxa do buque, da mercadoría e da pasaxe.*

1. As contías básicas da taxa do buque (B e S), da taxa da pasaxe (P), da taxa da mercadoría (M), da taxa das embarcacións deportivas e de lecer (E), da taxa por utilización da zona de tránsito (T) e da taxa de axudas á navegación (A), establecidas nesta lei, poderán ser revisadas na Lei de orzamentos xerais do Estado, ou na que, de ser o caso, se aprrobe.

2. O valor da contía básica da tarifa fixa polos servizos de recepción de refugallos xerados por buques (R) establecido nesta lei poderá ser revisada na Lei de orzamentos xerais do Estado ou na que, de ser o caso, se aprrobe.

3. As autoridades portuarias acordarán co organismo público Portos do Estado, no marco dos acordos do plan de empresa, as correspondentes propostas de coeficientes correctores ás taxas do buque, da pasaxe e da mercadoría de acordo cos límites e criterios establecidos no artigo 166 desta lei. O acordo finalmente alcanzado elevarase ao Ministerio de Fomento, que o remitirá, se procede, ao Ministerio de Economía e Facenda para a súa incorporación ao proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado ou na que, de ser o caso, se aprrobe.

4. O Ministerio de Fomento, por proposta de Portos do Estado, oída a Intervención Xeral da Administración do Estado, establecerá os criterios de elaboración das contabilidades de custos que deben desenvolver as autoridades portuarias, co obxecto de que as propostas de coeficientes correctores tomen en consideración a estrutura de custos con idéntica metodoloxía en todas as autoridades portuarias. Así mesmo, o dito departamento poderá fixar os criterios xerais de elaboración e presentación das citadas propostas.

5. Ata a aprobación dos criterios xerais que deben rexer as propostas de coeficientes correctores e dos criterios de contabilidade de custos, as autoridades portuarias poderán realizar libremente as súas propostas de coeficientes correctores, sempre que respecten os límites establecidos no artigo 166 desta lei.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Especialidade na aplicación do Estatuto básico do emprego público.*

Non será de aplicación ao persoal dos organismos portuarios o disposto no número 2 do artigo 9 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Aplicación do réxime económico do sistema portuario.*

Para os efectos de aplicación do réxime económico do sistema portuario previsto nesta lei e, en particular, do establecemento e exixencia das taxas portuarias con respecto ao transporte marítimo de tránsito internacional, as terminais dos portos canarios, ao estaren situados nunha rexión ultraperiférica europea, terán a consideración de plataforma loxística atlántica para Europa, polo que poderán aplicar o máximo de bonificación prevista para este suposto.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Limitacións da propiedade por razóns de protección do dominio público.*

As limitacións da propiedade sobre os terreos contiguos á ribeira do mar por razóns de protección do dominio público marítimo-terrestre previstas no título II da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, serán de aplicación aos terreos lindeiros co dominio público portuario que conserve as características naturais do dominio público marítimo-terrestre definido no artigo 3 da referida lei.

Disposición adicional vixésimo sexta. *Compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías e produtos agrícolas, plantas, flores, gallos e froitos comestibles en fresco orixinarios das Illas Canarias ou transformados nestas e de produtos para a alimentación do gando procedentes do resto de España concedidas ata o 31 de decembro de 2006.*

As subvencións concedidas en aplicación do réxime vixente ata o 31 de decembro de 2006, para a compensación dos custos do transporte marítimo e aéreo de mercadorías e produtos agrícolas, plantas, flores, gallos e froitos comestibles en fresco orixinarios das Illas Canarias ou transformados nestas e de produtos para a alimentación do gando procedentes do resto de España, incluídas no anexo 1 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, poderán cubrir o custo do fretamento e das tarifas portuarias correspondentes, sempre que se xustifiquese, de forma que faga fe, o gasto realizado nos prazos e nas condicións previstos no dito réxime.

En ningún caso se poderán percibir, como consecuencia desta disposición, importes superiores aos xa obtidos.

Disposición adicional vixésimo sétima. *Réxime xurídico e funcións do Consorcio Valencia 2007.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2008, as referencias ao Consorcio Valencia 2009 contidas na disposición adicional sétima da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, e outras normas do sistema hipotecario financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria, e na disposición adicional trixésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, entenderanse efectuadas ao Consorcio Valencia 2007.

Disposición adicional vixésimo oitava. *Medidas de apoio ao acontecemento «Saída da Volta ao Mundo a Vela Alacant 2011».*

1. Réxime fiscal da entidade organizadora da Volta ao Mundo a Vela (Volvo Ocean Race) e dos equipos participantes:

a) As persoas xurídicas residentes en territorio español constituídas con motivo do acontecemento pola entidade organizadora da Volta ao Mundo a Vela ou polos equipos participantes estarán exentas do imposto sobre sociedades polas rendas obtidas durante a celebración do acontecemento e na medida en que estean directamente relacionadas coa súa participación nel.

O establecido no parágrafo anterior aplicarase igualmente aos establecementos permanentes que a entidade organizadora da Volta ao Mundo a Vela ou os equipos participantes constitúan en España durante o acontecemento con motivo da súa celebración e na medida en que estean directamente relacionadas coa súa participación nel.

b) As entidades sen fins lucrativos constituídas con motivo do acontecemento pola entidade organizadora da Volta ao Mundo a Vela ou polos equipos participantes terán, durante a celebración do acontecemento, a consideración de entidades beneficiarias do mecenado para os efectos do previsto nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. Réxime fiscal das persoas que presten servizos á entidade organizadora ou aos equipos participantes:

a) Non se considerarán obtidas en España as rendas que perciban as persoas físicas que presten os seus servizos á entidade organizadora ou aos equipos participantes

que non sexan residentes en España, obtidas durante a celebración do acontecemento e na medida en que estean directamente relacionadas coa súa participación na «Saída da Volta ao Mundo a Vela, Alacant».

b) As persoas físicas que adquiran a condición de contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas como consecuencia do seu desprazamento a territorio español con motivo deste acontecemento poderán optar por tributar polo imposto sobre a renda de non residentes, nos termos e nas condicións previstos no artigo 93 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

3. Réxime alfandegueiro e tributario aplicable ás mercadorías que se importen para afectalas ao desenvolvemento e celebración da Saída da Volta ao Mundo a Vela, Alacant:

a) Con carácter xeral, o réxime alfandegueiro aplicable ás mercadorías que se importen para a súa utilización na celebración e desenvolvemento da Saída da Volta ao Mundo a Vela, Alacant, será o que resulte das disposicións contidas no Código alfandegueiro comunitario, aprobado polo Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, do 12 de outubro de 1992, e demais normativa alfandegueira de aplicación.

b) Sen prexuízo do anterior e conforme o artigo 140 do Código alfandegueiro comunitario e o artigo 7 do Convenio relativo á importación temporal, feito en Estambul o 26 de xuño de 1990, as mercadorías a que se refire o número 1 deste punto que se vinculen ao réxime alfandegueiro de importación temporal poderán permanecer ao abeiro do dito réxime por un prazo máximo de 48 meses desde a súa vinculación a el, que, en todo caso, expirará, como moi tarde, o 30 de xuño do ano seguinte ao da finalización da regata 2017-2018.

c) Autorízase o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para que adopte as medidas necesarias para a execución do disposto neste número tres.

4. Imposto especial sobre determinados medios de transporte. A obriga de matriculación en España prevista na disposición adicional primeira da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, non será exixible en relación coas embarcacións e buques de lecer ou de deportes náuticos que utilice no territorio español a entidade organizadora da Volta ao Mundo a Vela (Volvo Ocean Race) ou os equipos participantes nela no desenvolvemento do dito acontecemento. Non obstante, unha vez finalizado o acontecemento, será exixible a obriga de matriculación antes referida unha vez transcorrido o prazo a que se fai referencia no primeiro parágrafo da alínea d do número 1 do artigo 65 da citada lei.

5. Réxime fiscal do Consorcio Alacant, Volta ao Mundo a Vela. O Consorcio Alacant, Volta ao Mundo a Vela será considerado entidade beneficiaria do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

6. Taxas e prezos públicos. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2010 e ata transcorridos 12 meses a partir do día seguinte ao da finalización da regata 2017-2018, o Consorcio Alacant, Volta ao mundo a Vela, as entidades de dereito privado creadas por el para servir de apoio aos seus fins, as entidades que posúan os dereitos de explotación, organización e dirección da Volta ao Mundo a Vela e as entidades que constituían os equipos participantes estarán exentos da obriga de pagamento das seguintes taxas e tarifas, en relación coas actividades de preparación, organización e celebración do acontecemento:

a) Taxas estatais.

1.º Taxas da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral:

Taxa por ocupación privativa do dominio público portuario.

Taxa por utilización especial das instalacións portuarias.

Taxa do buque.
Taxa das embarcacións deportivas e de lecer.
Taxa da pasaxe.
Taxa da mercadoría.
Taxa polo aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos.
Taxa por servizos xerais.
Taxa por servizo de sinalización marítima.

2.º Taxas da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Canons en relación coa ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre estatal en virtude dunha concesión ou autorización.
Taxas como contraprestación de actividades realizadas pola Administración.

3.º Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público estatal.

b) Tarifas por servizos da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

Tarifa por servizos comerciais prestados polas autoridades portuarias.
Tarifas por servizos portuarios básicos.
Tarifa relativa ao servizo de recepción de refugallos xerados por buques.

O Consorcio Alacant, Volta ao Mundo a Vela e as entidades de dereito privado creadas por el para servir de apoio aos seus fins terán dereito aos beneficios en materia de honorarios e aranceis notariais e rexistras previstos para as administracións que o integran.

7. Imposto sobre sucesións e doazóns.

Non estarán suxeitas ao imposto sobre sucesións e doazóns as adquisicións mortis causa e as cantidades percibidas polos beneficiarios de seguros de vida, cando o habente causa ou beneficiario adquirise a residencia en España como consecuencia do seu desprazamento ao dito territorio con motivo da celebración da Saída da Volta ao Mundo a Vela.

A non suxeición regulada no parágrafo anterior estará vixente ata transcorrido 1 mes a partir do día seguinte á finalización da regata 2017-2018 e poderase acreditar mediante certificación do organismo competente.

Disposición adicional vixésimo novena. *Aprobación dos pregos de prescricións particulares dos servizos.*

No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, os pregos de prescricións particulares dos servizos portuarios existentes naquela data deberanse adaptar, cando proceda, aos contidos desta lei. Así mesmo, se naquela data non estiveren aprobados, deberanse aprobar nese mesmo prazo.

Disposición adicional trixésima. *Reintegro á Administración xeral do Estado.*

As autoridades portuarias reintegrarán á Administración xeral do Estado os importes que esta aboase, por calquera causa, en concepto de cotas tributarias devengadas pola exacción dos tributos locais que recaian sobre os bens inmobles que aquelas teñan adscritos. O reintegro producirase nun prazo de tres meses desde o día en que a Administración xeral do Estado requira o pagamento á autoridade portuaria, sempre que aquela acreditase o aboamento do dito importe.

Disposición adicional trixésimo primeira. *Suspensión temporal do réxime xurídico que regula o réxime de xestión dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.*

O Goberno, tendo en conta as circunstancias económicas concretas en que se desenvolve o servizo de manipulación de mercadorías en cada porto, así como a súa eventual repercusión negativa sobre a economía nacional ou sobre distintos sectores económicos afectados polo réxime de xestión dos traballadores para a prestación do dito servizo, poderá suspender temporalmente a aplicación de calquera das previsións contidas nesta lei respecto ao dito réxime, establecendo para o efecto as medidas necesarias para manter a regularidade e continuidade precisas para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías. Tal suspensión manterase mentres permanezan as circunstancias e condicións que a xustificuen, con obxecto de garantir unha adecuada ordenación e desenvolvemento da actividade económica no sector afectado.

Disposición adicional trixésimo segunda. *Xornada laboral dos traballadores nos servizos técnico-náuticos.*

Consideraranse aplicables aos servizos técnico-náuticos polo que se refire aos traballadores que interveñan neles e, en especial, para os efectos do réxime de xornada de traballo, as regras que, en canto á prolongación de traballo efectivo con tempo de permanencia ou dispoñibilidade se conteñen na sección 4.^a do capítulo II do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro.

Disposición adicional trixésimo terceira. *Responsabilidade ambiental.*

O disposto nesta lei en materia de responsabilidade ambiental procederá sen prexuízo da aplicación, cando corresponda, da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio establecido polas leis 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.*

Salvo as incluídas na disposición transitoria seguinte, todas as disposicións transitorias das leis 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, continuarán, particularmente en materia de persoal, sendo aplicables aos supostos por elas xerados, en calidade de regulación específica destes e ata que se consumen os efectos daquelas disposicións transitorias.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio das leis 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, cuxa vixencia se mantén.*

Para os únicos efectos da regulación dos supostos nelas previstos e co alcance que delas resulta, mantense a vixencia das disposicións transitorias das leis que se citan nos termos seguintes:

1. Da Lei 27/1992, do 24 de novembro.
 - a) A disposición transitoria cuarta sobre autorizacións e concesións.

«Un. Sen prexuízo da súa posible modificación cando se dean os supostos legalmente previstos, as autorizacións que supoñan ocupación do dominio público

portuario e as concesións vixentes no momento da entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, seguirán suxeitas ás mesmas condicións en que se outorgaron ata que transcorra o prazo polo que foron outorgadas, con excepción dos canons aplicables, que se adaptarán ao previsto na dita lei e nas disposicións que a desenvolvan.

Dous. 1. Considérase, en todo caso, incompatible cos criterios de ocupación do dominio público portuario establecidos nesta lei o mantemento de concesións outorgadas a perpetuidade, por tempo indefinido ou por prazo superior a 35 anos contados desde a entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro.

En todos estes casos, as concesións vixentes entenderanse outorgadas polo prazo máximo de 35 anos contados desde a entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro.

2. Nos demais supostos, a revisión das cláusulas concesionais requirirá a tramitación dun expediente, con audiencia ao interesado na forma e cos criterios que regulamentariamente se determinen.

Tres. A autoridade portuaria que corresponda resolverá sobre o mantemento ou a revogación das concesións outorgadas en precario.

Catro. Extinguidas as concesións outorgadas con anterioridade á Lei 27/1992, do 24 de novembro, a autoridade portuaria competente resolverá sobre o mantemento ou levantamento das instalacións ou obras que se executasen ao seu abeiro.

Cinco. En ningún caso se poderá outorgar prórroga do prazo de concesións existentes no momento da entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, en condicións que se opoñan ao establecido nesta lei ou nas disposicións que a desenvolvan e, en particular, a que der lugar a un prazo que, acumulado ao inicialmente outorgado, exceda o límite de 35 anos.

Seis. As persoas que estivesen desenvolvendo actividades industriais, comerciais ou de servizos ao público no ámbito dun porto con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/1992, do 24 de novembro, poderán seguir desenvolvendo a súa actividade nas mesmas condicións anteriores, ben que se deberán adaptar ás disposicións que se establezan nos pregos de condicións xerais que regulen a súa actividade nun prazo de tres meses a partir da publicación dos ditos pregos e ás condicións específicas que, de ser o caso, poida establecer a autoridade portuaria.

De a adecuación non se ter producido no prazo sinalado, a autoridade portuaria poderá declarar extinguida a dita autorización para o desenvolvemento das súas actividades no ámbito portuario».

b) A disposición transitoria quinta sobre portos en réxime concesional.

«Nos supostos de portos de competencia do Estado que se xestionen mediante concesión, a súa zona de servizo formará parte da do porto de xestión directa estatal que, polas características dos seus tráxicos ou pola súa proximidade xeográfica, determine o Ministerio de Fomento».

c) A disposición transitoria décima sobre auxilios, salvamentos, remolques, achados e extraccións marítimas.

«Ata que, por proposta dos ministerios de Defensa e de Fomento no ámbito das súas respectivas competencias, se proceda a regulamentar as competencias sobre auxilios, salvamentos, remolques, achados e extraccións marítimas co obxecto de adaptalas ao previsto na letra f) do artigo 263 desta lei, as ditas competencias seguirán sendo exercidas polos órganos da Armada, de acordo co previsto na Lei 60/1962, do 24 de decembro.»

2. Da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

a) A disposición transitoria segunda sobre valoracións da zona de servizo dos portos e dos terreos afectados á sinalización marítima.

«1. Ata que se proceda á aprobación dunha nova valoración dos terreos e das augas da zona de servizo do porto e dos terreos afectados á sinalización marítima, serán de aplicación as valoracións de terreos e lámina de auga aprobadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

2. Non obstante, o límite do 20 por cento a que fai referencia o número 2 do artigo 178 desta lei só será de aplicación respecto daquelas concesións en que a contía do canon por ocupación ou aproveitamento do dominio público portuario, da taxa por ocupación privativa do dominio público portuario ou da taxa de ocupación, fose calculada de acordo a valoracións de terreos aprobadas con posterioridade á entrada en vigor da Lei 62/1997, do 26 de decembro, de modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante».

b) A disposición transitoria décimo segunda sobre réxime de determinadas empresas exentas do servizo de manipulación de mercadorías.

«As empresas titulares de concesións de dominio público exentas do servizo de estiba e desestiba ao abeiro do artigo 2.g) do Real decreto lei 2/1986 quedarán excluídas da obriga de participar nas sociedades anónimas de xestión de estibadores portuarios, ata o termo do período concesional, sen prexuízo do que se establece no artigo 153 e 154 desta lei respecto da capacitación do seu persoal.»

c) A disposición transitoria décimo quinta sobre o réxime transitorio para o outorgamento de bonificacións para incentivar mellores prácticas ambientais.

«Ata que se aproben as guías de boas prácticas ambientais da operativa de buques nos portos, as autoridades portuarias outorgarán a bonificación prevista no artigo 245.1.a) desta lei, se a empresa navieira que opera o buque dispón unicamente da certificación do cumprimento polo buque dunhas determinadas condicións de respecto ao ambiente, mellorando as exixidas polas normas e convenios internacionais, emitida por unha entidade de certificación acreditada para iso por organismos pertencentes á International Accreditation Forum.»

Disposición transitoria terceira. *Aplicación das taxas de utilización ás concesións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto.*

1. A partir da entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, o tráfico portuario que utilice instalacións en réxime de concesión administrativa estará suxeito ao pagamento á autoridade portuaria das taxas de utilización reguladas nesta lei.

2. Respetarase a opción realizada polos concesionarios de conformidade co previsto na disposición transitoria terceira da Lei 48/2003, do 26 de novembro, sen prexuízo da aplicación das novas cotas previstas nesta lei. Ademais, no suposto de que se optase pola aplicación das cotas previstas para instalacións non concesionadas coas bonificacións previstas no seu título concesional, non será posible a aplicación da bonificación para incentivar a captación, a fidelización e o crecemento dos tráfico e dos servizos marítimos que coadxuven ao desenvolvemento económico e social, prevista no artigo 245.3 desta lei.

Disposición transitoria cuarta. *Licenzas de prestación de servizos portuarios.*

1. As empresas que no momento da entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, sexan titulares de licenzas de prestación de servizos portuarios básicos, accederán directamente á correspondente licenza do servizo portuario outorgada pola autoridade portuaria.

2. Os titulares das licenzas outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, deberanse adecuar aos novos pregos de prescricións particulares do servizo que, de ser o caso, se aproben de acordo co disposto nesta lei.

En calquera caso, deberase aplicar a taxa de actividade, coas adaptacións que procedan de acordo co establecido nesta lei.

3. No caso de que o número de prestadores do servizo se encontre limitado ou sexa limitado pola autoridade portuaria, o titular dunha licenza de prestación de servizo portuario básico accederá directamente á obtención dunha das licenzas para a prestación do servizo portuario durante o tempo de vixencia que reste ao seu título habilitante, que non poderá exceder do previsto no artigo 112, en relación co 114, desta lei, salvo cando se produza o suposto previsto no artigo 119.1.c), caso en que procederá a extinción da licenza.

Disposición transitoria quinta. *Manipulación de medios mecánicos das autoridades portuarias.*

Con carácter excepcional, poderanse manter as tarefas de manipulación de medios mecánicos propiedade das autoridades portuarias que viñesen realizando estibadores portuarios no momento da entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, se así o acorda a autoridade portuaria, mentres se ultima o proceso de alleamento daqueles ou sexan retirados do servizo.

Disposición transitoria sexta. *Réxime transitorio aplicable aos plans de utilización dos espazos portuarios e aos plans directores.*

1. Os plans de utilización dos espazos portuarios aprobados con anterioridade á entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, manterán a súa vixencia e producirán todos os efectos previstos nesta lei para a Orde ministerial de delimitación dos espazos e usos portuarios. Malia o anterior, cando se proceda á súa primeira modificación tras a entrada en vigor da citada Lei 33/2010, os plans deberanse adaptar ao disposto nos artigos 69 e 70 desta lei.

2. Os plans de utilización dos espazos portuarios que, no momento da entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, se encontrasen en tramitación, deberanse axustar ao previsto nos artigos 96 e 97 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, na súa redacción anterior á que lles outorgaba a dita Lei 33/2010, do 5 de agosto.

3. Os plans directores de infraestruturas do porto que se encontrasen aprobados con anterioridade á entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, manterán a súa vixencia. Así mesmo, os plans directores que, no momento da entrada en vigor da dita lei, se encontren en tramitación, deberanse axustar ao disposto no artigo 38 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, na súa redacción anterior á outorgada pola dita Lei 33/2010, do 5 de agosto.

Disposición transitoria sétima. *Pregos reguladores dos servizos portuarios básicos.*

Os pregos reguladores dos servizos portuarios básicos que se encontren vixentes no momento da entrada en vigor da Lei 33/2010, do 5 de agosto, manterán a súa vixencia, en canto non sexan incompatibles coa nova regulación dos servizos portuarios, ata a aprobación dos pregos de prescricións particulares previstos no artigo 113 desta lei ou ata a adaptación aos contidos desta dos pregos de prescricións particulares vixentes, de acordo co disposto na disposición adicional vixésimo novena desta lei.

Disposición transitoria oitava. *Autorización para a emisión de certificacións de servizo.*

Mentres a Entidade Nacional de Acreditación outorgue as acreditacións a que se refire o artigo 245.2.a) e b), Portos do Estado poderalles outorgar ás entidades de certificación, conforme a Norma UNE-EN-45011, autorizacións anuais para a emisión de certificacións de servizo.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias que lle corresponden ao Estado en materia de lexislación laboral, facenda do Estado, mariña mercante e portos de interese xeral, de conformidade co disposto nos artigos 149.1.7^a, 149.1.14.^a, e 149.1.20.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. O Consello de Ministros poderá ditar as normas regulamentarias e disposicións administrativas de carácter xeral que requira o desenvolvemento e a aplicación desta lei, sen prexuízo do exercicio por parte do ministro de Fomento da súa potestade regulamentaria nos termos legalmente establecidos.

2. No prazo fixado para o efecto pola Lei 33/2010, do 5 de agosto, nos termos previstos no artigo 153 desta lei, deberase producir a aprobación:

a) Da orde do ministro de Fomento pola que se determinen as titulacións de formación profesional que habiliten para as actividades incluídas no servizo de manipulación de mercadorías.

b) Da resolución de Portos do Estado que determine o contido mínimo das probas de aptitude psicofísica que deba ser superada por quen desexa prestar os seus servizos no desenvolvemento das actividades que integran o servizo a que se refire a letra anterior.

3. Correspóndelle ao ministro de Fomento a competencia para establecer as condicións e as compensacións económicas por obrigas de servizo público, con suxeición aos regulamentos comunitarios sobre establecemento de obrigas de servizo público nos transportes marítimos.

Disposición derradeira terceira. *Dos auxilios, salvamentos, remolques, achados e extraccións marítimas.*

1. As disposicións contidas no título II da Lei 60/1962, do 24 de decembro, que regula cuestións relativas á xurisdición e ao procedemento en materia de auxilios, salvamento, remolques, achados e extraccións marítimas, continuarán en vigor en calidade de normas regulamentarias e poderán ser derogadas ou modificadas polo Goberno por proposta conxunta dos ministros de Defensa e Fomento.

2. Por proposta do ministro de Fomento, o Goberno deberá regulamentar a organización dos xulgados marítimos permanentes e do Tribunal Marítimo Central, co obxecto de adaptalos ao previsto nesta lei, e poderá proceder ao cambio da súa denominación.

Disposición derradeira cuarta. *Seguridade marítima.*

As alusións á seguridade marítima efectuadas nesta lei deben entenderse referidas aos aspectos técnicos da seguridade dos buques e da navegación, da carga e das persoas a bordo, e non afecta os aspectos da seguridade dos espazos marítimos e dos intereses nacionais no mar regulados na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional. Así mesmo, as competencias e funcións atribuídas aos organismos públicos portuarios e á mariña mercante deberanse entender sen prexuízo do previsto na dita norma.

ANEXO I**Portos de interese xeral**

Son portos de interese xeral e, polo tanto, e de acordo co artigo 149.1.20.a da Constitución española, competencia exclusiva da Administración do Estado, os seguintes:

1. Pasaia e Bilbo no País Vasco.
2. Santander en Cantabria.
3. Xixón-Musel e Avilés en Asturias.
4. San Cibrao, Ferrol e a súa ría, A Coruña, Vilagarcía de Arousa e a súa ría, Marín e ría de Pontevedra e Vigo e a súa ría, en Galicia.
5. Huelva, Sevilla e a súa ría, Cádiz e a súa baía (que inclúe o Porto de Santa María, o da zona franca de Cádiz, Porto Real, Bajo da Cabezucla e Porto Sherry), Tarifa, Bahía de Algeciras, Málaga, Motril, Almería e Carboneras en Andalucía.
6. Ceuta e Melilla.
7. Cartagena (que inclúe a dársena de Escombreras) en Murcia.
8. Alacant, Gandía, Valencia, Sagunto e Castelló na Comunidade Valenciana.
9. Tarragona e Barcelona en Cataluña.
10. Palma, Alcúdia, Maó, Eivissa e a Savina en Illes Balears.
11. Arrecife, Porto Rosario, Las Palmas (que inclúe o de Salinetas e o de Arinaga), Santa Cruz de Tenerife (que inclúe o de Granadilla), Los Cristianos, Guía de Isora, San Sebastián da Gomera, Santa Cruz da Palma e a Estaca en Canarias.

ANEXO II**Definicións para os efectos desta lei**

1.^a Arqueo bruto (GT): é o que como tal figura no certificado internacional de arqueo de buques (Convenio internacional de Londres de 1969).

2.^a Eslora total: en buques e embarcacións, é a distancia medida paralelamente á liña de flotación entre dous planos perpendiculares ao plano central do buque ou embarcación, situados un na parte máis a proa e o outro na parte máis a popa. No resto de artefactos flotantes, é a distancia medida paralelamente á liña de flotación entre dous planos perpendiculares ao plano central do artefacto, situados nos puntos do citado artefacto máis afastados entre si. A eslora total exclúe todas as partes móbiles que se poidan desmontar de forma non destrutiva sen afectar a identidade estrutural da embarcación.

3.^a Manga: en buques e embarcacións, é a distancia medida paralelamente á liña de flotación entre dous planos perpendiculares ao plano central do buque ou embarcación situados un na parte máis a estribor e o outro na parte máis a babor. No resto de artefactos flotantes, é a distancia medida paralelamente á liña de flotación entre dous planos perpendiculares ao plano central do artefacto e paralelos á eslora, situados nos puntos do citado artefacto máis afastados entre si.

4.^a Saída marítima de mercadorías: operación de intercambio do modo terrestre ao marítimo que consiste na entrada das mercadorías á zona de servizo do porto por vía terrestre, o embarque destas ou os seus produtos derivados nun buque ou medio flotante e a súa saída por vía marítima.

5.^a Entrada marítima de mercadorías: operación de intercambio do modo marítimo ao terrestre que consiste na entrada das mercadorías á zona de servizo do porto por vía marítima, o seu desembarque desde un buque ou medio flotante á terra ou a un medio de transporte terrestre e saída destas ou os seus produtos derivados por vía terrestre.

6.^a Transbordo de mercadorías: operación de transferencia directa de mercadorías dun buque a outro, sen se depositar nos peiraos e con presenza simultánea de ambos os buques durante a operación.

7.^a Tránsito marítimo: operación de transferencia de mercadorías ou elementos de transporte no modo marítimo en que estas son descargadas dun buque ao peirao, e

posteriormente volven ser cargadas noutro buque, ou no mesmo en distinta escala, sen ter saído da zona de servizo do porto.

8.^a Tránsito terrestre: operación de transferencia de mercadorías ou elementos de transporte no modo terrestre, en que a súa entrada e saída da zona de servizo do porto é por vía terrestre.

9.^a Pasaxeiro de cruceiro turístico en embarque ou desembarque: son os pasaxeiros dun buque cualificado e autorizado para operar como cruceiro turístico que inician ou finalizan a súa viaxe nese porto.

10.^a Pasaxeiro de cruceiro turístico en tránsito nun porto: son os pasaxeiros dun buque cualificado e autorizado para operar como cruceiro que inician e finalizan a súa viaxe noutro porto.

11.^a Terminal marítima de mercadorías: instalación destinada a realizar a transferencia de mercadorías entre os modos marítimo e terrestre, ou o tránsito e transbordo marítimos, que pode incluír superficies anexas para o depósito ou almacenamento temporal das mercadorías e dos elementos de transporte, así como para a súa ordenación e control.

12.^a Porto base de cruceiros: porto no cal, para unha escala determinada, se cumpra algunha das seguintes condicións:

a) Que na escala inician ou finalizan o cruceiro polo menos un 50 por 100 do total de pasaxeiros desa escala.

b) Que na escala do cruceiro, o total de pasaxeiros que inician ou finalizan a súa viaxe non sexa inferior a 250.

Enténdese que inician ou finalizan o cruceiro aqueles pasaxeiros que non sexan declarados en réxime de cruceiro turístico en tránsito.

13.^a Compañía de cruceiros: empresa navieira ou conxunto de empresas navieiras, do mesmo grupo empresarial, dedicadas á explotación de buques de pasaxeiros tipo cruceiro turístico.

14.^a Estación ou terminal marítima de pasaxeiros: instalación destinada a facilitar o acceso dos pasaxeiros e das súas equipaxes, e de vehículos en réxime de pasaxe, desde terra aos buques e desde estes á terra, que pode incluír superficies anexas para o depósito ou almacenamento temporal dos vehículos en réxime de pasaxe, así como edificios para o control e a ordenación de pasaxeiros, vehículos e equipaxes e a prestación de servizos auxiliares.

15.^a Pasaxeiro: persoa que viaxe a bordo dun buque, que non teña a condición de tripulante, incluídos os condutores de elementos de transporte suxeitos á taxa da mercadoría.

16.^a Estación ou terminal marítima de pasaxeiros dedicada a uso particular: aquela outorgada en concesión ou autorización, non aberta ao tráfico comercial xeral, en que se presten servizos á pasaxe transportada en buques explotados exclusivamente polas empresas navieiras do titular ou do seu grupo empresarial autorizadas no dito título.

17.^a Terminal de mercadorías dedicada a uso particular: aquela outorgada en concesión ou autorización, non aberta ao tráfico comercial xeral, en que se manipulen mercadorías propiedade do seu titular ou dos seus accionistas ou partícipes, así como do grupo de empresas a que pertenza, ou se operen buques explotados exclusivamente polas empresas navieiras do titular ou do seu grupo empresarial autorizadas no título concesional. Así mesmo, é aquela outorgada en concesión ou autorización ao titular dunha planta de transformación ou instalación industrial ou a unha empresa do seu mesmo grupo empresarial, non aberta ao tráfico comercial xeral, en que se manipulen mercadorías directa e exclusivamente vinculadas coa referida planta ou instalación expresamente identificada no título concesional.

18.^a Empresa estibadora: aquela que é titular dunha licenza de prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

19.^a Grupo empresarial: entenderase aplicable este concepto nos supostos a que se refire o artigo 42.1 do Código de comercio e o artigo 18 do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.

20.^a Servizo marítimo: o que se presta a un determinado tipo de tráfico nun porto, cando o buque ou conxunto de buques da mesma compañía navieira ou de cruceiros unen o dito porto con outros determinados, transportando un mesmo tipo e natureza de mercadorías ou un determinado tipo de pasaxe, elemento de transporte ou unidade de carga.

21.^a Servizo marítimo regular: o que se presta a un determinado tipo de tráfico nun porto, cando o buque ou conxunto de buques da mesma compañía navieira ou de cruceiros (ou ben un conxunto de buques de distintas compañías navieiras con acordos de explotación compartida) unen o dito porto con outros determinados, transportando un mesmo tipo e natureza de mercadorías ou un determinado tipo de pasaxe, elemento de transporte ou unidade de carga e, ademais, se oferta de forma xeral e con publicidade aos posibles usuarios, se presta en condicións de regularidade, con orixes, destinos e datas preestablecidos e cunha frecuencia de cando menos 24 escalas ao ano no porto correspondente.

22.^a Servizo marítimo de autoestradas do mar: aquel servizo marítimo regular, de alta frecuencia e regularidade, destinado a atender preferentemente tráfico de mercadorías transportadas en elementos de transporte aptos para a súa circulación por estrada, que conecte os portos españois con portos doutros países da Unión Europea. Ademais, deberán formar parte integrante das Autoestradas do Mar da Rede Transeuropea de Transporte, de conformidade co establecido na Decisión núm. 884/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, pola que se modifica a Decisión núm. 1692/96/CE, sobre as orientacións comunitarias para o desenvolvemento da Rede Transeuropea do Transporte, e co Regulamento (CE) núm. 807/2004, ou das accións correspondentes de autoestradas do mar do Programa Marco Polo, conforme o Regulamento (CE) 923/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, que modifica o Regulamento (CE) 1692/2006, polo que se establece o segundo Programa Marco Polo.

23.^a Referencial do servizo: documento normativo que contén as características técnicas certificables do servizo e o plan para verificar o seu cumprimento.

24.^a Referencial específico do servizo: referencial adaptado ao esquema ou estrutura de operacións e servizos propios dun determinado porto.

25.^a Excursións marítimas: aqueles servizos marítimos de pasaxeiros asociados coa realización de viaxes turísticas en buques ou embarcacións que parten dun porto e, despois de seguir un itinerario, volven ao porto de partida nun período de duración non maior de 12 horas, podendo realizar fondeaduras e escalas intermedias noutro porto pero debendo realizar o itinerario completo todos os pasaxeiros.

26.^a Gran reparación: para os efectos desta lei, entenderase por gran reparación a definida no número 33 do artigo 2 do Regulamento de inspección e certificación de buques civís aprobado polo Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro.

27.^a Transporte marítimo de corta distancia (TMCD): aquel servizo marítimo para tráfico de mercadorías ou pasaxeiros que se realiza mediante buques cuxa ruta marítima discorre exclusivamente en Europa entre portos situados xeograficamente en Europa ou entre os ditos portos e portos situados en países non europeos ribeiregos ou mares cerrados que rodean Europa, incluíndo as súas illas ou territorios de soberanía non continentais. Este concepto esténdese tamén ao transporte marítimo entre os Estados membros da Unión Europea e Noruega e Islandia e outros Estados do mar Báltico, o mar Negro e o mar Mediterráneo.

ANEXO III

Asignación de grupos de mercadorías

Para determinar o código asignable ás mercadorías poderase consultar, cando for preciso, a nomenclatura combinada (NC) europea da Axencia Tributaria.

Código	Grupo	Descrición
0101	5	Cabalos, asnos e machos, vivos.
0102	5	Animais vivos da especie bovina.
0103	5	Animais vivos da especie porcina.
0104	5	Animais vivos das especies ovina ou caprina.
0105	5	Galos, galiñas, patos, gansos, pavos e pintadas, das especies domésticas, vivos.
0106	5	Os demais animais vivos.
0201	5	Carne de animais da especie bovina, fresca ou refrixerada.
0202	5	Carne de animais da especie bovina, conxelada.
0203	5	Carne de animais da especie porcina, fresca, refrixerada ou conxelada.
0204	5	Carne de animais das especies ovina ou caprina, fresca, refrixerada ou conxelada.
0205	5	Carne de animais das especies cabalar, asnal ou mular, fresca, refrixerada ou conxelada.
0206	5	Miúdos comestibles de animais das especies bovina, porcina, ovina, caprina, cabalar, asnal ou mular, frescos, refrixerados ou conxelados.
0207	5	Carne e miúdos comestibles, de aves da partida 105 frescos, refrixerados ou conxelados.
0208	5	As demais carnes e miúdos comestibles, frescos, refrixerados ou conxelados.
0209	5	Touciño sen partes magras e graxa de porco ou de ave, sen fundir nin extraer doutro modo, frescos, refrixerados, conxelados, salgados ou en salmoira, secos ou afumados.
0210	5	Carne e miúdos comestibles, salgados ou en salmoira, secos ou afumados, fariña e po comestibles, de carne ou de miúdos.
0301	5	Peixes vivos.
0302A	–	Peixe fresco.
0302B	3	Peixe refrixerado (excepto os filetes e demais carne de peixe da partida n.º 0304).
0303A	3	Peixe conxelado (excepto os filetes e demais carne de peixe da partida n.º 0304).
0303B	3	Atúns, sardiñas e xardas conxelados, con exclusión dos filetes e demais carne de peixe da partida 0304.
0304	3	Filetes e demais carne de peixe, mesmo picada, frescos, refrixerados ou conxelados.
0305	3	Peixe seco, salgado ou en salmoira; peixe afumado, mesmo cocido antes ou durante a afumadura; fariña, po e «pellets» de peixe, aptos para a alimentación humana.
0306	3	Crustáceos, mesmo escascados, vivos, frescos, refrixerados, conxelados, secos, salgados ou en salmoira; crustáceos sen escascar, cocidos con auga ou vapor, mesmo refrixerados, conxelados, secos, salgados ou en salmoira; fariña, po e «pellets» de crustáceos, aptos para a alimentación humana.
0307	3	Moluscos, mesmo separados das súas valvas, vivos, frescos, refrixerados, conxelados, secos, salgados ou en salmoira; invertebrados acuáticos (excepto os crustáceos e moluscos), vivos, frescos, refrixerados, conxelados, secos, salgados ou en salmoira; fariña, po e «pellets» de invertebrados acuáticos (excepto os crustáceos), aptos para a alimentación humana.
0401	5	Leite e nata, sen adición de azucre nin outro edulcorante
0402	5	Leite e nata, concentrados ou con adición de azucre ou outro edulcorante.
0403	5	Soro de manteiga, leite e nata, leites callados, iogur, quefir e demais leites e natas, fermentados ou acidificados, mesmo concentrados, adición de azucre ou outro edulcorante, aromatizados ou con froitas ou outros froitos ou cacao.
0404	5	Lactosoro, mesmo concentrado ou con adición de azucre ou outro edulcorante; produtos constituídos polos compoñentes naturais do leite, mesmo con adición de azucre ou outro edulcorante, non expresados ou incluídos noutra parte.
0405	5	Manteiga e demais materias graxas do leite; pastas lácteas para untar.
0406	5	Queixos e requixo.
0407	5	Ovos de ave con casca, frescos, conservados ou cocidos.
0408	5	Ovos de ave sen casca e xemas de ovo, frescos, secos, cocidos en auga ou vapor, moldados, conxelados ou conservados doutro modo, mesmo con adición de azucre ou outro edulcorante.
0409	5	Mel natural.

Código	Grupo	Descrición
0410	5	Produtos comestibles de orixe animal non expresados nin comprendidos noutra parte.
0501	5	Cabelo en bruto, mesmo lavado ou desengraxado, desperdicios de cabelo.
0502	5	Sedas de porco ou de xabaril; pelo de teixugo e demais pelos para cepillos; refugallos destas sedas ou pelos.
0503	5	Crina e os seus refugallos, mesmo en camadas con soporte ou sen el.
0504	5	Tripas, vexigas e estómagos de animais (excepto os de peixe) enteiros ou en anacos, frescos, refrixerados, conxelados, salgados ou en salmoira, secos ou afumados.
0505	5	Peles e demais partes de aves coas súas plumas ou penuxe, plumas e partes de plumas, mesmo recortadas, e penuxe, en bruto ou simplemente limpados, desinfectados ou preparados para a súa conservación; po e refugallos de plumas ou de partes de plumas.
0506	5	Ósos e núcleos córneos, en bruto, desengraxados, simplemente preparados (pero sen cortar en forma determinada), acidulados ou desxlatinizados, po e desperdicios destas materias.
0507	5	Marfil, cuncha de tartaruga, baleas de mamíferos mariños, incluídas as barbas, cornos, hastas, cascos, pezuños, uñas, garras e bicos, en bruto ou simplemente preparados, pero sen cortar en forma determinada; po e desperdicios destas materias.
0508	5	Coral e materias semellantes, en bruto ou simplemente preparados, pero sen outro traballo; valvas e cascas de moluscos, crustáceos ou equinodermos, e cunchas de chocos, en bruto ou simplemente preparados, pero sen cortar en forma determinada, mesmo en po e desperdicios.
0509	5	Esponxas naturais de orixe animal.
0510	5	Ámbar cinsento, castóreo, algaria e almisce, cantárides, bile, mesmo desecada, glándulas e demais substancias de orixe animal utilizadas para a preparación de produtos farmacéuticos, frescas, refrixeradas, conxeladas ou conservadas provisoriamente doutra forma.
0511	5	Produtos de orixe animal non expresados nin comprendidos noutra parte; animais mortos dos capítulos 1 ou 3 impropios para a alimentación humana.
0601	3	Bulbos, cebolas, tubérculos, raíces e bulbos tuberosas, gromos e rizomas, en repouso vexetativo, en vexetación ou en flor; plantas e raíces de chicoria (excepto as raíces da partida n.º 1212).
0602	3	As demais plantas vivas, incluídas as súas raíces, gallos e enxertos; micelios.
0603	3	Flores e gromos florais, cortados para ramos ou adornos, frescos, secos, branqueados, tinxidos, impregnados ou preparados doutra forma.
0604	3	Follaxe, follas, ramas e demais partes de plantas, sen flores nin gromos florais e herbas, carrizos e liques, para ramos ou adornos, frescos, secos, branqueados, tinxidos, impregnados ou preparados doutra forma.
701	3	Patacas frescas ou refrixeradas.
0702	3	Tomates frescos ou refrixerados.
0703	3	Cebolas, chalotas, allos, porros e demais hortalizas, mesmo «silvestres», aliáceas, frescos ou refrixerados.
0704	3	Coles, incluídos os repolos, coliflores, coles rizadas, nabos de col e produtos comestibles semellantes do xénero Brassica, frescos ou refrixerados.
0705	3	Leitugas (<i>Lactuca sativa</i>) e chicorias, comprendidas a escarola e a endivia (<i>Cichorium spp.</i>), frescas ou refrixeradas.
0706	3	Cenorias, nabos, remolachas para ensalada, barbas cabreiras, apiorravos, ramos e raíces comestibles semellantes, frescos ou refrixerados.
0707	3	Cogombros e cogombriños, frescos ou refrixerados.
0708	3	Legumes, mesmo «silvestres», aínda que estean debullados, frescos ou refrixerados.
0709	3	As demais hortalizas, mesmo «silvestres», frescas ou refrixeradas.
0710	3	Hortalizas, mesmo «silvestres», aínda que estean cocidas en auga ou vapor, conxeladas.
0711	3	Hortalizas, mesmo «silvestres» conservadas provisoriamente (por exemplo, con gas sulfuroso ou con auga salgada, sulfurosa ou adicionada doutras substancias para asegurar a conservación), pero aínda impropias para consumo inmediato.
0712	3	Hortalizas, mesmo «silvestres», secas, incluídas as cortadas en anacos ou en rodas ou as trituradas ou pulverizadas, pero sen outra preparación.
0713	3	Legumes, mesmo «silvestres», secos debullados aínda que estean mondados ou partidos.
0714	3	Raíces de mandioca, maranta ou salepe, topinambos, patacas doces e raíces e tubérculos semellantes ricos en fécula ou en inulina, frescos ou refrixerados, conxelados ou secos, mesmo tallados ou en «pellets»; medula de sagú.
0801	3	Cocos, noces do Brasil e noces de caxú (anacardios), frescos ou secos, mesmo sen casca ou mondados.
0802	3	Os demais froitos de casca frescos ou secos, mesmo sen casca ou mondados.
0803	3	Bananas ou plátanos, frescos ou secos.

Código	Grupo	Descrición
0804	3	Dátiles, figos, piñas (ananás), aguacates, goiabas, mangas e mangostáns, frescos ou secos.
0805	3	Cítricos frescos ou secos.
0806	3	Uvas e pasas.
0807	3	Melóns, sandías e papaías frescos.
0808A	3	Marmelos frescos.
0808B	3	Mazás frescas.
0808C	3	Peras frescas.
0809	3	Albaricoques, cereixas, pexegos, incluídas as nectarinas, ameixas e abruños, frescos.
0810	3	As demais froitas ou outros froitos frescos.
0811	3	Froitos sen cocer ou cocidos con auga ou vapor, conxelados, mesmo azucrados ou dulcorados doutro modo.
0812	3	Froitas e outros froitos, conservados provisoriamente (por exemplo, con gas sulfuroso ou con auga salgada, sulfurosa ou adicionada doutras substancias para a conservación), pero aínda impropios para consumo inmediato.
0813	5	Froitas e outros froitos, secos (excepto os das partidas 801 a 0806); mesturas de froitas ou outros froitos, secos, ou de froitos de casca deste capítulo.
0814	5	Tonas de cítricos, melóns ou sandías, frescas, conxeladas, secas ou presentadas en auga salgada, sulfurosa ou adicionada doutras substancias para a conservación provisoria.
0901	5	Café, mesmo torrado ou descafeinado, casca e películas de café, sucedáneos do café que conteñan café en calquera proporción.
0902	5	Té, mesmo aromatizado.
0903	5	Mate.
0904	5	Pementa do xénero Piper, pementos dos xéneros Capsicum ou Pimenta, secos, triturados ou pulverizados (pementón).
0905	5	Vainilla.
0906	5	Canela e flores de caneleira.
0907	5	Cravo da India (froitos, gromos florais e pedúnculos).
0908	5	Noz moscada, macis, amomos e cardamomos.
0909	5	Sementes de anís, badiana, fiúncho, coandro, comiño, alcaravía, bagas de cimbro.
0910	5	Xenxibre, azafrán, cúrcuma, tomiño, follas de loureiro, caril e demais especias.
1001	3	Trigo e mestura de trigo con centeo (ferraxe).
1002	3	Centeo.
1003	2	Orxo (cebada).
1004	3	Avea.
1005	3	Millo.
1006	3	Arroz.
1007	3	Sorgo para gran.
1008	3	Trigo negro (trigo mourisco), millo miúdo (paínzo) e alpiste, os demais cereais.
1101	3	Fariña de trigo ou de mestura (ferraxe).
1102	3	Fariña de cereais [excepto de trigo ou de mestura (ferraxe)].
1103	3	Grumos, sémola e «pellets», de cereais.
1104	3	Grans de cereais traballados doutra forma (por exemplo, pelados, esmagados, en flocos, perlados, en anacos ou triturados) (excepto do arroz da partida 1006); xerme de cereais enteiro, esmagado, en flocos ou moído.
1105	3	Fariña, sémola, po, flocos, gránulos e «pellets», de patacas.
1106	3	Fariña, sémola e po das hortalizas, da partida 0713, de sagú ou das raíces ou tubérculos da partida 0714 ou dos produtos do capítulo 8.
1107	3	Malte, mesmo torrado.
1108	3	Amidón e fécula, inulina.
1109	3	Glute de trigo, mesmo seco.
1201	3	Fabas de soia, mesmo partidas.
1202	3	Cacahuets crus, mesmo sen casca ou partidos.
1203	3	Copra.
1204	3	Liñaza, mesmo partida
1205	3	Sementes de nabo ou de colza (nabiña), mesmo partida.

Código	Grupo	Descrición
1206	3	Semente de xirasol, mesmo partida.
1207	3	As demais sementes e froitos oleaxinosos, mesmo partidos.
1208	3	Fariña de sementes ou de froitos oleaxinosos, excepto a fariña de mostaza.
1209	3	Sementes, froitos e esporas, para sementar.
1210	3	Conos de lúpulo frescos ou secos, mesmo partidos, moídos ou en «pellets», lupulina.
1211	3	Plantas, partes de plantas, sementes e froitos das especies utilizadas principalmente en perfumaría, en medicina ou como insecticidas, parasiticidas ou semellantes, frescos ou secos, mesmo cortados, partidos ou pulverizados.
1212	3	Alfarrobas, algas, remolacha azucreira e cana de azucre, frescas, refrixeradas, conxeladas ou secas, mesmo pulverizadas; carabuñas e améndoas de froitas e demais produtos vexetais, incluídas as raíces de chicoria sen torrar da variedade <i>Cichorium intybus sativum</i> , empregados principalmente na alimentación humana, non expresados nin comprendidos noutra parte.
1213	2	Palla e cascabullo de cereais, en bruto, mesmo picados, moídos, prensados ou en «pellets».
1214	2	Nabos forraxeiros, remolachas forraxeiras, raíces forraxeiras, herba seca, alfalfa, trevo, esparceta, coles forraxeiras, fabas lobs (tremozos), vezas (ervellacas) e produtos forraxeiros semellantes, mesmo en «pellets».
1301	5	Goma laca; gomas, resinas, gomorresinas e oleorresinas (por exemplo, bálsamos) naturais.
1302	5	Sucos e extractos vexetais, materias pécticas, pectinatos e peptatos, ágar-ágar e demais mucilaxes e espesantes derivados dos vexetais, mesmo modificados.
1401	5	Materias vexetais das especies utilizadas principalmente en cestería ou espartaría (por exemplo, bambú, rota, cana, xunco, vime, rafia, palla de cereais, limpada, branqueada ou tinxida, casca de tileiro).
1402	5	Materias vexetais das especies utilizadas principalmente para recheo [por exemplo, «kapoc», crina vexetal, crina mariña], mesmo en camadas, aínda con soporte doutras materias.
1403	5	Materias vexetais das especies utilizadas principalmente na fabricación de vasoiras, cepillos ou brochas [por exemplo, sorgo, piasava, grama ou ixtle (tampico)], mesmo en torcidas ou en feixes.
1404	5	Produtos vexetais non expresados nin comprendidos noutras partidas.
1501A	5	Manteiga de porco, as demais graxas de porco e graxas de ave (excepto as das partidas 0209, 1503A ou 1503B), fundidas, mesmo prensadas ou extraídas con disolventes, envasados.
1501B	4	Manteiga de porco, as demais graxas de porco e graxas de ave (excepto as das partidas 0209, 1503A ou 1503B), fundidas, mesmo prensadas ou extraídas con disolventes, a granel.
1502A	5	Graxas de animais das especies bovina, ovina ou caprina, en bruto ou fundidas, mesmo prensadas ou extraídas con disolventes, envasados, excepto as das partidas 1503A e 1503B.
1502B	4	Graxas de animais das especies bovina, ovina ou caprina, en bruto ou fundidas, mesmo prensadas ou extraídas con disolventes, a granel, excepto as das partidas 1503A e 1503B.
1503A	5	Estearina solar, aceite de manteiga de porco, oleoestearina, oleomargarina e aceite de sebo, sen emulsionar nin mesturar nin preparar doutra forma, envasados.
1503B	4	Estearina solar, aceite de manteiga de porco, oleoestearina, oleomargarina e aceite de sebo, sen emulsionar nin mesturar nin preparar doutra forma, a granel.
1504A	5	Graxas e aceites, de peixe ou de mamíferos mariños, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente, envasados.
1504B	4	Graxas e aceites, de peixe ou de mamíferos mariños, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente, a granel.
1505A	5	Graxa de la (suarda) e substancias graxas derivadas, incluída a lanolina, envasados.
1505B	4	Graxa de la (suarda) e substancias graxas derivadas, incluída a lanolina, a granel.
1506A	5	As demais graxas e aceites animais, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente, envasados.
1506B	4	As demais graxas e aceites animais, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente a granel.
1507A	5	Aceite de soia e as súas fraccións, envasado, mesmo refinado, pero sen modificar quimicamente.
1507B	4	Aceite de soia e as súas fraccións, a granel, mesmo refinado, pero sen modificar quimicamente.
1508A	5	Aceite de cacahuete e as súas fraccións, envasado, mesmo refinado, pero sen modificar quimicamente.
1508B	4	Aceite de cacahuete e as súas fraccións, a granel, mesmo refinado, pero sen modificar quimicamente.
1509A	5	Aceite de oliva e as súas fraccións, envasado, mesmo refinado, pero sen modificar quimicamente.
1509B	4	Aceite de oliva e as súas fraccións, a granel, mesmo refinado, pero sen modificar quimicamente.

Código	Grupo	Descrición
1510A	5	Os demais aceites, envasados, obtidos exclusivamente da oliva, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente, e mesturas destes aceites ou fraccións cos aceites ou fraccións das partidas 1509A ou 1509B.
1510B	4	Os demais aceites, a granel, obtidos exclusivamente da oliva, e as súas fraccións, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente, e mesturas destes aceites ou fraccións cos aceites ou fraccións das partidas 1509A ou 1509B.
1511A	5	Aceite de palma e as súas fraccións, envasado, mesmo refinado, pero sen modificar quimicamente.
1511B	4	Aceite de palma e as súas fraccións, a granel, mesmo refinado, pero sen modificar quimicamente.
1512A	5	Aceites de xirasol, de cártamo ou de algodón, e as súas fraccións, envasados, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente.
1512B	4	Aceites de xirasol, de cártamo ou de algodón, e as súas fraccións, a granel, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente.
1513A	5	Aceites de coco (copra), de palmiste ou de babasú, e as súas fraccións, envasados, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente.
1513B	4	Aceites de coco (copra), de palmiste ou de babasú, e as súas fraccións, a granel, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente.
1514A	5	Aceites de nabo, de colza ou de mostaza, e as súas fraccións, envasados, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente.
1514B	4	Aceites de nabo, de colza ou de mostaza, e as súas fraccións, a granel, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente.
1515A	5	As demais graxas e aceites vexetais fixos (incluído o aceite de xoxoba), e as súas fraccións, envasados, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente.
1515B	4	As demais graxas e aceites vexetais fixos (incluído o aceite de xoxoba), e as súas fraccións, a granel, mesmo refinados, pero sen modificar quimicamente.
1516A	5	Graxas e aceites, animais ou vexetais, e as súas fraccións, parcial ou totalmente hidroxenados, interesterificados, reesterificados ou elaidinizados, mesmo refinados, pero sen preparar doutra forma, envasados.
1516B	4	Graxas e aceites, animais ou vexetais, e as súas fraccións, parcial ou totalmente hidroxenados, interesterificados, reesterificados ou elaidinizados, mesmo refinados, pero sen preparar doutra forma, a granel.
1517A	5	Margarina, mesturas ou preparacións alimenticias de graxas ou de aceites, animais ou vexetais, ou de fraccións de diferentes graxas ou aceites deste capítulo, excepto as graxas e aceites (excepto as graxas e aceites alimenticios e as súas fraccións das partidas 1516A e 1516B) envasados.
1517B	4	Margarina, mesturas ou preparacións alimenticias de graxas ou de aceites, animais ou vexetais, ou de fraccións de diferentes graxas ou aceites deste capítulo, excepto as graxas e aceites (excepto as graxas e aceites alimenticios e as súas fraccións das partidas 1516A e 1516B) envasados, a granel.
1518A	5	Graxas e aceites, animais ou vexetais, e as súas fraccións, cocidos, oxidados, deshidratados, sulfurados, soprados, polimerizados por calor, en baleiro ou atmosfera inerte ou modificados quimicamente doutra forma; con exclusión dos das partidas n.º 1516A e 1516B; mesturas ou preparacións non alimenticias de graxas ou de aceites; animais ou vexetais; ou de fraccións de diferentes graxas ou aceites deste capítulo; non expresadas nin comprendidas noutras partidas, envasados.
1518B	4	Graxas e aceites, animais ou vexetais, e as súas fraccións, cocidos, oxidados, deshidratados, sulfurados, soprados, polimerizados por calor, en baleiro ou atmosfera inerte ou modificados quimicamente doutra forma; con exclusión dos das partidas n.º 1516A e 1516B; mesturas ou preparacións non alimenticias de graxas ou de aceites; animais ou vexetais; ou de fraccións de diferentes graxas ou aceites deste capítulo; non expresadas nin comprendidas noutras partidas, a granel.
1520A	5	Glicerina, mesmo pura, augas e lixivias glicerinosas, envasados.
1520B	4	Glicerina, mesmo pura, augas e lixivias glicerinosas, a granel.
1521	5	Ceras vexetais (excepto os triglicéridos), cera de abellas ou doutros insectos e esperma de balea e doutros cetáceos, mesmo refinadas ou coradas.
1522	2	Degrás; residuos do tratamento das graxas ou das ceras, animais ou vexetais.
1601	5	Embutidos e produtos semellantes, de carne, de miúdos ou de sangue, preparacións alimenticias a base destes produtos.
1602	5	As demais preparacións e conservas de carne, de miúdos ou de sangue.
1603	5	Extractos e sucos de carne, de peixe ou de crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos.
1604	5	Preparacións e conservas de peixe, caviar e os seus sucedáneos preparados con millaras (ovas) de peixe.

Código	Grupo	Descrición
1605	5	Crustáceos, moluscos e demais invertebrados acuáticos, preparados ou conservados.
1701	4	Azucres de cana ou de remolacha e sacarosa quimicamente pura, en estado sólido.
1702	5	Os demais azucres, incluídas a lactosa, a maltosa, a glicosa e a frutosa (levulosa) quimicamente puras, en estado sólido, xarope de azucres sen aromatizar nin corar, sucedáneos do mel, mesmo mesturados con mel natural, azucres e melaza caramelizados.
1703	2	Melaza da extracción ou da refinación do azucres.
1704	5	Artigos de confeitaria sen cacao (incluído o chocolate branco).
1801	5	Cacao en gran, enteiro ou partido, cru ou torrado.
1802	5	Casca, películas e demais residuos de cacao.
1803	5	Pasta de cacao, mesmo desengraxada.
1804	5	Manteiga, graxa e aceite de cacao.
1805	5	Cacao en po sen azucarar nin edulcorar doutro modo.
1806	5	Chocolate e demais preparacións alimenticias que conteñan cacao.
1901	5	Extracto de malte; preparacións alimenticias de fariña, grumos, sémola, amidón, fécula ou extracto de malte, que non conteñan cacao ou cun contido inferior ao 40% en peso calculado sobre unha base totalmente desengraxada, non expresadas nin comprendidas noutra parte; preparacións alimenticias, de produtos das partidas 0401 a 0404 que non conteñan cacao ou cun contido de cacao inferior ao 5% en peso calculado sobre unha base totalmente desengraxada, non expresadas nin comprendidas noutra parte.
1902	4	Pastas alimenticias, mesmo cocidas ou recheas (de carne ou outras substancias) ou ben preparadas doutra forma, tales como espaguetes, fideos, macarróns, tallaríns, lasañas, ñoqui, ravioli ou canelóns, cuscús, mesmo preparado.
1903	4	Tapioca e os seus sucedáneos con fécula, en flocos, grumos, grans perlados, en farelos ou formas semellantes.
1904	5	Produtos a base de cereais obtidos por insufladura ou torrefacción (por exemplo, follas, flocos de millo); cereais (excepto o millo) en gran ou en forma de flocos ou demais gran traballado (excepto a fariña, grumos e sémola), precocidos ou preparados doutro modo, non expresados nin comprendidos noutra parte.
1905	5	Produtos de panadaría, pastalaría ou da industria de galletas, mesmo con cacao; hostias, cápsulas baleiras dos tipos utilizados para medicamentos, obleas, pastas desecadas de fariña, amidón ou fécula, en follas e produtos semellantes.
2001	4	Hortalizas, mesmo «silvestres», froitas ou outros froitos e demais partes comestibles de plantas, preparados ou conservados en vinagre ou en ácido acético.
2002	4	Tomates preparados ou conservados (excepto en vinagre ou en ácido acético).
2003	4	Cogomelos e trufas, preparados ou conservados (excepto en vinagre ou en ácido acético).
2004	4	As demais hortalizas, mesmo «silvestres», preparadas ou conservadas (excepto en vinagre ou en ácido acético), conxeladas (excepto os produtos da partida 2006).
2005	4	As demais hortalizas, mesmo «silvestres», preparadas ou conservadas (excepto en vinagre ou en ácido acético), sen conxelar (excepto os produtos da partida 2006).
2006	5	Hortalizas, mesmo «silvestres», froitas ou outros froitos ou as súas tonas e demais partes de plantas, confeitados con azucres (con xarope, glaseados ou cristalizados).
2007	5	Compotas, xeiras e marmeladas, purés e pastas de froitas ou outros froitos, obtidos por cocción, mesmo con adición de azucres ou outro edulcorante.
2008	5	Froitas ou outros froitos e demais partes comestibles de plantas, preparados ou conservados doutro modo, mesmo con adición de azucres ou outro edulcorante ou alcohol, non expresados nin comprendidos noutra parte.
2009	3	Zumes de froitas ou outros froitos, incluído o mosto de uva, ou de hortalizas, mesmo «silvestres», sen fermentar e sen adición de alcohol, mesmo con adición de azucres ou outro edulcorante.
2101	5	Extractos; esencia e concentrados de café; té ou mate e preparacións a base destes produtos ou a base de café; té ou mate; chicoria torrada e demais sucedáneos do café torrados e os seus extractos; esencia e concentrados.
2102	5	Lévedos (vivos ou mortos), os demais microorganismos monocelulares mortos (con exclusión das vacinas da partida 3002), lévedos artificiais (pos para enforar).
2103	5	Preparacións para prebes e prebes preparados, condimentos e sazonadores, compostos, fariña de mostaza e mostaza preparada.
2104	5	Preparacións para sopas, potaxes ou caldos, sopas, potaxes ou caldos, preparados, preparacións alimenticias compostas homoxeneizadas.
2105	5	Xeados e produtos semellantes mesmo con cacao.

Código	Grupo	Descrición
2106	5	Preparacións alimenticias non expresadas nin comprendidas noutras partidas.
2201A	3	Auga, envasada, incluída a auga mineral natural ou artificial e a gasificada, sen azucarar ou edulcorar doutro modo nin aromatizar, xeo e neve.
2201B	1	Auga, a granel, incluída a auga mineral natural ou artificial e a gasificada, sen azucarar ou edulcorar doutro modo nin aromatizar, xeo e neve.
2201C	1	Auga, a granel, para abastecemento de poboacións, incluída a auga mineral natural ou artificial e a gasificada, sen azucarar ou edulcorar doutro modo nin aromatizar, xeo e neve.
2202	5	Auga, incluídas a auga mineral e a gaseada, con adición de azucre ou outro edulcorante ou aromatizada, e demais bebidas non alcohólicas (excepto os zumes de froitas ou outros froitos ou de hortalizas da partida 2009).
2203A	5	Cervexa de malte envasada.
2203B	4	Cervexa de malte a granel.
2204A	5	Viño de uvas, envasado, mesmo encabezado, mosto de uva, excepto o da partida n.º 2009.
2204B	4	Viño de uvas, a granel, mesmo encabezado, mosto de uva, excepto o da partida n.º 2009.
2205A	5	Vermú e demais viños de uvas frescas preparados con plantas ou substancias aromáticas, envasado.
2205B	4	Vermú e demais viños de uvas frescas preparados con plantas ou substancias aromáticas, a granel.
2206A	5	As demais bebidas fermentadas, envasadas (por exemplo, sidra, perada ou augamel), mesturas de bebidas fermentadas e mesturas de bebidas fermentadas e bebidas non alcohólicas, non expresadas nin comprendidas noutras partidas.
2206B	4	As demais bebidas fermentadas, a granel (por exemplo, sidra, perada ou augamel), mesturas de bebidas fermentadas e mesturas de bebidas fermentadas e bebidas non alcohólicas, non expresadas nin comprendidas noutras partidas.
2207A	5	Alcohol etílico sen desnaturalizar, envasado, cun grao alcohólico volumétrico superior ou igual a 80 % vol, alcohol etílico e augardente desnaturalizados, de calquera graduación.
2207B	4	Alcohol etílico sen desnaturalizar, a granel, cun grao alcohólico volumétrico superior ou igual a 80 % vol, alcohol etílico e augardente desnaturalizados, de calquera graduación.
2208A	5	Alcohol etílico sen desnaturalizar, envasado, cun grao alcohólico volumétrico inferior a 80 % vol, augardentes, licores e demais bebidas espirituosas, preparacións alcohólicas compostas.
2208B	4	Alcohol etílico sen desnaturalizar, a granel, cun grao alcohólico volumétrico inferior a 80 % vol, augardentes, licores e demais bebidas espirituosas, preparacións alcohólicas compostas.
2209A	5	Vinagre comestible e sucedáneos comestibles do vinagre obtidos con ácido acético, envasado.
2209B	4	Vinagre comestible e sucedáneos comestibles do vinagre obtidos con ácido acético, a granel.
2301	3	Fariña, po e «pellets», de carne, de miúdos, de peixe ou de crustáceos, moluscos ou doutros invertebrados acuáticos, impropios para a alimentación humana, roxóns.
2302	3	Farelo, semia e demais residuos da peneiradura, da moenda ou doutros tratamentos dos cereais ou das leguminosas, mesmo en «pellets».
2303	2	Residuos da industria do amidón e residuos semellantes, polpa de remolacha, bagazo de cana de azucre e demais desperdicios da industria azucreira, borras e desperdicios de industria da cervexa ou de destilaría, mesmo en «pellets».
2304	3	Tortas e demais residuos sólidos da extracción do aceite de soia, mesmo moídos ou en «pellets».
2305	3	Tortas e demais residuos sólidos da extracción do aceite de cacahuete, mesmo moídos ou en «pellets».
2306	2	Tortas e demais residuos sólidos da extracción de graxas ou aceites vexetais, mesmo moídos ou en «pellets», excepto os das partidas 2304 ou 2305.
2307	3	Lías ou borras de viño, tártaro bruto.
2308	3	Materias vexetais, desperdicios, residuos e subprodutos vexetais, mesmo en «pellets», do tipo dos utilizados para a alimentación dos animais, non expresados nin comprendidos noutras partidas.
2309A	3	Preparacións do tipo das utilizadas para a alimentación dos animais.
2309B	2	Glute de millo.
2401	5	Tabaco en rama ou sen elaborar, desperdicios de tabaco.
2402	5	Xarutos (puros), mesmo despuntados, xarutiños (puriños) e cigarros, de tabaco ou de sucedáneos do tabaco.
2403	5	Os demais tabacos e sucedáneos do tabaco, elaborados, tabaco «homoxeneizado» ou «reconstituído», extractos e sucos de tabaco.
2501	1	Sal (incluídos o de mesa e o desnaturalizado) e cloruro de sodio puro, mesmo en disolución acuosa ou con antiaglomerantes ou axentes que garantan unha boa fluidez, auga de mar.
2502	1	Piritas de ferro sen torrar.

Código	Grupo	Descrición
2503	2	Xofre de calquera clase, con exclusión do sublimado, do precipitado e do coloidal.
2504	2	Grafito natural.
2505	1	Areas naturais de calquera clase, mesmo coradas, con exclusión das areas metalíferas do capítulo 26.
2506	1	Cuarzo (excepto as areas naturais), cuarcita, mesmo desbastada ou simplemente cortada por serradura ou doutro modo, en bloques ou en placas cadradas ou rectangulares.
2507	1	Caolín.
2508A	1	As demais arxilas (con exclusión do caolín, e das arxilas dilatadas da partida 6806), andalucita, cianita e silimanita, mesmo calcinadas, mulita, terras de chamota ou de dinas.
2508B	1	Atapulguita.
2508C	1	Bentonita.
2509	1	Creta.
2510	1	Fosfatos de calcio naturais, fosfatos aluminocálcicos naturais e cretas fosfatadas.
2511	2	Sulfato de bario natural (baritina), carbonato de bario natural (witherita), mesmo calcinado, con exclusión do óxido de bario da partida 2816.
2512	2	Fariñas silíceas fósiles (por exemplo, «kieselguhr», tripolita, diatomita) e demais terras silíceas análogas, de densidade aparente inferior ou igual a 1, mesmo calcinadas.
2513	1	Pedra pómez; esmeril; corindón natural, granate natural e demais abrasivos naturais, mesmo tratados termicamente.
2514	2	Lousa, mesmo desbastada ou simplemente cortada, por serradura ou doutro modo, en bloques ou en placas cadradas ou rectangulares.
2515	2	Mármore, travertinos, «ecaussines» e demais pedras calcarias cantaría ou de construción de densidade aparente superior ou igual a 2,5 e alabastro, mesmo desbastados ou simplemente cortados, por serradura ou doutro modo, en bloques ou en placas cadradas ou rectangulares.
2516	1	Granito, pórfiro, basalto, arenito e demais pedras de cantaría ou de construción, mesmo desbastados ou simplemente cortados, por serradura ou doutro modo, en bloques ou en placas cadradas ou rectangulares.
2517	1	Cantos, grava, pedras machucadas, dos tipos xeralmente utilizados para formigonar ou para construír estradas, vías férreas ou outros balastos, callaos e pedernal, mesmo tratados termicamente, macadam de escouras ou de refugallos industriais semellantes, mesmo con materiais comprendidos na primeira parte da partida, macadam alcatranado, gránulos, lascas e po de pedras das partidas 2515 ou 2516, mesmo tratados termicamente.
2518	1	Dolomita, mesmo sinterizada ou calcinada, incluída a dolomita desbastada ou simplemente cortada, por serradura ou doutro modo, en bloques ou en placas cadradas ou rectangulares; aglomerado de dolomita.
2519	4	Carbonato de magnesio natural (magnesita), magnesia electrofundida, magnesia calcinada a morte (sinterizada), mesmo con pequenas cantidades doutros óxidos engadidos antes da sinterización, óxido de magnesio, mesmo puro.
2520	1	Xeso natural, anhidrita, xesos calcinados, mesmo corados ou con pequenas cantidades de aceleradores ou retardadores.
2521	1	Castinas, pedras para a fabricación de cal ou de cemento.
2522	1	Cal vivo, cal apagado e cal hidráulico, con exclusión do óxido e do hidróxido de calcio da partida 2825.
2523A	2	Cementos hidráulicos, envasados (incluídos os cementos sen pulverizar ou clínker), aínda que estean corados.
2523B	1	Cementos hidráulicos, a granel (incluídos os cementos sen pulverizar ou clínker), aínda que estean corados.
2524	3	Amianto (asbesto)
2525	3	Mica, incluída a mica exfoliada en laminiñas irregulares, desperdicios de mica.
2526	3	Esteatita natural, mesmo desbastada ou simplemente cortada, por serradura ou doutro modo, en bloques ou en placas cadradas ou rectangulares, talco.
2528A	4	Boratos naturais e os seus concentrados (mesmo calcinados), con exclusión dos boratos extraídos das salmoiras naturais; ácido bórico natural cun contido de H3BO3 inferior ou igual ao 85 %, valorado sobre produto seco.
2528B	4	Colemanita.
2528C	4	Ulexita.
2529A	2	Leucita, espato flúor.
2529B	2	Feldespatos.
2529C	2	Nefelina.
2530	2	Materias minerais non expresadas nin comprendidas noutras partidas.
2601A	1	Mineral de ferro en estado natural.

Código	Grupo	Descrición
2601B	2	Concentrados de minerais de ferro de alta calidade (contido en ferro en estado natural > 50 % en peso).
2601C	1	Concentrados de minerais de ferro de baixa calidade, incluídas as piritas de ferro torradas (cinsas de pirita), contido en ferro en estado natural < 50 % en peso.
2602	3	Minerais de manganeso e os seus concentrados, incluídos os minerais de manganeso ferruxinosos e os seus concentrados cun contido de manganeso superior ou igual ao 20 % en peso, sobre produto seco.
2603	3	Minerais de cobre e os seus concentrados.
2604	3	Minerais de níquel e os seus concentrados.
2605	4	Minerais de cobalto e os seus concentrados.
2606	2	Minerais de aluminio e os seus concentrados.
2607	2	Minerais de chumbo e os seus concentrados.
2608	3	Minerais de cinc e os seus concentrados.
2609	4	Minerais de estaño e os seus concentrados.
2610	3	Minerais de cromo e os seus concentrados.
2611	4	Minerais de volframio (tungsteno) e os seus concentrados.
2612	4	Minerais de uranio ou de torio e os seus concentrados.
2613	4	Minerais de molibdeno e os seus concentrados.
2614	2	Minerais de titanio e os seus concentrados.
2615	4	Minerais de niobio, de tántalo, de vanadio ou de circonio e os seus concentrados.
2616	4	Minerais dos metais preciosos e os seus concentrados.
2617	3	Os demais minerais e os seus concentrados.
2618	1	Escouras granuladas (area de escouras) da siderurxia.
2619	1	Escouras (excepto as granuladas), bateduras e demais refugallos da siderurxia.
2620	4	Cinsas e residuos (excepto os da siderurxia), que conteñan arsénico, metal ou compostos metálicos.
2621	1	As demais escouras e cinsas, incluídas as cinsas de algas; cinsas e residuos procedentes da incineración de refugallos e desperdicios municipais.
2701	1	Hullas, briquetas, ovoides e combustibles sólidos semellantes, obtidos da hulla.
2702	1	Lignitos, mesmo aglomerados, con exclusión do acibeche.
2703	1	Turba (comprendida a utilizada para cama de animais), mesmo aglomerada.
2704	1	Coques e semicoques de hulla, de lignito ou de turba, mesmo aglomerados, carbón de retorta.
2705	1	Gas de hulla, gas de auga, gas pobre e gases semellantes, excepto o gas de petróleo e demais hidrocarburos gasosos.
2706	1	Alcatráns de hulla, de lignito ou de turba e demais alcatráns minerais, incluídos os deshidratados ou descabezados, e os reconstituídos.
2707	3	Aceites e demais produtos da destilación dos alcatráns de hulla de alta temperatura, produtos análogos en que os compostos aromáticos predominen en peso sobre os non aromáticos.
2708	2	Brea e coque de brea, de alcatrán de hulla ou doutros alcatráns minerais.
2709A	1	Aceites crus de petróleo ou de minerais bituminosos non condensados de gas natural.
2709B	2	Aceites crus de petróleo ou de minerais bituminosos, condensados de gas natural (subpartida 2709.0010).
2710A	1	Fuel (subpartidas 2710.0071, .0072, .0074, .0076, .0077 e .0078).
2710B	3	Queroseno, gasolina e petróleo refinado (subpartidas 2710.0021, .0025, .0026, .0027, .0029, .0032, .0034, .0036, .0037, .0039, .0041, .0045, .0051, .0055 e .0059).
2710C	5	Lubricantes (subpartidas 2710.0081, .0083, .0085, .0087, .0088, .0089, .0092, .0094, .0096 e .0098).
2710D	5	Aceites minerais plastificantes tipo REPEX.
2710E	2	Naftas (subpartidas 2710.0011 e 2710.0015).
2710F	2	Gasóleo (subpartida 2710.0061).
2711A	4	Gases do petróleo e demais hidrocarburos gasosos excluíndo gas natural butano.
2711B	2	Gas natural.
2711C	3	Butano e propano.
2712	5	Vaselina, parafina, cera de petróleo microcristalina, «slack wax», ozoquerita, cera de lignito, cera de turba e demais ceras minerais e produtos semellantes obtidos por síntese ou por outros procedementos, mesmo corados.
2713A	1	Coque de petróleo sen calcinar.
2713B	2	Coque de petróleo calcinado, betume de petróleo e demais residuos dos aceites de petróleo ou de minerais bituminosos.

Código	Grupo	Descrición
2714	1	Betumes e asfaltos naturais, lousas e areas bituminosas, asfaltitas e rochas asfálticas.
2715	2	Mesturas bituminosas a base de asfalto ou de betume naturais, de betume de petróleo, de alcatrán mineral ou de brea de alcatrán mineral (por exemplo, mástiques bituminosos e «cut backs»).
2801	4	Flúor, cloro, bromo e iodo.
2802	4	Xofre sublimado ou precipitado, xofre coloidal.
2803	4	Carbono (negros de fume e outras formas de carbono non expresadas nin comprendidas noutras partidas).
2804	3	Hidróxeno, gases nobres e demais elementos non metálicos.
2805	4	Metais alcalinos ou alcalinotérreos, metais das terras raras, escandio e itrio, mesmo mesturados ou aliados entre si, mercurio.
2806	3	Cloruro de hidróxeno (ácido clorhídrico), ácido clorosulfúrico.
2807	2	Ácido sulfúrico; óleum.
2808	4	Ácido nítrico; ácidos sulfonítricos.
2809	3	Pentaóxido de difósforo; ácido fosfórico; ácidos polifosfóricos, aínda que non sexan de constitución química definida.
2810	4	Óxidos de boro, ácidos bóricos.
2811	4	Os demais ácidos inorgánicos e os demais compostos oxixenados inorgánicos dos elementos non metálicos.
2812	4	Haloxenuros e oxihaloxenuros dos elementos non metálicos.
2813	4	Sulfuros dos elementos non metálicos, trisulfuro de fósforo comercial.
2814	3	Amoníaco anhidro ou en disolución acuosa.
2815	2	Hidróxido de sodio (sosa cáustica), hidróxido de potasio (potasa cáustica), peróxidos de sodio ou de potasio.
2816	4	Hidróxido e peróxido de magnesio, óxidos, hidróxidos e peróxidos, de estroncio ou de bario.
2817	4	Oxido de cinc, peróxido de cinc.
2818	4	Corindón artificial, aínda que non sexa quimicamente definido, óxido de aluminio, hidróxido de aluminio.
2819	4	Óxidos e hidróxidos de cromo.
2820	4	Óxidos de manganeso.
2821	2	Óxidos e hidróxidos de ferro, terras corantes cun contido de ferro combinado, expresado en Fe ₂ O ₃ , en peso, superior ou igual ao 70%.
2822	4	Óxidos e hidróxidos de cobalto, óxidos de cobalto comerciais.
2823	4	Óxidos de titanio.
2824	4	Oxido de chumbo, minio e minio laranxa.
2825	4	Hidracina e hidroxilamina e os seus sales inorgánicos, as demais bases inorgánicas, os demais óxidos, hidróxidos e peróxidos de metais.
2826	4	Fluoruros, fluorosilicatos, fluoroaluminatos e demais sales complexas de flúor.
2827	4	Cloruros, oxiclорuros e hidroxiclорuros, bromuros e oxibromuros, ioduros e oxiioduros.
2828	4	Hipocloritos, hipoclorito de calcio comercial, cloritos, hipobromitos.
2829	4	Cloratos e percloratos, bromatos e perbromatos, iodatos e periodatos.
2830	4	Sulfuros; polisulfuros, aínda que non sexan de constitución química definida.
2831	4	Ditionitos e sulfoxilatos.
2832	4	Sulfitos, tiosulfatos.
2833	3	Sulfatos, alumes, peroxosulfatos (persulfatos).
2834A	3	Nitritos e nitratos (excepto nitrato de estroncio).
2834B	5	Nitrato de estroncio.
2835	4	Fosfinatos (hipofosfitos), fosfonatos (fosfitos), fosfatos e polifosfatos, aínda que non sexan de constitución química definida.
2836A	2	Carbonatos, peroxocarbonatos (percarbonatos), carbonato de amonio comercial que conteña carbamato de amonio, excepto carbonato de estroncio.
2836B	5	Carbonato de estroncio.
2837	4	Cianuros, oxicianuros e cianuros complexos.
2838	4	Fulminatos, cianatos e tiocianatos.
2839	4	Silicatos, silicatos comerciais dos metais alcalinos.
2840	4	Boratos, peroxoboratos (perboratos).
2841	4	Sales dos ácidos oxometálicos ou peroxometálicos.

Código	Grupo	Descrición
2842	4	Os demais sales dos ácidos ou peroxoácidos inorgánicos, incluídos os aluminosilicatos, aínda que non sexan de constitución química definida [excepto os aciduros (acidas)].
2843	4	Metais preciosos en estado coloidal, compostos inorgánicos ou orgánicos de metais preciosos, aínda que non sexan de constitución química definida, amálgamas de metais preciosos.
2844	4	Elementos químicos radioactivos e isótopos radioactivos (incluídos os elementos químicos e isótopos fisionables ou fértiles) e os seus compostos, mesturas e residuos que conteñan estes produtos.
2845	4	Isótopos; excepto os da partida n.º 2844; os seus compostos inorgánicos ou orgánicos; aínda que non sexan de constitución química definida.
2846	4	Compostos inorgánicos ou orgánicos, dos metais das terras raras, do itrio, do escandio ou das mesturas destes metais.
2847	4	Peróxido de hidróxeno (auga oxixenada), mesmo solidificado con urea.
2848	4	Fosfuros, aínda que non sexan de constitución química definida, excepto os ferrofósforos.
2849	4	Carburos, aínda que non sexan de constitución química definida.
2850	4	Hidruros, nitruros, aciduros (acidas), siliciuros e boruros, aínda que non sexan de constitución química definida, excepto os compostos que consistan igualmente en carburos da partida 2849.
